



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X leislatura  
Serie Pleno  
Número 60

**Sesión plenaria**  
20 de febreiro de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA

---

### **Punto 1.**

Debate e votación do ditame e das propostas de resolución aprobados na Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización das contas do sector público de Galicia contidos na memoria de actividades de 2016 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2015) (doc. núm. 12941, 10/ICON-000001)

Publicación do ditame e das propostas aprobadas, BOPG nº 252, do 02.02.2018

### **Punto 2. Textos lexislativos**

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario de En Marea, para a derogación da Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia (10/PPL-000011)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 229, do 19.12.2017

### **Punto 3. Comparecencias**

#### **26036 (10/PPP-000047)**

Do Sr. conselleiro de Política Social, por petición propia, para dar conta sobre as medidas de protección á infancia en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 14.02.2018

### **Punto 4. Mocións**

#### **4.1 25942 (10/MOC-000070)**

##### **Grupo Parlamentario de En Marea**

##### **Solla Fernández, Eva**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listas de espera non estruturais do Sergas. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 15770, publicada no BOPG nº 174, do 13.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 06.02.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 14.02.2018

#### **4.2 25949 (10/MOC-000071)**

##### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

##### **Presas Bergantiños, Noa**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co investimento en Galicia previsto no Proxecto de orzamentos do Estado para 2017, así como os traballos e as conclusións da Comisión de Seguimento dos Orzamentos do Estado. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 22234, publicada no BOPG nº 236, do 10.01.2018, e debatida na sesión plenaria do 06.02.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 14.02.2018

**4.3 25952 (10/MOC-000072)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acceso ao emprego público das persoas con discapacidade intelectual. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 8083, publicada no BOPG nº 105, do 26.04.2017, e debatida na sesión plenaria do 06.02.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 14.02.2018

**Punto 5. Propositions non de lei****5.1 7071 (10/PNP-000633)****Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa prestación de asistencia persoal para garantir o dereito á vida independente das persoas con diversidade funcional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 05.04.2017

**5.2 10214 (10/PNP-001764)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

De iniciativa popular, sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia, diante do Goberno central, en relación coa protección dos viticultores do ámbito dos consellos reguladores da Ribeira Sacra, Ribeiro, Monterrei e Valdeorras afectados polas xeadas acaecidas nos últimos días de abril de 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 252, do 02.02.2018

**5.3 15181 (10/PNP-001198)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis**

Sobre a constitución no Parlamento de Galicia dunha ponencia específica para a análise e a elaboración dunha proposta sobre o novo marco político e institucional de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 174, do 13.09.2017

**5.4 19842 (10/PNP-001472)****Grupo Parlamentario de En Marea****Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José**

Sobre a introdución na etiquetaxe do selo *pescadeRías ¿de onde se non?* do prezo pagado por quilo ao mariñeiro ou mariscadora, así como dun código QR que leve directamente ao apartado de trazabilidade do produto na páxina web [www.deondesennon.xunta.gal](http://www.deondesennon.xunta.gal)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

**5.5 24277 (10/PNP-001753)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Grupo Parlamentario de En Marea****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa inclusión das enfermidades minoritarias ou raras consideradas graves e os casos deste tipo en proceso de diagnóstico na listaxe de enfermidades reflectidas no anexo do Real decreto 1149/2011, así como a introdución neste das modificacións necesarias co fin de definir o que se considera coidado directo, continuo e permanente para os efectos dunha prestación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 07.02.2018

**5.6 24628 (10/PNP-001771)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Castiñeira Broz, Jaime e sete deputados/as máis**

Sobre a inclusión pola Xunta de Galicia da construción modular de vivendas no seu Programa de vivenda de promoción pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 07.02.2018

**5.7 24683 (10/PNP-001775)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co feminismo galego e a convocatoria de folga de mulleres prevista para o día 8 de marzo de 2018 para reivindicar a igualdade de oportunidades nas condicións de traballo, na esfera social e no dereito a vivir sen violencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 07.02.2018

**5.8 24725 (10/PNP-001776)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel e tres deputados/as máis**

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para evitar a desigualdade de trato entre empregados públicos autonómicos fixos e temporais, conforme a doutrina do Tribunal de Xustiza da Unión Europea

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 07.02.2018

**5.9 24866 (10/PNP-001781)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pazos Couñago, José Alberto e sete deputados/as máis**

Sobre a presentación pola Xunta de Galicia, no primeiro cuadrimestre de 2018, dun balance da execución do III Plan director da cooperación galega 2014-2017, a elaboración dun novo plan director para o período 2018-2021, así como a inclusión da acción humanitaria de calidade entre as súas orientacións estratéxicas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 07.02.2018

## Punto 6. Interpelacións

### 6.1 20395 (10/INT-000675)

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Sánchez García, Antón e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co remate dos procesos de concentración parcelaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 219, do 29.11.2017

### 6.2 23197 (10/INT-000774)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Fernández Fernández, Raúl e sete deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co Plan extraordinario de estradas do Goberno central

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

### 6.3 24390 (10/INT-000805)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Fernández Leiceaga, Xoaquín María e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa reforma do sistema de financiamento autonómico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 07.02.2018

## Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

### 7.1 26038 (10/POPX-000073)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa folga convocada para o día 8 de marzo de 2018, tendo en conta a discriminación laboral e social que padecen as mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 14.02.2018

### 7.2 26039 (10/POPX-000074)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a xestión que está a levar a cabo o Goberno galego en relación cos seus compromisos con Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 14.02.2018

### 7.3 26040 (10/POPX-000075)

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Villares Naveira, Luis**

Sobre o horizonte temporal da política de propaganda que está a levar a cabo o executivo galego en relación coa súa acción de goberno

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 14.02.2018

## Punto 8. Preguntas ao Goberno

### 8.1 26030 (10/PUP-000145)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas demandas dos traballadores da Administración de xustiza en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 14.02.2018

### 8.2 26032 (10/PUP-000146)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas adoptadas ou previstas pola Xunta de Galicia en relación coas supostas irregularidades existentes na xestión do vertedoiro da canteira de Miramontes, na parroquia de Grixoa, no concello de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 14.02.2018

### 8.3 23974 (10/POP-002900)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre o coñecemento polo Goberno galego das previsións futuras do Goberno do Estado respecto dos ferrocarrís de vía estreita en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 251, do 01.02.2018

### 8.4 21925 (10/POP-002598)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Rodríguez Arias, Marta e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do programa Bono Alugueiro Social desde a súa posta en marcha

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

### 8.5 22706 (10/POP-002736)

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Sánchez García, Antón**

Sobre a avaliación da Xunta de Galicia respecto do investimento levado a cabo polas administracións públicas nos últimos anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

### 8.6 22765 (10/POP-002743)

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do balance de prexuízos-beneficios da instalación do parque eólico de Mouriños

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

**8.7 24936 (10/POP-002994)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas que vai adoptar a Consellería de Industria destinadas a garantir a viabilidade e a continuidade da empresa Maderas Iglesias S.A.

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 07.02.2018

**8.8 26037 (10/PUP-000147)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Casal Vidal, Francisco e Vázquez Verao, Paula**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para paliar a pobreza enerxética

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 14.02.2018

**8.9 25432 (10/PUP-000144)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis**

Sobre o contido do último informe da Comisión de control e seguimento do Programa galego de atención ao infarto agudo de miocardio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 14.02.2018

## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

*O señor presidente comunica que os deputados don Carlos López Crespo e don Raúl Fernández Fernández xustificaron a súa ausencia. (Páx. 14.)*

**Debate e votación do ditame e das propostas de resolución aprobados na Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos informes de fiscalización das contas do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades de 2016 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2015).** (Punto primeiro da orde do día)

*Presentación do ditame da Comisión: Sr. presidente da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas (Varela Suanzes-Carpegna). (Páx. 14.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios para a defensa das súas propostas de resolución e fixación da súa posición: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 16.), Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 18.), Sr. Lago Peñas (EM) (Páx. 20.) e Sra. Romero Fernández (P). (Páx. 21.)*

*O señor presidente anuncia que, en primeiro lugar, corresponde a votación deste ditame. (Páx. 24.)*

*Votación do Ditame aprobado na Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización das contas do sector público de Galicia contidos na memoria de actividades de 2016 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2015): aprobado por 63 votos a favor, 6 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 24.)*

*O señor presidente comunica que a proposta número 1 está aprobada e non é necesario votala. Tamén anuncia a solicitude de votación separada da proposta número 12, por petición do G.P. dos Socialistas de Galicia. Así mesmo, dá lectura a esta proposición. (Páx. 24.)*

*Votación da Proposta de resolución número 12 da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización das contas do sector público de Galicia contidos na memoria de actividades de 2016 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2015): aprobada por 59 votos a favor, 12 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 25.)*



Votación das propostas de resolución números 2 á 11 da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización das contas do sector público de Galicia contidos na memoria de actividades de 2016 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2015): *aprobada por 40 votos a favor, 18 votos en contra e 13 abstencións.* (Páx. 25.)

**Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario de En Marea, para a derogación da Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia.** (Punto segundo da orde do día)

Presentación da proposición de lei: *Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx.26 .)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 29.), *Sr. Díaz Villoslada (S)* (Páx. 32.) e *Sr. Moreira Ferro (P).* (Páx. 35.)

Rolda de réplica: *Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx. 39.)

### ***Votación da proposición de lei***

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, para a derogación da Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia: *rexeitada por 29 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 40.)

**Comparecencia do Sr. conselleiro de Política Social, por petición propia, para dar conta sobre as medidas de protección á infancia en Galicia.** (Punto terceiro da orde do día)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela).* (Páx. 41.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 50.), *Sra. Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 53.), *Sra. Vázquez Verao (EM)* (Páx. 57.) e *Sra. Rodríguez Arias (P).* (Páx. 60.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela).* (Páx. 62.)

*O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno.* (Páx. 66.) *Nesta rolda interveñen a señora Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 66.), *a señora Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 68.), *a señora Vázquez Verao (EM)* (Páx. 70.), *a señora Rodríguez Arias (P)* (Páx. 71.) e *o señor conselleiro de Política Social (Rey Varela).* (Páx. 73.)

### ***Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria***

*O señor presidente comunica unha alteración da orde do día de maneira que, ademais das catro proposicións non de lei e a pregunta previstas para a sesión da tarde, será debatida a proposición non de lei que figura en sexto lugar da orde do día, logo de consulta cos deputados e coas deputadas.* (Páx. 75.)

**Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listas de espera non estruturais do Sergas.** (Punto cuarto da orde do día)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción.* (Páx. 75.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx. 75.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 78.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 80.) e *Sr. Núñez Centeno (P).* (Páx. 81.)

*A señora Solla Fernández (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 84.)

*Suspéndese a sesión as dúas e quince minutos da tarde e retómase ás catro e tres minutos.*

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co investimento en Galicia previsto no Proxecto de orzamentos do Estado para 2017, así como os traballos e as conclusións da Comisión de Seguimento dos Orzamentos do Estado.** (Punto cuarto da orde do día)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción.* (Páx. 86.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 87.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Losada Álvarez (S).* (Páx. 90.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Cal Ogando (EM)* (Páx. 92.) e *Sr. Fernández Prado (P).* (Páx. 94.)

*A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 96.)

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acceso ao emprego público das persoas con discapacidade intelectual.** (Punto cuarto da orde do día)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción.* (Páx. 98.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Blanco Rodríguez (S).* (Páx. 98.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Vázquez Veroa (EM).* (Páx. 101.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 103.) e *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P).* (Páx. 105.)

*A señora Blanco Rodríguez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx.107.)

*O señor presidente comunica que está convocada no Parlamento unha praza de uxier, e que se vai convocar outra de bolseiro, para persoas con discapacidade intelectual.* (Páx. 108.)

### **Votación das mocións**

Votación do texto transaccionado da Moción do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listas de espera non estruturais do Sergas: *rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 108.)

Votación do texto transaccionado da Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co investimento en Galicia previsto no Proxecto de orzamentos do Estado para 2017, así como os traballos e as conclusións da Comisión de Seguimento dos Orzamentos do Estado: *rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 109.)

Votación do texto transaccionado da Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acceso ao emprego público das persoas con discapacidade intelectual: *rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 109.)

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Vázquez Veroa e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa prestación de asistencia persoal para garantir o dereito á vida independente das persoas con diversidade funcional.** (Punto quinto da orde do día)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 109.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Vázquez Veroa (EM).* (Páx. 110.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 114.) e Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P).* (Páx. 115.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Blanco Rodríguez (S).* (Páx. 117.)

*A señora Vázquez Veroa (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 119.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, de iniciativa popular, sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia, diante do Goberno central, en relación coa protección dos viticultores do ámbito dos consellos reguladores da Ribeira Sacra, Ribeiro, Monterrei e Valdeorras afectados polas xeadas acaecidas nos últimos días de abril de 2017.** (Punto quinto da orde do día)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Quiroga Díaz (S).* (Páx. 120.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 123.), Sr. Rodríguez Estévez (EM) (Páx. 125.) e Sr. Blanco Paradelo (P).* (Páx. 127.)

*Nova intervención do señor Quiroga Díaz (S).* (Páx. 129.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a constitución no Parlamento de Galicia dunha ponencia específica para a análise e a elaboración dunha proposta sobre o novo marco político e institucional de Galicia.** (Punto quinto da orde do día)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 130.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Fernández Leiceaga (S)* (Páx. 134.), *Sr. Villares Naveira (EM)* (Páx. 135.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 138.)

*Nova intervención da señora Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 140.)

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga e D. Juan José Merlo Lorenzo, sobre a introdución na etiquetaxe do selo *pescadeRías, ¿de onde se non?* do prezo pagado por quilo ao mariñeiro ou mariscadora, así como dun código QR que leve directamente ao apartado de trazabilidade do produto na páxina web [www.deondesenon.xunta.gal](http://www.deondesenon.xunta.gal).** (Punto quinto da orde do día)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei*. (Páx. 142.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Merlo Lorenzo (EM)*. (Páx. 142.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Toja Suárez (S)* (Páx. 144.) e *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 145.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 148.)

*O señor Merlo Lorenzo (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas*. (Páx. 149.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Jaime Castiñeira Broz e sete deputados/as máis, sobre a inclusión pola Xunta de Galicia da construción modular de vivendas no seu Programa de vivenda de promoción pública.** (Punto quinto da orde do día)

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei*. (Páx. 151.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Castiñeira Broz (P)*. (Páx. 151.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Pierres López (S)* (Páx. 154.) e *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 156.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 158.)

*O señor Castiñeira Broz (P) intervén para posicionarse respecto das emendas*. (Páx. 160.)

### ***Modificación do desenvolvemento da sesión plenaria***

*O señor presidente comunica que a pregunta que figura en segundo lugar do punto oitavo da orde do día será debatida a continuación*. (Páx. 162.)

**Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas adoptadas ou previstas pola Xunta de Galicia en relación coas supostas irregularidades existentes na xestión do vertedoiro da canteira de Miramontes, na parroquia de Grixoa, no concello de Santiago de Compostela. (Punto oitavo da orde do día)**

Intervención do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 162.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 163.)

Réplica do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 164.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 165.)

*Suspéndese a sesión ás oito e vinte minutos da noite.*

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificaron a inasistencia os deputados señor López Crespo e señor Raúl Fernández Fernández.

Punto primeiro.

**Debate e votación do ditame e das propostas de resolución aprobados na Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos informes de fiscalización das contas do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades de 2016 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2015)**

**O señor PRESIDENTE:** O Ditame da Comisión Permanente non Lexislativa do Consello de Contas sobre os informes de fiscalización das contas do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do 2016 recomenda a aprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2015 e incorpora 12 propostas de resolución que foron aprobadas en comisión e que se someten agora a debate e votación. En concreto, son as resolucións números 1 a 12, formuladas orixinariamente cos números 2 a 12, do Grupo Parlamentario Popular, e a resolución número 12, formulada orixinariamente co número 21, do Grupo Parlamentario Socialista.

Para a presentación do ditame da comisión ten a palabra o presidente da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, don Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna.

**O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA PARA AS RELACIONES CO CONSELLO DE CONTAS (Varela Suanzes-Carpegna):** Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Na miña calidade de presidente da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas cómpreme informar a este plenario que os informes do Consello de Contas de fiscalización do sector público de Galicia contidos na súa Memoria anual de actividades do ano 2016 tiveron entrada na Cámara o día 21 de xullo do pasado ano.

Estudados os citados informes, así como as 12 propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Popular, as 17 formuladas polo Grupo Parlamentario de En Marea, as 21 formuladas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e as 9 presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a ponencia nomeada elevoulle á Co-

misión para as Relacións co Consello de Contas o correspondente informe e as propostas de resolución, sobre as que se pronunciou na súa sesión do pasado día 31 de xaneiro.

O ditame aprobado incorpora a proposta de resolución presentada orixinariamente co número 1 polo Grupo Parlamentario Popular, relativa á aprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio do ano 2015.

As restantes propostas de resolución que foron aprobadas en comisión e que se someten agora a debate e votación son en total 12, das que se exclúe a proposta anteriormente dita de aprobación da Conta xeral, e ordénanse do seguinte xeito.

Propostas orixinais do Grupo Parlamentario Popular, en primeiro lugar. A número 1, que insta a Xunta de Galicia a continuar dando cumprimento efectivo ás recomendacións realizadas polo Consello de Contas nos seus informes de fiscalización. A número 2, que insta a Xunta de Galicia a continuar sendo unha das comunidades autónomas con maior esforzo investidor, mantendo a porcentaxe de gasto de capital sobre o total de gasto non financeiro, moi por riba da media española. A número 3, instando a completar o proceso de redución de débeda dos entes públicos, que supuxo a diminución de máis de 200 millóns dende o ano 2009. A número 4, que insta a desenvolver e a impulsar os mecanismos de intervención e control de gasto sanitario que se teñen posto en marcha coa nova estrutura orgánica da Intervención Xeral aprobada a comezos deste ano. A número 5, instando a Xunta a continuar reducindo de xeito simultáneo o déficit público e o recurso ao endebedamento. A número 6, que insta a que continúe a reducir o risco a Xunta de Galicia que está vivo nos avais do Instituto Galego de Promoción Económica. A número 7, pola que se insta a Xunta de Galicia a que continúe a incrementar a súa transparencia en materia financeira, tal e como ten feito coa incorporación das modificacións nas previsións de ingresos na memoria remitida ao Consello de Contas, ou coa publicación da Conta xeral na internet. A número 8, pola que se insta a Xunta a seguir manténdose entre as comunidades autónomas co maior orzamento per cápita para a sanidade pública. A número 9, pola que se insta a continuar a xestión áxil e transparente na función pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061, tanto no referente á contratación como no referente ao pagamento a provedores, e especialmente no sistema de resolución das chamadas. A número 10, instando a Xunta de Galicia a que as futuras licitacións de contratos de limpeza e de transporte non urxente no eido sanitario contén cun expediente xustificativo máis completo e cuns pregos que inclúan maiores instrumentos de control para facilitar a supervisión e avaliación do cumprimento dos estándares de calidade homoxéneos en todo o territorio. E a número 11, pola que se insta a Xunta de Galicia a ofrecer no seu Portal de transparencia e Goberno aberto información específica dos plans de reordenación do sector público autonómico, que teñen permitido un aforro anual de 70 millóns de euros.

Finalmente, a proposta de resolución número 12, orixinariamente a proposta número 21 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, pola que o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar un Plan de traballo 2017-2020 para facilitar a participación das pemes na contratación pública autonómica, en cumprimento do establecido na Directiva 2014/24, da Unión Europea, e a propia Lei 14/2013, do 27 de decembro, de reestruturación do sector público autonómico, sobre a división en lotes cando o obxecto dos contratos así o permita.

Propostas todas elas que agora, señor presidente, señorías, se someten a debate e votación deste plenario.

Máis nada, moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Varela.

Rolda dos grupos parlamentarios para a defensa das súas propostas de resolución e a fixación de posición respecto das mesmas por un tempo de cinco minutos cada grupo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Bo día.

Quixera que as miñas primeiras palabras foran para enviar, neste momento de excepcionalidade política, que non podemos normalizar, un abrazo solidario ás tres mulleres valentes, deputadas e ex-deputadas do Parlamento catalán que están sufrindo esta semana diferentes formas de represión unicamente por defender o dereito a decidir. (*Aplausos.*) Non estades soas e as demócratas estamos convosco. As persoas menos demócratas xa se ve que non.

En fin, hoxe debatemos propostas de resolución, os informes de fiscalización do sector público de Galiza que conteñen a fiscalización da Conta xeral do 2014. É o segundo debate deste tipo que temos no que vai de lexislatura, e o primeiro que constatamos é que a capacidade de entendemento do Partido Popular vai de mal en peor. En maio do 2017 desde a oposición criticabamos que por parte do Goberno galego só se aceptaban, de 21 propostas, 3 transaccións e 1 por enteiro. Pero é que desta volta imos a peor: das 47 propostas que suman os partidos da oposición unicamente aceptan —como dixo o señor Suanzes— 1 do Partido Socialista. E, ¡home!, que o Partido Popular se cre posuidor da verdade absoluta e que non lle gusta dialogar é algo que xa sabemos, pero, cando falamos de propostas de actuación que teñen a ver directamente cos informes do Consello de Contas e co que este organismo conclúe, pois a falta de entendemento do Partido Popular demostra dúas cousas: que non lles interesa nin avanzar en materia de transparencia nin tampouco facer que o Consello de Contas sexa un instrumento realmente útil para a distribución do noso gasto e uso dos nosos recursos, e que esa ampliación de funcións que contempla a nova lexislación non deixa de ser un exercicio máis cosmético do que real.

Por resumir algunhas das cuestións sobre as que o Partido Popular pasou o rodillo e que eran propostas do Bloque Nacionalista Galego, pois, por exemplo, a primeira delas era algo tan elemental como que o Goberno galego elabore anualmente un informe —e se debata neste Parlamento— sobre que recomendacións aceptou, incorporou ou non. Pero vese que o de render contas non lles gusta e, entón, tamén rexeitaron unha proposta tan absolutamente elemental como é esta.

Noutra batería de medidas instamos, por exemplo, a Xunta de Galicia a que introduza correccións na súa planificación orzamentaria e deixe de recorrer unha e outra vez a cuestións como o Fondo de Continxencia ou o programa de gastos imprevistos para financiar cuestións



que son gasto corrente elemental, especialmente naqueles servizos tan básicos como a sanidade ou os servizos sociais.

Na mesma liña tamén pedimos un informe no que se analice o grao de cumprimento dos orzamentos e se poida facer unha avaliación cualitativa das desviacións producidas mediante as modificacións. Pero, claro, tampouco queren, non vaia ser que teñan que explicar con máis detalle por que derivan cuestións tan importantes como partidas do *ticket* eléctrico para nomear a Cidade da Cultura, non vaia ser que vexamos que a propaganda á que nos teñen acostumados nos debates orzamentarios non deixa de ser pouco máis que propaganda.

Outro bloque que presentamos contempla a necesidade de revisión de organismos de entidades instrumentais que demostraron ter indicios de falta de transparencia ou ben que non cumpriron cos requirimentos do propio Consello de Contas, como a estación de esquí de Manzaneda, o proceso de extinción de Turgaliza, contratos público-privados ou as peaxes en sombra infraavaliadas.

Finalmente, outra das cuestións que centra boa parte das nosas medidas e que se podería resumir como un gran paquete para preservar o carácter público dos nosos servizos básicos, especialmente dun que nos preocupa enormemente, ao fío do que levamos tamén debatido neste Parlamento nos últimos meses, que é a sanidade. Por iso, propoñemos un proceso de revisión das colaboracións público-privadas, de cara a planificar o freo que se está verificando na perda do carácter público de servizos esenciais e rescatar tamén, progresivamente, aqueles que o propio Consello de Contas ten recoñecido como licitados á baixa, que son absolutamente imposibles de cumprir e que van en detrimento da calidade dos propios servizos, e, tamén, na calidade dos propios empregados e empregadas: por exemplo, o servizo de limpeza no ámbito hospitalario do Sergas. A todas luces, as resolucións que presenta o Partido Popular son insuficientes e pouco concretas: por exemplo, sobre esta cuestión, simplemente din «pregos máis completos», como se dicir «pregos máis completos» fose a ser unha garantía de que iso vai ser verificado.

Propoñemos, nesa mesma liña tamén, medidas diferentes para salvagardar o mantemento da sanidade como un servizo público esencial, atallando o seu infrafinanciamento e paralizando esa política de extensión de concertos que patrocina o Partido Popular. Pero, tal e como vimos ao fío dos debates recentes, como os colapsos sanitarios ou como a propia nova lei de saúde, blindar a sanidade pública como tal é algo que tampouco lle interesa...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...ao Partido Popular.

Polo tanto, concluímos con que nada máis, nada novo baixo o Sol; pero, porén, continuaremos a traballar propostas como as que hoxe presentamos, se o Partido Popular non as incorpora, a través doutras iniciativas de control e impulso ao Goberno galego, porque, desde logo, para nós son cuestións prioritarias, aínda que unha vez máis pasen sen pena nin gloria o rodillo parlamentario.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Bos días, señores e señoras deputadas.

«Se buscas resultados distintos, non fagas sempre o mesmo.» ¡Que obviedade! ¿Verdade?

Esta frase tan clara, tan obvia, resume bastante ben a xestión do Partido Popular de Feijóo na Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia gobernada polo Partido Popular de Núñez Feijóo non busca resultados distintos, porque os seus actos non teñen ningunha consecuencia. A Xunta de Galicia incumpre ano tras ano as recomendacións do Consello de Contas e non pasa nada. Probablemente, este debate, a denuncia que hoxe, aquí, facemos os distintos grupos da oposición sobre os incumprimentos reiterados da Xunta de Galicia de Núñez Feijóo tampouco vai ter moita repercusión fóra deste hemiciclo: probablemente, e por desgraza, tampouco. Estamos, unha vez máis, ante un goberno experto en facer que fai, no gran creador dos dereitos de papel.

Son dereitos de papel aprobar unha Lei de transparencia e bo goberno no ano 2016 —por certo, a primeira foi aprobada en 2006 polo Goberno socialista de Emilio Pérez Touriño— que no primeiro artigo di que o obxecto é regular a transparencia e a publicidade na actividade pública, entendendo esta como a desenvolvida cun financiamento público, así como o dereito da cidadanía a acceder á información pública. Ben, pois o Consello de Contas pon de manifesto ano tras ano, en canto á transparencia, que a Memoria anual da conta xeral se presenta desestruturada e incompleta, sen que se incorpore a información prevista na normativa de aprobación.

Tamén debe ser transparencia que 8 sociedades públicas, 11 fundacións e 7 consorcios non rendan contas, sen que perdan ningún beneficio, ningún financiamento, ningunha aportación económica. Por certo, os concellos que non renden contas —co cal nós estamos en desacordo, con que non as rendan—, evidentemente, non poden acceder ás subvencións da Xunta de Galicia. ¿Por que non teñen o mesmo trato todas estas sociedades, fundacións e consorcios que non presentan as contas?

En fin. ¿É transparencia tamén que a día de hoxe, oito anos despois de aprobar a Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, non teñan posto en marcha o rexistro de entidades dependentes que nela se prevé? ¿Cal é razón? ¿Porque nin sequera o propio Consello de Contas sabe exactamente cales son obxecto dos informes de fiscalización? ¿Cal é a razón? ¿Iso é transparencia?

¿Ou é transparencia que a Comunidade Autónoma non teña implantada a contabilidade financeira no sistema contable para dar cumprimento ao Plan Xeral de Contabilidade Pública

de Galicia do ano... ¡2010! ¡2010! Por certo, esta emenda foi transaccionada co noso grupo o ano pasado e séguena sen cumprir, salvo que cambiaran hoxe.

¿É transparencia que non se poidan diferenciar os investimentos reais dos gastos de carácter inmaterial? ¿Iso é transparencia?

¿Ou é transparencia que non haxa información clara sobre os fondos europeos, fundamentalmente sobre a execución e a consecución de obxectivos?

¿Ou que sigan incorporando programas ponte para realizar transferencias de crédito obviando os límites que fixa a propia normativa?

En fin, claro que fan as mesmas cousas para que os resultados sexan os mesmos, porque non pasa nada, ¡non pasa nada! Vostedes crean dereitos de papel ao aprobar a Lei do Consello de Contas como un órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financieira e contable do sector público da Comunidade Autónoma, pero é que despois non o dotan cos medios suficientes e necesarios para poder desenvolver a súa actividade nos prazos que corresponda, e que non teñamos que estar aínda agora falando da conta do ano 2015; para desprezar a súa laboura, incumprindo ano tras ano as súas recomendacións; para poñer nunha situación sonroxante a todos os deputados e deputadas do Partido Popular que, ano tras ano, teñen que vir aquí defender o indefendible e o incumprimento por parte da Xunta de Galicia (*Aplausos.*); para facer outra vez que fan, sen que pase nada. A Xunta de Galicia do Partido Popular, do señor Núñez Feijóo, pasa un trámite administrativo que lle permite dicir que renden as contas. Iso é verdade, ¡só faltaría que non rendesen as contas!, pero é que as disfrazan dunha maneira que non son transparentes e, polo tanto, non son coñecidas nin pola oposición nin pola cidadanía. ¡E non o entendemos! ¿Que teñen que esconder? Porque, onde non hai transparencia, algo parece que se quere ocultar, e nós queremos que sexa transparente para que non teñan nada que ocultar.

Vostedes deixan que o Consello faga o que poida, pero sen que realmente poñan os medios, os cometidos e a capacidade para que a falla do seu cumprimento teña consecuencias.

O ano pasado foron transaccionadas catro propostas de resolución deste grupo e, este ano, só unha. Por certo, non aprobaron as que reiteramos do ano pasado porque aínda están a día de hoxe sen cumprir.

E, por último —porque xa sei que me van avisar do tempo—, recordarlles que na última modificación da Lei do Consello de Contas se engadiu, entre outros, o obxectivo de garantir unha correcta xestión das finanzas públicas, e o Consello de Contas asume a competencia de prevención da corrupción no ámbito do sector público da Comunidade Autónoma. ¿Vai ser esta prevención da corrupción outro dereito de papel? ¿Van facer de novo que fan...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...ante a corrupción? ¿Van mirar para outro lado? Vendo os últimos casos de corrupción que se están xulgando...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** A corrupción non é só un problema xudicial, señor presidente; cuestiona o fundamento da democracia e da política. Polo tanto, non entenderemos doutro modo que non actúen e sigan facendo que fan.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Lago.

**O señor LAGO PEÑAS:** Bo día.

Aparentemente, o que hoxe debatemos aquí é un ditame da Comisión Permanente Non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas. Pero, en realidade, é a evidencia, a proba de como a maioría absoluta en mans dun partido de escasa cultura democrática se transforma nun rodillo parlamentario, nunha apisoadora que esmaga o resto dos grupos, sen importarlle a devaluación do Parlamento, a perda de calidade do debate parlamentario, o que nos leva a ese proceso dunha democracia de baixa intensidade no que estamos inmersos dende algúns anos. Porque o ditame que hoxe vai aprobar a Cámara, obviamente cos votos en contra de En Marea, só inclúe propostas do Partido Popular, cunha mínima concesión ao Grupo Socialista. As 17 propostas que presentou o meu grupo, as 9 do BNG, e 20 de 21 do Grupo Socialista, foron absolutamente desprezadas; e non ten que ver coa calidade delas, porque a lectura do que se vai aprobar hoxe —e voulles facer pasar a vergonza de oílo aos que van votar a favor deste informe— impugna ese discurso de falta de calidade das propostas da oposición.

Na teoría, o que votamos hoxe son propostas de actuacións do Parlamento de Galicia sobre un informe de fiscalización que fai o Consello de Contas. Isto é, unha auditoría pública que o Consello de Contas fai ao Goberno na que revela as eivas, as carencias e plantexa recomendacións para que se corrixan. Ese é o informe do Consello de Contas.

¿Que vai aprobar hoxe aquí a maioría do Partido Popular? Vou lelas:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta a continuar sendo unha das comunidades autónomas con maior esforzo investidor.» ¿É isto do que fala o Consello de Contas?

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta a continuar reducindo de xeito simultáneo o déficit público e o recurso de endebedamento.» ¿Isto ten que ver coas críticas do Consello de Contas?

Deixei para o final unha que me produce ata tenrura: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar a xestión jáxil e transparente! na Fundación Pública Urgencias Sanitarias, especialmente no sistema de resolución de chamadas.» (*Aplausos.*)

Isto é —non o leran, jeh!— o que van votar hoxe os deputados e deputadas do Partido Popular: rirse do Consello de Contas, rirse do Parlamento, rirse da democracia. Con nosoutros non conten.

E o rodillo parlamentario do PP converte a maioría nesta cámara en palmeiros de acción do Goberno, desprezando o papel de control que sempre debe ter o Lexislativo sobre o Executivo, mesmo cando as maiorías pertencen ao mesmo partido.

Nós presentamos 17 propostas de resolución das que só vou facer referencia a unha, á 16, na que solicitamos que se incrementen os recursos orzamentarios e de persoal destinados ao Consello de Contas para que mellore o seu traballo. Esta proposta non contou coa aprobación do PP, e non nos sorprende —iso é verdade—, porque hai tres anos que o Consello de Contas asumiu unha nova tarefa de enorme relevancia e complexidade: perseguir a corrupción, controlar o financiamento ilegal dos partidos políticos. ¿Sabe a Cámara cantas persoas máis traballan no Consello de Contas para enfrontarse a esa complexa tarefa? ¿Sábeo? ¡Cero!, ¡cero! Este dato demostra o interese real que ten o Partido Popular en perseguir a corrupción. Sen medios, sen recursos, o único que pode facer o Consello de Contas é comprobar que as contabilidades que presentan os partidos se corresponden coas normas contables. Para que se entenda ben: o Consello de Contas só ve a contabilidade A dos partidos, pero en ningún caso intenta saber sequera se un partido, un partido calquera, que durante décadas tivo unha contabilidade B no conxunto do Estado, e que, ademais, xa está demostrado, poida acaso incorrer nesa mesma práctica no noso país.

¿Cal é a posibilidade de que o Consello de Contas descubra unha trama de financiamento ilegal dun partido como a Gürtel, a Lezo, Púnica, Bárcenas, Acuamed, Nóos e Camps? Ningunha, porque non ten medios, nin a función nin a tarefa de investigar ese financiamento irregular, esa caixa B. Esta é a explicación de por que non se dota de medios o Consello de Contas: porque a persecución da corrupción, do financiamento ilegal, o grupo maioritario desta Cámara non ten ningún interese en que deixe de ser un mero enunciado teórico.

Remato. As 17 propostas de resolución que presenta En Marea, en realidade, como nos dez mandamentos, pódense resumir nunha, a primeira, que di nin máis nin menos que:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a deixar de menosprezar o Consello de Contas e a que asuma e execute as recomendacións que, ano tras ano, recolle nos seus informes de fiscalización.»

Que así fora. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lago.

Grupo Parlamentario Popular, señora Romero Fernández.

**A señora ROMERO FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

Nos informes de fiscalización do ano 2015 o Consello de Contas ratifica que a Xunta de Galicia continuou mellorando a súa xestión orzamentaria con resultados positivos en euros, como o cumprimento dos obxectivos de estabilidade, a redución do gasto financeiro, a xestión do

endebedamento ou dos avais. O Consello de Contas ratifica que se está facendo unha boa xestión e que se está continuando cunha boa xestión.

Eu entendo que para a oposición é moi tentador utilizar parcial e sesgadamente estes informes como arma de desgaste ao Goberno, sobre todo tendo en conta as poucas coas que contan. Pero para nós a utilidade destes informes é que conforman unha guía de mellora da xestión dos fondos públicos. Eu agradezo, señor Lago, que ratifique na súa intervención a mellora na xestión das contas públicas que ten feito o Goberno do presidente Feijóo.

E neste senso, con base no que di o Consello de Contas, van as nosas propostas de resolución, que tamén vostede quixo ridiculizar. Si, si, quixo ridiculizalas, está no *Diario de Sesións*. Pero as nosas propostas van no senso de continuar dando cumprimento e recomendacións realizadas polo Consello de Contas —e digo continuando porque así o reflicte un informe propiamente do Consello de Contas— para continuar sendo unha das comunidades autónomas con maior esforzo investidor. Recórdolles que estamos cinco puntos por riba da media española, á cabeza de investimento por habitante e á cabeza en pago de provedores.

Isto non é baladí, señorías, porque ten moito que ver coa quebra ou non quebra das pequenas empresas e dos autónomos, para completar o proceso de redución de débeda dos entes públicos, que teñen suposto unha diminución de máis de 200 millóns de euros dende o 2009. Tampouco penso que sexa baladí para seguir reducindo de xeito simultáneo déficit público, e o recurso é o endebedamento, e para avanzar en materia de transparencia.

Os informes do Sergas botan por terra os seus discursos de todos estes anos, porque recoñecen que a redución do gasto desprazado dende o ano 2012 no ano 2014 se reduciu un 30 % sobre o anterior e no 2015 se volveu reducir; un ano, o 2015. Continuemos con esta boa xestión.

Recoñecen que o orzamento per cápita do ano 2015 nos situou como a quinta comunidade autónoma de réxime común con mellor ratio e a cuarta que maior crecemento experimentou con respecto ao 2014. E, efectivamente, ratifican a xestión así de transparente do 061, e as nosas propostas van nese eido de seguir nesta boa xestión, manternos entre as comunidades con maior orzamento en sanidade pública per cápita e desenvolver os mecanismos de intervención e control do gasto sanitario.

En resposta aos informes de traslado de pacientes e contratación dos servizos públicos, efectivamente, temos unha proposta para que en futuras licitacións se conte cun expediente xustificativo máis concreto e cuns pregos que inclúan maiores instrumentos de control para facilitar a supervisión e avaliación do cumprimento duns estándares de calidade. Polo tanto, xa temos unha proposta neste sentido.

E continuando na área do Sergas, a preocupación do BNG polo incremento de taxas e prezos públicos da sanidade é dicirlles —como xa lles dixeron— que só obriga a terceiros a pagar; estamos falando de mutuas e de compañías aseguradoras.

E respecto aos concertos sanitarios, non é certo que teñan un carácter estrutural, teñen un carácter complementario. Pero o que si é certo é que entre o 2004 e o 2008 o orzamento de-

dicado a concertos medrou nun 44 %, no 2009 conxelouse e a partir de aí diminuíu. E hoxe temos menos concertos, máis recursos económicos e máis persoal no ámbito sanitario.

E, efectivamente, aceptamos só unha proposta do PSdeG para facilitar a participación das pemes na contratación pública, porque é un compromiso deste goberno.

O resto das súas iniciativas, señoría, a metade son repetidas do anterior debate, repiten as que xa foron rexeitadas, repiten, incluso, aínda que non haxa un informe de fiscalización que as xustifique e mesmo repiten as aprobadas o mes de maio. Tamén En Marea repite seis, por certo copiadas do BNG e do PSOE, porque vostedes non as presentaran. E xustificanse dicindo que non se cumpren estas propostas porque hai un día ou dous e porque hai unha ou dúas que están sen rematar.

Señorías, este é o único debate onde piden que se acaten as recomendacións do Consello de Contas, pero esquéceno cando emendan nos orzamentos, cando rexistran iniciativas ou cando emendan as dos outros grupos, porque van sempre en sentido contrario ao que di o Consello de Contas.

Se non queren mentir, non poden dicir que a Xunta non cumpre nada, porque hai publicacións oficiais ao respecto. Por exemplo, sobre a transparencia da execución de fondos europeos, a resolución do PSdeG reiterada este ano é cumprida e aberta no portal de transparencia unha sección especificada nestes datos, e hai un *link* cara a transparencia e os fondos europeos.

Tamén a resolución e conclusión dos procesos de organización do persoal da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, publicada no *DOG* de novembro do 2017, ou o reforzo dos medios de persoal do control financeiro do Sergas, tamén publicado no *DOG* de novembro.

Remato xa, señor presidente, recordando ao Grupo Socialista que respecto ás súas propostas 5 e 6 a Lofaxga regula a relación xurídica dos entes coa Xunta e a normativa de estabilidade orzamentaria regula a relación económica; a vinculación xurídica e económica non ten por que concordar, señora Rodríguez Rumbo. O que si ten que concordar é sempre o orzamento coa Conta xeral, e aí si que hai unha concordancia total. Todos os entes integrados nos orzamentos se poden fiscalizar na Conta xeral. Non ten sentido que entidades que reciben boa parte dos seus ingresos de fontes diferentes á Xunta, aínda que estean vinculadas a ela, figuraran no orzamento. Este é o caso, tamén, da estación de montaña de Manzaneda, que non é sector público autonómico, ou por non falar de Turgalicia, que é unha entidade sen actividade e sen ánimo de lucro.

Remato xa, señor presidente. Sobre o resto das cuestións dabondo nos referimos nas comisións e o Goberno deu conta de todas estas cuestións.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

### ***Votación do ditame e das propostas de resolución***

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Romero.

Procedemos á votación —pechen as portas, por favor— do Ditame e das propostas de resolución aprobados na Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización das contas do sector público de Galicia contidos na memoria de actividades de 2016 (Conta xeral da Comunidade Autónoma 2015).

Votamos, en primeiro lugar, o ditame. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Primeiro votamos o ditame e logo votaremos as propostas de resolución.

Votación do ditame.

*Votación do Ditame aprobado na Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización das contas do sector público de Galicia contidos na memoria de actividades de 2016 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2015).*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 63; votos en contra, 6.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado o ditame.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora as propostas de resolución aprobadas pola Comisión, que en concreto son doce.

¿Votámolas conxuntamente? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por iso pregunto. ¿Queren votar algunha por separado?

Perdón, déanlle voz ao escano. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿A número 1? Grazas. Esa dinme que xa está aprobada.

Entón, ¿todas conxuntas? *(Asentimento.)*

Votamos as doce propostas conxuntas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, é que non o escoito. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A número doce por separado.

Votación da Proposta de resolución número 12 da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización das contas do sector público de Galicia contidos na memoria de actividades de 2016 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2015).

Perdón, hai unha lixeira confusión.

Explicación, todo ten arreglo. Tranquilidade. Todo ten arreglo. ¡Tranquilidade!



A número 1 xa está aprobada e non é necesario votala. A número doce provén do PSOE, polo tanto, piden que se vote por separado. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero piden outra vez que se vote por separado.

A número 12 provén do PSOE e piden que se vote por separado. Vostedes votarán a favor ou en contra, é sinxelo, e despois votamos o resto. *(Aplausos.) ¡É sinxelo! (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero queren volvelo pedir. Queren volvelo pedir nas propostas de resolución e o letrado dime que é o que debo facer eu. Aquí sempre é o que diga o letrado.

Votamos a proposta número 12.

Se queren, léoa. Léoa.

A proposta número 12 é unha proposta que coincide coa número 21 do Grupo Parlamentario Socialista. ¡É que o levo dicindo dende o principio! *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Léoa:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar un plan de traballo 2017-2020 para facilitar a participación das pemes na contratación pública autonómica, en cumprimento do establecido na Directiva 2014/24, da Unión Europea, e na propia Lei 14/2013, do 27 de decembro, de reestruturación do sector público autonómico, sobre a división en lotes cando o obxecto dos contratos así o permitan.» Entón, esta é a proposta número 12.

*Votación da Proposta de resolución número 12 da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización das contas do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades de 2016 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2015).*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 59; votos en contra, 12.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada a proposta número 12.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora o resto das propostas excepto a número 1, que xa estaba votada.

*Votación das propostas de resolución números 2 á 11 da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización das contas do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades de 2016 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2015).*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 18; abstencións, 13.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas.*

**O señor PRESIDENTE:** Terminou a votación. Abran as portas, por favor.

Continuamos co punto segundo, textos lexislativos.

**Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario de En Marea, para a derogación da Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Para a presentación da proposición de lei ten a palabra a señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Bo día.

Benvidos os traballadores e traballadoras públicos e os representantes sindicais á Cámara para seguir este debate, que agardemos chegue a bo porto co apoio dos diferentes grupos da Cámara.

Dende En Marea consideramos que é hora xa —despois de seis anos debatendo esta circunstancia, de traer proposicións non de lei, traer mocións, traer diferentes propostas e preguntas, e mesmo propostas a respecto da Lei de medidas fiscais administrativas de cada anualidade— de que os grupos, na súa totalidade, comprendan que é hora xa de devolver o que se lles retirou, o esforzo que se lles solicitou, aos diferentes traballadores e traballadoras públicos.

No ano 2012, coa xustificación da crise económica, da crise do sistema, a Xunta de Galicia adoptou unha serie de medidas aproveitando, precisamente, esta situación e as imposicións restritivas do Ministerio de Economía e da propia Unión Europea que retiraban dereitos aos traballadores e ás traballadoras, non soamente en índole cuantitativa, monetaria, en índole salarial, senón, evidentemente, tamén en materia de descanso e en materia de negociación colectiva, aprobando esa Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, que supuxo unha usurpación relevante dos dereitos conquistados polos traballadores e as traballadoras e que tivo como consecuencia unha precarización das condicións de traballo que —acompañada coa amortización de prazas e a non cobertura de baixas, permisos e vacacións— supuxo o incremento de accidentes laborais en moitos postos de traballo, como temos denunciado, fundamentalmente na Consellería de Política Social e, tamén, evidentemente, un empeoramento na calidade dos servizos públicos prestados.

De feito, queremos recalcar e trasladar que a pesar de que a proposta vai no inmediato fundamentada nos recortes en materia laboral, nos recortes en dereitos e en masa salarial dos traballadores e das traballadoras, é unha proposta que incide directamente na calidade asistencial. É dicir, non estamos falando das condicións materiais dos traballadores e das tra-

balladoras públicas, senón directamente de algo que é a calidade dos servizos públicos e, polo tanto, da materialización dos dereitos da cidadanía.

Falamos da situación na xustiza, que tamén estes días enfronta unha folga exemplar, e á que queremos darlle o noso alento e o noso apoio pola pelexa que están dando para recuperar uns dereitos que lles foron arrebatados. *(Aplausos.)*

Falamos das condicións na Administración pública, que ten que ser áxil e non burocrática. Falamos das condicións na Consellería de Política Social, encargar de coidar os nosos nenos, os nosos maiores, os nosos dependentes. Falamos, en xeral, da totalidade dos postos de emprego públicos, que a día de hoxe están moi deteriorados, entre outras, por normas como a Lei 1/2012.

A exposición de motivos da propia lei fundamentaba o seu carácter temporal recollendo expresamente que se trataba de medidas que eran extraordinarias, que eran urxentes e de carácter temporal. O Goberno xustificaba coa situación económica o recorte de dereitos deses traballadores e traballadoras. Pero especificamente, e precisamente por esa situación de excepcionalidade, o propio Goberno fixaba na propia norma, mediante a disposición final única da lei, a súa revisión nun prazo de dous anos; é dicir, vinculaba á situación económica a revisión desa norma que retiraba dereitos a eses traballadores e esas traballadoras, e atada circunstancialmente a ese PIB, a ese produto interior bruto, disposición final única da Lei 1/2012.

Temos debates xa abondo nesta cámara nos que se indica por parte do Goberno e do grupo maioritario que a economía mellora, e os diferentes grupos da oposición teñen recoñecido o incremento do PIB, neste caso nun 3 %. Pero temos denunciando en múltiples ocasións a repartición desigual dese incremento do produto interior bruto. Para quen non vai é para os de sempre, os traballadores e as traballadoras, e neste caso os empregados públicos. A Xunta de Galicia exixiu un esforzo a estes traballadores e ás súas familias. Teño que lembrar —e fareino agora— a serie de dereitos que tamén inciden na conciliación da vida familiar e laboral que se recortaron desde o ano 2012, e sen embargo a Xunta non se compromete, e, polo tanto, non cumpre en principio con esta disposición final única, que obrigaba a revisar, pero tampouco cumpre co compromiso de que cando a situación mellorase —segundo palabras da propia Xunta— lle sería devolto o esforzo a eses traballadores e traballadoras públicas.

Teño que lembrar que esa Lei 1/2012 supuxo a suspensión do complemento das prestacións da Seguridade Social nas situacións de incapacidade temporal; é dicir se recortaron as prestacións deses empregados e empregadas públicas no caso de baixas, penalizando as segundas e sucesivas baixas. É dicir, que non só se recorta o número de profesionais, senón que se penaliza que estes profesionais se poidan poñer enfermos.

Recortáronse as axudas en concepto de acción social, que axudaban a paliar determinadas situacións de precariedade desas familias deses traballadores e traballadoras. Reducíronse os días de libre disposición, e iso choca frontalmente co que di defender a Xunta de Galicia en pos da conciliación da vida laboral e da vida familiar, e, polo tanto, na liña de flotación da igualdade e da equiparación de dereitos de homes e mulleres.

Suspendeuse a aplicación de diversos artigos relevantes do convenio colectivo, do V Convenio colectivo. Levamos seis anos, eu mesma levo trasladando esta situación nesta cámara seis anos, para que se devolvan eses dereitos dos traballadores e das traballadoras na suspensión de días de descanso, a compensación dos domingos e festivos, a suspensión do dereito a comedor, a gratificación por xubilación ou a suspensión da garantía do dereito a un descanso semanal de dous días naturais ininterrompidos.

Esa situación é inadmisíbel. Interrompe esa conciliación, interrompe dereitos que foron conquistados polos traballadores e traballadoras de xeito legal e lexítimo, e ademais, evidentemente, supón un sobre esforzo das plantillas públicas que non é compensado por parte da Xunta de Galicia.

Tamén se limitou a prorrogación voluntaria da permanencia do servizo en activo, ou o que é dicir, a xubilación forzosa dos traballadores e das traballadoras públicas. E perante esta situación, a pesar de que as condicións económicas mudaron, non só a Xunta de Galicia incumpre a lei, a súa propia lei, que lle obrigaba a revisar este texto, estas condicións, dous anos despois, é dicir, no ano 2014 —estamos en 2018—, senón que seis anos despois esta situación segue sen revisarse e sen revertirse, e son continuas as reclamacións polos accidentes laborais, pola redución das plantillas e os conflitos colectivos. Agora temos dous abertos. Temos un no caso de Política Social na residencia de Oleiros; temos outro dos traballadores e das traballadoras da Cultura por esa modificación substancial das condicións de traballo; e a situación é perpetua de conflitividade, na que a Xunta non é capaz de resolver as necesidades, e, dende logo, o que está producindo é un empeoramento das condicións de traballo desas traballadoras e deses traballadores.

Nós preguntámonos como é posible que cando os traballadores e as traballadoras fixeron o «esforzo» —entre comiñas— que se lles impuxo e miraron mermadas non só as súas condicións retributivas, senón a súa vida persoal e incluso a posibilidade de negociación colectiva, porque hai que lembrar que isto todo estaba xa gañado, estaba acordado coa Administración, e foi suspendido *sine die*. Como a pesar de que eles e elas cumpren, a Administración non cumpre. É obsceno, é vergoñento, que o presidente do Goberno —agora mesmo ausente— se suba o salario un 7,5 %, pero os recortes son para os empregados públicos. (*Aplausos*.) É vergoñento que os traballadores e as traballadoras teñan que asumir un 14 % de perda de masa salarial, un empeoramento das condicións de traballo que implica que os maiores teñen peor calidade na asistencia, que os dependentes teñen peor calidade na asistencia, que os menores teñen peor calidade na asistencia, que a xustiza está afogada por falta de persoal e se acumulan os expedientes. Non é a folga a que implica que se paralicen os xuízos pendentes, son tamén os recortes de persoal que se efectuaron nos últimos anos.

¿Como é posible que perante esta situación se suba o presidente do Goberno o salario e que os trienios dos conselleiros e das conselleiras sexan o dobre que os dos grupos de referencia? Comentaban as centrais sindicais que terían os traballadores do mesmo grupo que traballar vinte anos para cobrar o mesmo que cobran os señores e señoras que están sentados aquí nos seus trienios.

É indecente que se lles obrigue a eses empregados públicos a asumir a carga dos recortes que non asumen os seus dirixentes. ¡Menudo exemplo que dá a dirixencia da Xunta de Galicia, jé incluso obsceno!

E polo tanto, o que vimos hoxe facer aquí, despois de defender proposicións non de lei, mocións, preguntas, propostas, non só nós, senón o resto dos grupos da oposición, que levan traído este tema a debate nos últimos seis anos, e pedir que se faga por lei o que hai catro anos que tiña que ser revisado, o que hai seis anos que nunca tiña que ser aprobado, para que non paguen sempre as mesmas e os mesmos. Lémbrolles unha vez máis que non son os traballadores e as traballadoras unicamente do que vai esta proposición de lei. Non son elas e eles os que pagan esta situación. Son as persoas que teñen que utilizar os servizos públicos, son aquelas que non teñen recursos para acudir ao servizo privado, e, polo tanto, materialízase na deterioración do cumprimento dos dereitos efectivos da cidadanía, non afecta simplemente os empregados públicos.

Teñen enriba da mesa unha lei sinxela, un artigo único, exceptuando a suspensión dese complemento de destino dos ex-altos cargos que contemplaba a Xunta de Galicia. A lei é sinxela, a decisión a tomar tamén. Son seis anos de recortes, levan catro anos de atraso no incumprimento da lei, as persoas que están na tribuna e o resto de empregados públicos, que son moitos milleiros no noso país, queren que polo menos teñan a decencia hoxe de devolver un pouco de dignidade no emprego público.

É evidente que non se van devolver estes catro anos de falta de conciliación, porque non son vostedes os que tiveron que cumprir con carteleiras interminables, con fines de semana sen compensar, con non poder ver as súas familias, con reducións —repito— dun 14 % dos seus salarios, pero polo menos comecen a camiñar apoiando hoxe esta proposición non de lei.

Se teñen algunha consideración, que supoño que os distintos grupos a poden ter, teñen a posibilidade de votar a toma en consideración, e na ponencia propor as modificacións que consideren oportunas. Pero non deberan darlle a costa hoxe aos empregados e empregadas públicas, se non, non sabemos que exemplo estarían dando nin as persoas que din ser os seus dirixentes públicos, nin, dende logo, que exemplo poden estar dando cando recoñecen unha recuperación da crise económica e, sen embargo, non cumpren coa lei que os obriga a revisar esta situación.

Tomen en consideración, aproben a toma en consideración, e entendan que non se pode manter máis esta situación de espolio dos dereitos dos traballadores públicos. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Rolda de grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Moi bo día.

O primeiro que temos que lamentar desde o Grupo Parlamentario do BNG son estes bancos azuis ausentes; é dicir, que o Goberno galego non quere estar presente neste debate tan importante. Non hai ningún membro do Goberno aquí sentado. *(Aplausos.)*

Queremos enviarlles un saúdo fraterno aos representantes das organizacións sindicais da Administración pública que están aquí presentes, da Administración autonómica, e tamén enviar un saúdo fraterno e solidario ao comité de folga e aos traballadores e traballadoras da Administración da Xustiza, na súa loita exemplar contra a discriminación salarial e polos seus dereitos salariais, sociais e laborais. Unha folga da Administración de xustiza que dura xa dez días seguidos e que ten moito que ver con este debate sobre a Lei 2/2012, de medidas temporais en materia de emprego público, porque a folga é unha medida extrema, froito do cansazo, do esgotamento, da desconfianza e da indignación que levan sufrindo os traballadores da Administración de xustiza, e todos os traballadores da Administración pública, ao longo destes anos.

Ademais, os gobernos do Partido Popular construíron un relato falso, cheo de mentiras, de trampas, de enganos e de extorsión. Pediron sacrificios temporais —chamábanlle temporais—, mais os sacrificios viñeron para quedarse, porque tiñan —como veremos— outras motivacións. Dixeron que eran tempos de vacas fracas, que había que apretar o cinto, que viviamos por riba das nosas posibilidades, e a quen máis sacrificios pediron foi a traballadores e traballadoras do sector público, que ademais foron deostados, desprezados, humillados e espoliados polos gobernos do Partido Popular, e con especial saña aquí, en Galiza, polo Goberno da Xunta.

Por iso están fartas e fartos, e por iso din basta, e non só o persoal da Administración de xustiza —máis de 2.500 persoas—, senón tamén o persoal do Sergas, o do ensino, o persoal funcionario e laboral da Administración autonómica, que son máis de 100.000 persoas, porque lles incautaron ao longo destes anos máis do 25 % do salario por distintas vías; porque lles esquilmaron dereitos sociais e laborais que xa foron explicados aquí e que non vou reiterar; porque lles prometeron que cando viñesen tempos bos ían ser recompensados, e aínda están agardando. Por iso están fartas, desesperadas, porque se senten estafadas, ninguneadas e desprezadas.

O ano 2012 pasará á historia no Estado español e en Galiza como a data do maior ataque á clase traballadora en xeral, e ao persoal da Administración pública en particular. Chamáronlles reformas —bonita a palabra— ás políticas involutivas e regresivas do Partido Popular que traían un cambio profundo nas regras do xogo no marco de dereitos sociais e laborais.

O 2012 foi o ano da reforma laboral, a segunda do século XXI; 2012 foi o ano das medidas temporais sobre o emprego público, e chovía sobre mollado. Eran pezas dunha engranaxe dunha formidábel mudanza da armazón legal de dereitos dos traballadores e das traballadoras, que se sumaba ao cambio do artigo 135 da Constitución e á Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; mudanzas do marco de xogo que trouxeron graves consecuencias en forma de empobrecemento da clase traballadora e dun xigantesco espolio de dereitos sociais, laborais e democráticos. Unha xigantesca involución de conquistas de décadas de loita sindical e política na negociación colectiva, na xornada laboral, nas prestacións por desemprego, nas condicións de despedimento, nos dereitos á folga ou ás pensións.

Esta regresión, esta xigantesca involución, cebouse con especial cruexa nos servizos públicos, e aí o PP do Estado e o PP galego, a Xunta e o señor Feijóo, foron alumnos avantaxados,

foron máis papistas que o Papa. Despregaron un ataque desapiadado contra o sector público e contra os traballadores da función pública en forma de campaña de desprestixio: chamáronlles vagos, chamáronlles privilexiados, intentando enfrontalos ao resto da clase traballadora. O PP e a Xunta foron campións dos recortes de dereitos laborais, foron campións do desmantelamento dos servizos públicos, como consecuencia de reformas que non eran reformas. O persoal da Administración pública perdeu —como dixen— máis do 25 % de capacidade adquisitiva ao longo destes anos, por non falar da supresión de dereitos laborais, que aínda foi máis grave no caso do persoal laboral.

E non era un problema de dispoñibilidade de recursos —isto hai que deixalo claro—, pois ao tempo que pasaba isto, nese mesmo ano 2012 o Estado concede millonarias axudas á banca: máis de 60.000 millóns de diñeiro público, dos cales, segundo o Banco de España —e isto é realmente escandaloso—, 40.000 millóns non se van recuperar. ¿Como lle chamamos a isto? A isto chamámoslle escándalo, estafa, roubo a mancheas, vergoña e infamia. (*Aplausos.*) Non ten outro nome. E deixa claro que o Goberno do Partido Popular —sobre todo o Partido Popular, pero non só o Partido Popular— actúa ao servizo da banca e do gran capital. Eliminaron a competencia das caixas de aforros, déronlles diñeiro a esgalla a fondo perdido —no caso das caixas de aforro galegas máis de 9.000 millóns de euros—, e despois vendérona por 700 millóns. E non teñen que devolver nin un só euro, porque neste marabilloso estado social e democrático de dereito do que gozamos, os beneficios son para a banca e das perdas xa se encarga papá Estado.

E, para colmo, acabamos de saber que nos anos da crise a gran banca —sete grandes bancos— gañaron 84.000 millóns de euros. E tamén acabamos de saber que o Estado español sae da crise con 35.000 millóns de euros menos en salarios. ¿Como lle chamamos a isto? ¿Chamámoslle reformas? Isto é absolutamente obsceno, é noxento, é cruel, é inhumano. ¿Para quen goberna o Partido Popular, señores e señoras do Partido Popular? ¿Para quen son estas políticas crueis, inxustas e corruptas? Non nos conten contos. Todo isto demostra que a chamada crise foi en realidade unha estafa, un roubo legalizado; a escusa para un xigantesco espolio de rendas e de dereitos, para un descomunal transvasamento de renda e de riqueza da clase traballadora para engordar a conta de resultados das grandes empresas e dunha minoría privilexiada; para a imposición de políticas económicas e sociais inxustas e corruptas que benefician os países do centro e espolian a periferia.

E con respecto ás medidas temporais aprobadas en 2012 —xa adianto, por suposto, o voto favorable do BNG a esta iniciativa—, aplicando a lóxica da dereita, a lóxica do Partido Popular, deberían estar revisadas en 2014 e levan seis anos en vigor. Deberían derrogarse unha vez que, segundo vostedes, xa rematou a crise e se incrementa o PIB por riba do 3 %. Mais a realidade é teimuda, non eran reformas nin eran temporais, eran cambios estruturais, eran cambios ideolóxicos que viñan para quedarse e que estaban decididos en escuros e afastados centros de poder aos que os gobernos do Partido Popular —e non só os gobernos do Partido Popular— obedecen como autómatas. Trátase de mudanzas ideolóxicas que se resumen en dúas frases: concentración da riqueza e centralización do poder.

Tamén é certo —hai que dicilo— que esta situación segue vixente pola incapacidade das forzas políticas estatais chamadas «progresistas» e «rupturistas» para tumbar o Goberno do Partido Popular de Rajoy en 2016. Mais Rajoy segue vivo, instalado na falsi-

dade, na manipulación, no uso partidista do aparato do Estado, no autoritarismo e na soberbia. ¡Máis contento que unhas pascuas! Aplicando todo o arsenal represivo e regresivo. E seguen vivos —para desgraza de Galiza e da clase traballadora— o artigo 135 da Constitución, a Lei de estabilidade orzamentaria, as reformas laborais e a Lei mordaza. Enfrontámonos a un inimigo poderoso, o PP só é unha peza da engranaxe. Xa o deixou dito Warren Buffet: «Isto é unha guerra de clases, pero a miña, a dos ricos, é a que vai gañando».

Desde o BNG, desde logo, non imos deixar de dar esta batalla polo ben de Galiza, das clases populares, dos servizos públicos e das persoas que defenden cada día a dignidade dunha función pública tan maltratada como necesaria para construír un país máis xusto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Bo día aos que nos acompañan hoxe, aos representantes dos traballadores e dos empregados públicos.

Nós, xa de antemán, desde o Grupo Parlamentario Socialista imos apoiar a toma en consideración desta proposición de lei presentada polo Grupo de En Marea porque en esencia vén coincidir con moitísimas das iniciativas que desde o noso grupo parlamentario se teñen presentado desde o inicio desta X lexislatura. Xa en outono de 2016, con motivo do Debate dos orzamentos de 2017, e a partir de aí, coas interpelacións que presentamos tanto ao conselleiro de Facenda, e subseguintes mocións en materia de emprego público, un dos eixos fundamentais das nosas reivindicacións —eu creo que das reivindicacións de todos os grupos políticos da oposición, por suposto, e do conxunto dos traballadores públicos en Galicia— era precisamente a derogación da Lei 1/2012, de carácter temporal. O que pasa é que xa sabemos que para o Partido Popular, neste caso polo menos, a temporalidade é un concepto xurídico demasiado indeterminado.

Señoras e señores do Partido Popular, esta lei —como saben perfectisimamente— naceu sometida a unha condición resolutoria. Esta lei podemos dicir que está programada —ou estaba programada— para a súa propia autodestrución. En termos máis tecnolóxicos, é unha lei de obsolescencia programada. Así como a mala tecnoloxía —pero a veces tamén a boa tecnoloxía— con caducidade programada abusa dos usuarios e dos consumidores, coa Lei 1/2012, coa súa vixencia, precisamente o Goberno do señor Feijóo está abusando dos máis de 85.000 empregados públicos autonómicos. Este produto —segundo co similar tecnolóxico— ten finalizada a súa vida útil e está absolutamente obsoleto.



Por parte do Grupo Parlamentario Socialista, e creo que do conxunto dos grupos políticos da oposición desta Cámara, vimos presentando toda unha serie de iniciativas —como ben relataba a proponente desta iniciativa lexislativa— para a necesaria recuperación das condicións laborais dos empregados públicos autonómicos, para o restablecemento da negociación colectiva e de todo o marco de relacións laborais que o Goberno do señor Feijóo e o Goberno, por suposto, do señor Rajoy acaban de dinamitar desde o ano 2012 dunha forma sistemática.

Presentamos iniciativas pedindo o restablecemento da Mesa xeral de negociación dos empregados públicos para poder levar adiante os cacarexados procesos de funcionarización, de promoción interna e os novos acordos de estabilización, que xa veremos onde chegan. Porque, recordemos —por poñer un exemplo— que os procesos de funcionarización —como ben saben os representantes dos traballadores incluídos naquela Lei de medidas para o ano 2017— aínda están sen calendario e aínda están sen iniciar.

Dentro de todo este paquete de recuperación dos servizos públicos autonómicos, porque —insisto e insistimos todos— recuperar o emprego público autonómico é tratar de recuperar a calidade dos servizos públicos do noso país, unha das medidas fundamentais que ten que acompañar a derogación desta Lei 1/2012 é precisamente o restablecemento do recorte retributivo que durante os anos 2013, 2014, 2015 e 2016 o señor Feijóo fixo, moi por riba do conxunto das administracións públicas do noso país. Iso si —e como ben se dicía tamén ao inicio—, sen rubor, sen ningún tipo de vergonza, o ano pasado, nos orzamentos de 2017, o señor Feijóo —e todo o Goberno galego— permitiuse o luxo de incrementarse as retribucións un 7 %. Creo que é dunha certa inmoralidade, por dicilo dalgunha forma.

Na derogación da Lei 1/2012 claramente son catro os aspectos que todos reivindicamos para que se recupere a situación do sector público autonómico. Non pode ser que se sigan penalizando as situacións de enfermidade, as situacións de incapacidade temporal. Non pode ser que sigan fóra de xogo os programas do Fondo de acción social. Hai que recuperar os termos en que estaba establecida a xornada laboral no emprego público autonómico. E, dunha forma moi especial, hai que acabar coa suspensión unilateral por parte da Xunta de Galicia de determinados preceptos do V Convenio colectivo único do persoal laboral autonómico, que coa suspensión unilateral do artigo 19 están machacando dunha forma moi especial a tantas e tantas mulleres que están traballando, por exemplo, na Consellería de Política Social. *(Aplausos.)*

Non lles vou dicir, señores e señoras do Partido Popular, outra vez —como dicimos tantas veces— que a Lei 1/2012 precisamente dinamitou todos os procesos de negociación colectiva no ámbito da Administración autonómica. Non lles imos dicir outra vez —como dicimos en ocasións— que todo isto é resultado das políticas estratexicamente planificadas para adelgazar os servizos públicos. E saben perfectísimamente cando diante da Troica o compromiso do Plan nacional de reformas era precisamente reducir o tamaño do sector público do noso país nun 20 %, creando novos ámbitos de posible privatización.

De todas formas, todos estes argumentos caen pola súa base desde o momento en que os orzamentos autonómicos de 2017, e sobre todo os orzamentos deste ano 2018, como establece na súa exposición de motivos e en todos os datos macroeconómicos de presentación,

falan da necesaria recuperación da calidade dos servizos públicos, recortados sistematicamente polo Partido Popular en Galicia durante cinco anos. E esa recuperación da calidade dos servizos públicos pasa pola recuperación dos dereitos e das condicións de traballo dos 85.000 empregados públicos, pola recuperación do marco de relacións laborais e a recuperación de todos os procesos de negociación colectiva.

Os dous indicadores económicos que xa dixemos tantas veces, pero que para o 2018 son os que marcan a vida da propia Lei 1/2012, están claros para vostedes, están claros para todos. Os datos do produto interior bruto real de Galicia ou os datos de aforro primario —que son os dous indicadores aos que está sometida a vixencia da propia Lei 1/2012— levan tres anos dando lugar a datos de carácter positivo.

Se isto é así, se a lei tiña que estar revisada aos dous anos, levamos seis anos xa sen que o Partido Popular cumpra precisamente a súa propia lei. Non hai escusas por parte do Partido Popular, non hai escusas por parte do señor Feijóo, non hai escusas por parte do conselleiro de Facenda e de Función Pública para promover a derogación inmediata desta lei que masacra os servizos públicos autonómicos porque non é capaz de devolver os dereitos recortados e pedidos con tanto sacrificio —recordando palabras do presidente Feijóo— aos empregados públicos autonómicos.

E como tamén temos apuntado nalgunha ocasión, o resultado destas políticas populares contra os servizos públicos son algún dos datos que todos coñecemos e que están publicados en diversos ámbitos estatísticos.

A temporalidade da que estamos a falar, superior ao 14 % no emprego público autonómico, superior ao 20 % na sanidade pública autonómica. De 2010 ao 2015 pasouse de 10.000 contratos temporais a 15.000, duplicouse o número dos contratos temporais. Galicia foi —segundo os datos oficiais— a quinta comunidade autónoma —e recordarémolo sempre— en destrución de emprego do ano 2010 ao ano 2016. ¿E por que non falar da taxa de temporalidade no conxunto da Administración pública en Galicia? Así, 1 de cada 4 empregados públicos ten carácter temporal, e ademais coa problemática de que nos vindeiros dez anos 50.000 empregados públicos en Galicia se van xubilar, por non falar, evidentemente, do transvasamento do emprego público ao emprego privado no ámbito de servizos públicos básicos como poidan ser a sanidade ou a educación. Son datos todos eles que xa lle temos presentado en diferentes interpelacións ao conselleiro de Facenda, e nas conseguintes mocións, que de forma sistemática teñen sido rexeitadas por parte do Partido Popular.

Señor Feijóo, señor conselleiro de Facenda, señoras e señores do Partido Popular, máis de 33.000 docentes do ensino non universitario, máis de 34.000 empregados públicos do ámbito sanitario, do Sergas, máis de 15.000 empregados da Administración xeral autonómica, máis de 5.000 docentes e investigadores das tres universidades galegas ou máis de 2.500 funcionarios de xustiza que están en folga reivindican os seus dereitos. E a problemática que están presentando os funcionarios de xustiza, se coñecen ben as dimensións dun iceberg, é precisamente a punta dese iceberg; o que está por debaixo, ese 90 % que está por debaixo da auga, é o conxunto de emprego público autonómico, que está non esperando, senón existindo, a derogación desta lei. Se de verdade —como din presuntuosamente en moitas de-

claracións e incluso nos textos orzamentarios— apostan polos servizos públicos de calidade, restablezan precisamente ese contrato social que racharon en 2012 e devolvan os recursos de servizo público que estabilizan a sociedade, tamén a sociedade galega, con parámetros de igualdade.

Eu despediríame volvendo a un símil tecnolóxico que todos utilizamos moito: deixen de facerse autofotos ou *selfies* e miren máis alá dunha realidade virtual á realidade precisamente da xente. Cumpran, en definitiva, a súa propia Lei 1/2012 e, polo tanto, derroguen inmediatamente esta normativa que destrúe servizos públicos en Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Díaz Villoslada.

Grupo Parlamentario Popular, señor Moreira.

**O señor MOREIRA FERRO:** Grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Plantexa o grupo de En Marea derrogar de plano a Lei 1/2012, coa finalidade de volver dotar de eficacia os preceptos suspendidos. E logo engade no seguinte parágrafo unha disposición adicional na que di que esta derogación afecta á totalidade da lei agás o complemento de destino dos ex-altos cargos comprendidos no artigo 4.3. Din no 3, é unha errata, é o artigo 4.3.

A súa posición neste caso, señora Solla, é como a composición das mareas e dos seus postulados, é mutante, porque pedían aquí hai un ano a derogación íntegra da Lei 1/2012 e repor completamente o V Convenio colectivo. Querían repoñer soamente o V Convenio colectivo pero, sen embargo, pedían a derogación de toda a lei, cando de 8 artigos que ten a lei soamente un se adica a suspender preceptos do V Convenio. E agora plantexan a derogación total da lei, pero no seguinte parágrafo, como acabo de dicir, introducen unha disposición adicional que di: toda a lei menos a parte relativa ao plus dos ex-altos cargos. Claro, eu non me tería complicado tanto na redacción destas proposicións de lei, porque se queren derrogar todo agás o artigo do plus dos ex-altos cargos...

**O señor PRESIDENTE:** Perdoe un momento, señor Moreira, perdoe un momento.

Prégolles aos nosos invitados que sexan acompañados polos servizos da Cámara. Teñen que abandonar o hemiciclo. (*Aplausos.*)

Servizos da Cámara, por favor, axuden os nosos invitados a que abandonen o hemiciclo. (*Pausa.*)

Prosiga cando queira.

**O señor MOREIRA FERRO:** Grazas, señor presidente.

Dicía que nós non nos teriamos complicado tanto no xeito de redactar esta proposición de lei, porque con dicir que queren derogar todo agás o artigo do plus dos ex-altos cargos xa sería suficiente. Pero o certo é que vostedes cambiaron bastante con respecto a hai un ano. Agora xa non están en contra de toda a lei, senón que están en contra de toda a lei menos da suspensión do plus dos ex-altos cargos. Claro, déronse conta de que esta lei tiña algunha cousa que lles gustaba, que era que suspendía o plus aos ex-altos cargos que estiveran de directivos na Xunta de Galicia. Eu enténdoo, claro, porque ir a unha asemblea de xente do común a defender que os ex-altos cargos sigan cobrando un plus, é difícil; é difícil buscar un espazo de confluencia, porque probablemente o portavoz que defendera iso, realmente... ou confluirían directamente á porta de saída da asemblea. Polo tanto, creo que algo positivo ven nesta lei. Pero é así, o Partido Popular nesa lei eliminou a posibilidade de que os ex-altos cargos, despois de selo, sigan cobrando un plus. E foi un goberno do Partido Popular.

Eu non sei se vostedes dentro dun mes volverán mudar a súa posición e virán cunha nova proposta, excluindo ou salvando da derogación algún outro artigo máis. Pero, señora Solla, ¿vostedes teñen algún criterio estable sobre que é o que queren? ¿Cren que alguén os pode tomar en serio se cada mes cambian de criterio con respecto á Lei do 2012?

Esta lei, tal e como din na súa exposición de motivos, foi ditada nunha situación excepcional, na que non era admisible o mantemento de seccións derivadas da aplicación do réxime xurídico-laboral, e facíase preciso suspender a vixencia de determinados artigos do V Convenio para o persoal da Xunta de Galicia, precisamente os que amparaban ata entón a realización dunha xornada laboral significativamente inferior á establecida no Real decreto 20/2011, que establecía que a xornada ordinaria de traballo de todos os empregados da Xunta deberá ter un promedio semanal non inferior a 37 horas e 30 minutos. E esta decisión creo que foi acertada, porque o propio Tribunal Constitucional anulou a normativa da Comunidade Autónoma de Andalucía, e o Tribunal Supremo anulou a normativa do País Vasco, que tamén establecía unha xornada de 35 horas.

O obxectivo desta lei foi contribuír a atender a necesidade de reducir o déficit público, ¿para conseguir que? Para conseguir unha situación de equilibrio sen menoscabar a prestación dos servizos públicos esenciais. E para iso foi necesaria a adopción dunha serie de medidas extraordinarias, urxentes e de carácter temporal en materia de contención de gastos de persoal que se materializaron coa aprobación desta lei.

Pero na práctica téñense recuperado moitísimas cousas. Ao longo de 2016 recuperouse a totalidade da extra do 2012. Tamén no 2016 se devolveu a extra do 2013. No 2017 todos os empregados públicos da Xunta, das 3 universidades, e o persoal do ensino concertado, percibiron o complemento específico nas súas pagas extraordinarias. Esta foi unha medida pactada coas organizacións sindicais.

E di o representante do BNG se acabou a crise. Eu supoño que para o BNG si que acabou a crise, porque alá en Pontevedra se dedican a viaxar a Hong Kong, a Dubai, a Corea, e todo deixando un legado importante, convertendo a Pontevedra na capital do paro de toda Galicia, coa taxa máis alta de paro. (*Aplausos.*) Supoño que para vostedes acabou a crise, porque ademais se dedican a subvencionar e a financiar o nacionalismo galego: organizacións sindicais

do BNG, organizacións xuvenís do BNG, amiguetes do BNG, responsables comarcais do BNG. Aí para o BNG hai de todo. Para eses parece que si que acabou a crise.

E, non obstante, aínda que na Lei orgánica de orzamentos para o 2016 e 2017 se mantivo a suspensión do artigo 19, o certo é que no 2016 e en adiante se recuperaron moitísimas cuestións, por exemplo, mediante a creación na RTP de novas prazas nas categorías e nos centros con maior carga de traballo.

Pero imos ao contido da lei. Os aspectos que regula esta lei son: Primeiro, no que atinxe á prestación por incapacidade temporal contida na nosa lei, xa foi regulada con carácter básico por parte do Estado a través do Real decreto lei 20/2012. E Galicia recoñece, por tanto, o máximo que a normativa estatal permite.

Nas prestacións de accións social dos funcionarios mantivéronse e mantéñense as axudas de maior valor social. Precisamente as que apoian as familias que conviven con algunha persoa con discapacidade. Mantense incluso unha axuda anual que por beneficiario pode chegar ata a 2.160 euros.

Sobre a xornada laboral, esta cuestión foi regulada por esta lei en 37,5 horas semanais, e foi tamén regulada do mesmo xeito na normativa básica estatal. Xa comentei antes os pronunciamentos xurisprudenciais e do Tribunal Constitucional ao respecto, que din que unha comunidade autónoma non pode reducir a xornada laboral porque é unha competencia básica do Estado.

En canto á regulación que ampara o V Convenio para o convenio laboral, na que suspenderon determinados apartados, pois miren, en canto ao artigo 19, que regula o réxime de libranzas e descansos deste colectivo, esta cuestión xa está garantida e normalizada pola organización das quendas do persoal a través de dúas medidas. Primeiro, unha forte creación de emprego xa no 2016, de 155 novas prazas para os centros de política social. En segundo lugar, a acomodación das carteiras para diminuír tanto os días consecutivos de traballo de día como tamén de noite, ademais de para aumentar o descanso en sábados e domingos, co fin de mellorar igualmente as posibilidades de conciliación da vida persoal e profesional.

E as medidas de xestión permiten superar o marco establecido nesta lei, pois permitiron, en primeiro lugar, a posibilidade de gozar dos días de asuntos persoais que soliciten sen estar condicionados por necesidades de servizo. En segundo lugar, chegouse a un importante acordo coas organizacións sindicais para a posta en marcha progresiva dunha oferta de funcionalización do persoal laboral de Política social.

Outro punto desta lei. Esta lei habilitou unha ordenación retributiva do persoal directivo, e esta ordenación o que permitiu, entre outras cousas, foi que ningún directivo da Xunta de Galicia poida ter unhas retribucións superiores ás do presidente da Xunta. E vostedes queren derrogar isto. Vostedes queren que haxa directivos... Isto téñeno que explicar vostedes, señora Solla. Vostedes, con esta derogación, queren que haxa directivos da Xunta de Galicia que gañen máis que o presidente da Xunta. Isto é o que defende En Marea.

E, por outra banda, está a fixación dos requisitos e procedementos para conceder ou derrogar a prolongación da permanencia no servizo activo. Esta é unha cuestión na que, por certo, o Partido Socialista está de acordo en non suprimir, incluso que se regule noutra lei.

Outra cuestión —a última— é a relativa á provisión de postos e mobilidade, que o Partido Socialista tampouco está de acordo en suprimir.

Polo tanto, estas son, as que enumerei, as 7 medidas que queren derrogar as mareas de Podemos das 8 que recolle a Lei 1/2012. E o que non quere derrogar é o referido á suspensión do abono do plus dos ex-altos cargos.

En resumo, das 8 medidas que trae a lei, unha En Marea quere manter; 3 xa están reguladas por normativa básica do Estado; 2 están superadas na práctica; e outras 2 ata o Partido Socialista está de acordo en que se manteñan.

Nós chegamos a preguntarnos, realmente, se vostedes son conscientes do contido da norma que vostedes queren derrogar e das consecuencias que isto traería. Polo tanto, nós non imos apoiar esta iniciativa que persegue derrogar unha norma que permitiu facer fronte á crise económica e reducir o déficit público para conseguir unha situación de equilibrio sen menoscabar a prestación dos servizos públicos esenciais.

E, por último, señora Solla, o Goberno da Xunta de Galicia non se subiu o soldo, a subida de soldo da Xunta de Galicia, do Goberno, foi cero. O único que se fixo foi recuperar, de acordo cun pacto (*Murmurios.*), igual que se foron recuperando os dereitos dos funcionarios e as pagas extras, pero non foi (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) subida. E voulle dar un dato. O vicepresidente do Bipartito, aquel goberno do 2009 (*Murmurios.*), cobraba 15.000 euros máis ao ano (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que o actual vicepresidente, ¡15.000 euros máis! ¿Sabe canto é? Un 20 %. Un 20 % menos cobra agora o vicepresidente da Xunta de Galicia que o vicepresidente da Xunta de Galicia daquela. E todo o Goberno hoxe en día, no ano 2018, cobra menos do que cobraba o Goberno bipartito no ano 2009. Esa é a realidade. ¿Onde está a subida de soldo, señora Solla? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Polo tanto, o que non é ético, señora Solla, o que ten vostede que explicar, é como un deputado ou deputada solicite que o tempo que está aquí no Parlamento lle compute para ter puntuación para estar nunhas listas de contratación dunha administración pública. (*Murmurios.*) Esa é a ética que vostede defende, pois terá que explicala. Creo que aos galegos non lles interesa ese tipo de ética, señora Solla. Os galegos fixeron un sacrificio enorme, os funcionarios fixeron un sacrificio enorme, e pouco a pouco se lles están recoñecendo e recuperando dereitos que se suspenderon no seu momento. Pero se vostede quere derrogar esta lei, explique realmente as consecuencias que isto vai ter. Nós non imos apoiar unha derogación que, desde logo, Galicia non comparte.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Moreira.

Réplica, señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Para trasladar isto podía non ter subido, realmente, porque a verdade é que é bastante lamentable... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non é un chiste, señora Prado... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** ¡Ah!, ben. Non escoitaba eu ben. É bastante habitual escoitala durante as intervencións dos outros deputados e deputadas, interrompendo como no anterior pleno.

Señor voceiro do Partido Popular, parece ser que a subida para o presidente, o vicepresidente, os conselleiros e as conselleiras non é subida, pero para os traballadores e as traballadoras si. A miseria que vostedes lles soben, que non é subir nada, porque é a devolución do que previamente lles retiraron, non é suba; para presidentes, para vicepresidentes, para os conselleiros, un 7 % máis. Claro, vostedes están preocupados de que alguén poida cobrar máis que o presidente. Pero non se preocupen tanto, porque xa se encargan vostedes de subirlles a todos, ao señor Rueda tamén, ao resto dos conselleiros e conselleiras máis dun 7 % de subida. E mentres tanto, 14 % menos de masa salarial para os empregados e empregadas públicos.

Vostedes non teñen vergoña e veñen aquí trasladar que os que non temos seriedade somos os demais. É lamentable escoitar a súa intervención.

Teño que lembrarlle que non se lles devolveu absolutamente nada, que os dereitos que recuperaron foi grazas á súa pelexa e, evidentemente, dereitos que previamente foran recortados; que as pagas extras entre 2013 e 2016 non se devolveron e vostedes deben unha media de 3.000 euros a cada empregado e empregada públicos, en todas as seccións do emprego público.

Non sei se vostede o sabe ou sobe aquí sen preparar a intervención, como pareceu entender polas frases que pronunciou nesta tribuna. Creo que non comprendeu ningunha das propostas que trouxo a oposición durante estes seis anos, paréceme que debería lelas e repasalas, señor deputado. E dígollo en serio, porque cada vez que traemos unha proposta, dá igual que veña comprendida a disposición adicional ou non, vostedes non teñen ningún tipo de xustificación e teñen que meterse con algún grupo da oposición, teñen que falar de cousas que non están comprendidas na proposta. Non falou nada das condicións económicas que xustificaban para vostede esa norma.

Porque lémbrolle, e díxeno na primeira intervención, que a propia norma fala da obriga, obriga legal de revisar dous anos despois as condicións que levaron a Xunta de Galicia a aprobala. Señor deputado, diso non queremos falar. Vostedes cumpren as leis cando lles practican e cando non pois non se cumpren. Cando é para recortarlles os salarios aos empregados públicos, pois non pasa nada. E así temos a dificultade que temos, a conflitividade que temos, que son vostedes os que xeran esa conflitividade.

Por certo, evidentemente, tamén se van os cartos de Xustiza en pagar a totalidade das sentenzas que vostedes perden continuamente cos empregados públicos, porque non fan ben o seu traballo. *(Aplausos.)* Aí é onde se van os fondos. O resto para os traballadores e as traballadoras é precariedade, señor deputado.

E é unha vergoña que seis anos despois vostedes manteñan os recortes. Claro, vostedes non teñen eses problemas de conciliación da vida familiar e laboral, eu tampouco os teño, son deputada igual que vostedes, peros os traballadores e as traballadoras si, e non é certo que se devolvesen. ¡Tranquilidade, tranquilidade!, deberían de preocuparse máis polo emprego público...

*(Interrupcións.) (Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Deberían preocuparse máis polo emprego público. E esas persoas que estaban aí —que acaban de ter que irse da tribuna— levan aguantando seis anos de recortes mentres os demais se soben os salarios e mentres o investimento na privada crece. ¿Como non van estar enfadados e enfadadas?, ¿como non vai haber protestas na Xustiza cando realmente está nunha situación de precariedade con respecto ás outras comunidades autónomas? ¿Cren que nos imos crer esa mentira da oferta da Xunta de Galicia, que é realmente un terzo da realidade do que ofrecen?, ¿cren que imos asumir esa división da clase traballadora que vostedes propoñen, intentando dividir dicindo que os que protestan e se manifestan e fan folga son uns privilexiados? Iso é o que a vostedes lles interesaría. Pero aquí hai unidade en xeral, agás vostedes. Son só vostedes os que defenden seguir mantendo recortes aos traballadores e ás traballadoras, a pesar de dicir e a pesar de asumir as cifras que indican un 3 % de crecemento do produto interior bruto. Non hai nin un só elemento que xustifique manter unha norma, que ademais é ilegal, porque levan catro anos sen revisala, como indica a súa propia lei.

Polo tanto, evidentemente, teremos que voltar rexistrar as leis que fagan falta porque eu creo que non se merecen os empregados públicos facer o esforzo que vostedes lles pediron, que lles exixiron e que lles impuxeron e que os demais sigan obtendo beneficios, mentres eles seguen padecendo os prexuízos dos recortes.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

### ***Votación da proposición de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Procedemos á votación deste texto lexislativo. Pechen as portas, por favor.

Votamos, polo tanto, a toma en consideración deste texto lexislativo.

*Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, para a derogación da Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia.*



*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este texto legislativo.*

**O señor PRESIDENTE:** Abran as portas por favor.

Punto terceiro da orde do día, comparecencias en pleno. Neste caso do señor conselleiro de Política Social.

**Comparecencia do Sr. conselleiro de Política Social, por petición propia, para dar conta sobre as medidas de protección á infancia en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular esta comparecencia ten a palabra o conselleiro de Política Social, don José Manuel Rey Varela.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** Señor presidente, señorías, bos días.

Comparezo por petición propia para traer a este Parlamento un tema moi sensible, pero desde o noso punto de vista moi importante para Galicia. O noso compromiso é seguir preservando os dereitos das nenas e nenos, poñendo especial atención naqueles que padecen ou poden padecer situacións de desamparo ou desprotección social. E non pola súa importancia cuantitativa, pero si pola súa importancia cualitativa, fixarnos, polo tanto, especialmente, naqueles que precisan un maior apoio por parte da administración, un maior apoio por parte do conxunto da sociedade.

O Goberno de Galicia continuará apostando por implantar e promover actuacións para o bo trato aos menores da man dos axentes sociais, coa finalidade de mellorar a vida dos nosos nenos e das nosas nenas, porque destinar máis recursos e esforzos á infancia e á adolescencia é a mellor decisión que podemos tomar, xa que estamos a investir, fundamentalmente, no futuro da nosa sociedade.

A desprotección infantil constitúe un dos problemas sociais máis graves que afectan as nenas e os nenos. Correspóndelle á Xunta de Galicia a protección dos que se atopan no territorio da comunidade autónoma e a execución das medidas impostas polos xulgados de menores.

Comezarei esta interpelación pola área de protección de menores. Esta protección realízase mediante a prevención, a detección e a reparación cando se acreditan situacións de risco e desamparo.

Cada ano ábrense nos servizos especializados de protección de menores de Galicia máis de 1.000 expedientes por posible desprotección infantil. A causa máis frecuente da apertura constitúea un conxunto de circunstancias desfavorables que inciden no benestar do neno e que se engloban baixo a denominación común de problemática sociofamiliar.

Actualmente, como consecuencia deses expedientes que se abren anualmente e dos expedientes que imos acumulando ano tras ano, temos en Galicia 2.472 nenos que están baixo o sistema de protección da Xunta de Galicia, dos cales están en centros residenciais 1.072 e outros 1.357 están baixo o coidado das familias, ben das súas propias familias —o que se chama familia extensa— ou ben en familias alleas que se prestan a participar neste sistema de protección da nosa sociedade.

Ademais, 43 nenos, nenas e adolescentes están baixo a fórmula de garda con fins adoptivos. Ante esta realidade, os poderes públicos temos encomendadas as actuacións para protexer xurídica, social e economicamente as familias e, en particular, a infancia e a adolescencia. Así o indica o artigo 39 da Constitución española de 1978.

A atención que se presta á infancia mellorou dunha maneira moi importante nos últimos anos. O sistema de protección infantil, que estivo marcado polas actitudes e concepcións benéficas e asistenciais, evoluciona afortunadamente cara a un sistema baseado en conceptos como o de xustiza social, presidindo unha filosofía baseada na axuda, no apoio e na responsabilidade profesional. Fronte ás actuacións tradicionais, marcadamente intrusivas, na actualidade a intervención ante a desprotección do menor baséase, fundamentalmente, en ofrecer ás familias os apoios necesarios para favorecer o mantemento do neno no seu medio familiar de orixe.

Na atención integral da infancia e adolescencia teñen carácter prioritario as actuacións dirixidas a previr posibles situacións de desprotección. Neste sentido, os poderes públicos debemos facerlles chegar aos proxenitores todos os recursos que poidan ser necesarios para afrontar as súas responsabilidades de crianza e educación dos seus fillos.

As actuacións preventivas deben ser abordadas desde os distintos ámbitos públicos que poidan afectar a esfera dos intereses dos menores e das súas familias, abarcando o ámbito educativo, o ámbito social, o ámbito sanitario, o da vivenda, o das comunicacións...

Neste ámbito preventivo gustaríame destacar que a Xunta de Galicia foi a primeira Comunidade Autónoma en adherirse expresamente á campaña de prevención de violencia sexual contra a infancia, 1 de cada 5, mediante unha declaración institucional no ano 2014.

Somos conscientes de que algunhas das formas máis graves de abusos sexuais en nenos non son detectadas ao producirse na intimidade dos fogares, por iso cremos que a sensibilización e a divulgación de pautas educativas constitúe unha das mellores formas de abordaxe da protección de menores contra este tipo de condutas.

Nesta liña, desde o mes de maio de 2017 —de maio do ano pasado— estamos a desenvolver unha campaña eminentemente dixital dirixida a previr e detectar os abusos sexuais en menores. A campaña denomínase 37Mil SorriSOS, e dentro dela estamos a desenvolver a iniciativa «Acendamos a-luz», precisamente polo que lles dicía, na procura de que eses posibles abusos non queden ocultos nos seos dos fogares.

Tamén son moi importantes as liñas de colaboración que temos coa Secretaria Xeral de Igualdade en temas como a prevención da violencia e xénero entre os menores e as agresións sexuais aos menores.

Vimos de poñer en marcha, moi recentemente, as unidades de intervención Liana, para menores vítimas de abusos sexuais, en colaboración coa Fundación Meniños. A Secretaría Xeral de Igualdade complementa esta medida dando cobertura ás mulleres que sufriron agresións sexuais.

Cando as medidas preventivas fracasan ou non son suficientes, prodúcese unha situación de desprotección. Unha situación de desprotección que, como lles dicía, desgraciadamente tamén existe en Galicia e afecta centos de nenos e de nenas. A Xunta dispón para atendela dos Equipos Técnicos do Menor, encargados da valoración e intervención daqueles nenos e nenas que están en situacións de risco e en situación de desamparo. Son estes equipos os encargados de propoñer as medidas de protección, medidas de tutela ou garda, así como de administrar os programas e buscar a adecuación das necesidades dos nenos, os recursos existentes, precisamente para facer fronte a estas situacións.

A actuación da Xunta de Galicia, como non podería ser doutro xeito, axústase a importantes cambios normativos introducidos a nivel estatal nos últimos tempos: ao principio do interese superior do neno, o dereito do neno para ser oído nos procedementos que o afecten, sempre que teñan máis de doce anos ou teña a madurez suficiente; os deberes dos nenos e das nenas, que tamén están introducidos na nova normativa; a presunción da minoría de idade nos casos onde non se saiba con certeza a idade do neno ou da nena, fundamentalmente importante en procesos migratorios; considerar vítimas de violencia de xénero os fillos e fillas das mulleres vítimas desa violencia; prohibir que os condenados por delitos de contido sexual, trata ou explotación de menores poidan exercer profesións que supoñan contacto cos nenos; regular, por primeira vez, aspectos como a situación de risco ou urxencia, establecendo a posibilidade de asumir a garda provisional dun neno para prestarlle atención inmediata sen declaración previa de desamparo nin solicitude expresa dos pais mentres teñan lugar as dilixencias que sexan necesarias; establecemento da obriga de revisar calquera medida de protección que se adopte en tres meses, se se trata de menores de tres anos, ou en seis meses, para maiores de seis anos. Para acordar a reintegración do menor á súa familia de orixe non será suficiente con que as circunstancias desa mellorasen, establecendo a prioridade moi importante do acollemento familiar fronte ao acollemento residencial, como xa recolle tamén a lexislación galega. Prioridade que, ademais —se mo permiten—, reforzamos naqueles nenos e nenas ata os seis anos, regulando por primeira vez o Estatuto do acolledor familiar —é dicir, o conxunto de dereitos e deberes dos acolledores familiares—, regulando o internamento en centros de menores con trastornos de conduta e exixindo a información e formación previa para optar á adopción nacional e internacional.

Polo tanto, todo un conxunto de medias de carácter lexislativo que demostra que os diferentes poderes públicos e os diferentes parlamentos teñen posto o seu foco, precisamente, neste ámbito dos nenos e das nenas, tema que, dende logo, temos que acompañar dende a Administración, neste caso dende os gobernos, a través de catro grandes grupos de actuación: Actuacións de detección, programas de acollemento, programas de adopción e programas de apoio.

En canto a programas de detección, a súa figura —como dixen moi por riba— está baseada nos Equipos Técnicos do Menor, que traballan *motu proprio*, que traballan a iniciativa dos servizos sociais dos concellos, que traballan a iniciativa de centros escolares, de centros sa-

nitarios da policía, da fiscalía, dos xulgados, a través de denuncias dos particulares ou dos propios menores, ou das súas familias.

Quería destacar a liña de axuda á infancia, a liña telefónica 116 111, de carácter gratuíto e operativa as vinte e catro horas do día, os trescentos sesenta e cinco días do ano. Proporciona unha atención inmediata a situacións urxentes, facilita aos menores unha vía de apoio e escoita as súas inquedanzas e necesidades. Está dirixida a todas as persoas que coñezan casos de malos tratos á infancia, ou que demanden información sobre os recursos e asesoramento en temas referentes aos dereitos da infancia, dos que hoxe estamos falando neste Parlamento.

Dende o ano 2012 o teléfono é único en toda Europa, o 116 111, e durante o pasado ano pechou cun total de 1.308 chamadas.

En segundo lugar, como mecanismo de control, como mecanismo de denuncia, o Rexistro Unificado de Maltrato Infantil, ou RUMI. A pesar do avance na concienciación do problema dos malos tratos infantís, seguen sendo moitos máis os casos de malos tratos ocultos, e somos moi conscientes desta situación. Ás veces téndese a pensar que só existen malos tratos cando hai evidencia de agresións físicas, restándolles importancia a outras moitas condutas e situacións que poden implicar unha privación dos dereitos e do benestar do neno e que poñen, sobre todo, en perigo o seu desenvolvemento.

Non se debe esperar a ter evidencia certa dos malos tratos para notificalo, unha simple sospeita debe de ser suficiente para poñelo en coñecemento dos servizos de atención á infancia. É imprescindible un esforzo común en detectar e notificar toda a situación de malos tratos á infancia, como única maneira de evitar que esta se cronifique e que as súas secuelas, ademais, se convertan en permanentes. Para tal fin, este rexistro —o Rexistro Unificado de Maltrato Infantil— é un dispositivo de notificación á disposición de profesionais do ámbito educativo e policial, ao que se accede a través dunha páxina web para denunciar toda sospeita de malos tratos.

As comunicacións de sospeita recíbense de maneira inmediata nos Equipos Técnicos do Menor, da xefatura territorial que corresponda, co que se axiliza a comunicación para permitir unha proposta de intervención.

Nestes momentos seguimos traballando para incrementar o acceso a este rexistro, máis de 2.000 profesionais do campo policial e educativo teñen acceso a esta aplicación.

En canto a programas de acollemento, un segundo bloque de actuación que me gustaría destacar nesta comparecencia.

O acollemento, como saben, consiste na integración do neno ou da nena nunha nova familia, nunha familia acolledora, cando se trata de acollemento de carácter familiar. Queremos —e aproveito esta comparecencia— darlles a máxima visibilidade e a máxima importancia aos programas de acollemento. Quero, polo tanto, agradecer ás familias que xa participan nestes programas a súa xenerosidade de acoller nenos e nenas que teñen un momento de especial necesidade.

Quero agradecer —e tamén o quero solicitar a través do foro que nos ofrece este Parlamento— e promocionar este programa para que outras familias que non coñecen o Programa de acollemento se poidan unir, precisamente, a este programa.

Temos un obxectivo, un obxectivo marcado na lexislación, por suposto, que é favorecer o que lles dicía que era o acollemento familiar sobre o acollemento residencial, e para iso son imprescindibles familias. Novas familias que poden ter, digamos, un apoio importantísimo para conquistar este obxectivo no que estamos inmersos da man de entidades sociais de Galicia. Nestes momentos temos unha exposición itinerante nas 7 grandes cidades de Galicia coa Cruz Vermella para dar a coñecer, precisamente, este programa de acompañamento. Porque se queremos que Galicia sexa un bo lugar para ser neno, temos que garantir que todos os nenos poidan ter unha familia.

A Xunta de Galicia está a apoiar fortemente aquelas familias que deciden acoller nenos e nenas en situación de risco. Por iso, decidimos dotar neste orzamento do ano 2018 de 1 millón de euros máis o orzamento destinado a remunerar, precisamente, esas familias polos gastos que lles ocasiona esa situación nova de acollemento.

Dende logo, ninguén pasa a ser unha familia acolledora por recursos públicos, pero precisamente nós o que temos é que xerar esas condicións para que tampouco exista un gasto para a familia polo feito de ter que acoller.

Isto permítenos seguir dándolle prioridade ao acollemento familiar fronte ao acollemento residencial. Nestes momentos os datos son positivos, o dato é que do total de nenos e nenas acollidos a sistemas de protección da Xunta de Galicia o 56 % do mesmo están en familias; polo tanto, temos unha prevalencia de acollemento familiar sobre o acollemento en centros de menores. O que nos gustaría é seguir traballando —como xa digo—, como estamos facendo, da man de entidades sociais moi especializadas neste ámbito, pero da man do conxunto da sociedade para seguir incrementando esa porcentaxe, porque ese é o noso obxectivo.

En canto ao segundo tipo de acollemento, o acollemento residencial, ten por finalidade prestar atención nun centro de protección a aqueles menores que, por distintas circunstancias sociofamiliares, necesitan ser separados temporalmente do seu núcleo familiar, para os que nalgúns casos —e hai que dicilo— non é viable outro tipo de recursos, a xuízo dos Equipos Técnicos do Menor.

A Consellería de Política Social conta con 4 centros xestionados con medios propios, e con outros 69 centros todos eles concertados con entidades de iniciativa social, que suman un total de 1.170 prazas en Galicia.

No ano 2018 incrementaremos, tamén, o investimento para o funcionamento destes centros, ata acadar un investimento global de 32,2 millóns de euros, cun incremento orzamentario que era absolutamente necesario do 13 %, que permitirá prestar un maior nivel de calidade, precisamente, neses centros para nenos e nenas que precisan unha especial atención, e que nos permitirá abrir un novo centro imprescindible na cidade de Ourense, e estoume a referir ao centro Montealegre.

Por último, sinalar que co fin de acadar unha mellora integral da atención dos nenos que están nos centros, como novidade do ano 2017 creamos unha liña de axuda de investimento, da que se beneficiaron, practicamente, todos os centros que temos na nosa comunidade, cun importe de 625.000 euros, que este ano imos volver repetir, porque queremos que as instalacións onde están eses nenos e esas nenas sexan instalacións de primeira.

En terceiro lugar, gustaríame referirme nesta intervención aos procesos de adopción. A Xunta de Galicia promove a adopción dun menor, a Xunta promóvea, pero eses procedementos son ditados por xuíces cando, valorada a súa situación e circunstancia, se constata a inviabilidade da permanencia definitiva na súa familia de orixe, responda ao seu interese e sexa a medida máis adecuada para atender as súas necesidades.

Gustaríame destacar, tamén, que os procesos de adopción o que buscan, fundamentalmente, é a protección do neno ou da nena, esa é a filosofía de actuación fundamental dos procesos de adopción. Trátase de que o neno atope o mellor lugar para estar, a xuízo dos equipos técnicos que interveñen neste procedemento e dende o punto de vista xudicial.

A Consellería xestiona un programa de adopcións especiais, no que me gustaría determe tamén, especialmente nesta intervención —como no de acollemento—, para aqueles casos en que a adopción é máis dificultosa; é máis dificultosa por tratarse de grupos de irmáns, de menores con enfermidades ou menores con discapacidade. A través deste programa búscanse familias interesadas ás que se lles dá formación adicional e se lles presta un apoio maior para a integración do neno ou da nena.

Por outra banda, a Consellería de Política Social puxo en marcha no ano 2017 un programa de preparación, apoio e acompañamento ás familias adoptivas en colaboración coa asociación Manaia, que está dando magníficos resultados.

Dende o ano 2015 tamén a Consellería organiza, en colaboración coa Fundación Faiben, unha formación para as familias en espera de adopción, dado que é fundamental que esta estea preparada cos coñecementos e estratexias precisos para afrontar o reto de crear unha nova familia, que sexa coñecedora das situacións que se lles poidan presentar, das distintas etapas polas que vai pasar, dos recursos aos que pode acudir, etc.

Un dos factores que sen dúbida axudan a garantir o éxito no proceso adoptivo é a formación continua e o apoio familiar, tanto dende o punto de vista emocional como estratéxico e educativo.

Polo tanto, o feito de que as familias en espera de adopción poidan contar con espazos e foros para seguir e afondar no proxecto adoptivo é clave para a adquisición das habilidades e coñecementos precisos para a toma de decisións.

Tanto no caso das adopcións nacionais, como no das internacionais —ás que tamén dedicarei uns minutos desta intervención—, a Consellería dispón dunha ferramenta moi completa, trátase do Portal Galego de Adopcións, que ofrece información actualizada, práctica e interactiva tanto ás persoas interesadas en adoptar como a aquelas que están ou finalizaron xa o proceso, requisitos e documentación necesarias, adopcións especiais, guías interactivas

para coñecer onde adoptar, cun éxito de participación importantísima. Este portal tivo un total de 138.900 consultas.

Dixen que me ía deter nas adopcións internacionais, porque o ano pasado, como consecuencia de decisións adoptadas por estados soberanos, se pecharon liñas de adopción internacional que estaban abertas. Como dicía, a adopción o que busca é o benestar do menor, e, polo tanto, dende a Consellería respectaremos sempre as decisións de países soberanos, as decisións do Estado español que corresponden a través da Dirección Xeral da Familia do Goberno de España; polo tanto, imos priorizar tendo en conta o peche de procesos de adopción internacional por parte doutros países e fomentar nestes momentos, como destaquei nesta intervención, os programas de acollemento e os programas de adopcións especiais.

En 2018, de todas formas para que teñan o dato global, constituíronse un total de 43 adopcións nacionais e 52 adopcións internacionais en Galicia.

En cuarto lugar, gustaríame falarlles dos nosos programas de apoio. A adopción de medidas legais de protección, como a tutela ou a garda, son totalmente insuficientes se non van acompañadas de recursos de intervención destinados a reconducir as circunstancias que motivaron a separación familiar e a preparar o menor e a súa familia para a súa integración sociolaboral.

Gustaríame destacar os programas de intervención familiar cun dobre obxectivo: conseguir a integración familiar dos menores que foron separados das súas familias por atoparse en situación de desprotección e evitar a separación familiar e o previsible internamento dos menores que ofrecen evidentes indicadores de risco de desprotección. O programa, que non para de crecer —e teño que dicir que non para de crecer desgraciadamente—, atendeu 191 familias e 326 menores no ano que vén de rematar.

En segundo lugar, o Programa de avaliación e tratamento terapéutico de menores en situación de risco ou desamparo, dirixido a nenos e nenas e adolescentes que amosan desaxustes emocionais e condutas severas ocasionadas ou relacionadas por algún tipo de dificultade severa ou crónica na convivencia dentro da súa familia de orixe. O tratamento non só inclúe os menores, senón que pode ser recomendable que participen membros da familia de orixe cos que teñan un vínculo importante, pero tamén poden ser membros da familia acolledora ou mesmo educadores do centro no que residan. E en 2017 este programa atendeu un total de 225 casos en Galicia.

En terceiro lugar, os programas socioeducativos. Salientar dúas iniciativas: Na Rúa e Espabila. A iniciativa Na Rúa para favorecer procesos de inserción social nas familias e o segundo programa centrado en menores en réxime de acollemento residencial ou de día que interveñen nas áreas de lecer ou realización de actividades de tempo libre e de apoio educativo, e beneficiáronse destes dous programas 250 menores no ano 2017.

En cuarto lugar, o Programa de inserción sociolaboral Mentor. Considerado boa práctica europea, traballa na inserción social e laboral de mozas e mozos maiores de dezaseis anos e menores de vinte e un, que excepcionalmente, e como caso único en Galicia, pode chegar

ata os vinte e cinco anos, no caso de que sexa necesario prolongalo ata esa idade para garantir que non se produce unha ruptura entre o momento de protección que exerce a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, e o momento en que a nena ou o neno —bueno, neste caso xa o rapaz ou a rapaza— acadan a súa maioría de idade.

Quero destacar o magnífico funcionamento deste programa, que está espallado nas 7 cidades de Galicia, do que se teñen beneficiado 519 mozos e mozas no ano 2017, e dos que 81 residiron nas vivendas que este programa pon á disposición destes rapaces.

En quinto lugar —como quinto recurso—, os Puntos de Encontro Familiar. Un servizo que garante a seguridade e o benestar dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas, que ten aumentado dunha maneira considerable nos últimos tempos. En 2017 realizáronse nos Puntos de Encontro Familiar da Consellería de Política Social 18.725 intercambios, 3.529 visitas tuteladas e 4.867 visitas supervisadas.

En sexto lugar, o Programa de atención prenatal e perinatal para familias en situacións de dificultade social. O obxecto do programa é intervir naquelas situacións nas que se valore a existencia dun risco prenatal para promover unha experiencia de coidado e maternidade saudable. A situación de risco prenatal está considerada por primeira vez na normativa de protección á infancia, a través desas modificacións normativas das que lles falaba ao inicio desta intervención. A Xunta de Galicia ten asumida xa esta nova regulación e ten en marcha, precisamente, este Programa de atención prenatal e perinatal, atendendo xa, dun xeito efectivo, 18 familias no ano 2017, concretamente, nunha pilotaxe que estamos a desenvolver en Santiago de Compostela.

E, en último lugar, quería darlles conta do módulo de execución de medidas xudiciais, tendo en conta que a segunda grande área de competencia da Consellería respecto dos menores é a execución das medidas impostas por xuíces de menores. A lei establece un amplo catálogo de medidas aplicables dende a perspectiva sancionadora e educativa, tanto privativas como non privativas de liberdade, que os xuíces poden impoñer aos menores que cometen un delito.

Polo que respecta ás medidas privativas de liberdade, actualmente na Consellería contamos con tres centros: en Pontevedra, o Centro Avelino Montero; na Coruña, o Centro Concepción Arenal; e en Ourense, o Centro Monteledo. Así mesmo, a Administración autonómica dispón dun centro de atención específica na provincia de Ourense, o Centro Montefiz, que leva a cabo a execución das medidas de internamento terapéutico para menores con situacións especiais por alteracións de condutas e adicións. Polo tanto, a Consellería conta cun número de prazas que está crescendo neste momento para atender estas medidas de carácter especial.

Estes centros executaron durante o ano 2016 un total de 211 medidas de internamento que afectaron 153 menores. Actualmente atópanse vivindo nestes centros específicos 75 menores. Nestes centros de internamento desenvólvese un programa educativo integral, que aborda aspectos como a competencia social, a educación en valores, a prevención do consumo de drogas, a promoción de igualdade entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, entre outras materias estratéxicas. Así mesmo, co fin de garantir o dereito dos menores internados a unha formación laboral adecuada, lévanse a cabo nos distintos centros



actividades de panadería, hortofruticultura e mecánica, facilitando a contratación deles en talleres, acompañándoos o persoal dos centros.

Ao longo do ano pasado un total de 132 menores se beneficiaron das actuacións deste programa laboral, desenvolvéronse 173 actividades formativas, 14 mozos e mozas foron contratados dentro dos talleres dos centros e 28 realizaron prácticas en empresas, 17 delas retribuídas.

Por outra banda, esta consellería leva a cabo a execución tamén de medidas non privativas de liberdade, simplemente liberdade vixiada, asistencia en centro de día. Para isto conta coa colaboración de entidades que levan a cabo a execución destas medidas en cada provincia nos centros de intervención educativa de medio aberto, ou máis coñecido polos CIEMA. Actualmente existe un CIEMA por provincia. O CIEMA de Pontevedra conta con dous equipamentos de centro de día en Vigo e en Pontevedra, e o CIEMA da Coruña conta cun centro de día situado na cidade da Coruña e outros dispositivos de atención en Santiago e en Ferrol para a execución das medidas de medio aberto nestas localidades.

O número de medidas de medio aberto que se executaron durante o ano 2017 foi de 715, que afectaron 521 menores. Dentro do catálogo de medidas xudiciais de medio aberto a lei contempla, tamén, as prestacións en beneficio da comunidade. No pasado ano executáronse un total de 50 medidas desta natureza e colaboran con esta consellería na súa execución un total de 40 entidades públicas e privadas.

O abanico de actividades sociais que veñen desenvolvendo é moi amplo, destacando o apoio e acompañamento a persoas con discapacidade, o apoio a persoas maiores, a persoas con dependencia, a persoas con problemas de mobilidade, ou a colaboración con profesionais e voluntarios na repartición de roupa, alimentos e colaboración na limpeza e amaño de espazos públicos. Así mesmo, está en vigor un protocolo de colaboración coa Fegamp para a colaboración dos concellos na execución desas medidas xudiciais de prestación en beneficio da comunidade. Actualmente un total de 73 concellos se adheriron ao protocolo e colaboran na execución destas medidas.

E, a maiores, a Consellería está a desenvolver un programa que permite levar a cabo a execución da medida de convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo, contando con persoas individuais ou familias que colaboran con ela. Trátase do Programa Convive, que permite proporcionar ao menor unha contorna diferente á propia, na que se desenvolvan as súas vivencias básicas e educativas. Este programa iniciouse a finais de 2017 na provincia da Coruña, e quero anunciarlles que o ampliaremos neste ano 2018 á provincia de Pontevedra.

En definitiva, señorías, o benestar dos nosos nenos e das nosas nenas debe incluír eses nenos e esas nenas que precisan unha especial atención por parte da Administración autonómica e unha especial atención por parte da sociedade. Aí está a nosa responsabilidade, nos parlamentos lexislando e chamando a atención aos gobernos cando non cumpren con esta función superior outorgada pola normativa. Estamos a falar, sen dúbida, de situacións complexas, situacións complexas e delicadas das que podemos falar tamén neste Parlamento, actuacións nas que cómpre intervir con moita sensibilidade e garantindo sempre —como lles dicía— como única prioridade os dereitos da nena ou os dereitos do neno.

Garantirlles un mellor presente e un mellor futuro será un traballo de todos, un traballo no que nós poñemos todo o noso empeño, no que os nosos equipos técnicos con grandes profesionais poñen tamén todo o seu empeño cada un dos trescentos sesenta e cinco días do ano, pero nos que, como sempre, son necesarios máis recursos económicos e máis iniciativas, motivo polo cal traemos este asunto da infancia, dos nenos e das nenas, a este Parlamento.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Teñen a palabra os grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

En representación do Grupo Parlamentario do BNG, a señora Rodil Fernández.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Bo día a todas e a todos.

E benvidas tamén as estudantes que están arriba na bancada, precisamente cun asunto que ten moito a ver co seu presente e co seu futuro.

O primeiro que lle diría, conselleiro, é que eu non sei por que non se remiten eses datos que vostedes aportan nas comparecencias dous, tres ou catro días antes directamente aos grupos parlamentarios. Tamén, máis que nada, por poder facer esa composición de lugar que nos temos que facer agora en cinco minutos cun pouquiño máis de previsión, e tamén coa posibilidade de poder contrastarmos as cifras que vostede dá agora.

Independentemente diso —que o deixo como unha achega—, coincidimos eu creo que todas as forzas políticas que estamos nesta cámara e a propia Consellería con que a vulnerabilidade da infancia e a adolescencia vén marcada por unha situación económica e condicións materiais de vida das familias, polo empobrecemento, pola precariedade, polas dificultades económicas, o desemprego, a exclusión social ou o risco de padecela, ou mesmo as situacións de marxinalidade; mais tamén por unha violencia, sexa esta no marco dunha sociedade que en moitos casos a naturaliza e a normaliza, sexa —xa digo— dentro das propias familias no ámbito intrafamiliar ou entre iguais.

Desde o BNG partimos dunha premisa en relación coa política de protección da infancia e intervención na adolescencia, e é que as pautas de comportamento, os modelos de conduta e os hábitos que manifestan as crianzas e as persoas adolescentes reflicten aquilo que adquirimos da sociedade e non só da familia. Cremos que hai que ir avanzando.

Vostede dicía que pasamos dunha perspectiva de asistencialismo á xustiza social; tamén hai que ir avanzando na superación desa perspectiva onde a familia está situada como un elemento nuclear da sociedade, porque xa digo que as pautas de comportamento, os modelos de conduta e mesmo as situacións de vulnerabilidade da infancia e da adolescencia veñen marcados, en boa medida, polo que adquirimos como sociedade no noso conxunto.

Neste senso, no noso grupo queremos facer unha serie de consideracións a respecto dalgunhas das cuestións que vostede puña agora enriba da mesa e dos programas e medidas que están a desenvolver desde Política Social no ámbito de protección da infancia e de intervención na adolescencia, e neste senso intentarei ir do máis xeral ao máis concreto.

Nós cremos desde o BNG que falta unha planificación integral e estratéxica. Explícome, as medidas encamiñadas á intervención e protección da infancia e adolescencia enmárcanse nos últimos anos nese *totum revolutum* como é a política familiar da Xunta. E dígolle isto porque —e eu creo que coincidirá con nós— non é o mesmo falar de incentivos fiscais á natalidade, en programas de promoción da natalidade, que de programas de intervención con menores tutelados pola Xunta que se atopan en internamento pechado por orde xudicial, por exemplo. Neste senso, todos os plans que existían foron ficando desfasados, desactualizados, porque o último foi aprobado no ano 2007 e remataba no ano 2010, hai oito anos. Os plans que se foron aprobando con posterioridade van tratando como nun caixón de xastre toda esa política familiar da Xunta —e non de maneira específica, de maneira estratéxica—, aquelas cuestións que teñen a ver coa protección da infancia e a intervención na adolescencia.

Poderá parecer ou poderase crer que apenas é unha cuestión de forma, pero non é así, unha planificación integral marca pautas, marca obxectivos, marca estratexias, fórmulas de intervención e prioridades, partindo dunha análise e diagnose concreta. Coordina recursos, accións e institucións nunha área como é a de atención e protección á infancia e á adolescencia, na que, ademais —na súa intervención quedaba claro—, a maior parte do servizo é prestado por entidades do terceiro sector.

En xullo do ano pasado, en *Revista de Educación Social* publicábase un artigo no que se cifraba, a partir dos datos subministrados pola propia Xunta de Galiza, no 82 % os recursos públicos xestionados por entidades privadas. Polo xeral —xa digo—, son do terceiro sector, son ONG, fundacións, naqueles programas e medidas encamiñadas á protección da infancia ou á intervención en adolescencia, como Fundación Meniños —falou vostede dela—, Igaxes3, Cruz Vermella, Fundación San Rosendo, Fundación Casa Caridad. Mesmo a Deputación de Pontevedra, unha deputación, sen que teña competencias en materia de protección de menores ou de educación, xestiona un centro de menores como é o Príncipe Felipe.

Nós non queremos hoxe, señor conselleiro —para quitarlle un pouco o susto de enriba tamén—, abrir o debate sobre a xestión directa ou indirecta dos servizos públicos, hoxe non, senón que o que queremos é poñer o foco na necesidade de desenvolver desde unha maneira integral, desde unha perspectiva planificada, coordinada e con pautas unificadas unha rede entre todos eses axentes, entres todas esas áreas da Administración pública que participan na atención á infancia e á adolescencia, e situar no centro das políticas públicas non só a intervención senón tamén a prevención.

Por exemplo, vostede na súa intervención falaba dos programas de integración familiar. Claro, activamos ese programa cando xa existe un conflito. Temos que intentar procurar ferramentas que nos permitan reducir o número de familias que se acollen a eses programas; que, por suposto, teñen que seguir adiante para cando sexa necesario. Pero hai unha ferramenta, da que dispón, ademais, a Consellería de Educación, como son as escolas de nais e pais, nas que se

poden traballar outras formas de educación, a coeducación, a corresponsabilidade, a transmisión doutros valores dentro do propio proceso educativo na casa. Nós cremos que están infrutilizadas e que non se están a desenvolver como deberían e como se podería —xa digo— se se planificase desde unha perspectiva integral e estratéxica todo o que ten a ver coa atención e a protección das crianzas e persoas adolescentes.

Nós cremos —insisto— que vostedes non están a actuar así, e remítome a iso. Na propia páxina web da Consellería de Política Social o último plan estratéxico dirixido á infancia e adolescencia é o aprobado en 2007 e rematado en 2010. Despois xa se pasou a esa outra óptica na que dentro da mesma planificación entraban incentivos fiscais para promover a natalidade con aquelas outras que tiñan a ver coa intervención en adolescentes tutelados pola Xunta que teñen, por exemplo, restrinxida a súa liberdade.

Nós insistimos, ademais, en que esta non é unha cuestión, unha teima ou unha idea ocorrente que teña o BNG agora. É o que aparece recollido, ademais, no artigo 40 do título III, Infancia e adolescencia, da Lei de familia e convivencia, no que se refire á planificación de actuacións e programación de recursos. Falamos fundamentalmente —vostede, ademais, dicíao na súa intervención— de equipos de profesionais e entidades —sobre todo, do terceiro sector— que desenvolven ese programa de mediación familiar: os gabinetes de orientación familiar, os programas de integración familiar, os puntos de encontro familiar e os programas de intervención con menores tutelados e xa en atención en centros de día, tratamento terapéutico, intervención ambulatoria, inserción sociolaboral... Vostede daba a cifra de persoas que se insiren no Mentor, pero non, por exemplo, a taxa de ocupación unha vez que remata o programa. Eu creo que se sitúa —corríxame se me equivoco— no 42 %, ou unha cousa así —corríxame, xa digo, se me equivoco, porque vostede tampouco deu o dato—.

E neste senso —quédanme dous minutos— centraremos a nosa intervención en dúas cuestións fundamentais que nós cremos que en política de protección da infancia e intervención na adolescencia deberían ter especial atención por parte da súa consellería.

O primeiro son os puntos de encontro familiar. Nós cremos que é necesario e urxente que se reforme a normativa actual. A súa creación e a primeira regulación data do ano 2001, e despois fóronse facendo algunhas mudanzas puntuais ao longo dos anos. É unha cuestión, ademais, que abordamos na Comisión de Igualdade recentemente da man da directora da Fundación Meniños, que é unha das entidades que xestionan estes puntos de encontro familiar —sete, nas cidades—. Cremos nós, desde o BNG —e ademais nalgúnhas cuestións puidemos contrastalo directamente con ela—, que hai que cambiar o modelo de xestión e unificar criterios de intervención e establecer máis e mellores mecanismos de seguimento e avaliación dos programas para garantir un servizo e unha atención acorde coas necesidades das familias; especialmente das crianzas, por suposto, porque ese é o principio que debe rexer esta política, pero tamén as mulleres que se atopan en situación de violencia machista.

Hai que ampliar o servizo para aproximalo á poboación. Voulle poñer un caso da miña circunscrición. Unha persoa, unha familia, que estea na Mariña ten que desprazarse ata a cidade de Lugo para acudir a un punto de encontro familiar. Temos que procurar a maneira de am-

pliar este servizo para poder aproximalo á poboación tendo en conta cal é a realidade demográfica e orográfica do noso país.

Cónstanos, ademais, que a Fundación Meniños, no que ten a ver coa unificación de pautas de intervención, está a traballar nun protocolo que eles e elas desenvolveron a partir da súa experiencia e do modelo de intervención que caracteriza esta entidade, enfocado sempre na transformación social. Nós queremos saber se vostedes xa están traballando ou teñen mantido algún contacto, algún espazo de diálogo, con Meniños para ver se están en disposición de procurar esa unificación de criterios de intervención co obxectivo—xa digo— de mellorar a propia prestación do servizo e de mudar o modelo de intervención e mellorar a prestación dos servizos.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

É que el ten trinta minutos e nós só temos dez.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Ten cinco minutos despois.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Si, si, xa remato.

Como segunda e última cuestión —e ademais vostede falou desta cuestión tamén—, todos os programas dirixidos á protección da infancia e á intervención na adolescencia pasan por que detectemos e teñamos constancia deses casos de desamparo, de malos tratos ou de abusos que se poden estar a producir no noso país. Nós cremos que para iso é fundamental que estendan ese rexistro unificado do maltrato infantil máis alá das escolas e máis alá da policía.

Nos últimos anos pasamos de 8 en 2012 a 13 no ano 2016. Creo que acaba de dar agora a cifra tamén vostede a respecto de 2018. Nós cremos que necesitamos ampliar e mellorar este sistema de detección e iso pasa por formar tamén os propios profesionais que traballan nos centros de ensino, para que teñan as ferramentas e poidan detectar esas situacións antes de que se poidan producir denuncias, ben administrativamente, policialmente ou xudicialmente.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** E queremos, ademais, que se estenda tanto ao servizo de atención primaria como aos servizos de urxencias e aos servizos de pediatría, que son a porta de entrada de calquera crianza na rede sanitaria pública.

Remato aquí porque non teño máis tempo, pero seguiremos despois na réplica. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas, señora Rodil.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Socialista, a señora Blanco Rodríguez.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Agradecémoslle, señor conselleiro, esta comparecencia por un tema que é importantísimo, e polos máis vulnerables, que son os nenos e as nenas neste país. Pero a verdade é que tamén lle agradeceríamos que deixe de repetir ese mantra de que hoxe Galicia é un país mellor para ter nenos, que é un país mellor para os nenos e para as familias, porque esa non é a realidade deste país. A realidade é que vostedes transformaron a Consellería de Política Social nunha consellería de maquillaxe social, que parece que aguanta absolutamente todo. E sabemos que é unha cuestión ideolóxica, témolo claro. Pero é certo tamén que ultimamente parece que o señor Feijóo o mantén crioxenizado para resucitalo nas eleccións municipais, porque a actividade da súa consellería, dende logo, baixou bastante nestes últimos meses.

O problema disto é que, mentres tanto, a desigualdade segue crescendo. Porque, si, o Grupo Socialista quere falar hoxe do que non falou o conselleiro cando ser referiu á protección. ¡Nin unha soa palabra sobre pobreza, nin unha soa palabra sobre a desigualdade social que hai neste país! (*Aplausos.*) E nós imos falar, imos intentar quitar esa capa de maquillaxe, de publicidade e de propaganda, porque debaixo dela hai unha situación gravísima, hai homes e mulleres neste país que desexarían ter moitos máis fillos, entre 2 e 3, e resulta que temos unha taxa de fecundidade do 1,12. Hai moitas persoas para as que o simple feito de plantexarse ter un fillo é case un luxo asiático, señor conselleiro. Son as persoas que saben que están traballando hoxe pero que non saben se van traballar mañá. Son as persoas que están presas pola precariedade no sector servizos, é incluso o persoal sanitario que encadea máis de douscentos contratos ao mes, si, os propios funcionarios. Son os cidadáns cos terceiros salarios máis baixos de toda España, aos que lles custa incluso chegar a final de mes.

Vostedes dixéronlles que aguantaran, que esperaran a que pasara a crise. Hoxe crecemos a un ritmo do 3 % e hai en Galicia 672.000 galegos e galegas que ingresan menos de 750 euros ao ano. Todo iso é culpa, por suposto, das políticas, desa reforma laboral emprendida pola dereita, dese desmantelamento do Estado do benestar, que abrangue, por suposto, tamén a Lei de dependencia —que é da súa competencia—.

¿Poden dicirlles vostedes ao 45 % dos desempregados deste país que non perciben ningún tipo de prestación que este é hoxe un país mellor para ter fillos? (*Aplausos.*) ¿Pode dicírllelo, señor conselleiro? ¡Nin para os que terían que chegar nin para os que están!, non pode ser un bo lugar para os nenos e nenas cando, xunto con Romanía e con Grecia, estamos nese podio, nese triste podio, da pobreza.

Segundo datos de Unicef e do Ministerio de Sanidade, a poboación menor de 18 anos que vive en fogares con risco de exclusión social son aquí en Galicia o 28 %; os que non pode soportar os gastos imprevistos, o 30 %. Hai, señor conselleiro, máis de 400.000 persoas neste país que sofren pobreza enerxética. Nós hoxe queremos falar deses nenos e nenas e deses pais e nais que teñen que meter na cama os seus fillos e fillas antes da hora porque non se poden permitir acender unha estufa nin acender a calefacción. Nós queremos falar tamén do que fai o seu goberno para protexer eses meniños e meniñas con ese tícket eléctrico tan publicitado. Sei que non depende da súa consellería pero debería ter unha comunicación, cando menos, fluída co propio conselleiro de Industria para saber como está a situación ao

respecto. Cunha suba da luz dun 11 % no ano 2017, cunha suba do gas natural nos últimos catro anos dun 35 %, ¿como soportan iso as familias?

Señor conselleiro, os datos teñen cara e agochan tristes e dramáticas historias persoais. Onte liamos unha delas en *La Voz de Galicia*, a de Yolanda, de Vilagarcía, vítima de violencia machista e que tivo e acaba de superar hai pouco un cancro. Dicía: «Na miña casa non hai radiadores, tívenos que arrincar das paredes para que os meus fillos non os acenderan. Eles son moi friorentos pero as partidas eran terribles».

Señor conselleiro, con esta situación de consolidación da pobreza desenvolven agora a renda de integración social, con tres anos e medio de retraso e con grandísimas eivas; unha situación que vimos denunciando os grupos da oposición, tamén o PSdeG e a propia Valedora do Pobo.

Non imos falar xa das medidas de atención á infancia, desa Tarxeta Benvida, do que si que me gustaría preguntarlle a que se debe ese retraso. Porque as familias teñen que facer unha previsión dos gastos e dos ingresos que teñen, e eses retrasos estanlles impedindo facelo.

O tempo é moi reducido. Imos falar dos máis vulnerables, por suposto que si, ademais dos que sofren a pobreza, os que a están sufrindo agora mesmo. Hai que falar de acollemento familiar, e non hai nada do que presumir, señor conselleiro. As axudas aos menores de 3 anos levan conxeladas dende o ano 2008. Si, as únicas que subiron foron as das idades comprendidas entre os 3 e os 18 anos, que subiron 40 euros —son de 280 euros—. Explíquenos, por favor, por que comunidades autónomas cun nivel socioeconómico moito máis alto que o galego, como Euskadi, por exemplo, dan ás familias de acollida —que fan un tremendo esforzo económico xa *per se*— 600 euros ao mes e nós 280 para estes menores; ou por que a Comunidade Valenciana incrementou o ano pasado o 50 % estas axudas.

Non hai para os gastos extraordinarios. Cando un neno ou nena necesita gafas —e isto cóntannolo as propias familias de acollida—, a resposta da Administración é: «Non hai partida orzamentaria» ou «Paguen vostedes, que despois xa daremos unha axuda», que non chega nin aos 90 euros.

En 2013, ademais, vostedes puxeron en marcha un programa de colaboración con Aldeas Infantís. E vaia por diante o noso respecto a esta entidade e ao labor que realiza, pero é unha maneira coma outra calquera de estar externalizando un servizo no que si invisten e ao que si lle subiron o orzamento no ano 2017.

Teño moi pouco tempo e quero falar de varias cuestións que consideramos importantes, como as adopcións. É un tema moi delicado, moi sensible. Eu, señor conselleiro, non o vou culpar hoxe do peche, como houbo nalgúns países, porque depende. Vostede mesmo dixo que son soberanos para tomar esas decisións. Pero eu preguntome o que fixeron vostedes para frear a fraude da ECAI de Vigo. Estiveron mirando para outro lado durante anos, coas contas que tiñan que estar revisando e coas familias ás que se enganaron, ás que se lles truncaron as súas esperanzas de poder ter un fillo ou filla.

Imos falar tamén do abuso sexual. É o delito —eu coincido con vostede— máis silenciado e tamén o máis impune. Está ben que se inclúa dentro dunha campaña estatal, pero é que, revisando os datos do Observatorio da Infancia, a nivel estatal, os datos do Ministerio de Saíde, Servizos e Igualdade, resulta que a única comunidade autónoma que non aportou ningún tipo de dato no ano 2016 sobre abusos sexuais a menores foi Galicia. ¿A que se debe isto, señor conselleiro? Porque todas as comunidades autónomas teñen datos, todas as comunidades autónomas debuxaron como está o panorama nos seus territorios. E vostede ¿que fixo a este respecto?, ¿que se está facendo? Están moi ben os programas, nós non dicimos que non. Pero se vostede non ten unha visión global, nin o seu departamento nin o Goberno galego, de cal é a situación e de cantos menores poden estar en risco potencial de sufrir esta situación, explíqueme como se pode actuar ao respecto.

Falouse dos puntos de encontro familiar. Levamos pedido en numerosas ocasión que se incrementen eses sete puntos de encontro. A señora Rodil puña antes un exemplo relativo á provincia de Lugo e eu vou poñer da de Ourense. Ben, para ir dende O Barco de Valdeorras ata Ourense hai unha hora e corenta minutos. Son nenos que están sufrindo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O señor Blanco Paradelo vai un pouco máis rápido ca min. Eu cumpro os límites de velocidade. Descúlpeme, señor Blanco Paradelo. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Hai falta de medios e de recursos neses puntos de encontro familiar. ¿Teñen previsto incrementalos? Porque eses nenos e nenas sofren esas longas distancias, con graves prexuízos na súa actividade escolar, e tamén pola tremenda carga emocional que teñen que soportar e que arrastran. ¿Van vostedes incrementar, como temos solicitado dende o PSdeG en numerosas ocasións, o número de puntos de encontro familiar? ¿Van modificar esa regulación obsoleta do ano 2001?

Si, señor conselleiro, tamén hai que falar dos centros. E voume referir tamén ao de Montealegre, en Ourense, que leva pechado dende o ano 2012. Vostedes o que fixeron foi trasladar os menores dese centro a un centro que hai ao lado, o da Carballeira, mezclando diferentes casuísticas. Mezclaron menores en réxime de reforma con menores tutelados pola Administración...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** ...con gravísimos problemas nese centro. ¿Cando vai abrir ese centro, señor conselleiro? ¿E está asegurado que ese centro sexa público e de xestión pública?

Mire, hoxe celébrase o Día da xustiza social. O que lle queremos pedir, á parte de que resposte estas preguntas que lle plantexei ao longo da miña intervención, é que comecen a aplicar ese Día da xustiza social os trescentos sesenta e cinco días do ano para combater a desigualdade entre os máis vulnerables, que son os nenos e as nenas deste país.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Blanco.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Vázquez Verao.



**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Bo día de novo, señor conselleiro.

Considerabamos hoxe, dende En Marea, que a razón da comparecencia ía ser quizais anunciar algunha medida novidosa. Como vostede o que fixo foi avaliar en xeral a situación das políticas de infancia en Galicia, nós tamén é o que imos facer, avaliar estas e dar as propostas de En Marea en cada un dos seus aspectos. E nós enmarcámolas —e xa o trasladamos en debates cando presentamos algunha moción respecto da pobreza infantil— en dúas liñas fundamentais. A primeira é o concepto da infancia como suxeito de dereitos, concepto que, ademais, está recollido na lexislación internacional, na estatal e na propia galega, o concepto de entender que a infancia non só é futuro, non só é mañá, senón que son neste momento persoas que deben ser parte activa das políticas que lles afectan. Isto para nós é fundamental. E, ademais, entendemos que as políticas da infancia deben ser unha cuestión transversal e non deben ser un compartimento estanco. E, despois, a segunda liña na que nós enmarcamos as políticas da infancia ten que ver co que xa se lle sinalou, co aumento da desigualdade e da vulnerabilidade da infancia. Porque hoxe falar da infancia en Galicia non pode separarse de falar da pobreza e da exclusión social, non pode, porque o marco xeral é que a crise deteriorou tremendamente, sobre todo, o emprego. E iso provocou un aumento do risco de pobreza, que foi maior na poboación infantil. É que os datos son intolerables. Podemos coller algúns datos; por exemplo, os que nos trasladou UNICEF. E, por certo, UNICEF, en relación coa primeira liña que lles poñía, demanda que poñamos as pilas o Parlamento e que impulemos esa comisión para os dereitos da infancia. E demanda, por exemplo —na liña, como lle dicía, da participación—, que exista algún organismo de participación máis estable. Nós propuxemos un consello da infancia. Pero, indo aos datos, hai un 28,8 % de menores de 18 anos en risco de pobreza e exclusión, segundo AROPE; e o 8,6 % da poboación menor de 18 anos vive en fogares con moi baixa intensidade de emprego. Hai que ter en conta que a carencia de emprego na familia é o principal factor de risco de pobreza infantil. O 24,5 % de menores de 18 anos vive en fogares cunha renda por baixo do 60 % da media, ou o 26,5 % de fogares con nenos e nenas non poden afrontar gastos imprevistos. É dicir, falar de infancia en Galiza é falar da pobreza.

En relación coa protección da infancia, preguntamos especificamente en comisión se a Xunta tiña algún estudo ou algunha previsión de como este aumento da pobreza afectou a situacións de desamparo. Considerou a directora xeral que non era algo relevante. Nós consideramos que si, que hai que estudar especificamente como a pobreza inflúe nas situacións de desamparo. ¡Como non vai influír que unha familia non chegue á fin de mes, e que esta situación se prolongue reiteradamente, en que aumenten os casos de desamparo na infancia! Xa sei que me vai dicir que as situacións de desamparo non son por pobreza, evidentemente, que é por un conxunto de causas que vostede sinalou como problemática sociofamiliar. ¿Que impacto ten a pobreza nesas causas que chegan ao desamparo de menores?

Vostede deu os datos e non desglosou, entre familia extensa e familia allea, o número de acollementos que había en cada unha das modalidades. En 2015, segundo os datos da propia Xunta, eran 163 familias alleas as acolledoras e 1.088 as familias extensas. Estaría ben coñecer os datos actuais para ir observando esa evolución.

Por certo que, respecto do Estado, Galicia ten menor taxa de menores acollidos en familias respecto de centros. Eu fixen aquí o cálculo rápido e estaríamos agora, en acollemento en

familia, no 54,8 %, cando a media estatal é superior —arredor do 58 %— e cando é o acollemento que se considera prioritario. E isto, por suposto, non quere dicir que, cando sexa necesaria unha intervención en centros, non é tampouco necesario contrapoñer sempre ese acollemento familiar fronte aos acollementos en centros. Porque hai situacións nas que se precisa unha intervención rápida e que o menor ou a menor sexa rapidamente integrado, cando se poida, na súa familia de orixe.

Eses centros, precisamente, deben ter as mellores condicións. E a realidade é que o acollemento en centros residenciais deixa que desexar en moitos aspectos. Vostede sinalou un aumento significativo do orzamento. ¿Por que se fixo ese aumento significativo do orzamento? Porque hai centros que non tiñan as condicións e seguen sen ter as condicións exixibles. Para nós é fundamental garantir as boas condicións dos centros —tanto os públicos como a maioría, que son concertados—, porque hai carencias materiais e falta de persoal.

Hai que coordinar dende a Administración os programas de acollemento familiar. Xa se sinalou aquí que están coordinados polas entidades privadas, por Cruz Vermella no caso das familias de acollida en xeral e por SOS Aldeas Infantís nas familias extensas.

Outra cuestión é garantir a atención psicolóxica pública e unha intervención integral. Falabamos de que a intervención integral é fundamental nos casos de desprotección de menores para que teñan as mínimas secuelas posibles. Coordinar dende a Administración a atención psicolóxica é algo fundamental. E tamén —xa se falou aquí pola mañá— garantir os dereitos dos traballadores e das traballadoras públicas —neste caso nos centros— restituíndo os recortes que se fixeron no quinto convenio. En fin, que cando concretamos, cando imos ao concreto, a realidade non é tan de cor de rosa como ás veces se pinta.

Falando de centros, tamén cabe aquí sinalar, evidentemente, o centro de Montealegre. Foi unha pésima xestión do proceso. É que leva pechado creo que cinco anos xa, e os rapaces están nun centro que non está adaptado, que non segue as pautas de intervención socioeducativa que precisan os menores que son acollidos nese centro, que teñen perfís distintos e que, ademais, outros foron enviados a outras provincias.

Máis medidas que lle propoñemos en canto ao acollemento familiar —que, repetimos, está por debaixo da media estatal— é un maior apoio e seguimento a nivel de educación familiar e un programa psicolóxico. A educación familiar —xa tamén foi exposto aquí— é fundamental para previr tamén. Falou vostede de que unha das liñas básicas era a prevención. Para previr situacións de desamparo é fundamental a educación familiar. A Xunta cargouse Preescolar na casa. Xa sabemos que era un programa moi específico. Pero é que tampouco dá alternativas, nin apostou pola educación familiar, que é un ámbito esencial para a educación en valores.

Tamén se falou da necesidade de maior apoio económico para as familias extensas. O impacto da crise provocou que moitas desas familias que teñen acollidos menores teñan que recorrer á solidariedade mesmo para conseguir alimentación. Téñense dado casos de ter que ir a Cáritas para recoller alimentos.

Outra medida é a equiparación de permisos de maternidade, paternidade e lactancia no caso dos acollementos a menores dun ano, nos acollementos urxentes, que tiñan moitas dificultades para acceder a estes permisos. Isto ¿que fai? Fai que se penalice a solidariedade, porque só poden ser solidarias aquelas familias que teñen recursos económicos suficientes ou que teñen unha determinada distribución de roles familiares —como que a muller non traballe e que coide os fillos—. E o que hai que facer, como vostede dixo, é fomentar a solidariedade e garantir que calquera familia que queira ser acollidora poida selo.

En canto ás adopcións, falou tamén vostede das adopcións internacionais. Nós cremos que a Xunta non asumiu as súas responsabilidades no control da ECAI Addis Galicia, xa o trouxemos aquí a este Parlamento. E o peor é que non se poñen os medios para resolver esa situación, porque no seguimento postadopción séguense enviando as familias —que acolleron con esta ECAI antes de todo o problema e do peche das adopcións internacionais— a esta ECAI que non ten garantías de que estea facendo as cousas ben remitindo a documentación aos países. Débese garantir o seguimento postadopción integramente dende a Xunta.

Sobre os equipos técnicos do menor e Xustiza, falar de Xustiza é falar de medios. Precisamente está aí a folga de Xustiza para esas reivindicacións do persoal, que se pretenden reducir a un aumento de salario. E non, lembren que tamén que lles reclaman máis persoal. E aquí especificamente tamén nos detemos no Imelga, que é de vital importancia en numerosos procesos xudiciais que implican tamén a menores. Neste caso, as persoas profesionais do Imelga reivindicán máis medios, máis persoal, pero tamén espazos axeitados e suficientes. Tamén, por certo, son necesarios neses puntos de encontro familiar, a humanización é necesaria, con salas específicas de espera que preserven a privacidade, o seguimento e a intimidade, e que estean provistas de materiais de xogo. Volvemos á humanización, tan fundamental neste eido.

Coordinación dos e das profesionais. Como xa non me queda moito tempo, imos enlazar con esta coordinación. É fundamental mellorar a interconexión entre política social e sanidade. ¿Por que? Porque na sanidade é onde se detectan —é a porta de entrada— moitos casos de maltrato infantil. Hai que ter en conta tamén que o 80 % dos casos deste maltrato teñen que ver co abandono na hixiene, atención e alimentación, que se detecta precisamente aí, na sanidade.

Entón, hai que resolver o problema da pediatría, que sabemos que non é específico do noso país, que é un problema estatal. Pero é que, se non poñemos os alicerces para que se resolva esa cuestión, hai menores neste país que quedan sen ningunha cobertura pediátrica, e sábemolo os que vivimos no medio rural. Hai que garantir a presenza da pediatría integramente na atención primaria. E tamén, por certo, a coordinación con educación, porque tamén, evidentemente, é outra porta de entrada.

Nese sentido, unha medida que propón En Marea é aumentar e reforzar a educación social. Cómpre meter na comunidade educativa os profesionais desta materia, porque é fundamental para a prevención, son profesionais fundamentais para a prevención e logo para a atención deses casos e tamén para o seguimento, tanto na educación coma nos servizos sociais comunitarios. Porque unha medida fundamental coa que sempre machucamos en En Marea

é o reforzo dese sistema de servizos sociais comunitarios. As políticas de infancia —xa se dixo aquí— da Xunta de Galicia están, na súa maioría, dirixidas ou coordinadas por entidades privadas, ou que están en réxime de concerto. Cómpre reforzar o sistema público, e unha vía fundamental é esa, os servizos sociais comunitarios con educadores e educadoras sociais que incidan precisamente nesa prevención...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** ...e non só no seguimento positivo deses casos, para que non se volvan repetir. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Rodríguez Arias.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señor conselleiro, dende o Grupo Popular consideramos acaída esta comparecencia, porque estamos a falar non só da infancia, senón daqueles nenos e nenas que en Galicia están en peor situación. Por iso consideramos que é acaída, porque é poñer o foco non só para analizar as políticas da Xunta de Galicia, senón tamén para dar luz á situación na que viven moitos nenos e nenas no noso país. E, ademais, consideramos que esta comparecencia hai que abordala co rigor e coa seriedade que a infancia se merece, aínda que algunha portavoz acaba de mesturar cuestións que nada teñen que ver coa infancia e coa súa protección, porque nós non temos dúbida ningunha de que todos os grupos parlamentarios representados nesta Cámara temos como prioridade garantir a seguridade e o benestar dos nenos e das nenas.

A protección da infancia, en especial a protección dos menores que están en situación de desamparo e desprotección social, é unha gran responsabilidade da Xunta de Galicia como administración, pero nós consideramos que tamén é necesaria a colaboración e a sensibilización do conxunto de toda a sociedade galega.

A Convención sobre os dereitos do neno, aprobada no ano 1989 e ratificada por España no ano 1990, constitúe a primeira lei internacional sobre os dereitos dos nenos, e inclúe nos seus artigos mecanismos de seguimento para o seu cumprimento a través do Comité dos dereitos do neno de Nacións Unidas, que examina a cada Estado parte. Precisamente o pasado mes de xaneiro, no Comité dos dereitos do neno de Nacións Unidas, levouse a cabo unha análise da situación da protección da infancia, onde Galicia representou as comunidades autónomas no seo da delegación española e onde expuxo as medidas de protección á infancia da nosa comunidade.

A Convención tamén recoñece a infancia como suxeito de dereito e non como mero obxecto de cuidados ou protección. Toda persoa maior de 18 anos é titular dos dereitos que recolle a Convención. E as administracións teñen a obriga legal de dar efectividade a eses dereitos e de ter en conta como consideración primordial o interese superior do neno.

Segundo o IGE —de datos de 2016— ao redor do 14 % da poboación de Galicia é menor de 18 anos. E hai unha cuestión que nós hoxe queremos abordar, porque pensamos que é necesario prender un foco e iluminar ese problema que temos en todo o país, que é a violencia sexual. Porque, segundo os datos dispoñibles, se estima que 1 de cada 5 nenos en Europa é vítima de violencia sexual, abuso sexual, pornografía infantil, captación de nenos e adolescentes pola internet, prostitución infantil ou corrupción de menores. Algunhas das formas máis graves de abuso sexual non son detectadas, como dixo o conselleiro, ao producirse na intimidade dos fogares.

A pesar do avance na concienciación do problema dos malos tratos infantís, seguen sendo moitos máis os casos de malos tratos infantís ocultos que aqueles que se detectan. Este dato reflicte con impacto a problemática á que nos enfrontamos, e todos nesta cámara, e a sociedade galega, temos que ser conscientes desa realidade.

O Consello de Europa puxo en marcha unha campaña para frear a violencia sexual contra os nenos, as nenas e os adolescentes, denominada «Un de cada cinco», e á que a Xunta de Galicia se sumaba no ano 2014. Pero, ademais, a Xunta deu un paso máis para frear e alertar desta realidade. No ano 2017 pon en marcha unha campaña, non só para previr e detectar os abusos sexuais en menores, senón para que aqueles menores que xa foron vítimas de abusos poidan superar esa traumática situación; para alertar desta realidade na procura de que non queden ocultos. Na atención á infancia e á adolescencia teñen carácter prioritario as actuacións dirixidas á prevención; todos estamos de acordo. A prioridade é a prevención.

Pero enténdese que un neno está desprotexido cando as persoas que están obrigadas a prestarlle atención e coidado non o fan, ou cando o fan de xeito indebido. Cando se constata unha situación de risco, a actuación debe orientarse basicamente cara ao apoio á familia, mediante o asesoramento e apoio técnico, a mediación de conflitos, as axudas económicas ou a educación familiar, de forma que os pais estean capacitados para atender os seus fillos e que os fillos poidan gozar dunhas condicións axeitadas dende o punto de vista social, económico e cultural.

Cando a situación é cualificada de desamparo, a Administración ten que asumir a tutela administrativa dos menores, e ademais adoptar outras medidas, como traballar coa familia de orixe a garda temporal do neno ou nena por unha familia alternativa ou un centro especializado, ou a súa integración definitiva nunha familia adoptiva.

O conselleiro explicou todos os programas de protección á infancia. Falou do acollemento familiar, do acollemento residencial, da adopción, do Programa de integración familiar, do Programa de inserción sociolaboral Mentor e do Programa de atención ambulatoria. Nós hoxe queremos deternos tamén no Programa de acollemento familiar, por dúas cuestións: a primeira, que todos os nenos teñen dereito a unha familia, todos. E, ademais, nós queremos hoxe, dende o Grupo Parlamentario Popular, dar as grazas a todas esas persoas e a todas esas familias que acollen os nenos que o necesitan nun momento determinado. (*Aplausos.*) Grazas, de verdade polo voso labor. Pero tamén é necesario que cada día en Galicia contemos con máis familias acolledoras para estes nenos e nenas, porque a prioridade é o acollemento familiar fronte ao residencial.

Ademais, temos que falar non só de medidas, senón de orzamento, porque este ano o Programa de acollemento familiar conta con 3,8 millóns de euros; 1 millón de euros máis que o ano pasado. E se falamos de acollemento familiar, estamos falando de que, por distintas circunstancias, os menores necesitan ser separados temporalmente do seu núcleo familiar, e para eles non é viable a utilización doutro recurso.

Polo tanto, o acollemento familiar é a prioridade, pero non podemos pechar os ollos. Hai realidades nas que é necesario apartar ese neno ou esa nena da súa familia, e nas que non hai outra alternativa máis que o centro residencial.

E se falamos dos puntos de encontro familiar, garántese a seguridade e o benestar dos nenos e facilítase o cumprimento do réxime de visitas; 7 puntos de encontro familiar.

Tamén nos gustaría dicir que Galicia dispón hoxe de máis recursos para programas dirixidos aos menores en situación ou en risco de desprotección social.

Para as políticas da infancia e da familia a Xunta conta neste ano 2018 con 133 millóns de euros para o seu desenvolvemento; un 7 % máis que o exercicio pasado, e un 52 % máis que o ano 2015.

Polo tanto, señoras e señores deputados, señor conselleiro, penso que a infancia ben merece acordo, diálogo, sensibilidade e, dende logo, toda a atención desta cámara.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Arias.

Réplica, conselleiro de Política Social.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, como dicía na primeira intervención, comparezo a petición propia e comparezo para falar dun tema que dende o Goberno de Galicia nos parece que precisa unha maior visibilización. Se queremos conseguir novos logros sociais, debemos contar co apoio do conxunto dos grupos políticos e debemos poñer o foco ante a sociedade para ter en conta e visibilizar a situación da infancia, falar máis dos temas da infancia e falar máis —tamén é verdade, como fixen nesta intervención— daquelas nenas e daqueles nenos que non están na situación ideal que nos gustaría a todos na nosa terra, que sería unha sociedade desenvolvida que coida os seus nenos e as súas nenas, e que por iso teñen que ter unha especial protección.

Por iso, quero agradecer as propostas, o intercambio de ideas, e por iso quero lamentar unha vez máis que, en relación con estes temas, ás veces a politización excesiva se presente aquí, porque se pode polemizar sobre moitas cousas, pero tamén creo que se pode discutir politicamente de moitas cousas.

Xa saben que, de todas formas, a min me gusta contestar a todo, e tamén contestarei a esas cousas, pero sen quitar a énfase, precisamente, de que estamos falando dos nenos e das

nenas de Galicia, de que eles son o noso futuro e de que, polo tanto, o que está facendo este goberno, e o que quere seguir facendo este goberno, é xerar as condicións para que Galicia sexa o mellor lugar para ser neno ou o mellor lugar para ser nena. En Galicia existen tamén situacións de dificultades en moitas familias, e nós temos que ser capaces de ter programas enriba da mesa precisamente para, cando se dan esas situacións, que esas situacións se poidan detectar, que esas situacións se poidan atender e que esas situacións —se me permiten tamén— se poidan reparar.

Por iso é tan importante que poñamos o foco neste Parlamento tamén no teléfono do menor, o 116111, para pedirlle á sociedade que, cando coñeza casos, os denuncie.

Os datos intégranse nun rexistro de carácter estatal, no Rexistro Unificado de Maltrato Infantil, e por suposto imos tomar as suxestións que se fixeron aquí sobre a extensión deste rexistro, no que xa estamos, ademais, traballando, en relación co acollemento, cos programas de intervención familiar, sobre o Mentor, sobre os nosos centros de protección, sobre os programas Liana e Convive e sobre o feito de que, como xa dixen na primeira parte da miña intervención, temos incrementado non só a nosa atención á infancia, a nosa atención ás nenas e aos nenos, porque desenvolvemos máis políticas que nunca, senón tamén un compromiso que é moi importante, que é o compromiso orzamentario.

Miren, as palabras hai que acompañalas sempre con feitos. Dende a creación da Consellería de Política Social, temos pasado de 86 millóns de euros, destinados á área de Familia e Infancia, a 133 millóns de euros neste exercicio 2018. Polo tanto, creo que esa intención que temos está acompañándose de políticas e acompañándose dun investimento importante, que é o investimento de todos os galegos e de todas as galegas.

Permítanme tamén nesta réplica lembrar o Pacto galego pola infancia do ano 2011, subscrito neste Parlamento, ao que lle imos dar e lle estamos dando continuidade. E permítanme volver falarlles da importancia da coordinación entre as comunidades autónomas e o Estado, tal e como estamos facendo.

Efectivamente, señora Rodil, tratamos de avanzar nunha visión non asistencialista. Estou totalmente de acordo co que vostede manifestou. Teño unha discrepancia, o da Deputación de Pontevedra, teño que dicirillo. Eu non creo que sexa incompetente para estes temas; eu creo que é competente, e que a Deputación de Pontevedra leva moitos anos desenvolvendo programas de atención a nenos e nenas, e creo que o pode seguir facendo, de feito, ademais, felizmente, acadamos un convenio coa Deputación de Pontevedra porque o importante de verdade, máis alá da competencia ou da incompetencia, está en ser capaces de unir esforzos se o que queremos é garantir os dereitos dos nenos e das nenas.

Polo tanto, discutir sobre competencias, cando o que temos que facer é xuntar todos os nosos recursos para atender mellor os nenos e ás nenas... Creo que ese ten que ser o noso obxectivo fundamental.

Dime que non quere falar de xestión. Pois eu tampouco. Efectivamente, creo que sería unha pena distorsionar unha intervención como esta sobre os dereitos dos nenos e das nenas con

fórmulas de xestión de servizos públicos. Iso está mellor para teses doutorais ou para outros debates parlamentarios.

En todo caso, como, efectivamente, me di, isto é política tamén, e quero dicirlle que nós estamos satisfeitos da colaboración con entidades sociais; moi satisfeitos. Parécenos unha fórmula tamén adecuada, e, dende logo, esa fórmula parécenos máis adecuada que a de empresas privadas. E pódolle dicir que dende a creación da Consellería de Política Social aquí non hai empresas privadas, senón que a colaboración se fai a través de entidades de iniciativa social, e por iso estamos desenvolvendo o concerto social.

Tamén lle quero dicir que dende o ano 2010 algunha cousa fixemos, ¿non? Precisamente, ese Pacto pola infancia neste Parlamento. E quero dicirlle que nos próximos meses aprobaremos a Estratexia galega para a infancia e a adolescencia, a EGIA, que estamos ultimando, precisamente de acordo con algunha das entidades das que vostede me falou na súa intervención. E tamén quero anunciarlles que nos próximos meses, neste semestre, tamén desenvolveremos ese Pacto pola infancia, creando o Observatorio de Familia, no que precisamente creo que hai grupos e entidades moi importantes para seguir avanzando neste ámbito.

Tomo, por suposto, tamén en consideración as propostas que me fai. Nos últimos anos melloramos o que podemos os puntos, e por suposto que nos plantexamos a súa ampliación. Estamos estudándoo, así como o da ampliación dos sistemas de protección, coa complexidade que se pode imaxinar que existe sempre na Administración nestes casos. A un gustaríalle chegar do 5 ao 10 en seis meses. Desgraciadamente, agora estamos nun momento de recuperación económica, de incremento de políticas sociais financiadas con recursos públicos, estamos nun momento expansivo de todos os nosos recursos; e, polo tanto, podemos tomar moi boa nota da súa proposta.

Despois, señora Blanco, vostede dime: «deixe de repetir...». Mire, é que neste país temos liberdade de expresión; polo tanto, eu creo que teño posibilidade de repetir que temos unha ambición, que é que Galicia sexa o mellor lugar para ser neno ou para ser nena. Eu entendo que a vostede non lle guste, pero esa é a ambición dun goberno e é a que queremos trasladarlle á sociedade galega.

Mire: «nin unha palabra de pobreza». Pois, mire, non estivo moi atenta á intervención. Nós falamos de pobreza as veces que vostede queira. Non sei se para vostede é unha mellor rexión Andalucía, falando de pobreza infantil; ou, en vez de Andalucía, Castela-A Mancha, ou Valencia ou Asturias. Estivemos á primeira hora da mañá con EAPN e acaba de publicar un informe moi interesante precisamente sobre pobreza infantil. Mire, voulle dar algúns datos. Isto foi polo que me dixo de que non falaba, porque non creo que gañemos nada nesta competencia mirando a ver quen o fai peor. Pero, como vostede mo pide, pois eu fágoo con moito gusto.

Andalucía, nese informe, ten unha taxa de pobreza severa infantil do 29 %; Castela-A Mancha, do 6 %; Valencia, do 10 %; Asturias, do 7 %. Non sei se cre que estas son mellores rexións que Galicia para ser neno ou para ser nena. Nós non estamos orgullosos da taxa que temos en Galicia —o 4 %—, pero, dende logo, cremos que as medidas que temos posto en marcha están contribuíndo a que a taxa de pobreza infantil se estea reducindo en Galicia.



Xa lle digo, non estamos orgullosos dese dato, é un dos mellores datos de toda España, pero non estamos orgullosos. A nosa ambición é que non exista a pobreza infantil; erradicar a pobreza infantil, reducir a desigualdade. E por iso queremos seguir traballando co resto dos grupos políticos, traballar coas entidades sociais —hoxe estivemos con EAPN—, traballar cos concellos, traballar coas deputacións, precisamente uníndonos todos nese obxectivo: que non exista a pobreza, que non exista a desigualdade, e moito menos cando falamos de nenos e de nenas.

Mire, en Galicia, señora Blanco, puidemos asinar a Axenda social única de Galicia precisamente coas entidades, cos concellos e coas deputacións, e os resultados son positivos. Non son os óptimos, non é a onde queremos chegar, pero quédanos lexislatura, señora Blanco, e seguiremos falando nesta lexislatura de como imos seguir mellorando.

Mire, o índice de risco en Galicia no ámbito infantil está 10 puntos por debaixo da media de toda España. Polo tanto, creo que en Galicia tamén temos cousas boas que estamos a facer entre todos; non o Goberno, senón o conxunto dos concellos, por suposto, o Goberno de Galicia, as deputacións e as entidades sociais, precisamente nese obxectivo de seguir conseguindo que a recuperación económica chegue a todas as familias. Eu entendo que isto non lles guste, pero está sendo así, e os datos estatísticos din que imos na boa dirección.

Mire, eu, de verdade, non lle podo consentir, señora Blanco —dígollo con todo o cariño—, que diga que esta é unha consellería de maquillaxe social. Non llo podo consentir, non polo conselleiro, senón polas miles de persoas que nesta consellería traballan todos os días para ser un exemplo en atender as persoas que peor o están pasando, as persoas que máis necesitan a nosa atención. Non llo podo consentir, señora Blanco. (*Aplausos.*) E non llo podo consentir non polas palabras senón polos feitos. Mire, é que dende que se creou esta consellería temos incrementado, non o gasto, senón o investimento. Eu entendo que lle moleste que eu fale desta maneira, pero é que é a maneira na que eu entendo a política social. O investimento, nun 25 %. Claro, eu supoño que vostede non quererá que volvamos aos datos de investimento de política social de cando vostedes gobernaban. E téñoillo que dicir por utilizar uns termos tan frívolos como o de «maquillaxe social», ou de que a actividade da Consellería e do conselleiro baixou moito. Mire, señora Blanco, de verdade que me parece unha frivolidade, cando estamos falando de dereitos, de dereitos sociais, cando estamos falando das persoas. (*Aplausos.*) Mire, señora Blanco, quédanos moito por facer, pero dígame un só dato no ámbito de actuación da Consellería de Política Social, unha ratio, unha estatística que teña baixado nos últimos meses. Iso é o máis importante: seguir baixando a dependencia, seguir baixando a pobreza, seguir subindo nos nosos programas de atención. É que esa é a nosa responsabilidade.

Señora Blanco, poderemos —espero— seguir vendo como imos avanzando, entre todos os galegos, o tempo que nos queda de lexislatura.

E, señora Vázquez, comparto eses dous eixos dos que vostede me falaba de atención á infancia. Agradézolle que, como noutras intervencións, efectivamente, en vez de frivolar, se faga política en relación cos dereitos das persoas, cos suxeitos de dereitos e co momento de desigualdade. Quero compartir con vostede a nosa preocupación —que é

unha parte dos motivos polos que hai esta comparecencia—, porque podemos seguir aumentando no ámbito das familias acolledoras. Por iso unha parte da intervención desta comparecencia é poñer o foco en que podemos seguir mellorando. Efectivamente, estamos nisto por debaixo da ratio española, como vostede di. E cando as críticas son construtivas, o que temos é que ser capaces de facer cousas para alterar esa situación. E por iso temos aumentado nun 30 % a retribución para as familias acolledoras neste exercicio 2018. Esperamos notar eses efectos.

Voulle dar os datos de evolución que vostede me pedía: no ano 2013, o 48 % estaba en familias; no 2014, o 52 %; no 2015, o 50 %; no 2016, o 55 %; no 2017, o 56 %. Polo tanto, estamos mellorando, pero quédanos camiño por mellorar. Esperamos que ao esforzo do Goberno se una o esforzo do conxunto dos grupos parlamentarios e o conxunto da nosa sociedade.

Coincido tamén na necesidade de reforzar os servizos sociais comunitarios. Estámolo a facer. No último plan concertado volvémoslo facer nos concellos de actuación preferente. Estamos desenvolvendo unha mesa, que saíu precisamente da Axenda social única, onde están os concellos e as deputacións, as entidades sociais e Xunta de Galicia, precisamente para este reforzo imprescindible dos servizos sociais sociocomunitarios, para que —xa digo— entre todos poidamos ter uns servizos profesionais non só na Xunta de Galicia, senón nos concellos, na primeira porta de entrada das necesidades.

Polo tanto, creo que temos moito que facer. Eu espero e desexo de verdade que co apoio de todos poidamos seguir tendo ese anhelo de ter unha sociedade mellor.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Rolda especial de aclaracións.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

E grazas, conselleiro.

Eu non sei por que non dixo o da Estratexia galega da infancia e da adolescencia na primeira intervención; quizais puideramos ter empezado por aí. A nós si que nos gustaría, primeiro, que se trouxese a esta Cámara e que se puxese en común tamén con todas as organizacións que temos presenza aquí para que poidamos facer as nosas aportacións, e sobre todo case me atrevería a dicir na principal cuestión que desde o noso grupo quixemos salientar hoxe e facer énfase, que é na necesidade de cambiar a perspectiva desde a que se vén traballando para facelo dunha maneira planificada, con carácter integral, con carácter estratéxico e, sobre todo, coordinada con todos os axentes que traballan no sector; alén dos departamentos dentro da propia Administración, con esas entidades privadas do terceiro sector que traballan con estas crianzas e con persoas adolescentes.

Eu faláballes dese artigo e do estudo que se elaborou a partir dun educador social e dun profesor da Universidade de Vigo. Baseábase ese estudo e esa análise nas necesarias mudanzas que se debían incorporar no modelo de xestión que se estaba a desenvolver no que tiña que ver coas medidas de protección e atención á infancia e á adolescencia, nese estudo elaborado a través das entrevistas a profesionais que traballan directamente nesas políticas, neses programas, nesas actuacións. Unha das cuestións que se poñía enriba da mesa eran as dificultades coas que se atopaban cando, por exemplo, unha persoa cambiaba dun programa a outro ou cambiaba dun centro a outro. E dicían directamente —e abro aspas porque son entrevistas cos profesionais—: «Un rapaz vén dun centro no que non sabes o que se fixo con el, e non só iso, ás veces os rapaces non entenden como nun lugar se lles piden unhas cousas e, noutro, outras totalmente diferentes», comentaba unha das educadoras dun dos centros aliados. «O problema é que teño comprobado» —diciá outro profesional— «como ás veces a forma de traballar entre uns e outros é contraria. Sería importante unha maior coordinación, xa que os menores alucinan coas diferenzas e perdemos credibilidade». Para nós é fundamental que se teza unha rede, que se usen eses espazos e, se non existen, que se creen outros novos onde se poida abrir un diálogo e tecer sinerxías dentro deses espazos, e nesas estratexias, nesas planificacións integrais e en todos os sectores, entidades e ámbitos da Administración e de fóra dela que traballan dentro destes programas.

Unha das cuestións que saía tamén agora nas quendas de intervencións dos grupos: nós estamos absolutamente de acordo con que hai que pór o foco, visibilizar e sensibilizar o conxunto da sociedade a respecto dos malos tratos, dos abusos —sexan sexuais ou non— e de todas as formas de violencia que se poden exercer contra as crianzas. Pero para poder poñer o foco aí, necesitamos saber que acontece, necesitamos detectar eses casos. E por iso nós insistiamos moito na necesidade de estender ese RUMI á sanidade, e ademais ao primeiro chanzo da mesma, a esa atención primaria, aos servizos de pediatría e aos servizos de urxencias. Vostede sabe —e eu creo que todas as persoas que estamos aquí— do caso que tivemos a finais do ano 2017, precisamente na circunscrición de Lugo, no concello de Mondoñedo; un caso de malos tratos e de abusos contra unha crianza de 9 anos. E ao fío dese caso, púxose o foco mediático, público, arredor de como se detectaban, de cales eran os protocolos e de como se chegaba a dar conta de situacións de malos tratos.

Facíanlle unha entrevista precisamente á persoa do seu equipo de traballo, que ademais de ser subdirectora xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia, é a persoa responsábel na parte administrativa dese sistema de protección de menores en Galiza. E naquela altura ela xa dicía que se ía estender —e estamos falando de finais de 2017— este RUMI, este Rexistro Unificado de Maltrato Infantil, tamén máis alá dos servizos educativos.

Pero ela tamén facía unha análise moi interesante, e eu non quero irme de aquí sen darlle voz dentro da Cámara. E dicía: «O RUMI apenas se usa en Galiza». E preguntáballe o xornalista: ¿Por que? E dicía: «Nós facilitámoslles a todos os profesores o nome de usuario e o contrasinal para entrar no sistema, pero creo que se utiliza pouco porque hai moito descoñecemento e os mestres están desbordados», algo que rompe absolutamente co discurso oficial do Partido Popular na Comisión de Educación. E dicía: «Tamén hai moita mobilidade nos cadros de persoal, e iso tampouco favorece que se poidan detectar estes casos». Contar cos recursos necesarios... É unha subdirectora xeral do Partido Popular, non é do BNG nin

do Bipartito. Pero poñemos outra vez o foco na necesidade de que existan cadros de persoal estábeis, con condicións de traballo que permitan atender desde unha perspectiva integral todas as realidades que atinxen ás crianzas.

E, ao respecto, tamén necesitan formación, e isto dicímolo tamén moitas veces no que ten a ver coas mulleres —e remato— en situación de violencia machista. Ter tempo para atender as mulleres, as crianzas ou calquera persoa que vaia a un centro de saúde, ter tempo para facerlles preguntas que moitas veces nos poden facer ver as alarmas, os síntomas que evidencian un caso de maltrato, sexa do tipo que sexa, pódenos facer ou permitir poñer o foco, precisamente, nunha realidade que concordamos en que moitas veces está ocultada.

Pero tamén é verdade —e agora si que remato— que isto non podemos tomalo como parches. Insistimos na necesidade de previr. Necesitamos transformar a sociedade e a maneira na que nos relacionamos entre nós, porque, se non, sexa dentro ou fóra das familias, o que veremos é como se reproducen actitudes violentas ás que moitas veces parece que con impasividade non lles queremos meter man.

Máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Señor conselleiro, sobre o de politizar, que escoitamos tanto ultimamente: nós aquí vimos falar de política. É un conselleiro dun goberno e eu son unha deputada autonómica. ¿De que quere que falemos?, ¿de xardinería? Pois non, imos falar de política. *(Aplausos.)* Porque a diferenza entre aplicar unhas políticas e outras é o que ten resultados distintos na vida da xente.

Vostede dicía que a min non me gusta ter un goberno con ambición política para ter un país... Non, é que, precisamente, é ao contrario, señor conselleiro. O que non me gusta é escoitalle dicir que temos ese país que non temos. O que me gustaría é ter un goberno que tivera ambición política en política social, por suposto que si. Porque, mire, frivolidade é dicir que caia España que xa viremos levantala outros. Iso é frivolidade, señor conselleiro. Pero eu desexo, igual que todos e todas as que estamos aquí —estou convencida tamén, como cidadá deste país—, que haxa un goberno que se preocupe pola situación social deste país e que os datos non sigan poñendo os pelos de punta.

E vostede facíame unha serie de preguntas. É certo que nas comparencias os que tendemos a preguntar somos os deputados, pero eu lle vou responder. Díciame: ¿onde se nota esa parálise? Pois mire, nótase en: valoracións á dependencia. Na provincia de Pontevedra onte as valoracións que se estaban facendo eran de xuño do ano 2015 —¡xuño de 2015!—. Iso eu creo que é un atraso, señor conselleiro, porque son persoas que están pendentes de que se lles asigne un grao e de que se lles dea unha prestación, ou son persoas que incluso,

nalgunhas ocasións, como denunciou a propia valedora do pobo, non se puideron presentar a unhas oposicións por non ter ese certificado.

¿Que vai lento? Pois, mire, señor conselleiro, pódello contar David. Viña onte en *La Voz de Galicia*: «*Si no fuera por mi madre, ya estaría pidiendo en la calle y, por suerte, recibo una ayuda de Cáritas para pagar la factura de la luz*». Isto é o que vai lento, señor conselleiro, as axudas; as axudas ás persoas que peor o están pasando. ¿E que vai mal e que vai lento? Mire, por favor, cando poida, o Portal de adopcións da Xunta de Galicia, porque eu a verdade é que o mirei por casualidade agora mesmo —teño que recoñecelo— e é que resulta que Addis Galicia, a día de hoxe, e despois de todo o problema que pasou, segue estando nesa páxina web do Goberno galego e segue ofertando adopcións a Burkina Faso e Etiopía; unha entidade da que non respostou sobre a xestión que fixo a súa consellería e que quebrou unha semana despois de que vostedes fixeran de intermediarios coas familias para pedirles un pago extraordinario; esas familias —repito— que tiñan pasado en moitos casos xa procesos de fertilidade e que o estaban pasando realmente mal.

Acollemento familiar. Señora Rodríguez Arias, non lles dea as grazas ás familias, nós tamén llelas damos, o que lles teñen que dar é recursos a esas avoas, a eses avós coas pensións máis baixas do todo o país, que non poden pagar unha ortodoncia en moitos casos a eses nenos ou que non teñen cartos para material escolar, e que cando recorren á Xunta de Galicia co que se atopan é coa resposta de: non hai orzamento, non hai partida orzamentaria para iso.

Nesta comparecencia, eu xa botaba de menos, señor conselleiro, o Observatorio da Infancia e da Familia, que practicamente é un clásico nas súas comparecencias e en moitas ocasións nas do presidente da Xunta. O anuncio que fixo hoxe vostede aquí volve ser unha vez máis revenda. Que, sen acritude e para que non se enfade vostede, lle teño que dicir que menos mal que a revenda política non está penada pola lei, porque se non xa estarían vostedes nos xulgados.

Mire, o Observatorio da Familia e a Infancia, anunciado polo presidente da Xunta de Galicia o 9 do 1 de 2016: «*Posta inmediata en funcionamento do Observatorio da Infancia e da Familia*». A situación é tan boa que nós creamos un observatorio da infancia cando estabamos no Goberno no ano 2008, que se decidiu reformular e ao que leva todos estes anos dándosele voltas e mareando a perdiz. O certo é que Galicia nin sequera ten unha posición nesta materia e neste eido a nivel estatal. Se revisa vostede a páxina web do Observatorio da Infancia de España, atopará Observatorio da Infancia de Andalucía, de Cataluña, de Asturias, do País Vasco, de Mallorca... Si, son diferentes cada un; con diferentes situacións sociais e económicas, por suposto que si, señor conselleiro, que non teño tempo xa para entrar a valorar, pero aquí hai plans e aquí hai publicacións sobre a situación da adolescencia e da infancia en cada unha destas comunidades autónomas. ¿Onde está a web da páxina de Galicia e onde están esas publicacións, eses estudos que son necesarios? ¿E onde está ese Observatorio da Infancia e da Familia que hoxe volveu anunciar, que leva posto en marcha? Eu si, como me sinto moi orgullosa das políticas que están facendo os meus compañeiros noutras comunidades autónomas, volvo dicir que en Andalucía se puxo en marcha e está a pleno rendemento dende o 2001 e en Extremadura dende o 2013. Vostedes, moitos anuncios e poucos resultados.

Nós, señor conselleiro, o que lle pedimos é que si, que poña as pilas e que comecen a traballar de maneira seria nesta materia. Nós estamos sempre dispostos a chegar a acordos, pero che-

gar a acordos é unha cuestión recíproca. Non nos parece que o mellor panorama para chegar a acordos sexa que cando chegamos á Comisión de Política Social ou a este Pleno e traemos unha iniciativa nesta materia, o Partido Popular pase o rodillo, moitas veces sen presentar ningunha emenda ao respecto, e pase por encima das nosas iniciativas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Grazas, presidente.

Si, politizamos, evidentemente, porque temos unha postura política sobre a xestión e, neste caso, porque nós non o ocultamos: apostamos pola xestión pública, e non evitamos dicirillo en cada unha das nosas intervencións.

Unha cuestión en canto aos datos. Os que pedín foron desglosados, os que corresponden á familia extensa e os que non. Co resto, cos que foi dando, puidemos actualizar ese feito que vostede mesmo recoñece: que seguimos por debaixo da media estatal en canto a acollemento familiar sobre acollemento residencial. Tamén, por certo, falta o dato de cal é o número de expedientes abertos de protección en 2017; o total, non só os resoltos.

E ben, quedáronme na intervención anterior algunhas cuestións que foron saíndo nestas intervencións, e unha fundamental é a formación. Na Lei orgánica 8/2015, e na lei estatal, recóllese que se debe garantir en toda medida que se tome en interese superior do menor a intervención no proceso —cito textualmente— «de profesionais cualificados como expertos.» É evidente que hai unha falta de formación, que hai unha falta de actualización de profesionais, pero, sobre todo, hai unha falta de persoal, esta é unha constante. Hai unha falta de persoal na xustiza, hai unha falta de persoal no ensino, hai unha falta de persoal na sanidade e hai esa falta de pediatría. Entón, temos que fomentar que existan eses mecanismos de formación, é fundamental, e ademais está amparado pola lei. Isto debe ser un elemento central das políticas.

Logo, en canto aos puntos de encontro familiar —a nosa postura tamén lla trasladamos en numerosas ocasións—, queremos que sexa un modelo comarcal, non pode haber eses desprazamentos innecesarios para as familias. Os propios datos que deu demostran, ademais, que están saturados estes puntos de encontro. Hai que humanizalos, teñen que ter máis medios e persoal, e nós tamén aquí temos que falar de xestión. Nós apostamos pola xestión directa, e, se a xestión é con entidades sociais, que non o sexa con entidades privadas, porque dixó que non poñían os servizos sociais en mans de entidades privadas. No concurso último pasa de ser 1 xestionado por empresas privadas a 3. Entón, isto é unha contradición.

Logo, en canto á atención a menores en fogares con violencia machista, é fundamental a consideración destes menores como vítimas tamén da violencia machista. Pero isto, unha vez máis, require reforzar os programas de formación e os programas de apoio psicolóxico

dende a propia Xunta, que, como xa se expuxo aquí, dependen de entidades sociais, que teñen —si— unha bagaxe importante de traballo. A Xunta o que debería facer é contribuír a que esa experiencia se estendese a todo o país.

E logo, en canto aos datos de violencia sexual contra a infancia —que é certo que faltan datos realmente concretos, e que hai moitos casos ocultos—, o 80 % estímase que non se denuncian. Unha vez máis, aquí, nesta terrible realidade, é fundamental a formación e intervención de profesionais, non só na rehabilitación de menores que sufran esa lacra, senón tamén na prevención. Porque unha cuestión fundamental para evitar os abusos sexuais á infancia é que os propios menores se empoderen —esa palabra ás veces tan fea— para que sobre todo identifiquen as condutas de abuso sexual e acoso sexual. Isto é fundamental. Por iso aí volvemos á necesaria incidencia do reforzo de persoal, sobre todo, neste caso, no eido da educación e no eido dos servizos sociais comunitarios, porque, por certo, os fiscais de menores nun congreso recente pediron isto: hai que reforzar os servizos sociais comunitarios na detección dos malos tratos ocultos, aos que vostede se referiu, e tamén concretamente nos abusos sexuais. É fundamental porque en concellos pequenos non hai profesionais suficientes, non hai mecanismos para detectar esta cuestión. Voltamos continuamente aí, a ese tema.

Tamén habería que falar aquí, en protección da infancia, dos menores migrantes. Temos casos de detección de falta de acceso á sanidade, de falta de acceso á sanidade de menores migrantes; concretamente na EOXI de Lugo temos trasladado algunhas cuestións. E tamén, por suposto, cómpre dicir que hai que efectivizar ese plan de acollida de persoas refuxiadas, do que vostedes mesmos presumen na web da Consellería de Política Social e que non está tendo efectividade. Non hai un plan coordinado de acollida, e a realidade é que os menores migrantes, á parte de seguir sufrindo esas terribles vías do Mediterráneo e seguir morrendo no mar Mediterráneo —porque morreron centos de menores no mar Mediterráneo—, non teñen un plan individualizado de inserción, as súas familias e, polo tanto, nese plan de acollida de persoas refuxiadas, ademais de que non se acolleu as persoas coas que se comprometeu o Estado español, ese plan non funciona.

E, para rematar, volvemos ao tema do impacto da crise. Para nós é fundamental a necesidade de contar con estudos que relacionen o impacto da crise brutal na infancia co aumento ou non, para sabelo, das situacións de desamparo. E neste sentido, falando de renovar o necesario Pacto galego pola infancia, de renovalo en consenso e non unilateralmente, facendo anuncios, sería fundamental —porque vostedes se comprometeron a actualizar o Estudo sobre a pobreza, que a Xunta non publicou, porque só divulgou algunhas conclusións, e fíxoo en 2014— actualízalo, publícalo integramente, e que coñezamos exactamente a situación de vulnerabilidade da infancia do noso país. Non é de recibo non contar con esta información.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Arias.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Grazas, señor presidente.

Penso que hoxe temos que celebrar o anuncio do conselleiro de que se vai poñer en marcha e de que se vai aprobar esta Estratexia galega da infancia e da adolescencia, e tamén de que se vai poñer en marcha o Observatorio de Familia, porque son dúas medidas que estaban incluídas no Pacto galego pola infancia que asinamos na anterior lexislatura todos os grupos parlamentarios. E, por certo, temos pendente e imos asinar todos un novo Pacto galego pola infancia nesta lexislatura porque o anterior é do ano 2011, e ademais hai que facer comisións de seguimento.

Pero o que si me gustaría preguntar á portavoz do Grupo Socialista é se non lle parece correcto dicir que é unha frivolidade, cando estamos falando da infancia e da situación de desprotección, que vostede veña falar dos atrasos na valoración da dependencia ou de atrasos na Risga, porque, mire, ten vostede que revisar, porque penso que o concello que maiores atrasos de valoración da Risga está levando a cabo neste momento é o Concello de Vigo, do Partido Socialista. *(Aplausos.)* Polo tanto, é frivolidade cando falamos de menores e é frivolidade cando dicimos que están retrasando os... Algo terá que ver isto coa situación da infancia na nosa comunidade.

E tamén é frivolidade, cando estamos falando de menores —e vostedes rin—, de menores que están sufrindo violencia sexual, abuso sexual, desprotección, e vostedes veñen aquí falar de que o conselleiro está conxelado para as eleccións municipais. Iso é frivolidade e non abordar unha comparecencia da importancia e da sensibilidade como esta co rigor que necesita, señora. *(Aplausos.)* Si, iso é frivolidade, é frivolidade, é frivolidade.

E parece ser que o Partido Popular non lles pode dar as grazas ás familias acolledoras; ¡claro que lles podemos dar as grazas! É que tiña que haber máis familias acolledoras en Galicia. Pero é que, á parte de darlles as grazas, a Xunta de Galicia fai algo máis, señora deputada: a Xunta de Galicia apoia esas familias acolledoras, que, por certo, non son familias acolledoras polos cartos que a Xunta de Galicia lles dá, son familias acolledoras porque así o son, solidarias, e que pensan nos nenos, non só nos cartos da Xunta de Galicia. Pero a Xunta de Galicia está apoiando economicamente esas familias, porque mire, 3,8 millóns de euros. Como non quero desvirtuar esta comparecencia, non vou dicir o que lles destinaban vostedes ás familias acolledoras, porque é un tema moi serio e moi sensible. Pero, á parte de apoiar esas familias, tamén lles podemos agradecer o seu labor.

Por certo, non só teñen medidas de apoio económico, tamén hai outro tipo de medidas de apoio a estas familias acolledoras. E, claro, vostede vén aquí falar dos datos, do indicador da Arope, pero, claro, fala do indicador de Galicia, pero non fala do indicador do Estado. ¿Cantos puntos de diferenza hai entre o indicador galego e o indicador estatal? ¿Cantos puntos de diferenza hai entre o indicador galego e o indicador doutras comunidades autónomas? Iso é frivolidade, porque vostede utiliza os datos en función de como lle interesa, e isto é unha cuestión moito máis seria, señora, moito máis seria.

E mire, podemos falar de recursos, porque neste momento Galicia dispón de máis recursos que nunca para atender a infancia que está en situación de protección, máis recursos que nunca, porque mire, 133 millóns de euros. Parece ser que para vostede isto é algo sen importancia, non ten importancia, ¿verdade que non?, porque son cartos para atender estes



nenos. Parece que a vostede que teñamos un 52 % máis de cartos para atender a infancia e a adolescencia en Galicia non é importante. ¿Canto se destinaba en Galicia no 2009? ¿Canto no 2005? ¿Por que non falamos do que se destinaba? Para min o importante é que temos 133 millóns de euros para atender a familia e a infancia.

E claro, aquí falouse de varios programas, como o de acollemento familiar, que xa dixemos que se incrementa ese apoio ás familias. Falamos do acollemento residencial, que xa informou o conselleiro de que hai unha partida para mellorar esas instalacións. Falouse da adopción. Falouse dos programas de integración familiar. Falouse da atención, do tratamento terapéutico.

Polo tanto, penso que imos apartar desta comparecencia as cuestións que non son importantes e imos enfocarnos no que realmente si o é, que é no que todos os grupos e todos os deputados estamos de acordo: que a seguridade e o benestar da infancia é o máis importante. Dende logo, a Xunta de Galicia niso está traballando. E nós, como grupo parlamentario, tamén o imos facer a través dese Pacto galego pola infancia.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Arias.

Peche desta comparecencia, señor conselleiro de Política Social.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Este goberno aposta por un modelo social que poña no centro os nenos e as nenas, posto que, en definitiva, garantir o benestar e a realización dos dereitos da infancia non só é un fin que se recolle na Convención dos dereitos do neno, senón tamén unha condición esencial para garantir o noso futuro como sociedade. Este compromiso, como lles dixen ao longo das miñas intervencións, tense que traducir en feitos; dereitos, pero tamén feitos, porque para iso temos que estar os gobernos; feitos e investimentos.

As políticas de infancia e familia da Xunta de Galicia este ano acadarán un investimento de 133 millóns de euros, un 7 % máis que no exercicio anterior e un 52 % máis con respecto a antes da creación da Consellería de Política Social. Polo tanto, estamos poñendo recursos de todos os galegos, os maiores recursos de todos os galegos, precisamente enfocados a mellorar as nosas políticas de familia, as nosas políticas para os nenos e para as nenas. Galicia dispón hoxe de máis recursos que nunca para consolidar a rede autonómica de programas e recursos dirixidos aos nenos/nenas e adolescentes tamén en situación de risco ou de desprotección, programas nos que seguiremos traballando ao redor de tres ámbitos de actuación: a prevención, en primeiro lugar; en segundo lugar, a detección; e, en terceiro lugar, a reparación.

O desexo do Goberno, o desexo da Consellería de Política Social é a aprobación este ano da Estratexia galega pola infancia; a posta en marcha, tamén este ano, do Observatorio da Familia,

que nos permitirá ter unha radiografía case permanente arredor de moitos datos que neste momento non son suficientes para diagnosticar suficientemente as necesidades que temos que implementar; e a próxima entrada en funcionamento dun renovado centro Montealegre, en Ourense, que virá incrementar a rede de centros públicos para a atención a nenos e a nenas.

Esta remodelación e reapertura de Montealegre enmárcase no incremento da partida económica destinada aos centros de atención e protección á infancia, que en 2018, neste ano, superará os 30 millóns de euros, cunha subida do 13 %, que demostra precisamente que non só imos mellorar os nosos programas de acollemento senón tamén mellorar os nosos centros de atención. ¿Por que o facemos? Porque é necesario facelo. E por iso o recolleemos no orzamento da Xunta de Galicia, xa aprobado, e o estamos implementando.

Señorías, os nosos nenos e nenas merecen o máximo consenso, de verdade, o máximo consenso ao redor das políticas que estamos a desenvolver. Cando se trata, por suposto, de detectar e protexer eses menores fronte a situacións de desamparo, os equipos de menores da Consellería traballan de maneira coordinada cos equipos sociocomunitarios dos concellos.

Volvo reincidir no mesmo: temos unha mesa de traballo de desenvolvemento da Axenda social única de Galicia precisamente nesa dirección. O que nos gustaría é máis persoal nos servizos sociais de base, nos servizos sociais dos concellos. Nós levamos dous anos seguidos incrementando o noso plan concertado. O que desexamos é que todos poñamos ese esforzo de recursos públicos para, sumándose os esforzos de todos, multiplicar os efectos para a xente. Xa digo: esperamos acadar nesa mesa de traballo da Axenda social a implicación de todos; do Goberno, da Xunta de Galicia, non o dubiden, a través da Consellería de Política Social.

Pero temos que contar coas deputacións, que tamén teñen competencias, dende a Lei de servizos sociais do ano 2008. Non vou ser eu quen reivindique esas competencias. Hai unha lei xa do ano 2008 —que supoño que ás veces as leis se fan nun momento pensando que as cousas son dunha maneira e despois as cousas son doutra—, pero hai unha lei do ano 2008. E nós estamos totalmente implicados en que nos concellos de menos de 20.000 habitantes as deputacións teñen un papel esencial cando falamos de educadores sociais. Pero xa digo: non só a custa das deputacións, temos que xuntar os esforzos de todos. Nós, dende logo, dende a Consellería, ímolo facer. Xa digo: levamos dous anos incrementando o plan concertado, dende que existe a Consellería de Política Social.

Cómpre seguir tamén coordinándonos máis co ministerio fiscal e cos xulgados de menores, como tamén temos que seguir.

Cómpre, polo tanto, seguir avanzando na prevención, onde é fundamental a intervención coas familias, a formación cada vez maior dos profesionais e a sensibilización do conxunto da sociedade. Como sociedade, temos a obriga de procurar un desenvolvemento san, equilibrado e plenamente normalizado dos nosos nenos/nenas e adolescentes, e nesa responsabilidade, xunto coas entidades e xunto co resto de administracións e de verdade que o resto dos grupos parlamentarios, que tivemos a ben elevar moitas declaracións, imos seguir traballando para seguir facendo cada vez máis realidade eses dereitos recollidos en convencións

internacionais, pero sobre todo sentidos dende todos os galegos e todas as galegas, que son os dereitos dos nenos e das nenas. Eles son o noso futuro e por eles imos seguir traballando.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

### ***Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria***

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Antes de pasar ao punto de mocións, comunicar unha alteración da orde do día.

Logo de falar cos interesados, hoxe pola tarde debateremos, á parte das catro proposicións non de lei que iamos debater, unha quinta, que é a que figura en sexto lugar na orde de proposicións non de lei. Polo tanto, pola tarde debateremos cinco proposicións non de lei; a última será a que figura en sexto lugar. E despois continuaremos coa pregunta.

**O señor PRESIDENTE:** Agora pasamos ao punto de mocións.

**Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listas de espera non estruturais do Sergas**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción (doc. núm. 25942).*

*Emenda de adición.*

*Engadir un novo punto co seguinte texto:*

*«Restituír ás listas de espera estruturais a tod@s@s doentes eliminad@s das mesmas por non aceptar ser derivados a centros privados, a outros centros hospitalarios diferentes ao seu de referencia, ou non ter aceptado unha data para ser atendid@s, por ser incompatible con outras obrigas.»*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra a señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Formulamos esta proposta de moción despois da interpelación do pasado pleno, no que describimos a mala praxe da Xunta de Galicia, unha mala praxe que é coñecida xa polos deputados e deputadas desta cámara, pero fundamentalmente por aqueles que pertencemos aos grupos da oposición.

En primeiro lugar, non cumprindo coa norma, coas leis que os obrigan a facilitar aos deputados e deputadas da Cámara a información que se solicita, neste caso ao abeiro do artigo 9

e en moitas ocasións tamén en canto ás preguntas escritas. En segundo lugar, incumprindo tamén os principios éticos que deberan facerlles facilitar esa información despois de tela reclamado, neste caso as listas de espera non estruturais, cando eran ou formaban parte da oposición. E, en terceiro lugar, incumprindo a súa propia Lei de garantías de prestacións sanitarias, en canto aos tempos máximos de espera, a pesar das derivacións que está a efectuar á privada e a pesar dos trucos e das trampas que efectúan de xeito sistemático para eliminar persoas da lista de espera estrutural.

Trasladamos tamén a nosa contrariedade, a nosa oposición ante ese proceder que lles permite a Lei de garantías de prestacións sanitarias, que, ademais, foi regulada mediante decreto que entrou en vigor o 10 de xaneiro deste mesmo ano: non publicar máis de dúas veces as listas de espera cada ano. Anteriormente, facíase catro veces ao ano e facíase en distintos períodos. Escolleron para a publicación aqueles períodos que lles eran máis favorables, nos que as listas, a priori, eran habitualmente máis baixas.

Pero, a maiores desa circunstancia, dáse —e témolo reiterado— que as listas que se publican non son listas reais. Esta semana pasada a Comisión Deontolóxica do Colexio Médico de Ourense advertía dos riscos éticos da lista de espera non estrutural, uns días despois do debate que vimos nesta cámara. E reitero: non se pode trasladar, pedir a un goberno que proporcione información e cando un goberna facer o contrario —díxeno no pasado pleno—, e fai falla ética tamén na política.

A realidade é que as listas que se proporcionan non son nin de preto as reais, e no caso do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela os colectivos de doentes calculaban que podería haber 2.900 persoas máis na lista de espera. Tamén no caso de Vigo se calcula ou trasladan as centrais sindicais que a lista pode ser —a que reconece a Xunta de Galicia— de 7.000 persoas e a lista real pode ser de 9.000 persoas máis. E ás 16.000 no total hai que sumarlles a lista de espera de Povisa, que, evidentemente, a pesar de ser unha privada cun concerto singular, incrementa de maneira progresiva a súa ineficiencia e as súas listas de espera.

No caso de Traumatoloxía en Vigo superan as 5.000 persoas agardando unha intervención cirúrxica, segundo os datos de admisión. Mírame estrañado o voceiro de sanidade do Partido Popular, seguramente logo comentará algo na súa intervención. Pero a realidade, se consideran —e trasladámolo xa no pasado pleno— que a oposición está errada neses datos, deberían facilitar os datos reais de espera non estrutural. Levamos anos, moitos anos, pedindo esas listas de espera non estruturais, e denégase a posibilidade de que sexan coñecidas, probablemente porque os datos non serían favorables á Xunta de Galicia. E todo porque, evidentemente, como teñen denunciado os profesionais sanitarios, se fan todo tipo de trampas para reducir esa lista de espera.

Coñeciamos tamén uns días despois da interpelación a dimisión do xefe de Oftalmoloxía do Complexo Hospitalario de Pontevedra-O Salnés polas elevadas listas de agarda, que trasladou, evidentemente, que se vía incapaz de seguir pelexando porque se reducisen, ante os oídos xordos da Xunta de Galicia deste problema.

A verdade é que as declaracións do conselleiro de Sanidade eu cualificaríaa de bastante cínicas, agradecéndolle o seu traballo prestado, a pesar de que practicamente tivo que irse porque a

Xunta de Galicia non escoitaba o clamor ante a elevada lista de espera en oftalmoloxía. Debe ser que a Xunta de Galicia prefire outro tipo de xefes de servizo, como no caso de Ourense, que ao xefe de servizo de Oftalmoloxía se lle permite incumprir a Lei de incompatibilidades rexentando dúas clínicas privadas, tamén de oftalmoloxía. ¡Oh, casualidade! (*Aplausos.*)

Esa é a realidade. Está moi ben, están moi ben as xefaturas de servizo amigas, e xa falamos no anterior pleno de como se colocaban e de como se formaban esas comisións que dependen da Consellería de Sanidade e polas que se lles outorga a xefatura de servizo a segundo que persoas. Pois esa realidade está aí.

Trasladaba, efectivamente, este profesional que, claro, a alternativa que lle quedaría sería derivalos ao privado, e que non lle parecía ético, a pesar de que el pode traballar agora tamén nun privado. Pero cando era xefe de servizo do público entendía que iso non era o normal. Así debería ser o proceder habitual, pero parece ser que non. Xa denunciámos tamén no pasado pleno o que significaba ese decreto que desenrola a Lei de garantías de prestacións sanitarias, e que agora mesmo xa non só está legalizada a privatización vía chamada telefónica para ir operar a un concertado ou un privado, senón que dende a propia Administración se recomenda —superados os 60 días ou os 45 días de proba— acudir a un privado. Evidentemente, porque, se non, e como xa dixemos aquí, se perde o dereito de garantía da prestación sanitaria —artigo 9 da súa lei, da Lei de 2013, de garantías de prestacións sanitarias—.

E tamén sucedía esta semana, que puña en marcha a Xunta de Galicia un presunto plan piloto para implantar consultas a través de internet no Servizo de Endocrino. Digo presunto plan piloto, porque xa en Dermatoloxía e xa noutras especialidades estamos sufrindo este tipo de aberración no caso da atención sanitaria. Non falamos de facer unha consulta telefónica entre colegas de profesión e entre distintas especialidades para comentar algo, non falamos dunha consulta breve; falamos de que se están substituindo consultas que deberan ser presenciais por consultas vía telefónica, e agora parece ser que tamén vía internet. Non sei se o Goberno do Partido Popular coñece a fenda dixital e que un terzo da poboación en Galicia non ten acceso á banda ancha.

Isto non importa, imos implantando este plan piloto. Pero é un plan piloto totalmente aberrante, así o declaran os sindicatos médicos, que tampouco son coñecidos por unha gran belixerancia co Goberno, pero que ultimamente están moi cansos de como se están tratando os profesionais da medicina no noso país. E eu supoño que algúns profesionais e algúns deputados e deputadas desta cámara coñecerán o que é a semioloxía, que é o estudo dos signos e dos síntomas. Evidentemente, isto non se pode facer nunha consulta a través de internet ou nunha consulta telefónica. Cárganse a exploración clínica, cárganse, polo tanto, que se acompañe unha anamnese e, polo tanto, cárganse un dereito á asistencia sanitaria dos pacientes na nosa comunidade autónoma.

Esa deterioración, ¿vai encamiñada a que? A reducir dunha maneira artificial unhas listas de espera que están engordadas, porque, evidentemente, non son vostedes quen —e non queren— de reducilas dentro do sistema público.

E volto reiterar un dato que é moi relevante, porque sempre se nega aquí que o Partido Popular incrementase a asistencia sanitaria na privada. Volto lembrar —e falabámolo pola

mañá— que acontecía cos informes do Consello de Contas, informes do Consello de Contas que din que a sanidade privada é estrutural dentro do sistema público de saúde; informes do Consello de Contas que declaran ese incremento de recursos para a privada. E daba os datos do anterior pleno: simplemente collendo os orzamentos dos tres últimos anos, de 2016 a 2017, subiu 4 millóns de euros, e de 2017 a 2018, 2 millóns de euros máis.

Pero hai que ir ao global para ver que moitos deses traslados de fondos públicos á privada nin sequera forman parte da partida específica de concertos sanitarios. A metade do orzamento sanitario está adicado xa á empresa privada, paralela á redución bastante drástica do orzamento en prevención e promoción e en atención primaria. Hai que reiteralo porque seguimos tendo centros de saúde con listas de agarda de 10 días e porque seguimos tendo situacións totalmente inadmisibles que nos teñen sido trasladadas en múltiples ocasións.

Polo tanto, hoxe, unha vez máis, voltamos vir aquí para solicitar que se dote de persoal e recursos suficientes o Sergas para dar cumprimento aos prazos establecidos na Lei de garantías de prestacións sanitarias sen ter que derivalos á privada, porque, se non, ¿para que reducimos os tempos de espera? Evidentemente, para engordar o negocio da sanidade privada, para que se fagan públicas esas listas de espera non estruturais e xa o colmo de petición: para que se dea cumprimento ás solicitudes de información ao abeiro do artigo 9. A min, se isto non fora tan grave, divertíriame outra vez velos votando en contra de cumprir a lei.

Máis nada por agora e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día.

Temos que seguir falando desa realidade teimuda, que son as listas de espera, esa realidade que, por moito que insista o Partido Popular, xa non poden ocultar; igual que non poden ocultar que o negocio da sanidade privada medra imparable á custa da deterioración do sistema sanitario público. Esa realidade é a que fai que os ingresos das empresas sanitarias e aseguradoras da saúde subiran máis dun 16 % nos últimos cinco anos. E estamos falando de información do propio sector da sanidade privada, que, se foramos falar doutros datos, seguramente esta información aínda sería maior, e mentres, o investimento na pública baixa.

A sanidade pública deteriórase, aumenta a sanidade privada, o negocio segue sumando clientes, acumulando ingresos, as empresas sanitarias e as aseguradoras da saúde disfrutan do vento de cola e aumentan os seus ingresos.

Desde o ano 2013 máis dun millón de persoas sumáronse aos seguros privados de saúde, e é evidente que para que esta realidade se produza ten que haber esa situación de xente descrida das posibilidades da sanidade pública de dar resposta ás súas necesidades sanitarias. É precisa esa deterioración da sanidade pública para que a xente acuda á sanidade privada e a facerse seguros privados. Necesítase esa deterioración para que a xente estea amedrentada e

acuda á sanidade privada. E para iso, para este labor, necesítanse cómplices e consentidores, e aí teñen ao Partido Popular actuando decididamente.

Aí están as mentiras sobre as listas de espera, esas listas de espera maqueadas, esa aprobación da Lei de garantías de prestacións de tempos de espera que xa ninguén cre. Esas mentiras sobre as listas de espera encobren unha artificiosa e mentireira contabilidade; contabilidade que se desmonta cando lles dan as citas reais ás persoas, cando se sae dun especialista e che din: tes que volver dentro de dous meses. E vas á cita previa e dinche: a cita sáeches para dentro dun ano, ou de dous anos, ou non che sae cita. Dentro de 2 ou 3 meses volve por aquí e insiste a ver que pasa.

Esa é a realidade. Ou a realidade é, precisamente, cando un xefe de servizo como o de Oftalmoloxía do CHOP, como aquí se vén de relatar, presenta a súa dimisión e di cuestións como que «...a situación cuxa progresión e agravamento vai ser exponencial. Véxome incapaz de dirixila e liderala, e vai exixir altas cualidades morais. Este proxecto é un proxecto no que non creo e no que a experiencia, ao longo do último ano, me confirma como de imposible realización, xa que aínda que puxeramos todo o Servizo de Oftalmoloxía a traballar mañá e tarde en consulta e cirurxía de cataratas — como se non houbera ningunha outra patoloxía oftalmolóxica —, non seríamos capaces de intervir a tantos doentes como os que se van incluír en lista de espera.»

¿E como é posible que con esta descrición do xefe de servizo dunha realidade resulta que as listas que teñen colgadas sexan que hai poucas listas de espera para cataratas? ¿Como é posible? E se isto é unha realidade dun xefe de servizo que se atreve a dicir que a realidade non é a que vostedes din, ¿cal é a realidade das listas de espera? ¿Por que sistematicamente votan en contra de que coñezamos a realidade das listas de espera? ¿Por que votan en contra de que coñezamos a realidade das listas de espera? Porque non ten nada que ver a realidade que vostedes queren pintar coa realidade que viven os galegos e galegas (*Aplausos.*) Non ten nada que ver, non ten absolutamente nada que ver. A realidade é que, sacando esas vías rápidas, que me parece moi ben que existan, pero non a custa... Claro, ¿como me vai parecer mal que patoloxías gravísimas de cancro se atendan rapidamente? ¡Pero non á custa de que o resto das patoloxías non sexan atendidas nunca! (*Aplausos.*) ¡Non á custa de que o resto das patoloxías non sexan atendidas nunca! ¡Claro que non! ¡Claro que non! Vostedes non poden presumir de que atenden as patoloxías gravísimas deixando de atender o resto; non poden facer iso.

Entón, imos votar a favor desta iniciativa que pide que se poñan datos. Presentamos unha emenda na que demandamos outra das cuestións que teñen sumida na angustia e na desesperación a moitas persoas, e é que, se se negan a ser atendidos na sanidade privada, vostedes os eliminan da lista de espera e déixanos nun caixón. A emenda do BNG é de engádega e o que pedimos é que se restitúan na listas de espera estruturais todas as persoas que se eliminan das listas de espera se non aceptan ser atendidos na sanidade privada. ¡É que teñen dereito a ser atendidos na sanidade pública!, porque hai persoas que defenden a sanidade pública, porque queren ser atendidos na sanidade pública e porque teñen dereito a ser atendidos na sanidade pública...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...e a non ser eliminados desas listas de espera se non queren ser derivados á sanidade privada. ¡Teñen dereito! Aínda que vostedes puxeran nunha lei que non lles dan esa garantía, nós defendemos que si teñen dereito, e por iso agardamos que sexa atendida esta emenda. E, se non, imos votar igual a favor, pero seguiremos votando para que teñan dereito a ser atendidos na sanidade pública, a pesar de vostedes, señoras e señores do Partido Popular.

¡Temos dereito a ser atendidos na sanidade pública! (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Antes de comezar a nosa posición sobre este tema, queriamos mencionar —non está o conselleiro, pero, se llo poden trasladar...— algúns casos nos que ás veces, cando se fala aquí de humanizar a sanidade, é preciso facelo de maneira real e non ten excesivo custo. Nós queremos trasladarlle ao conselleiro que por favor reciba unha persoa que está hoxe, como xa estivo onte, diante do Parlamento, exixindo unicamente que o escoiten, porque ten unha demanda que facer sobre un caso real que sufriu. Nada máis quere que lle expliquen e que lle dean algunha explicación satisfactoria. Creo que non é difícil escoitar a alguén, creo que é posible pedirlle ao conselleiro que reciba a esta persoa. Se alguén llo pode transmitir, que llo transmita, por favor. (*Aplausos.*)

Sobre a cuestión que hoxe debatemos das listas de espera, nós imos apoiar esta iniciativa, sen dúbida. A iniciativa o que plantexa claramente é algo que dende noso grupo vimos demandando tamén e no que coincidimos, neste caso, coa propoñente, e sobre o cal temos presentado —e lamentablemente cremos que teremos que seguir presentando— iniciativas, porque parece que temos algunha confrontación con outros grupos nesta posición.

As listas de espera, dende o noso punto de vista, son un problema eterno. Non son un problema de hoxe, nin son un problema unicamente de aquí, pero son un problema eterno que ten varias maneiras de solucionarse —ou polo menos de intentalo—, varias maneiras de afrontalo, e dende logo que non funciona igual nuns lugares que noutros.

É importante facer unha primeira valoración. Primeira valoración: ¿estamos satisfeitos no que corresponde ás listas de espera? ¿O noso sistema funciona ben? Dende o noso punto de vista, non. Non sabemos cal é a postura do Partido Popular. Aínda non lle escoitamos dicir se realmente está contento ou non con como está o sistema en relación coas listas de espera. Dende o noso punto de vista, non está ben.

¿Por que? Pois para nós existen dous elementos clave: un, se cadra, máis fundamental que o outro, que é o persoal, e o outro, a planificación.

Non sabemos tampouco en realidade cal é a posición do Partido Popular, se é que é satisfactorio e que está todo ben; e, se non é satisfactoria a situación, ¿cales son as cuestións que hai que mellorar?



Sabemos cal é a única posición que manifestaron polo de agora e que, polo que se ve, aplauden con fervor, que é a que lle manifestou o alcalde de Vilanova, que di que hai listas de espera porque os médicos sons uns vagos —e dío el, que é médico—. Se esa é a posición do Partido Popular, non a compartimos.

En todo caso, nós cremos que hai un problema de persoal e de planificación de persoal, porque hai un déficit de número, hai un déficit de profesionais en número. E, ademais, porque para moito profesional a calidade do seu emprego, no seu traballo, é deficitaria, e iso dificulta moitísimo a capacidade de traballo. Non o dicimos unicamente nós; dino moitos profesionais, como llelo dixo o xefe do Servizo de Urgencias no caso do último pico da gripe, como o din moitos colectivos profesionais, como estes días estamos vendo nos medios que denuncian moitos colectivos profesionais, eses profesionais aos que desde aquí moitas veces nos din que hai que escoitar; ¡escoiten eses profesionais!, salvo que vostedes o que queiran defender é que hai que escoitar só algúns.

Escoiten tamén —como xa se mencionou aquí— a quen foi xefe do Servizo de Oftalmoloxía de Pontevedra. Se cadra algunha cuestión que se mencionou aquí é certamente interesante, se cadra é que interesa a algúns xefes de servizo. Non hai que ir moi lonxe, máis alá de Pontevedra: o patético e esperpéntico caso que vostedes protagonizaron sostendo dirixentes no hospital de Pontevedra é bastante lamentable, e aí está a xustiza para dicirlles que foron o que foron: tendenciosos, malévulos. (*Aplausos.*)

Pero, en todo caso, fáganlles caso aos profesionais. A verdade é que non é moi difícil atopar profesionais que din o mesmo que dicimos todos. As listas de espera cirúrxicas non son tolerables. E non o di un perigoso político do Partido Socialista, dío quen foi neste caso ex-presidente da Sociedade Europea de Cirurxía Torácica, un cirurxián moi recoñecido, Gonzalo Varela.

Existen numerosísimas declaracións de profesionais que o que din é que hai un problema coas listas de espera, fundamentalmente por causa do persoal; tamén por causa dunha planificación ineficiente, opaca, como di o Consello de Contas ou os orzamentos, como dicimos os grupos políticos, sobre a non publicación das listas de espera, salvo que a ineficiencia sexa interesada.

¿E cal é a posición do Partido Popular con respecto a isto? ¿Considera que a súa xestión é transparente? ¿Considera que hai unha responsabilidade de alguén? ¿De quen é a culpa? Do alcalde de Vigo, seguramente. Pero ¿de quen é a culpa en realidade? ¡De Zapatero! ¿Alguén ten a culpa de algo ou é que funciona perfectamente o sistema? Terán a oportunidade de explicalo, pero é que —a verdade— aínda non escoitamos se o sistema funciona ben ou mal; escoitamos oposición á oposición, pero hai que facer algunha valoración do sistema.

Nós cremos, en realidade, que esta é a situación, que hai que asumila, e que unha vez que a asumamos poderemos enfrontar entre todos unha solución que se resolverá na medida do posible, probablemente nunca perfecto, pero que resolverá un problema de listas de espera, non para agora senón a moitos anos vista, porque, ademais, se o solucionamos entre todos, é máis posible. Unicamente necesitamos unha cousa: que o Partido Popular asuma a realidade e que se poña dunha vez a traballar cos demais, que estamos esperando.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Eu lamento, señorías, ter que empezar falando dun asunto que a min me parece privado ou particular, que é a dimisión do xefe do Servizo de Oftalmoloxía. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. (*Murmurios.*)

Silencio.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Eu non teño toda a información. Sorprende, por exemplo, que non hai problemas nos demais servizos de Galicia. E, ademais, recoméndolles a lectura dunha carta aberta que publicou o anterior xerente, que trae cifras clarísimas. Fala do número de enfermos en lista que había naquel momento, e incluso cita que non se derivaba ningún enfermo á privada e que inclusive se facían cirurxías doutras áreas sanitarias nese servizo. Eu non sei... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. (*A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.*)

Silencio, señora Vilán. Señora Vilán, por favor, silencio. (*A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.*)

Non, non, pero é que se oe aquí todo. Silencio.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Eu non sei realmente, lendo esa carta, o que pasou, non sei o que pasa, eu tratarei de informarme deste tema. Pero, desde logo, o que está claro é que a Consellería afirmou que non se derivou un só paciente á clínica da que se falaba por parte desta persoa, e que esta persoa incluso tampouco quixo adherirse a un protocolo que se está a utilizar no resto dos servizos e era consensuado. Entón, esa é a información que eu teño, tratarei de informarme. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*)

Silencio, señora Prado. (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

Non, señora Prado, silencio. ¡Vostede xa falou! (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*)

Non, pero é que non se pode interromper así, porque se non... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, silencio, por favor.

Está no uso da palabra o señor portavoz. Hai que saber tamén escoitar e hai que saber encaixar algo, por parte de todos. (*Murmurios.*) Esta é a función parlamentaria: saber dar e saber encaixar, claro.

Cando queira.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, señor presidente.

Estamos sempre co mantra da privatización e a teima da Lei de prestación de garantías sanitarias, a Lei 12/2013, que aprobamos neste Parlamento, por suposto sen o voto da oposición.

O xerente do Sergas fixo público que desde que o decreto entrou en vigor, a primeiros de xaneiro, houbo 1.293 persoas beneficiadas por este decreto, para o cumprimento dos tempos máximos, das cales a 79 delas foilles ofertado facer unha proba noutro centro sanitario do Sergas, e ata o día da comparecencia do xerente ningún destes enfermos tivo que recorrer á sanidade concertada. A día de hoxe hai un, estamos a 20 de febreiro, e hai unha persoa que utilizou a Lei de garantías sanitarias con medios da sanidade concertada.

Nesa mesma comparecencia o señor Fernández Campa fixo públicos os datos de listas de espera, da que parece que aquí se fala pero nunca se dá unha cifra. Por exemplo, espera media cirúrxica: 66,4 días, a cifra máis baixa da serie histórica, case 2 días menos que o pasado ano. Por certo, como comparación, a finais do ano 2016 a lista de espera media para cirurxía en España era de 115 días, Galicia é a peor. Falamos aquí das de prioridade 1. As de prioridade 1 en Galicia, que hai que cumprir en toda España por debaixo de 30 días, en Galicia están en 18,1 días. As vías rápidas —que agora parece que lle gustan á oposición— teñen un tempo de resposta dende o médico de atención primaria ata o médico da hospitalaria de 5,9 días, cunha baixada de 0,7 días con respecto ao ano anterior. As primeiras consultas de enfermidade, 46,6 días —inferior á do ano anterior—, e a media española outra vez é de 72 días —46 fronte a 72—. En probas diagnósticas, 76,8 días, 9 menos que o ano pasado. Parece que molesta á oposición que se repitan esas cifras, pero eu creo que é a miña obriga que os galegos e as galegas teñan coñecemento de cales son as cifras e non dalgunha elucubración que escoitamos aquí con certa frecuencia.

A realidade desas cifras fai difícil de crer ese discurso catastrofista de recortes, de falla de persoal. O outro día aquí falábase de recortes de 2.000 profesionais. Hai 1.500 profesionais máis que no ano 2008, hai 167 médicos de atención primaria máis que no ano 2008, hai máis orzamento, hai máis actividade cirúrxica, hai máis consultas, hai máis urxencias, hai máis tecnoloxía, hai máis informatización, hai máis capacidade resolutiva da atención primaria.

Iso, señorías, iso é a realidade da sanidade pública galega, que, (*Aplausos.*) por suposto, ten aspectos a mellorar. E desde o noso grupo instamos a Consellería a tomar medidas para mellorar a sanidade. Fagamos o que fagamos, sempre vai ser mellorable, non hai ningunha dúbida.

E con respecto ás listas estruturais, informou o conselleiro de que hai tres tipos de persoas que se inclúen nesas listas: aqueles que voluntariamente piden cambiar a data da súa intervención —por suposto, sempre en casos non urxentes— e aqueles que por motivos médicos non se poden operar. Non se pode operar de cataratas unha persoa que ten tose; unha cousa tan nimia como esa impide que se poida operar de cataratas. Para este tipo de casos non hai medidas de xestión, non hai ningunha medida de xestión que permita que isto se poida facer.

E a algúns pacientes, efectivamente, ofréceneselles a realización da intervención en centros concertados. Pero aquí afirmou o conselleiro que, aínda que non queiran ir a un centro concertado —que están no seu dereito—, non perden ningún dereito, opéranse conforme o seu tempo de antigüidade e prográmanse ou ben pola vía ordinaria ou ben en peonadas.

Señorías, imos rexeitar a súa moción. A Lei de garantías estase a cumprir sen derivacións practicamente á concertada. Eu creo, de verdade, que os molesta que, cando se presentan as cifras, as cifras sexan as que son. Eu creo que lles estraga o seu discurso permanente de desastre da sanidade pública galega.

Desde logo, sigan vostedes por ese camiño e seguirán na oposición por moitos anos, porque me dá a sensación de que o sermón non llelo compran os galegos e as galegas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo autor da moción, señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

¡Hai que ver, eh!: xa non se molestan nin en preparar as iniciativas. Parece que os que están molestos son vostedes de ter que debater algo que non lles gusta e non a oposición pero, en fin...

En primeiro lugar, agradecer o apoio dos grupos da oposición. Por suposto, imos aceptar a emenda do Bloque Nacionalista Galego, que, evidentemente, vai tamén na mesma liña do que debería ser o dereito á prestación dentro do sistema público, que o Partido Popular se nega a aceptar porque entenden que está ben, que se cumpren as prestacións trasladando á privada. Xa dixemos no anterior pleno que cumprían *a rajatabla* aquilo que lle pedía o IDIS á empresa privada: que polo módico prezo de 88 millóns de euros lle ían reducir a lista de espera na pública.

E a verdade é que, para non querer falar de temas privados, despachouse vostede a gusto denigrando un profesional, señor voceiro do Partido Popular.

Está ben, é o que fan habitualmente: demonizar aqueles que non pensan como vostedes, purgalos, perseguilos, como sucedeu... (*Murmurios.*) A vostedes failles moita graza, pero levan anos purgando xefaturas de servizo que non son afíns. (*Aplausos.*) E iso evidénciano as múltiples sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia perdidas por parte da

Xunta de Galicia, que traslada desvío de poder en moitos dos ascensos que fai efectivos a Consellería de Sanidade. Trasladámoslo no anterior pleno: aquí o que non pensa como nós eliminámolo. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Si, si. Rinse porque teñen práctica en purgar e eliminar profesionais que non pensan coma vostedes. Repito: hai sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que falan de desvío de poder. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Trouxemos algunha aquí, non o estou inventando nin é unha valoración subxectiva, é unha sentenza xudicial. Xa dixemos tamén pola mañá que aí se van os cartos da xustiza, en pagar o que vostedes perden, en nome de todas as galegas e galegos.

Se vostedes trasladan que non temos razón, se vostedes trasladan que isto é un problema de toses que teñen algúns doentes, debe ser que os 9.000 que faltan da lista de espera de Vigo teñen todos tose, ¡todos teñen tose! Pois, se teñen tanta tose, non deberan vostedes ter problema en publicar as listas de espera non estruturais e dicir cal é o motivo polo que cada unha desas persoas está fóra da lista de espera estrutural. Nós estamos á expectativa de que cumpran vostedes co artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galicia, que cumpran co Estatuto de autonomía e que, dende logo, faciliten a información que solicitamos os deputados e deputadas. E logo, se non temos razón, recoñecerémolo nesta tribuna, señor Centeno. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, si, evidentemente, evidentemente.

Así que entendo que o que se vai producir esta tarde é que vostedes van votar, unha vez máis, en contra de cumprir a lei. E, por certo —vou rematar xa porque non me queda tempo—, non se cinguen —e quero lembralo outra vez máis— ás listas de espera os profesionais médicos e médicas, desgraciadamente. Porque denunciaban esta semana unha vez máis o Colexio de Fisioterapeutas as listas de espera que hai en fisioterapia e que só hai un profesional por máis de 80.000 habitantes no noso país.

E, polo tanto, señor Centeno, a realidade é que temos carencias na totalidade do Sistema público, incluída a atención primaria, e vostedes seguen negándose a facilitar os datos públicos. Seguiremos reclamando esa información, porque a súa opacidade o que vai é en contra do dereito á saúde. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Suspendemos a sesión ata as catro da tarde, dezaseis horas.

*Suspéndese a sesión as dúas e quince minutos da tarde e retómase ás catro e tres minutos.*

**O señor PRESIDENTE:** Boa tarde.

Reanudamos a sesión.

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co investimento en Galicia previsto no Proxecto de orzamentos do Estado para 2017, así como os traballos e as conclusións da Comisión de Seguimento dos Orzamentos do Estado**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Losada Alvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de adición no punto 1.*

*Débase engadir ao final do punto 1 da parte resolutiva da moción o seguinte contido:*

*Engadir in fine: «..., e a data de posta en servizo das diferentes actuacións.»*

*Emenda de modificación no punto 2.*

*Débase modificar no punto 2 da parte resolutiva da moción o seguinte contido:*

*Onde di: «...inclusión nos Orzamentos de 2018 da seguinte proposta de investimentos básicos en infraestruturas...» debe dicir: «...inclusión nos Orzamentos de 2018, e a súa execución efectiva, das seguintes propostas de investimentos básicos en infraestruturas...».*

*Emenda de modificación do número 1 do punto 2.*

*Emenda de modificación do número 1 do punto 2 da parte resolutiva da moción, que quedará redactado co seguinte contido:*

*«2.1. Modernización e desenvolvemento do ferrocarril.*

*—*

*— Creación do GALTRÉN, ferrocarril galego de proximidade para a conexión e vertebración das vilas e cidades do país.*

*— Modernización do antigo FEVE, mellora da infraestrutura, incremento de horarios e frecuencias, potenciación do transporte de mercadorías.*

*— Liña de AVE entre Vigo e Ourense por Cerdedo.*

*— Saída sur de Vigo e conexión con Portugal.*

*— Prolongación do eixo atlántico até Ferrol.*

*— Modernización da liña Coruña – Lugo – Monforte – Ourense.*

— *Construción das novas conexións ferroviarias, e melloras das existentes, nos portos de interese xeral do Estado.*

— *Axilización das obras do AVE entre Zamora e Ourense.*

— *Impulso definitivo ao novo trazado entre Taboadela e Ourense na liña de AVE Galicia-Madrid, que permita unhas características técnicas e unhas prestacións homoxéneas en todo o percorrido.*

— *Plan de mellora das liñas ferroviarias que permita a inclusión mais rápida posible da rede galega no Corredor Atlántico de Mercadorías.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción, ten a palabra a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Boa tarde.

Señorías, pasaron dúas semanas desde que tivemos a interpelación do Bloque Nacionalista Galego neste pleno cara ao Goberno do Partido Popular, pero a verdade é que non polo paso de tantos días polo medio deixamos de estar estupefactas. A verdade é que nos teñen acostumados a oír de todo nesta cámara, pero desta volta, sinceramente, pensamos que o Goberno galego se superou a si mesmo.

No pasado pleno interpelamos sobre varias cuestións relacionadas co cumprimento do Estado cos orzamentos que consigna para Galiza, pero centrábamos boa parte da interpelación —e así estaba rexistrado— na comisión que o presidente da Xunta de Galiza anunciou que creara para o seu seguimento. Pero, a verdade, menos mal que está a hemeroteca, porque calquera que escoitara a resposta da señora Ethel Vázquez podería imaxinar que foi unha ocorrencia que se lle ocorreu ao BNG e non algo que anunciou o presidente da Xunta. Pero a hemeroteca fala por si mesma, e temos como o 6 de abril de 2017, hai dez meses, escoitábase, liamos cousas como: «Feijóo creará unha comisión para fiscalizar a execución dos investimentos do Goberno» (*La Voz de Galicia*).

Coñeciamos cuestións como que: «Presidirao el mesmo; formarán parte o vicepresidente, así como os conselleiros de Facenda, Medio Ambiente e Infraestruturas.» Dician tamén, nas propias notas oficiais da Xunta de Galiza, cuestións como que: «Este comité *ad hoc* fará o seu propio exercicio de fiscalización do Goberno central para comprobar que se materializan as cifras orzadas».

Nós pensamos que, se vostedes anuncian isto, deberan ser un pouco consecuentes e non deberan sorprenderse de que a oposición lles preguntemos sobre como vai esa avaliación e exixamos explicacións nesta cámara. Porén, en lugar de responder iso, asistimos a unha interpelación subreal onde tivemos unhas respostas por parte da conselleira de Infraestruturas que —a verdade— danos ata pudor reproducir algunha delas. Ademais de xeneralidades, instalouse nesa nova estratexia do Partido Popular —que parece que vai estar un ano así— de facer oposición municipal, porque, en lugar de falarnos de cal era o resultado desa comisión e de se existía ou non, pois escoitamos nesta cámara —deben ter vostedes bastante pouco que defender do escaso peso político que ten Galiza no Estado— como se limitaron a

falar de cuestións como os orzamentos de Allariz e de Pontevedra. E, ¡home!, eu entendo que se cadra non están contentos desde o Partido Popular co papel que levan a cabo os seus concelleiros nestes concellos (*Aplausos.*), pero queda menos dun ano para que os renoven, e agarden un pouco, pero teñan algo de respecto por este Parlamento.

Como digo, fixemos preguntas fáciles de responder se houbera un mínimo de honestidade política por parte do Goberno galego. Mesmo cun adverbio de negación ou de afirmación, un «si» ou un «non», poderían ter contestado se existe esa comisión ou non, e despois poderíamos, en función diso, pedir máis resultados.

Unha pregunta que, ademais, a señora Pontón xa lle formulou —e repito— no debate do estado da nación ao señor Feijóo, sen tampouco gran novidade, e volvemos insistir, porque é unha cuestión ben clara: señores do Partido Popular, ¿existe esa comisión ou non? Eu espero, despois destes quince días de reflexión que tiveron, que nos poidan contestar algo máis e aclarar se, efectivamente, é unha cortina de fume, como nos parece desde o BNG, ou se hai outra cuestión. Porque a verdade é que as evidencias da análise destes últimos dez meses pois todo parece indicar que, en lugar de ser esa comisión un novo misterio da humanidade, é simplemente unha nova estafa e unha nova mentira do señor Núñez Feijóo, que toma a pitoreo o Parlamento galego e que toma a pitoreo tamén os galegos e galegas.

A cuestión é que o señor Feijóo se viu acurrulado literalmente, visto o recortazo que supuñan os orzamentos de 2017 para o noso país, e non tivo mellor ocorrencia. Porque a verdade é bastante difícil de xustificar que nun momento de recuperación do cadro macroeconómico, que nun momento de aumento ademais da capacidade de gasto e da recadación —que chegou a niveis similares á liquidación de 2007—, Galiza, pola contra, sufra o maior recortazo da historia, unha discriminación sen precedentes, que deixou a estimación de gasto en menos de 1.000 millóns de euros, un investimento territorializado que foi o segundo máis intenso de todo o Estado en termos absolutos e o terceiro se imos a termos relativos, pois estamos a falar nada máis e nada menos que de 442 millóns de euros, que significarían moito para compensar a falta de desinvestimento dos últimos anos; investimentos que, ademais hai que insistir en que, malia a época de crise que vimos de atravesar e de recesión económica, é certo que noutras partes do Estado non tiveron o impacto que tivo no noso país.

O que está claro, desde o Bloque Nacionalista Galego —témolo moi claro—, é que co modelo político e económico vixente e a relación económica que temos co Estado, onde absorbe a maior parte dos recursos, non é de recibo este atraco á man armada, porque ten importantes repercusións na nosa vida diaria. Nese sentido, súmase tamén que, a ese gran recortazo, estamos acostumados e acostumadas a unha moi baixa execución.

Polo tanto, é unha cuestión que para nós é importante, e entendemos que ese seguimento, sexa a través desa comisión ou doutras fórmulas, non está suficientemente aclarado por parte do Partido Popular.

Desde abril, desde esa ocorrencia que tivo o señor presidente da Xunta, pois a verdade é que non tivemos grandes novidades. Non se sabe se existe ou non existe. Non se sabe —isto preguntámolo por respostas escritas tamén e mediante o artigo 9— finalmente quen era parte



ou non desa comisión; non se sabe se ten algún tipo de informe escrito e o van remitir nalgún momento ao Parlamento galego sobre iso, a pesar de que, en función do plan de traballo que vostedes vaticinaban, xa teríamos que ter cando menos tres reunións con información desa comisión. Non sabemos tampouco, non quixeron contestar que tipo de información manexan, se simplemente a que é pública e accesible para todos e todas a través das informacións que sacan periodicamente os ministerios ou se teñen algún tipo de relación, de información diferente co Goberno central.

O seu argumento estrela era que estes orzamentos se ían executar nun cen por cento e que, polo tanto, Galiza ía saír gañando, pero a estas altura nada sabemos máis que vaguidades. Porque o certo é que, dez meses despois, o que temos basicamente, o que obtivemos hai quince días son vaguidades. E nós pensamos pois que é hora de que, á parte de facer unha comisión pantasma e unha política mentireira, polo menos se esforcen un pouco en disimular, en facer agora os deberes, aínda que sexa tarde.

E, realmente, o certo é que, botando a vista anos e meses atrás, non temos demasiados motivos para confiar no Partido Popular. Por iso insistimos tanto nesta cuestión do seguimento dos orzamentos do Estado. Porque, aínda que é certo que os orzamentos de 2017 tiveron unha aprobación serodia e, polo tanto, o índice do primeiro semestre de execución do ano non é orientativo, porque é máis reducido do que noutras xeiras, tamén é certo que no último ano completo —2016— se executou o orzamento que estaba consignado para Galiza nun 54,5 % do investimento aprobado inicialmente, algo que é un claro agravio, porque, mentres para Galiza se executou menos do 60 %, o resto do Estado tivo unha execución global superior ao cen por cento, é dicir, ao dobre.

Seguimos por ministerios. Algúns tan importantes para as tarefas pendentes que hai no noso país como o de Fomento tivo en Galiza unha execución do 46,7 % e no Estado tamén case do dobre. E así poderíamos seguir con tantas outras cuestións, que polo modelo de relación que temos, cada vez máis recentralizado co Estado, afectan de forma importante a todos os galegos e galegas.

Por iso, por todas estas cuestións, traemos esta moción derivada desa interpelación, agardando que teñan reflexionado estes días e que dean o seu aprobado. En primeiro lugar, apostamos por un gran bloque que se centra en que se faga un seguimento real e efectivo do cumprimento por parte do Estado. Esa é unha responsabilidade que corresponde á totalidade desta cámara, pero, especialmente, a vostedes, que gobernan teoricamente este país. Polo tanto, exiximos que a Xunta elabore e remita ao Parlamento galego para o seu debate no prazo dun mes un informe detallado da información recabada e as conclusións da comisión de seguimento, que o propio señor Núñez Feijóo dicía que, se non se verificaba, sería decepcionante. Entón, compartindo esa cuestión —sen que sirva de precedente— co noso presidente, nós entendemos que esta cámara debe de facer un seguimento e corrixir ese agravio histórico ao que nos teñen condenados os seus colegas de Madrid.

E, en segundo lugar, outro gran bloque centra demandas sobre investimentos básicos en infraestruturas para o período 2018-2020, que nós entendemos que ten que ser unha posición de país a exixir cara a 2018 e a demandar por parte do Estado, que implica que cando menos

tería que compensarse a Galiza cun investimento de 4.000 millóns de euros para compensar o desinvestimento e o mal trato ao noso país dos últimos anos.

Nese sentido, xa adianto —xa que estou esgotando o meu tempo— que nos parece positiva a emenda que presenta o Partido Socialista, que vén completar esta batería que desglosarei despois, pero que nos centramos en corrixir o agravio histórico tanto coa modernización e o desenvolvemento do ferrocarril como nos aspectos que teñen que ver coa seguranza viaria, que ten un impacto enorme no noso país, como tamén cuestións referidas á mellora de portos e aeroportos, que continúan a estar pendentes ano tras ano.

Cuestións —e remato xa— todas elas importantes e a día de hoxe en mans do Estado, que, amparadas baixo ese modelo de relación inxusta e baixo esa política de absoluta autocompracencia e submisión que practican desde San Caetano, derivan en que, mentres outros territorios avanza, Galiza continúa quedando cada vez máis no último lugar. Polo tanto, entendemos que é hora de petar na mesa e exixir un cambio de rumbo para corrixir estas cuestións.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Nos oitenta e noventa do século pasado un filósofo francés, Jean Baudrillard, falaba de branquear a historia e falaba do concepto de simulacro. Eu creo, señora Presas, que a verdade é que a perseverancia é un mérito —non cabe dúbida—, pero creo que nos atopamos ante un exemplo paradigmático do que é un simulacro. E, sobre todo, atopámonos nesa situación os que estivemos xa neste Parlamento antes do ano 2011, cando no Goberno de España había un goberno presidido por un presidente socialista, e recordamos as ansiedades, case patolóxicas, do Partido Popular sobre o tema das grandes infraestruturas de Galicia. Recordamos algúns argumentos, argumentos que nós dende logo podemos compartir e que utilizaba naquel momento o Partido Popular.

Efectivamente, a construción das grandes infraestruturas ten un efecto multiplicador inmediato sobre outras moitas actividades económicas —aceptado—. Tíñao no ano 2010 e teno no ano 2015. Non houbo ningunha modificación metodolóxica relevante que diminuíra a importancia do impacto das construcións de infraestruturas neste período de saída da crise, e se o houbo, dende logo este humilde deputado descoñéceo. Significa tamén un incremento na dotación de capital físico e, polo tanto, mellora as condicións para incrementar a actividade produtiva e a creación de emprego —aceptado—; acontecía naquel momento, pero segue a acontecer agora. E, dende logo, tiña efectos moi importantes noutros sectores, como por exemplo no turismo.

Eu quero dar algún dato. Quero recordar, primeiro, que en 2015, 2016 e 2017 este país medrou a un 3 % do PIB. Efectivamente, este é un dato macroeconómico obxectivo, recoñecido por Eurostat, e polo tanto aí o atopamos. E aquel goberno de España dedicaba no ano 2008 o 5 % dese PIB a infraestruturas; no ano 2016 —os datos do 2017 aínda non están— dedícase o 1,9 %, é dicir, aproximadamente un pouco máis dun terzo, un 37 % exactamente.

Polo tanto, esta é a situación en que esas infraestruturas eran un elemento de dinamización económica fundamental, en que esas infraestruturas eran un elemento de dotación de capital físico fundamental, e todo iso desapareceu do escenario político do señor Feijóo, no que efectivamente se limita a reivindicar —dunha forma digamos que lánguida, nun sentido case poético do termo— que o Goberno de España, o Ministerio de Fomento, cumpra.

Eu recordo algunha expresión —máis propia dun salón de Dodge City— do señor Rueda dicindo —e cito textualmente— o 21 de marzo do ano 2011: «A José Blanco quédanlle dez días para incluír a partida do AVE a Galicia no *Boletín Oficial do Estado*.» A verdade é que, visto así, só faltaba o Smith & Wesson na man. Pero, lamentablemente, despois a señora Pastor tomouno cun certo relaxo —por dicilo dalgunha maneira—. Con tanto relaxo o tomou que —quero recordalo— hai 15 quilómetros entre Madrid e Santiago de Compostela que están no limbo, e só acontece na planificación e na construción ferroviaria de toda España neste caso.

Eu estou seguro de que os deputados do Partido Popular de Ourense están encantados con eses 15 quilómetros entre Taboada e Ourense, en que un tren, efectivamente, de altas prestacións ferroviarias vai chegar a Taboada e vai pasar a unha liña construída no ano 1950, polo de agora sen electrificar, e, polo que eu sei... (*Murmurios.*) *se está en eso, pero es que en eso estaría bien que se hubiera estado desde hace mucho tiempo. ¡Claro que se está en eso!* (*Murmurios.*) *No vaya a ser que estén en eso, ao mesmo tempo que se estivo en eso para facer unha liña directa de Ourense coa Meseta que, en vez de inaugurarse en 1860, se inaugurou en 1955. (Aplausos.)* Entón, a ver se van estar demasiado tempo *en eso*. ¡Claro, esa é a cuestión! Alégrome, en todo caso, de que *estén en eso*.

É unha pena que, cando están niso, están tamén en facer os programas electorais do Partido Popular. No ano 2009 —teño os tres: 2009, 2012 e 2016, porque sempre é ilustrativo— o Goberno galego asumiría a execución do tramo de alta velocidade Vigo-Pontevedra-Ourense. ¡Manda! Digo «manda» por non dicir nada máis, pero ¡manda, eh, manda! O acceso directo dende A Meseta a Vigo, así como o tramo de alta velocidade Ourense-Lugo. Ben. No ano 2012, «cooperar de xeito leal coa Administración xeral do Estado» —nese momento xa gobernaba Rajoy en Madrid—, «cooperar de xeito leal coa Administración xeral do Estado». Isto é o mesmo que «*que caiga España, que ya la levantaremos*». En fin, gobernaban outros e entón... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, non caeu, claro que non caeu, efectivamente, non caeu. Ben, bastante fixo, que o chimpou Lehman Brothers e agora está de vicepresidente do Banco Central Europeo. (*Aplausos.*) (*Risos.*) Non está mal, ¡eh!, non está mal. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Claro!

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio, silencio, por favor, porque se non... Non, non, es-touilles chamando a atención neste caso aos do PP. (*Risos.*) Silencio.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ¡Home! Pobres, é que aqueles non fixeron nada.

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, por iso. É que eu sei a quen lle teño que chamar, e prégolles, por favor, que garden silencio. E vostede vaia rematando.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Remato agora mesmo.

Programa de 2016 —hai nada—: «Impulsaremos a alta velocidade a Lugo. Os lucenses non poden quedar ás portas da alta velocidade e deben darse os pasos precisos para que a alta velocidade chegue dende Ourense a Lugo. Promoverase a ampliación do eixo atlántico ata a fronteira portuguesa, rematando a conexión das principais cidades da fachada oeste peninsular», que incluía tamén Ferrol.

Señores deputados, indubidablemente Baudrillard, indubidablemente simulacro, indubidablemente uns niveis orzamentarios...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...e de execución —díxoo a señora Presas— absolutamente vergoñentos. E, mentres tanto, este humilde deputado nin escoitando nin lendo a resposta da conselleira se enterou de se existe ou non comisión bilateral. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente, boa tarde a todos e a todas.

Eu creo que o interesante do debate, o centro deste debate, está en como a Xunta de Galicia está a afrontar a relación co Goberno do Estado diante da caída dos orzamentos do Estado dedicados a Galicia e diante da débeda histórica que o Estado ten con Galicia, débeda histórica recoñecida pola conselleira de Infraestruturas na interpelación de hai quince días, que non respostou a ningunha das preguntas que lle fixo o BNG, pero si nos deu esta frase, que polo menos é un recoñecemento da conselleira de Infraestruturas de que aí existe unha débeda histórica con Galicia, que debe ser saldada.

E a importancia deste problema e desta caída orzamentaria ten que ver cos problemas que ten Galicia para o seu desenvolvemento social e económico. Con esta caída de orzamentos, estamos deixando Galicia á cola do tren de mercadorías europeas, que se tiveramos feito as infraestruturas adecuadas e se o Estado tivera feito os seus investimentos, posiblemente non teriamos agora as dificultades que temos, con todo o que iso supón. Polo tanto, as consecuencias desa caída son nefastas para Galicia.

A situación con respecto ás infraestruturas do Estado é a que é. No transporte ferroviario temos Ferrol e Lugo con liñas do século XIX. Temos a saída sur cara a Portugal pendente. Temos a rede loxística sen rematar, o cal nos repercute directamente no enganche ao redor

de mercadorías. Temos o corredor cantábrico, que era a antiga liña Feve, que o ano pasado contabilizou o 30 % de todas as incidencias das cercanías do Estado, chegando a ter oito das nove máquinas estropeadas. Temos a intermodalidade, que, de momento, segue sendo tan só titulares. Temos os problemas coa AP-9, a peor concesionaria, a que ten maior sinistralidade, altos prezos, máis tempo pagando autoestrada. Temos Galicia convertida nun punto negro no que ten que ver coas redes do Estado. Temos a maior concentración de puntos negros na rede convencional, a autovía con maior concentración de sinistralidade e a autoestrada con maior concentración de sinistralidade.

E, con esta situación, o Estado vén reducindo. Neste momento no executado —porque o outro día daba cifras do orzado— en Galicia os orzamentos do Estado están regresando a niveis do 2004, están por debaixo de niveis do 2004, incluso do 2002, cando xa era a execución moi baixa. No 2006 hai 551 millóns de euros executados de 1.364, o que supón ao redor do 40 % do executado. E o 2017 vai polo mesmo camiño. E esta é a realidade. A realidade é que os orzamentos do Estado veñen caendo fundamentalmente no executado, non tanto así no orzado.

E aquí está o miolo do debate. Diante desta situación, desta clara caída dos orzamentos, vemos como está actuando a Xunta de Galicia. Nós entendemos que diante desta situación un goberno que defende os intereses da cidadanía debe plantarse con firmeza diante do Goberno de Estado para tratar de mellorar a situación. Pero o que estamos vendo é todo o contrario: estamos vendo un señor Feijóo dicindo que Fomento se está portando fantásticamente con Galicia; vemos mesmo o voceiro do Grupo Popular, señor Puy, facendo o mesmo tipo de declaracións; e tamén vemos a conselleira de Infraestruturas xustificando os atrasos do AVE, que ata o propio Adif tivo que saír a rectificar as súas palabras.

E este é o comportamento que está tendo a Xunta de Galicia diante desta situación. E isto é o grave deste asunto, e aquí é onde nós temos que exixir. E o peor de todo é no contexto no que está pasando todo isto, porque isto está acontecendo mentres os orzamentos do Estado están medrando, porque o fan alumna avantaxada do señor Montoro, a raíña do recortazo e do cumprimento do déficit, porque llo fan a quen máis rendible foi para o Estado nos últimos anos, que preferiu endebedarse coa banca, aínda que lles custe máis aos galegos e ás galegas, aforrándolle así os custos ao Estado. E ante todo este sufrimento extra que o señor Feijóo lle fai facer a Galicia para favorecer o Goberno do Estado, vemos que o Goberno do Estado vén pagarnos con esta moeda: investindo menos en Galicia.

Polo tanto, teremos que preguntar para que Feijóo está facendo todos estes esforzos, para que o Goberno da Xunta está facendo todos estes esforzos, cales son os beneficios que o Partido Popular saca de todos estes esforzos que fai o Goberno da Xunta de Galicia, porque é evidente que á cidadanía de Galicia non a está a favorecer.

Decía o outro día a conselleira de Infraestruturas que, semanalmente, incluso case a diario, seguían a evolución dos orzamentos, do investimento do Estado. Non obstante, non deu absolutamente ningún dato. Se o seguen semanalmente, diariamente, verán que os orzamentos non se están executando e que isto nos prexudica moitísimo.

Dicía o outro día a conselleira que estaban corrixindo a débeda histórica. Fantástico que recoñezan que existe unha débeda histórica. Pero é que a débeda histórica a fixeron fundamentalmente vostedes, e só hai que ver o executado do orzado dos últimos quince anos para ver que esa débeda histórica ten un responsable, que é o Partido Popular.

Polo tanto, agardamos —ben, a verdade é que non o agardamos—, gustaríanos que o Partido Popular deixase de ser militante do Partido Popular e dos seus amigos xiratorios e comezase a ser de verdade militante de Galicia, como tanto din.

Pola miña banda, máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Cal.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Prado.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Grazas, señor presidente.

Boas tardes.

Gustaríame facer unha serie de consideracións xerais para comezar. Estamos cunha proposición non de lei que fala duns orzamentos do Estado que non contan aínda co apoio necesario do Congreso. Evidentemente, xa sei que o BNG, o grupo propoñente, pouco pode facer con isto, porque os galegos non quixeron que estiveran representados en Madrid, pero o resto dos grupos que acaban de falar creo que neste sentido si que podían facer algo. Eu recórdolles a proposta do noso presidente hai unhas semanas, cando lles dicía que defenderemos estas propostas se os deputados galegos dos seus partidos as apoian e apoian os orzamentos e así podemos ter orzamentos en Madrid.

Pero, claro, é máis fácil, señor Cal, chegar aquí cun discurso e dicir que non somos nós, pero vostedes o que piden é o AVE a Burgos, en vez de defender estes investimentos en Galicia. *(Murmurios.)*

En calquera caso, señor presidente...

**O señor PRESIDENTE:** Si, si, ten razón vostede.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** ...espero que... Sobre todo el tiempo. Eso me es igual, pero el tiempo.

**O señor PRESIDENTE:** Non se preocupe.

Silencio, silencio.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** É igual, estou acostumado aos temas de que intenten cando non lles gustan os argumentos, pero sobre todo o tempo.

Segunda consideración, se me permiten. Cando todos os gobernos autonómicos, e o noso presidente á cabeza, están discutindo unha cousa transcendente como é todo o que é o novo financiamento autonómico, e onde deberían de estar vostedes traballando e axudando nesta liña, ¿que é o que están facendo? Pois estas proposicións demagóxicas, xerar ruído demagóxicamente e de curto percorrido. En vez de centrarse na discusión e apoiar o Goberno e o seu presidente na discusión verdadeiramente importante que está sucedendo en España, pois non. Eu cando vin esta interpelación pensei que ían ir nesa liña, espero que a do PSOE de mañá vaia nesa liña.

E mire se é demagóxico porque o que saiba algo dalgunha destas xestións e investimentos sabe que para algunha das cousas que piden, por moita vontade que se teña, hai que facer proxectos, tramitacións ambientais e licitacións, e non se pode facer no prazo que as piden. Fíxense se están simplemente cara á galería, cara á foto e cara ao titular en vez de traballar nesa discusión de política orzamentaria.

E teño que volver recordarlles —xa sei que non lles gusta— que a Xunta fai seguimento de todos eses investimentos, e, como dixó o outro día a conselleira, semanalmente está pendente deses investimentos e vai seguir facéndoo, por suposto. E vai seguir vindo a este Parlamento a dar todas as explicacións e datos que necesiten.

Pero, por outra parte, á parte de seguir defendendo esas obras, a min estráñame que deixen obras fóra do listado. Se ese AVE ou ese tren leva as prestacións con Lugo-Ourense, ou as autoestradas importantes para a vertebración de Galicia, esas quedan fóra dos seus intereses. Pero, miren, no que está traballando este Goberno é en garantir, señor Losada, que estea o AVE en funcionamento e teñamos eses accesos de Galicia coa Meseta no 2019. Non como cando o seu amigo era ministro, que, ¿onde acababa o AVE?, en Valladolid. Pero si, o mesmo amigo que dixó..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) o mesmo amigo que dixó: «eu non me volvo presentar á alcaldía se o AVE non chega a Vigo no 2012». (*Aplausos.*) Esas son as palabras do seu amigo. (*Aplausos.*)

En calquera caso (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —xa sei, xa sei que non lle gusta escoitalo—, podemos ter esa discusión do AVE e dos compromisos e do investimento da execución cando queira, señor Losada. Porque se de algo se caracterizan os gobernos do PSOE é que moito prometer, pero á hora de executar deixan as obras a «déboche e xa se farán».

Pero, miren, cando comparamos datos obxectivos, no 2008, cando o BNG gobernaba en Galicia, e ademais eran amigos e soportaban o Goberno en Madrid, (*Murmurios.*) ¿canto era o investimento en Galicia? O 8 % do presuposto. (*Murmurios.*) Hoxe o 11 % do total en investimentos, somos a segunda comunidade en investimento por habitante.

Pero, mire, non é só cousa deste ano 2017; no 2016 e no 2015 máis do 12 %; no 2014, o 13,8. Creo, sinceramente, que ao lado do 8 %, tres puntos máis, o peor dos anos do que dedicaban vostedes cando apoiaban o Goberno socialista. Un 30 % máis en investimento que cando vostedes gobernaban e apoiaban.

E, señora Presas, xa que lle gusta o tema das noticias, mire, teño aquí dúas: «O BNG supedita o seu apoio aos presupostos a dotar Galicia de seguridade». Non se fixeron, estamos

facendo agora aqueles compromisos. E leo outra, mire: «2008, Zapatero ignora por segunda vez el acuerdo con el BNG para impulsar traspasos pendientes», ¡por segunda vez! Claro, agora xa entendo porque queren fiscalizar, a vostedes enganáronos tantas veces os socialistas que pensan que todos os gobernos son iguais, ¡pero non! (*Aplausos.*) Miren, non enganen a Galicia como enganaron aos señores do BNG os seus socios do PSOE. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, ao BNG enganárono ben cando lles pedían o voto nos orzamentos a cambio de cousas e logo non se facían nin se empezaban, e podemos falar da lista que queiran cando queiran.

Pero, mire, recortazo será o seu, porque este Goberno, xa digo, inviste un 30 % máis que o mellor dos seus anos en Galicia. Vai seguir así, vai seguir traballando e defendendo os intereses de Galicia. Seguirá a defender eses investimentos orzamentarios, seguirá a exixir o que cre que é xusto para Galicia e a seguir impulsando todas esas infraestruturas necesarias.

Pero, en calquera caso, sinceramente, a fiscalización do BNG, se é como a que lle fixeron a Zapatero, por aí imos mal. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Prado.

Grupo autor da moción, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Agradecer, en primeiro lugar, aos grupos da oposición o seu apoio.

Ben, indo por partes. Un dos argumentos máis repetidos por parte da señora Vázquez, e agora por parte do voceiro do Partido Popular, é como argumento para autoxustificarse que o BNG non ten representación en Madrid. Pero é que, mire, o que debería preocuparlle non é que o BNG non teña representación en Madrid —que lles dá a vostedes un pouco máis de tranquilidade—, senón que vostedes non fagan o seu traballo, nin no Parlamento galego nin no Congreso español. (*Aplausos.*) ¡Ese é o problema! (*Aplausos.*) Pero, afortunadamente, existe nacionalismo neste país e por iso seguiremos insistindo nesta cuestión.

E o que xa é o colmo é que aínda por riba do enlamada que está a cuestión e ter que vir aquí dar a cara por unha comisión pantasma que non existe e un seguimento que non se fai, que colla e que se meta vostede, tamén, na lameira do modelo de financiamento, dicíndonos que non nos interesamos por ese tema. ¡Non se interesan vostedes! Paren de facer o ridículo nunha *tournee* de rexións por aí e fagan o que levamos nós demandando, (*Aplausos.*) xa non só nesta lexislatura, senón na anterior, que é que se senten a falar no Parlamento de que modelo.

Porque, ¿sabe o que teñen en común a cuestión do financiamento e a comisión pantasma? Pois que nin dunha nin doutra cousa ten este Parlamento algún documento no que vostedes expliquen algo do que están facendo. (*Aplausos.*) Entón, debemos intuír que están vostedes mirando para o aire nos investimentos a Galiza, e mirando para o aire na cuestión do financiamento; que debería preocuparlle que vostede saiba a posición do BNG en ambas as dúas cuestións e que nós non saibamos cal é a posición do Goberno galego.



Fascíname tamén ese argumento torticeiro que teñen do 8 % e demais. Claro, 2.000 millóns parciais pouco, pero 800 é «o no va más», ¡imos chegar á lúa de hoxe para mañá! *(Murmurios.)*

E mire, efectivamente, o Bloque Nacionalista Galego outorgou o seu apoio a uns orzamentos no Estado e unha das cuestións que exixía era unha comisión de seguimento. ¿Pero sabe que fixo o Bloque Nacionalista Galego cando o Partido Socialista incumpriu esa promesa? Protestaron, non calar a boca como fan vostedes. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

¿E saben vostedes quen máis pedía, seguindo o carro do BNG, ese seguimento? Vostedes con iniciativas no Congreso dos Deputados: efectivamente, vostedes, o que pasa é que estaban na oposición e entón aplicábanse outro conto. Pero agora que gobernan vostedes este país —ou fan que gobernan— non teñen a mesma preocupación; *(Aplausos.)* polo tanto, temos que acumular os mesmos incumprimentos. Entón, iso é o que deberían revisar vostedes, porque constatamos que ano a ano a execución vai descendendo, e desde o 2009, onde as obrigacións recoñecidas, e non a teoría, máis que duplicar o orzamento o que supuxeron foi unha execución real do 221 %, o grao de execución dos investimentos reais da Administración xeral do Estado en Galicia foi descendendo ano tras ano ata o 54 % no 2016.

Isto —que xa llo ensinei o outro día, señora conselleira— é investimento liquidado en infraestruturas produtivas, é dicir, a execución real, *(Murmurios.)* efectivamente. E entón poden ver como desde o 2000 houbo un lixeiro incremento, temos aí un pico coincidindo, precisamente, con esa presión que facía o Bloque Nacionalista Galego. E esta curva en negro descendendo estrepitosamente —que entendo que moita xente non a vexa, pero vese unha curva en negro—, que é ese ostracismo negro ao que nos condena o señor Rajoy... *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...co seu silencio. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ¡É que miren os datos! *(Aplausos.)* ¡Miren os datos! *(Aplausos.)* Eu déixollelos, ¡non pasa nada! *(Aplausos.)*

Esa é a cuestión, señorías.

**O señor PRESIDENTE:** Remate. Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Entón hai dúas opcións: ou empezan a facer de Goberno galego, xa escusaban crear esa comisión, porque en teoría iso era o que deberían facer vos todos os días desde San Caetano, aínda que en realidade non o fan. Déixense de elucubracións, e como seguimento case diario traian a este Parlamento datos e a ver que execución real hai para compensar...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...a falta de investimento que hai con este país desde que gobernan vostedes no Estado. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acceso ao emprego público das persoas con discapacidade intelectual**

**O señor PRESIDENTE:** A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

*(O G. P. de En Marea, a través do seu voceiro e por iniciativa da deputada Paula Vázquez Verao, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa as seguintes emendas de adición a esta moción (doc. núm. 25952).*

*Emenda nº 1, de adición.*

*Débase engadir no punto 5 un novo apartado co seguinte texto:*

*«5. c) A través do Consello Galego de Relacións Laborais, demandar dos CEE de Galiza que procedan a eliminar a diferenza salarial existente entre o Convenio Colectivo galego de Centros Especiais de Emprego e os convenios vixentes a nivel sectorial.»*

*Emenda nº 2, de adición.*

*Débase engadir no punto 6 un novo apartado co seguinte texto:*

*«6.b) Fomentar a inclusión nos Plans de Igualdade das empresas de protocolos de prevención da discriminación e acoso ás mulleres traballadoras con discapacidade.»*

*Emenda nº 3, de adición.*

*Débase engadir no punto 7.a) un novo parágrafo co seguinte texto:*

*«7.a) bis.- Impulsar programas específicos de transición do emprego protexido ao Réxime ordinario.»*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra a señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías.

No anterior Pleno interpelabamos o conselleiro de Facenda, neste caso o de Función Pública tamén, sobre a situación das persoas con discapacidade no eido laboral. E a nós parécenos

que é vergoñento e insostible que nunha sociedade que se chama democrática, en pleno século XXI —que debera de loitar pola igualdade de oportunidades—, estas persoas estean nunha situación tan precaria e tan dramática.

Hoxe traemos esta iniciativa coa crenza tamén de que obter un posto de traballo digno é para calquera cidadán un modo de atopar esa ansiada autonomía persoal. Un escalón cara á satisfacción persoal, cara ao incremento da autoestima, cara a ese reforzamento e á propia integración. No caso das persoas con discapacidade estas cuestións son aínda máis importantes pola clarísima discriminación en que se atopan. Por iso os prexuízos que os perseguen en todos os ámbitos da súa vida.

A grave situación do mercado de traballo para as persoas con discapacidade non é exclusiva da comunidade autónoma galega, pero si que é certo que ao Grupo Socialista os datos que coñecemos —a través do Informe do emprego das persoas con discapacidade, que foi publicado polo INI— nos preocupan especialmente, porque amosan que se segue consolidando nesta comunidade autónoma a taxa de actividade máis baixa de todas, é un 27,8 %, e temos un 21 % menos de activos que a media estatal.

Outro dato, segundo o Observatorio do Mercado de Traballo, da Fundación ONCE, as persoas con discapacidade cobran en Galicia 3.500 euros menos que o resto das persoas. E as cifras aínda son especialmente máis preocupantes e máis dramáticas no caso das persoas con discapacidade intelectual e no caso de enfermidade mental.

Necesitamos, como país que busca o progreso social, avanzar cara a unha sociedade na que ter capacidades diferentes non signifique ter menos oportunidades, incluído tamén o ámbito laboral. E para iso, señorías, está a política, o motor de cambio social que hoxe debemos poñer en marcha a través desta iniciativa.

Dende o Grupo Socialista si que temos claro que o primeiro paso é que se estableza como un dos obxectivos prioritarios deste Goberno, dentro das súas políticas de emprego, aumentar as taxas de actividade e de ocupación das persoas con discapacidade. E a primeira que ten que dar exemplo nesta materia é a propia Administración pública, o propio Goberno galego. É polo que consideramos grave e completamente inaceptable que acontecera o que coñecemos hai escasas semanas a respecto das axudas do plan de cooperación da Xunta de Galicia con Down Galicia; unha entidade que fai un magnífico labor e que veu recortado este plan importantísimo para a formación, para o emprego, para a inserción laboral e inclusión escolar en 176.000 euros. Isto vai supoñer que eses rapaces e rapazas que acudían dous días á semana pois pasen a ir un só día, e que a situación e os obxectivos para cubrir estes plans —que xa son difíciles— sexan máis complicados.

Dar exemplo a Xunta de Galicia tamén na propia Administración pública galega, por suposto que si, coa igualdade de trato que vimos reclamando, tamén, dende hai tempo; asegurando o acceso, a promoción aos postos de traballo e a provisión, tamén. E para iso, dentro das moitas propostas, destacamos que se garanta esa continuidade das oposicións, dos procesos selectivos, dese primeiro proceso selectivo que tivo lugar para as persoas con discapacidade intelectual —que nós valoramos de maneira positiva—, pero que se acaba sendo un feito illado

é completamente insuficiente. Co cal queremos reforzar ese compromiso non soamente na Administración pública galega, senón en todas as entidades instrumentais que a integran.

Unha vez que se supera ese proceso e se toma posición e se adquire a condición de funcionario, é importante que esas persoas que realizaron un tremendo esforzo para pasar eses procesos selectivos —e o Grupo Socialista felicitamos dende aquí, tamén, os que superaron ese primeiro proceso— non poñan un freo e non teñan que abandonar o seu posto de traballo porque non estea adaptado ás súas necesidades. Iso hai que garantínllelo tamén.

E para aqueles que superen os procesos selectivos e que acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade coas tarefas, ¿que facemos? Pois o mesmo que facemos con todos e con todas, señorías: crear unha bolsa de traballo temporal que si que é certo que é unha promesa incumprida dende hai moito tempo do Goberno galego, que se vén repetindo, que se vén dicindo que se está traballando niso, pero que hai que poñer en marcha de maneira inmediata.

O outro día dicíanos o conselleiro de Función Pública que eramos pioneiros. Non é certo que sexamos pioneiros, acaban de aprobar unha lei en Andalucía, unha lei pioneira que blinda estes dereitos, que converte en dereitos cuestións que aínda non estaban reflectidas como tales. Hai iniciativas importantísimas tamén noutras comunidades autónomas, como en Castela-A Mancha, que xa se puxeron en marcha no ano 2011.

Ademais de velar pola igualdade na propia Administración pública galega, o Goberno non pode seguir mirando para outro lado no que está pasando cos incumprimentos das cotas de reserva das empresas para as persoas con discapacidade. Hai que empezar polo básico, hai que garantir que se cumpren esas reservas de postos de traballo nas empresas e hai que facer avaliacións periódicas e exhaustivas da situación laboral que hai nos centros de emprego. Estamos constatando que hai unha altísima precariedade, moita máis que no mercado de traballo ordinario, cun propio convenio estatal que é moi inferior aos convenios sectoriais, e a Administración pública galega ten unha responsabilidade ao respecto e ten que poñer o foco tamén neste tema.

Nós somos conscientes de que a vixilancia do control da lei non é dabondo para modificar esta situación en que se atopan as persoas con discapacidade, en concreto as persoas con discapacidade intelectual. Polo tanto, hai que reforzar o papel do Servizo Público de Emprego. É fundamental, porque ata o de agora as persoas que lograron a través deste sistema incorporarse ao mercado de traballo son casos practicamente anecdóticos.

É hora, polo tanto, de comezar a facer unha política que non sexa improvisada, a establecer unha folla de ruta, tamén, en materia de emprego para as persoas con discapacidade, que teña como obxectivos emprego ordinario público e privado, emprego con apoio, o emprego protexido en centros especiais de emprego, en claves laborais, a formación para o emprego e o emprego autónomo. E vímolos solicitar nesta moción e que se poña en marcha, que se elabore e se poña en marcha de maneira urxente un plan de emprego para as persoas con discapacidade en Galicia, que se ten que realizar, por suposto, contando coas consellerías competentes, coas entidades de discapacidade, coa propia Fegamp, coas organizacións empresariais e sindicais.

Pensamos que entre todos e todas se deben reunir e nos debemos poñer de acordo para que ese plan sexa unha realidade. Un plan que deberá recoller aspectos importantísimos e que son claves dentro do mercado de traballo, tanto para o acceso ao mesmo como tamén para a súa promoción: a formación e a seguridade e a saúde no traballo, que son dúas cuestións claves.

Non pode ser a prevención de riscos laborais unha excusa para non integrar as persoas con discapacidade no mercado de traballo. E hai que paliar a dobre discriminación que sofren as mulleres con discapacidade, polo feito de ser muller —como sufrimos todas— e, tamén, polo feito de ter capacidades especiais.

Miren, señorías, para os socialistas a integración e a igualdade de oportunidades forma parte dos alicerces da nosa ideoloxía, diso que defendemos e daquilo que cremos.

Nós dende o PSdeG hoxe non lle imos pedir ao grupo maioritario desta cámara, ao Grupo Popular, que mude a súa ideoloxía, o que lle pedimos é que teñan a suficiente empatía para poñerse no lugar deses milleiros de persoas que están desexando traballar, que se atopan cunha tremenda frustración e aos que todos os días se lles nega o dereito a facelo simplemente por ser como son. O que lles pedimos para o seu voto a favor desta iniciativa é que transformen toda esa frustración acumulada en esperanza e en ganas de atopar un futuro e en ter unha autonomía persoal que levan reclamando a través das entidades, e eles mesmos de xeito individual, dende hai moito tempo.

E máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Este tipo de iniciativas seguen sendo moi necesarias, dado que non existe igualdade de oportunidades; é mentira esa premisa na medida en que colectivos como as persoas con diversidade funcional seguen tendo dificultades moi grandes de acceso ao mercado laboral. E tendo en conta que o emprego é nas nosas sociedades o principal factor de inclusión social, é evidente que é fundamental que a este colectivo...

**O señor PRESIDENTE:** Moito ruído. Moi molesto.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Si, efectivamente. Grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Si, moi molesto a quen está no uso da palabra.

Por favor, un pouco de silencio.

Prosiga.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Efectivamente, as políticas de inclusión no mercado laboral teñen moita máis necesidade en colectivos vulnerables coma este. Neste caso, o noso país,

como en tantos outros indicadores laborais, ten un déficit respecto do Estado, porque se a taxa de actividade entre as persoas con diversidade funcional na media estatal é do 35,2 %, segundo os datos do IGE de 2016, estamos no 27,8 % no noso país, encabezando o *ranking* nun indicador negativo. Hai que aumentar esa taxa de actividade para posibilitar, precisamente, a autonomía persoal.

Ademais, como xa ten sinalado a propoñente, a través do Servizo Público de Emprego o emprego xerado é residual. En Galicia realizáronse 575 contratos indefinidos a persoas con discapacidade a través deste servizo en 2016. Son datos do CES, non son datos de En Marea ou do PSdeG ou do BNG. Foron 1.311 empregos temporais, e en total contratáronse só a través deste Servizo de Emprego Público 1.113 homes con discapacidade fronte a 772 mulleres; é dicir, é irrisorio o que se contrata a través do Servizo Público de Emprego, e unha vez máis temos aí a fenda entre homes e mulleres, que neste colectivo, nas persoas con diversidade funcional, é certo que en canto á fenda salarial non é equiparable á fenda que existe a nivel xeral, ¿por que? Porque a taxa de actividade e a taxa de baixos salarios é ínfima en ambos colectivos, en homes e mulleres, é dicir, a desigualdade é a respecto do xeral.

Segundo Odismet, en 2015 realizáronse 14.296 contratos a persoas con discapacidade en Galicia, en 2016 houbo só 4.938 contratos específicos de discapacidade. Está aí tamén a fenda de salarios, que é a máis grave que xa citou a propoñente.

Pero é que ademais estes datos —e quixera facer fincapé nisto— son máis alarmantes no que respecta ás persoas con discapacidade por causa de enfermidade mental, ao que xa fixo referencia a voceira do PSdeG. Porque é que os propios datos da Consellería de Política Social indican que había en Galicia 29.814 persoas con discapacidade por enfermidade mental, das cales menos do 5 % —menos do 5 %— teñen emprego estable e deben loitar, ademais, contra esa estigmatización social.

Ben, por ir saltando, porque creo que antes se me comeu medio minuto, así que intentarei condensar. Os centros especiais de emprego, que son os que deberían posibilitar a inserción laboral nese mercado laboral ordinario, non están servindo para esta finalidade. É dicir, todos os fondos que pon a Administración pública para o fomento do emprego a través dos mesmos ao final non se ven nos datos de integración no mercado laboral normal. Unido ao feito de que na última década onde máis se potenciou o emprego foi nestes centros especiais de emprego —e como xa ten sinalado a propoñente o convenio colectivo dos centros especiais de emprego é menor que os convenios sectoriais de referencia—, temos que o resultado é que as persoas traballadoras dos centros especiais de emprego cobran 36 euros de media por día, fronte aos 47 de salario medio por día nunha empresa ordinaria. Por iso é tan fundamental e por iso nese sentido vai unha das nosas emendas de intentar —sabemos das dificultades das nosas propostas— que eses convenios dos centros especiais de emprego se igualem aos convenios sectoriais e, por outra parte, de impulsar programas de transición do emprego protexido ao réxime ordinario alí onde sexa posible.

Porque hai, ademais, outra circunstancia máis. Unha cousa é que eses centros especiais de emprego sexan xestionados por entidades de discapacidade e outra que haxa empresas multinacionais que utilicen os centros especiais de emprego para externalizar parte da súa pro-

dución para baixar os salarios. Iso non é tolerable e contra iso hai que pelexar, e de aí o noso apoio a esa medida de aumento da inspección laboral.

Polo tanto, se queremos a integración social das persoas con diversidade funcional, unha das premisas é a integración nese mercado laboral ordinario e tamén na Administración pública. Nese sentido En Marea tamén ten rexistrado iniciativas para que se cumpra con esas cotas de reserva, tanto na empresa privada de máis de 50 traballadores e traballadoras como na Administración pública. Aquí si teño que dicir, de todas as cores, que na Administración pública, nos concellos, na administración paralela non se está a cumprir, hai que garantir esa cota de reserva.

Logo, tamén, outro elemento fundamental é a necesidade da accesibilidade universal. É un obstáculo para poder ter as mesmas condicións tanto de acceso ao mercado laboral como — como sinalaba a propoñente— de permanencia no posto de traballo. Hai que garantir a accesibilidade universal.

E tamén deixamos para este medio minuto que nos queda a formación. Porque segundo datos do Observatorio da Discapacidade, o nivel de estudos da poboación con discapacidade en Galicia observamos —se miramos este nivel de estudos— que o 11,6 % acadou formación superior, isto está a 3,7 puntos da media do colectivo a nivel estatal, pero a máis de 23 puntos da poboación sen diversidade funcional. Por iso nós denunciemos tamén ese recorte nos programas de formación e por iso imos apoiar esta moción aínda que non se acepten as nosas emendas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi boa tarde.

Estamos a debater unha moción extensa, moi extensa, señora deputada do Partido Socialista, que como vostede ten dito noutras ocasións podía tratarse case dun programa electoral, e por iso non lle fixemos emenda, porque, efectivamente, poderíamos abordar aspectos que non están ou podíamos incluso matizar algún dos que si está, mais no que si coincidimos é en que é moito o que está por facer neste tema.

A pesar de que dende hai tempo se puxeron en marcha políticas dirixidas a facilitar o acceso do colectivo de persoas con discapacidade, con diversidade funcional, centros especiais de emprego, centros de ocupación, cotas no sector público e nas grandes empresas, bonificacións... —son moitos e diversos os aspectos—, isto supuxo un aumento das incorporacións á vida laboral destas persoas, mais, dende logo, non é satisfactorio; as taxas de actividade, de ocupación, seguen estando moi por debaixo do que sería desexábel, e a niveis moi distantes das persoas que non teñen este tipo de problemas.

Acceso escaso ao emprego, polo tanto altas taxas de desemprego, baixos ingresos. E as numerosas medidas legais postas en marcha aínda resultan insuficientes para dar unha batalla

eficaz a esta realidade. Existen numerosos incentivos á contratación de persoas con discapacidade que non deben —desde logo desde o punto de vista do BNG— considerarse ningún privilexio, senón un modo de compensar a peor situación de partida na que se encontra este colectivo.

E a pesar destas previsións legais segue existindo un importante grao de discriminación neste ámbito no que se refire á promoción da autonomía persoal no ámbito laboral, medido —como dicía— tanto pola taxa de actividade como polo nivel de desemprego.

No que se refire ao acceso ao emprego público, unha das principais reivindicacións en materia laboral desde hai tempo que realizan as diferentes asociacións e organizacións que traballan coa discapacidade é a reforma dos medios de acceso á función pública para garantir unha cota de reserva nos diferentes procesos selectivos. Sen este requisito é moi difícil, case imposíbel, que as persoas afectadas por algunha discapacidade poidan competir con persoas que non as padecen; na maioría dos casos as probas están baseadas en capacidades nas que se encontran en inferioridade de condicións, as súas capacidades resultan adecuadas para desempeñar determinadas funcións sempre que se protexan e se adapten estas circunstancias.

A cota de reserva no sector público non só constitúe unha importante bolsa de traballo para a discapacidade, senón para a lexitimación das políticas públicas. Entón, é importante que haxa esta reserva, pero non soamente pola reserva en si, senón polo que significa de espello que para a empresa privada tamén faga de efecto chamada.

Entón, é evidente que queda moito por facer e que se vai moi lentamente traballando neste sentido, co cal coincidimos en que hai que dar pasos con máis intensidade. E neste sentido cremos que hai que incorporar, e digo que non fixemos emendas, pero haberá que traballar nesa dirección.

Hai que incorporar, tamén, o tema na parte das listas de contratación, onde na Administración pública ese campo está por desenvolver con máis intensidade.

E o que é no sector privado, no ámbito laboral, é evidente que o traballo para as persoas afectadas por algún tipo de intensidade, se para as persoas en xeral supón un ámbito de realización, para estas persoas, se cabe, aínda máis, e trátase de que para elas sexa dunha maneira aínda máis intensa.

As posibilidades das persoas con discapacidade de encontrar emprego seguen sendo aínda máis reducidas e nunha parte moi importante das empresas ter que adaptar os postos de traballo supón unha barreira que unha parte moi importante non están dispostas a asumir, por iso que desde os poderes públicos hai que incentivar que iso sexa así. Que sexa así que nesas empresas con máis de 50 traballadores e traballadoras —que por lei teñen a obriga de facer reserva de prazas— que estean pendentes, que a inspección de traballo actúe neses campos. E por iso —insisto—, aínda que son moitas as cuestións que se recollen na iniciativa, ás que se suman as da emenda presentada por En Marea, é evidente que, aínda a pesar de todas as cuestións recollidas, aínda son moitas das que quedan aínda por traballar.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez-Vispo.

**A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Pois debatemos hoxe unha moción do Grupo Socialista, a consecuencia da interpelación do pasado pleno, sobre a política do Goberno galego en relación co acceso ao emprego público das persoas con discapacidade intelectual. Pero, en realidade, señora Blanco, é unha emenda á totalidade á política do Goberno galego nesta materia.

Unha moción que consta de 9 puntos e 19 apartados. Coincido con vostede, señora Prado Cores, en que máis que unha moción isto parece un programa electoral. Polo tanto, como vostede comprenderá, en cinco minutos non teño tempo de ir analizando todos eses puntos, pero o que si podo dicirlle, claramente, é que o que está a facer o Goberno galego en política de discapacidade ten resultados.

O certo é que o Goberno galego deixou ben claro aquí cando estivo o conselleiro de Facenda neste hemiciclo e nos dixo que non ten outro obxectivo que o de que as persoas con discapacidade teñan cada vez máis oportunidades de entrar a traballar.

Quero lembrarlle que o actual Goberno si que foi o primeiro que impulsou unha convocatoria de emprego público para o colectivo con persoas de discapacidade intelectual, o acordo foi firmado con Fadema e Down Galicia o ano pasado, en marzo de 2016.

Aquí, o mesmo conselleiro de Facenda ofreceu asistencia da Xunta a calquera concello de Galicia que se interesase por facer o mesmo. O concello de Ourense, gobernado polo Partido Popular, xa se puxo en contacto coa Consellería de Facenda para reservar postos de traballo na próxima OPE para persoas con discapacidade. En concellos onde governa o Grupo Socialista, non sabemos; máis aínda, a Deputación de Ourense manifestou tamén o seu interese por este tema. Na Deputación de Lugo, da Coruña e Pontevedra, onde vostedes gobernan, ¿interesoulles o tema? Tampouco o sabemos.

Unha cousa é predicar, señora Blanco, e outra dar trigo. E se a vostede lle parecer vergoñento e insostible, ten razón, pode ser vergoñento e insostible, pero dígallo, tamén, aos alcaldes do Partido Socialista que gobernan en concellos de Galicia e non contratan persoas con discapacidade. (*Aplausos.*)

Unha das prioridades da Xunta é o impulso do emprego. Inclusive en todos os programas do apoio do Goberno galego en materia de emprego, as persoas con discapacidade contan cunha maior intensidade de axuda, un 25 % máis. Ademais, hai medidas específicas para o fomento de emprego, medidas para seguir reforzando os centros especiais de emprego e os traballos

na empresa; este ano, por exemplo, contan cun orzamento de 14 millóns de euros, cantidade que non é nada desprezable.

As persoas con discapacidade teñen preferencia nos cursos de formación para traballadores desempregados e reciben unha bolsa de asistencia, e a Xunta tamén conta con iniciativas para apoiar as entidades sen ánimo de lucro que representan as persoas con discapacidade. Entre estas axudas podería citar a contratación de orientadores laborais e axentes de emprego, os programas integrados de emprego ou os programas de cooperación, co obxecto, precisamente, de facilitar a inserción laboral das persoas con discapacidade; insuficientes, seguramente si, ten razón, ten que haber moitas máis. Pero estas medidas, como lle dicía ao principio, están a dar resultados. Segundo o INE, en 2016 había un 26 % máis de persoas con discapacidade oficialmente recoñecidas como activas que en 2009. De feito, a taxa de actividade ten crecido en case cinco puntos nos dous últimos anos. Aínda que ten razón, que é baixa, pero nos dous últimos anos —repítolle— creceu cinco puntos.

Así mesmo, as persoas con discapacidade rexistradas nas oficinas de emprego redúcense case un 9 % dende o ano 2014. Por outro lado, tamén o ano pasado se firmaron máis de 18.000 contratos con persoas con discapacidade e máis da metade foron a tempo completo. Estes son os resultados das políticas do Goberno de Feijóo que a vostedes non lles gustan, pero eu creo que ás 18.000 persoas que están contratadas grazas a estas políticas si lles parecen correctas.

Eu voulle dar máis datos. Entre 2009 e 2017 duplicáronse o número de contratos asignados coas persoas con discapacidade, e crecen tanto os contratos indefinidos, máis dun 30 %, como os contratos a tempo completo, máis dun 71 %.

Pola contra —sei que isto non lle vai gustar, pero é a realidade—, durante o Bipartito os contratos con estes colectivos reducíronse un 4 %, e a caída dos contratos indefinidos e a tempo completo aínda foi maior, reducíronse nun 21,5 % os primeiros e nun 6,7 % os segundos.

Polo tanto, deixe que o Goberno galego siga a aplicar estas políticas que dan resultados e non as súas, que pola experiencia que temos non os dan moi bos.

Sería bo para todos recoñecer o que se está a facer ben, e tamén apoialo. Nós pensamos que as persoas con discapacidade o que queren é que se lles resolvan os seus problemas e nos deixemos de liortas políticas e de colocarnos medallas. O importante é avanzar neste tema, avanzar todos xuntos. E é certo que iamos con certo atraso respecto doutras comunidades, pero o que tamén é certo é que polo ritmo que levamos quizais nos convertamos nos primeiros da táboa.

Señora Blanco, as persoas con discapacidade de Galicia necesitan políticas de emprego...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ:** ...—Remato, señor presidente—, e niso se está a traballar, pero o que necesitan, e por iso non imos apoiar esta iniciativa, non son as políticas de emprego do Partido Socialista, que todos sabemos a onde nos levan.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Grupo autor da moción, señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Por comezar polo construtivo, agradecer aos grupos da oposición o apoio a esta iniciativa. Imos aceptar a emenda de En Marea, porque entendemos que si que hai unha discriminación a respecto dos convenios entre os centros especiais de emprego e os convenios sectoriais, como comentaba antes, e porque hai unha dificultade, unha certa dificultade, na transferencia dende eses propios centros de emprego aos centros de emprego ordinarios.

Señora Rodríguez-Vispo, xa llo dixen pola mañá, pero vólvollo repetir ao grupo Popular, nós non nos alegamos cando as cousas van mal, nós non somos os que hoxe dicimos: deixemos que caian que xa as levantaremos. Non o diga vostede con ese sorriso dos datos do Bipartito. Porque vostede vén aquí dicir que xa se ve nos resultados, xa se ve nos resultados. Pois hai unha taxa de actividade en Galicia menor dun 18 %, un 18 % menor a respecto do 2009. ¿Iso é para sentirse orgullosos? (*Aplausos.*) ¿Iso é para que veña aquí o Grupo Popular presumir da súa política en materia de emprego para as persoas con discapacidade? E eu, a verdade, é que hoxe non quería falar de Ourense.

Pero xa que vostede sacou o tema, para un día que eu non quero, a Deputación de Ourense e o Consello de Ourense. Bueno, supoño que hoxe viu como todos os informes do Consello de Contas marcaban todas as irregularidades que hai nas contas destas dúas entidades, e, claro, a verdade é que vostedes, que sempre falan moito da política social dos outros concellos, das outras provincias, eu tiña ganas tamén de que falaran aquí un pouco da cidade de Ourense, e que na próxima intervención si lle coincide —e lle vén ben— que nos veña explicar por que esa concellería agotou o seu orzamento a toque de mes de maio, que é a primeira vez que pasa na historia do Concello de Ourense, a primeira vez, deixando sen cubrir servizos básicos para toda a cidadanía e xerando un problema tamén con todas as entidades. E podemos falar en materia de discapacidade, porque soe ser casual e pasa sempre coas entidades locais. A miña compañeira, a señora Rodríguez Rumbo, teno denunciado en numerosas ocasións aquí, que —¡oh, casualidade!— os que primeiro se enteran desas axudas que hai para persoas con discapacidade son a Deputación de Ourense e o Concello de Ourense, que estou convencida de que tamén os conselleiros deste Goberno chamaron a todos os alcaldes e alcaldesas socialistas a un ano das municipais para que se poñan as pilas.

En materia de discapacidade, ao Concello de Ourense recoméndolle unha cousa, señora Rodríguez-Vispo —vostede que é de Ourense—, saia ás beirarrúas e mire como están, mire os semáforos que hai en Ourense, se están adaptados ou non, e despois veña aquí falar de discapacidade nesa cidade que, dende logo, non é —nin moito menos— accesible.

Si, esta é unha iniciativa extensa, por suposto que si, posto que o problema é grandísimo e abrangue diferentes ámbitos que temos, que eu comentei na miña primeira intervención;

quizais sexa un programa político, si. Do que si que estou convencida é de que, por suposto, é un programa político completamente diferente ao que ten posto en marcha o Partido Popular e ao dun partido e ao dunha dereita que nunca creu —nin imos pretender agora que crea— na igualdade de oportunidades. Porque vostede vén aquí dicir que rexeita unha iniciativa sen dar motivos concretos sobre ningunha das cuestións que plantexamos, como por exemplo este plan de emprego, que é súper necesario. Pero para vostedes, para o Partido Popular, non é necesario coa peor taxa de ocupación de toda España, non deu nin un só motivo nin entrou a falar da iniciativa, veu aquí —como soe ser habitual— falar dos concellos, e neste caso poñer en valor...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** ... a Deputación de Ourense e o señor Baltar, ¡que xa hai que ter valor! Pero bueno, imos seguir insistindo neste tema, porque realmente cremos que é necesario e que a situación —repito— é gravísima e é vergoñenta.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

#### ***Votación das mocións.***

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

Antes de pasar á votación, e a raíz do debate que se acaba de producir, eu teño a ben darlles unha boa nova, e é que este Parlamento xa ten convocada unha praza de uxier á que soamente se van poder presentar persoas con discapacidade intelectual, e en breve sacaremos unha praza de bolseiro á que soamente se van presentar persoas con discapacidade, para todos en xeral. (*Aplausos.*)

É unha boa nova porque posiblemente nos imos converter no primeiro Parlamento de España que fai isto, penso. Polo tanto, mérito do Parlamento, mérito de todos.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla.

Foi aceptada como engádega a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*Votación do texto transaccionado da Moción do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listas de espera non estruturais do Sergas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Noa Presas.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista que foi aceptada. Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co investimento en Galicia previsto no Proxecto de orzamentos do Estado para 2017, así como os traballos e as conclusións da Comisión de Seguimento dos Orzamentos do Estado.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de dona Noela Blanco.

Foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea. Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acceso ao emprego público das persoas con discapacidade intelectual.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Remataron as votacións. Abran as portas, por favor.

Continuamos co punto 5 da orde do día, de proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Vázquez Veroa e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa prestación de asistencia persoal para garantir o dereito á vida independente das persoas con diversidade funcional**

**O señor PRESIDENTE:** Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Popular.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada Montserrat Prado Cores e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*«Substituír no punto 3 apartado a) «2017» por «2018».*

*Emenda de adición.*

*Engadir un novo punto co seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a dirixirse ao Goberno español para demandarlle o pago dos máis de 150 millóns de euros correspondentes aos recortes acumulados con Galiza, derivado da aplicación do RD-L 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade.»)*

*(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:*

- 1. Incrementar as contías económicas da prestación de asistencia persoal.*
- 2. Que no seo do grupo de traballo creado no IMSERSO en relación á prestación de asistencia persoal siga traballando para mellorar dita prestación.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Grazas, presidente.

A vida independente, a modo de definición, é unha filosofía e un movemento de persoas con discapacidades que traballan pola igualdade de oportunidades, dignidade e autodeterminación. A vida independente non significa que non necesitemos a ninguén, que queiramos facer todo sós, ou que queiramos vivir illados. A vida independente significa que queremos o mesmo control e as mesmas eleccións na vida cotiá que se dan por sentado ás nosas irmáns, aos nosos veciños, ás nosas amigas sen discapacidade.

*«Queremos medrar nos nosos fogares coas nosas familias, asistir á escola do vecindario, viaxar no mesmo autobús, ter un emprego axeitado cos nosos estudos e habilidades; sobre*

todo, e como calquera outra persoa, precisamos dirixir as nosas vidas, pensar e falar por nós mesmas.» Se comezamos con estas palabras de Adolf Ratzka é porque traemos hoxe a voz dun colectivo de persoas con diversidade funcional, que nos propuxo a todos os grupos da Cámara —recollendo as reivindicacións de VIGalicia, que é a oficina de vida independente de Galicia, e que está hoxe na tribuna e a quen saudamos— retomar a aposta do Parlamento de Galicia pola filosofía da vida independente, pasada xa unha década dende un acordo unánime neste Parlamento, que instou a Xunta a pór en marcha un servizo de asistente persoal en Galiza, como apoio para a vida independente das persoas con diversidade funcional, para aquelas que precisan axuda para as tarefas cotiás.

Naquela altura o que aprobamos foi implantar un servizo de asistencia persoal e asistencia tecnolóxica de xeito progresivo ás persoas con diversidade funcional de ámbito galego, iniciar o proceso coa participación dos colectivos implicados, que se rexen baixo os principios de actuación do modelo de vida independente, e habilitar, así mesmo, as partidas necesarias para levar a cabo este proxecto.

Pois ben, ao longo deste ano 2017 VIGalicia púxose en contacto con todos os grupos parlamentarios para evidenciar o exiguo do sistema de asistencia persoal no noso país. O mandato parlamentario, pois, non se cumpriu, o sistema non garante a vida independente, e é así porque non cobre todas as necesidades de todas as persoas, nin tampouco respectou a participación dos colectivos promotores no desenvolvemento do proxecto.

A vida independente é —como dicía unha filosofía que se propugna para as persoas con diversidade funcional— o dereito a exercer o maior control posible sobre as súas vidas, permitíndolles, pois, o pleno exercicio dos seus dereitos cidadáns e a integración na comunidade. Trátase, polo tanto, de dereitos humanos, e son dereitos humanos que a propia comunidade internacional reconece. Dese xeito, e neste mesmo ano do 2017, a ONU vén de sinalar que os estados deben deseñar arranxos e servizos de apoio que dean ás persoas con discapacidade a posibilidade de elixir exercer o control de forma directa. Vén reafirmar esa filosofía da vida independente, que se basea, por suposto, no valor da persoa, con dereito a decidir sobre a súa vida, e a plena participación social, independentemente das súas condicións.

Falamos de dereitos humanos, falamos de que non se pode permitir que o corpo e a diferenza sirvan de xustificación para a desigualdade social. Non se pode permitir que o corpo e a diferenza sirvan para que o exercicio pleno de cidadanía estea coartado a determinadas persoas. Neste sentido, é certo que a defensa dos dereitos das persoas con diversidade funcional ten aí unha loita interseccionada co feminismo, o corpo non pode marcar unha posición de desigualdade social.

As persoas con diversidade funcional, como toda persoa, son suxeitos de dereitos, non obxectos de políticas de integración; son suxeitos e como tal a sociedade debemos de tratalas, en lugar do enfoque asistencialista que as vitimiza, que as considera débiles, pasivas, asexuadas; en resumo, que as releva á condición case de non cidadás.

Se somos cidadás, todas e todos temos os mesmos dereitos, e por certo que as prazas que este Parlamento pon á disposición das persoas con diversidade funcional, neste caso con

discapacidade intelectual, non son unha dádiva que hai que aplaudir, non son unha dádiva, son un dereito.

A figura, entón, de asistente persoal é unha figura que posibilita este dereito de plena participación na cidadanía. Asistente persoal é quen na súa xornada laboral facilita á persoa usuaria con diversidade funcional o desenvolvemento das tarefas da vida cotiá, que lle permiten desenvolverse autonomamente a todos os niveis, dende a vida laboral, á cívica ou á política. Así, as asistentes persoais proporcionan axuda para as actividades que as persoas con necesidades de apoio xeneralizado non poden desenvolver por si mesmas, dende os cambios de postura ata o aseo, algo tan fundamental.

Esta figura foi recoñecida a nivel internacional, a propia ONU, nas «Normas uniformes para a igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade», recoñece esta figura. A propia chamada Lei de dependencia tamén recoñece esta figura, por certo con presión dos colectivos a prol da vida independente, pois non tiña previsto o seu recoñecemento.

Tamén sobre o papel o Parlamento de Galicia hai dez anos apostou por esta filosofía de vida independente. ¿Que sucede? Que sobre o papel as cousas quedan moi ben plasmadas, pero logo, na materialización da figura de asistente persoal, deturpouse o proxecto orixinal.

Non dá tempo xa, quedan cinco minutos, a afondar na cronoloxía e descrición dos feitos, que resumiremos dicindo que entre 2005 e 2006 se presenta á Xunta un proxecto titulado «Unha opción de asistencia persoal para mulleres e homes con diversidade funcional en Galicia» por parte do Foro de Vida Independente, e algunhas das persoas promotoras están hoxe aquí.

Presentouse ante a Xunta este proxecto piloto, con grande retraso foise desenvolvendo, e en 2007 o Parlamento dálle un respaldo asumindo o proxecto e poñendo en marcha a finais dese ano a Xunta o proxecto piloto.

Impulsose, pois, a asistencia persoal na carteira de Servizos Sociais da Xunta, si, impulsose, pero de xeito parcial e insuficiente. Desvalorización do proxecto orixinal, afastamento das persoas promotoras para dar protagonismo a outros autores, excesiva burocracia na xestión, limitación horaria, improvisación, tardanza... En fin, son algunhas das eivas e atrancos que foron aparecendo no camiño, e no 2008 o propio Foro pola Vida Independente avaliou o proxecto e estimou que non se cumpría o acordado polo Parlamento.

Así, a realidade actual da prestación non se corresponde co modelo de vida independente validado polas comunidades que apostan por este sistema. Imos concretar en datos, das corenta horas mínimas semanais das que se falara naquela proposición non de lei do Parlamento, pasouse a trinta horas semanais mínimas, cun máximo de 1.300 euros ao mes, máis un complemento —si— de cento sesenta e oito horas que permitirían chegar a esas corenta horas semanais. ¿Que sucede? Que só de xaneiro a novembro este é o complemento financiado polo Fondo Social Europeo.

Así, as persoas que propugnan o modelo de vida independente estiman que o mínimo para unha prestación digna serían sesenta horas semanais. Con corenta horas á semana, a persoa



que precisa asistencia para todas as súas actividades —estamos a falar de persoas que precisan asistencia en todas, non nalgúnhas, en todas e cada unha das súas actividades—, poñamos que a xornada laboral dunha persoa sexa de trinta horas á semana, cinco horas por día durante seis días, o que supón é que esa persoa pase un día na cama sen erguerse. Esta prestación púxose en marcha sen ter en conta que as persoas deben de ter un horario de traballo digno, e sen ter en conta que as horas en domingo se pagan dobre.

Así pois, non se fixo un sistema adecuado á realidade social, non se fixo un sistema adecuado aos descansos das persoas traballadoras, nin ao feito de que en domingo a hora se paga, evidentemente, dobre.

Entón, para aquelas persoas que precisan asistencia todos os días da semana poder dispoñer de dúas persoas asistentes en condicións laborais decentes de salario e tempo de traballo requiriría, como digo, un mínimo de sesenta horas semanais. Isto é posible, isto faise, por exemplo, na Comunidade de Madrid, non estamos pedindo imposibles.

A Xunta cando se lle demandou esta cuestión sempre alegou insuficiencia orzamentaria, sempre. ¿Pero que sucede? Que con pouco esforzo investidor se poderían cubrir as necesidades. ¿E por que? Porque as persoas destinatarias deste modelo de asistencia persoal son persoas con gran diversidade funcional, que precisan axuda para todas as actividades da vida cotiá. Son persoas tecnicamente que precisan dependencia de axuda complementaria e atención personalizada. Cada unha das persoas, en xeral, ten máis dun 65 % de grao de discapacidade recoñecido, e segundo os propios datos da Xunta se se comezou o proxecto piloto con 40 persoas no 2008, e se en 2016, como nos recoñeceu a Xunta nunha pregunta de En Marea, só había 87 persoas, vemos que é un colectivo pequeno, que con poucos fondos se pode aumentar a calidade de vida, e sobre todo o dereito a decidir destas persoas.

Ademais, a propia Xunta díxonos que só foran 29 as persoas que pediran os servizos complementarios de asistencia persoal. Deste xeito, a Xunta sinalounos que no 2016 o custo da prestación en total fora de 1,6 millóns de euros, ¡1,6 millóns de euros! ¿Sabem canto custou o Cegadi, que aínda non está rematado? Trece millóns de euros. É dicir, case unha década de prestacións de asistencia persoal poderían ter mellorado cun centro que é practicamente, neste momento, unha mole de cemento.

Así pois, non é unha cuestión de fondos, é unha cuestión de modelo, é unha cuestión de modelo e de apostar pola autoxestión da vida por parte das propias persoas con diversidade funcional. Ademais, é que o sistema de asistencia persoal ten moito maior retorno á sociedade, tamén no que ten que ver con ingresos para o Estado a través das cotizacións sociais. Ten máis retorno que o modelo asistencialista en centro, e ten moito máis retorno, o que pasa é que ten menos capacidade de facer negocio con el; así, como digo, é unha cuestión de modelo, de dereitos.

E quero rematar esta intervención coas palabras da propia VIGALICIA, Oficina de Vida Independente de Galicia: «As persoas con diversidade funcional que dependen doutras persoas para as súas actividades da vida diaria adoitan atoparse en situación de exclusión, derivadas da dificultade para ter o control das súas vidas, e con demasiada frecuencia non teñen máis

alternativas que verse confinadas en residencias ou nun modelo de reclusión familiar que xera dependencias bidireccionais e grandes custos de oportunidades sociais e económicos; as persoas con diversidade funcional que queiran ter unha vida independente, posto que a vida ten un gran valor. Todo ser humano debe dispoñer das oportunidades e alternativas necesarias para que poida decidir sobre os asuntos que afectan a súa vida. Ao ser a diversidade funcional un feito inherente ao ser humano, ha de entenderse como unha manifestación máis da diversidade humana, que debe afrontarse dende a óptica dos dereitos civís e dos dereitos humanos, que debe afrontarse dende a óptica de que todas as persoas, sexan como sexan, deben ter os mesmos dereitos, a plena disposición das súas vidas.» (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Grazas, presidente.

Moi boa tarde.

Hai, efectivamente, unha década a miña compañeira —á aquela altura deputada— Modesta Riobó tamén comezaba a súa intervención saudando as persoas que estaban na tribuna, tamén de VIGalicia, dicindo que saudaba atentamente, e leo textualmente: «É fácil que todas e todos comprobemos como a pesar das medidas e das leis que se promulgaron ao longo dos últimos anos, medidas e leis que pretenden ser a garantía para que as persoas con discapacidade ou diversidade funcional poidan vivir con plenitude de dereitos e poidan participar da sociedade en igualdade de condicións, resulta evidente que aínda hoxe na nosa sociedade prevalecen as desigualdades.».

Esta proposición non de lei pretende un acordo básico para a normalización, para a integración social e para a vida independente das persoas con diversidade funcional que precisan asistencia persoal. E, efectivamente, conseguíuse un acordo básico, pretendíase á aquela altura que fora un acordo básico e que fora un punto de partida, e desgraciadamente dez anos despois estamos case nese punto de partida.

As persoas que...—estou mirando porque pensei que estaba a señora Rodríguez Arias e que ía intervir neste punto, porque é a que leva estes asuntos, e non a vexo, entón rectifico—. Ía dicir que desas persoas que estaban naquel debate hoxe só estaba a señora Rodríguez Arias, pero non a vexo.

Dicía que, desgraciadamente, estamos case no mesmo punto de partida e non é bo que esteamos no mesmo punto de partida. Á aquela altura acababa practicamente de aprobarse a Lei de promoción da autonomía persoal, a Lei 39/2006, e cando os membros de VIGalicia se reuniron, neste caso, co Grupo do BNG unha das cousas que nos trasladaron foi que unha das dificultades constatadas era a inadecuada práctica observada de que se estaba poñendo moito o acento en que esta Lei 39/2006, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia —a pesar de que era unha lei de promoción da autonomía persoal—, poñía moito o acento na atención á dependencia e pouco na promoción da

autonomía persoal. Foi unha das cuestións sobre as que estivemos a analizar e en que había que poñer máis esforzos na promoción, precisamente, da autonomía persoal, e que para facer ese esforzo eran necesarios recursos, vontade política, cambiar as tornas; sobre todo, eran necesarios recursos.

E dentro da documentación que nos trasladaron, unha das cousas era a definición de que é vida independente. E é esta definición para as persoas con diversidade funcional e a ideoloxía que anima ao acceso ao conxunto de recursos humanos, materiais, sociais e políticos que lles permiten obter e exercer o maior control posíbel sobre as súas vidas equiparándoas ao resto de cidadáns.

Como corrente de pensamento fundaméntase nos principios de liberdade, xustiza, autode-terminación, control, equidade, autoestima e empoderamento. Pola súa natureza, baseado no chamado modelo social da discapacidade, busca cambiar cultura social e política da sociedade, aínda asentada no asistencialismo, o modelo médico rehabilitador, a dependencia, a preeminencia profesional sobre o individuo, que se enfronta a toda forma de exclusión e opresión desde o colectivo.

E por iso hoxe presentamos a esta iniciativa de En Marea —que imos, evidentemente, apoiar— unha emenda técnica, porque é unha iniciativa presentada hai tempo e fai referencia aos orzamentos do Estado para o ano 2017, e presentamos unha emenda técnica que os plantexa para o ano 2018. E outra emenda que fai referencia á débeda por parte do Estado con Galiza, acumulada, que fai referencia a que se nos deben, como mínimo, 150 millóns de euros do Estado, que pola aplicación do Real decreto 20/2012 se fixeron toda unha serie de recortes orzamentarios que acumulados supón que se nos deben máis de 150 millóns de euros. Co cal se o Estado lle paga a Galiza eses 150 millóns de euros, queremos que se nos paguen e que se poidan aplicar, entre outras cousas, ás cuestións que explicaba a deputada de En Marea para implementar medidas para fomentar esa vida independente.

Evidentemente, non son suficientes, son necesarios máis recursos, pero é evidente que ademais da vontade política —que é o primeiro paso— logo son necesarios recursos para poder implementar esas medidas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez-Vispo.

**A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde de novo.

Tamén quero saudar os representantes de Vigalicia que nos acompañan desde a tribuna.

Debatemos agora unha iniciativa de En Marea sobre o dereito á vida independente para as persoas con diversidade funcional, e vaia por diante que dende o Grupo Popular ninguén cuestiona este dereito. Máis aínda, estamos de acordo na necesidade da figura do asistente persoal, que xa a señora Vázquez describiu perfectamente e non vou entrar a repetilo.

A libranza da asistencia persoal está destinada a contribuír á cobertura dos gastos derivados da contratación dun asistente que facilite ás persoas que teñen unha situación de dependencia o acceso á educación e ao traballo, así como, tamén, a promover unha maior autonomía nas actividades da vida diaria, facilitando, deste xeito, a incorporación á vida social e económica. E Galicia sempre defendeu e sempre defenderá este dereito, e tamén defendeu e incrementou esta prestación.

Vostede fixo máis ou menos unha historia ata o ano 2008, e por non repetirme eu quérolle comentar o que sucedeu a partir do 2009. No ano 2010, por exemplo, esténdese ás persoas en grao 2 a nivel estatal, a lei contemplábase inicialmente só para o grao 3, para que deste xeito se poida chegar a unha axuda que sexa de 1.300 euros ao mes. Tamén se rebaixa o máximo de intensidade de horas a xustificar a cento vinte horas por mes, que antes eran cento sesenta, posibilitando, así, que se perciba a contía máxima da prestación cunha menor intensidade das horas. No ano 2012 incrementábase de novo ata chegar a 1.495 euros, e no ano 2013 ampliábase esta prestación tamén para o grao 1.

Pero deixando a un lado o debate sobre se a intensidade das axudas é suficiente —que nós pensamos que nunca o é—, o esforzo que está facendo Galicia está moi por riba do resto das comunidades autónomas. Na provincia que máis usuarios ten —Guipúscoa— a media da prestación é de 300-400 euros —aquí son 1.500—. Isto só varía nalgunha comunidade autónoma, que é certo que conta con experiencias piloto —como das que se falaba aquí do acordo do ano 2007— dende hai máis de dez anos. E estas experiencias piloto contan cun número moi reducido de usuarios, e neste caso non se trata dun dereito adquirido por toda a poboación, xa que se trata dun servizo concedido para un grupo reducido de usuarios, e nós queremos que o poida desfrutar todo o mundo, non só un grupo determinado.

E a asistencia persoal en Galicia a través do Decreto 149/2013, onde se crea a carteira de servizos de Asistencia Persoal —como dicía—, configúrase en Galicia como unha prestación profesional, porque debe garantir un proxecto de vida independente a través dunha prestación que permita a viabilidade deste proxecto; polo tanto, vai moito máis aló da figura do coidador ou coidadora en si mesma. E é importante salientar que en Galicia o 100 % da demanda idónea está cuberta.

Nós últimos datos do Informe do Observatorio da Dependencia Galicia está por riba en porcentaxe de prestacións prestadas a través dos servizos cun 74,7 %. Mentres outras comunidades como Andalucía, cun 71 %, que ademais o 30 % é teleasistencia; Extremadura, cun 70 % —á señora Blanco moléstalle, pero son os datos, e os datos do Observatorio da Dependencia—; e Castela-A Mancha, cun 78 %. E no informe dise sobre Galicia —e leo textualmente—: «*Ha optado por la prestación de servicios, fundamentalmente, de ayuda a domicilio en este último año y esto ha generado casi 2.000 empleos directos nuevos en el sistema*». E ademais nós estamos, desde logo, abertos a calquera mellora no sistema de dependencia, pero sempre

que se siga nesta liña, a da profesionalización, porque entendemos que o que queremos é ter servizos de calidade e xerar tamén emprego de calidade.

Dende o Grupo Popular —como dicía ao principio— estamos a favor da asistencia persoal profesional como un mecanismo de apoio para poder garantir a autonomía das persoas con diversidade funcional. E nese sentido vai a nosa emenda, instando a Xunta de Galicia a incrementar, primeiro, as contías económicas da prestación de asistencia persoal, que —como vimos de dicir— non é suficiente. E é verdade, señora Vázquez Verao, que existen algúns aspectos que hai que mellorar, sen dúbida; entre outros —por non citar todos—, respecto da autoxestión da que vostedes tamén demandan e que pide vostede no punto 2 da súa iniciativa, e que hoxe en día é incompatible coa lexislación laboral estatal. Por iso na nosa emenda nós incluímos no punto segundo que no seo do grupo de traballo creado no Imsero, en relación coa prestación da asistencia persoal, se traballe para mellorar a dita prestación nestas eivas que ten.

Respecto do punto 3 da iniciativa que presentan, e tamén fai referencia á emenda do Bloque Nacionalista Galego, recordarlle que sobre este tema hai un acordo acadado por unanimidade neste hemiciclo hai tres meses, en outubro de 2017. E este acordo foi trasladado ao Goberno no seo da Comisión de Análise da Situación Actual do Sistema para a Autonomía e de Atención á Dependencia. Galicia trasladou as súas propostas e o Consello Territorial aprobou recuperar o financiamento no ano 2012.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ:** Polo tanto —remato, señor presidente—, señores do BNG, o que piden na súa emenda xa foi aprobado.

E, polo tanto, só me queda dicir que estamos totalmente a favor de axudar as persoas que demandan os seus dereitos, pero a lexislación hoxe por hoxe é incompatible a nivel estatal.

Esperando que conte co seu apoio a nosa emenda, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Bueno, en primeiro lugar, permítanme saudar os membros de VIgalicia e os outros convidados que están agora xa aquí na tribuna invitados. «A verdade é que o Partido Popular quere axudar», creo, señora Rodríguez-Vispo, que esa expresión xa o di todo, iso soou a caridade, non soou a dereito consolidado que a propia Lei de dependencia... *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, posta en marcha por un goberno socialista. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, si. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

E eu sei que a vostedes non lles gusta. A verdade é que vir aquí dicir que vostedes sempre defenderon a Lei de dependencia é que a min —case me vai permitir a expresión a estas horas

da tarde— me arrepiá un pouco escoitalo. Porque os datos do propio Observatorio —que eu tamén teño o informe aquí do ano 2017— estiman que nos últimos cinco anos houbo 150.000 persoas neste país que faleceron cun dereito recoñecido e sen percibir esa axuda. A taxa é de 90 persoas ao día, nin máis nin menos. ¡Menos mal que defendían e que cren nesta lei!

Atrasos aos que hai que sumarlles os retallos acumulados do Real decreto de 2012 de 3.734 millóns de euros. A diminución do financiamento das comunidades autónomas, que leva un montón de tempo dicindo que trasladaron ao 50-50. Nós non sabemos se é que o señor Feijóo non ten ningún tipo de peso en Madrid ou é que directamente non lle fan caso, porque a realidade é que agora mesmo a aportación das comunidades autónomas é de media un 17 % do Estado e un 83 % das comunidades autónomas. Dende xullo de 2012 a decembro de 2016 unha perda acumulada de 2.200 millóns de euros.

Imos contar agora a perda acumulada en creación de emprego, en recadación directa da Seguridade Social, en IRPF, en IVE, en imposto de sociedades: 900 millóns de euros. Desperdicio de 78.000 postos de traballo, señora Rodríguez-Vispo, que se podían ter creados.

Nese gran puzzle da precariedade en que converteu a dereita a Lei da dependencia, as prestacións de asistencia persoal son unha peza máis —como xa se dixo aquí—. E son importantísimas, posto que garanten a liberdade de oportunidades e liberan as mulleres de ocupar o papel histórico de coidadoras ao que nos teñen relegadas. E están a proporcionar esa liberdade social e a emancipación das persoas, que é importantísima. Son unha fonte tamén de creación de emprego directo con gastos ínfimos de xestión, de maneira que o 98 % do investimento acaba repercutindo directamente en emprego.

Falamos dun emprego social, un emprego flexible, profesional e completamente adaptable ás necesidades destas persoas. E permite —una cousa que é fundamental e da que falabamos na anterior iniciativa— que se poida acceder, tamén, ao emprego en igualdade de oportunidades.

É ademais economicamente máis rendible e eficiente. Isto, dende logo, señores do Partido Popular, non lles interesa, porque iso permitiría un aforro de 30.000 euros anuais por persoa respecto das residencias privadas. Pero, claro, entón a Fundación San Rosendo deixaría de ter a panacea que ten montada con todas as residencias privadas e a Xunta de Galicia de derivar persoas maiores alí. Acabaríase o negocio, por iso non lles gusta, aínda que queren axudar, como dixo vostede, señora Rodríguez-Vispo.

A pesar destes beneficios, esta prestación —que deba servir de soporte para a vida independente— é exígua e non permite —como xa se dixo aquí— máis dun límite de horas que ronda as 40 horas por semana, sen ter en conta as peculiaridades de cada unha das persoas usuarias, que superan en moitos casos as 60 horas.

Ademais, cómpre que a cualificación profesional sexa básica, sexa xeneralista e sexa libremente escollida polo usuario. Esta é unha cuestión fundamental, porque as necesidades formativas afianzadas deben afianzarse na cotidianidade deses coidados, non na teoría. Non ten por que ser unha formación estritamente regrada, o que ten que ser é concisa e funcional e que sirva de apoio para esas persoas. Hai unha clarísima insuficiencia orzamentaria, que converte este sis-

tema nunha emulación do de axuda a domicilio. Non se permiten neste ámbito, e da maneira en que están concibidos os proxectos de traballo, de estudos ou de participación social, que son tan importantes, e está condenando a estes cidadáns e cidadás, a pesar da axuda que vostedes queren prestar, a un endémico estado de carencia e de precariedade, esa é a realidade, ao coidado nunha contorna das súas familias, que en moitos casos se trata de persoas maiores. Polo tanto, nós, señora Vázquez Verao, imos apoiar esta iniciativa e lamentamos que non saia adiante.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Aínda aspiramos a que saia adiante, porque temos ata mañá para intentar buscar unha transacción, pero antes de nada quixera sinalar unha cuestión que esquecín antes e que é moi importante.

Falar da autoxestión das prestacións é recoñecer que as persoas con diversidade funcional non teñen por que ser visualizadas nun conxunto, como habitualmente facemos neste Parlamento, cunha soa voz, cunha voz común. Non teñen por que ser só as entidades que traballan no eido da discapacidade a súa voz, porque esta simplificación nega a diversidade do colectivo e nega as necesidades diferentes en función das diversas capacidades de cada persoa. A discapacidade non é unha categoría homoxénea, hai gran diversidade de tipos e de afectación funcional. É por iso que é moito máis necesario que ese programa de asistente persoal se adapte ás necesidades de cada individuo.

O certo é que a prestación non garante eses proxectos de vida independente a todas as persoas que o precisan, porque hai persoas que precisan moitas máis horas, por iso nós propugnamos que sexa unha prestación pública e un dereito, polo tanto non debería ser un dereito suxeito a copago, que non teña límite de horas e que se adecúe ás necesidades da persoa. Lembramos que a PNL que se aprobara neste Parlamento hai máis de dez anos recollía o espírito dun proxecto que falaba de plans individuais de apoio, é, polo tanto, outra filosofía, por iso estamos abertos a esa transacción, e agora explicarei por que.

Pero antes tamén quixera mencionar que os beneficios do programa de asistente persoal non son só para as persoas usuarias deste sistema. É tamén un beneficio social, por suposto, o feito de que todas as persoas, todos os cidadáns e cidadás, teñamos os mesmos dereitos, iso é innegable. Pero, ademais diso, o programa de asistencia persoal, á parte do beneficio para as persoas usuarias con diversidade funcional, porque así asumen o control das súas vidas, é tamén un beneficio —como xa sinalou a señora Blanco— para o contorno familiar e social, especialmente para as mulleres, que son quen máis asumen estes coidados. Pero é tamén un beneficio colectivo na medida en que se xera emprego, que se xeran cotizacións sociais. E ademais é un beneficio para evitar situacións de violencia asociadas a circunstancias de dependencia ou illamento.

As situacións sociais e persoais difíciles para as persoas con grandes necesidades son e desgraciadamente van ser cada vez máis graves nunha sociedade como a nosa, de gran

devalo demográfico, e agrávanse nos ámbitos rurais, por iso é aínda máis fundamental que esta cuestión da asistente persoal non teña límite de horas e se adecúe ás necesidades de cada usuario.

Señora Rodríguez-Vispo, a cuestión da regulación do perfil profesional non pode tam-pouco ser unha escusa para non aumentar as horas desta prestación. Estamos de acordo en que se estude dentro do Imserso, que se siga estudando esa regulación, pero lem-bramos que cando se fixo o proxecto piloto e se enviou ao Imserso para o seu estudo, o Imserso dixo: *Informa de que, aunque el proyecto les parece una iniciativa magnífica y con todos los pronunciamientos para llevarse a cabo, las competencias en materia social y de políticas dirigidas a las personas en situación de dependencia corresponden a la Administración au-tonómica.* Na cuestión das horas pode aumentalas, na cuestión da regulación da categoría profesional, namentres non se resolve, a través da figura da asistente persoal, mediante os convenios existentes tanto en Galicia como noutros puntos, pode continuarse, pero con máis horas, adecuando ás necesidades das persoas as horas que se oferten, que se faciliten.

Nós, para rematar, queremos dicir que podemos ter a oportunidade de recuperar aquel pro-xecto vangardista, que estamos abertos á transacción, que mesmo podemos retirar o punto 3, e nese caso non aceptariamos a emenda do Bloque porque decaería, pero se non si o fa-riamos, porque pensamos que este Parlamento debe seguir na vangarda de impulsar aquela verdadeira experiencia piloto.

E quero citar, para rematar, unhas palabras de VI Galicia, que di que poucas veces na Europa contemporánea unha cámara de representación democrática entendeu e ten determinado tan directamente a posta en marcha dunha experiencia que en esencia vén restituír os de-reitos civís dunha minoría.

Fagámonos herdeiras daquel fito do Parlamento de Galicia. Intentemos unha transacción de aquí a mañá e materialicemos o lema do Congreso europeo sobre a vida independente do 2016: «Nada sobre nós sen nós». (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, de iniciativa popular, sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia, diante do Goberno central, en relación coa protección dos viticultores do ámbito dos consellos reguladores da Ribeira Sacra, Ribeiro, Monterrei e Valdeorras afectados polas xeadas acaecidas nos últimos días de abril de 2017**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para formular esta proposición ten a palabra o señor Quiroga.

**O señor QUIROGA DÍAZ:** Boas tardes, deputadas, deputados.

Boas tardes, promotores da iniciativa que están na bancada de invitados e o resto de invitados.



Hoxe imos defender unha proposición non de lei presentada pola organización agraria Unións Agrarias-UPA, ao abeiro da lexislación e co respaldo de máis de 2.500 sinaturas de agricultores dos que hoxe son portavoz; nomeadamente adicados á viticultura e á recolección de castaña. E facémolo con evidente atraso, xa que a iniciativa ten o carimbo de rexistro do 8 de xuño do 2017, pero moi a tempo de surtir efecto nos castigados produtores, xa que entre fin de ano e primavera é cando repercutirían os ingresos da venda de uvas.

Neste último ano, foron varias as iniciativas dos diversos grupos da oposición na liña de reclamar axudas directas, e outras complementarias, para o sector agropecuario, diante das inclemencias meteorolóxicas como a saraiba, o pedrazo, a seca, e tamén doutras como as consecuencias do lume, a fauna salvaxe e un longo etcétera.

Temos que dicir que ningunha delas conseguiu facer mella na cerrazón do Partido Popular, que non é quen de amosar a sensibilidade suficiente polo mundo rural en momentos tan críticos para os produtores e habitantes deste medio.

Pero non é só unha cuestión de sensibilidade cos produtores, tamén é unha cuestión de compromiso coa xente que fai posible a pervivencia do mundo rural, que por moitos titulares bonitos que poñamos na prensa segue unha derrota de abandono, envellecemento e desleixo.

Tamén debe ser unha cuestión de coherencia coa palabra do presidente, que desde o inicio da lexislatura leva dito por activa e por pasiva que a de 2016-2020 sería ou será a lexislatura do rural. Un rural que abrangue o 80 % do territorio da nosa comunidade, aínda que hoxe só representa un 30 % da poboación total, con todos os indicadores á baixa e con todas as receitas que se poñen enriba da mesa para frear o declive demográfico en situación de estrepitoso fracaso, como ben reflectían os medios de comunicación no día de onte.

Xa sabemos que non é doado atopar unha solución que rache coa alarmante tendencia que ameaza con deixar baleiras millares de aldeas e lugares neste país. Entre outras cousas, non é doado porque a solución non depende dunha soa medida que veña solucionar tal panorama. Precisamente, o problema de abandono e de envellecemento no rural é a suma dunha serie de factores transversais que fan máis difícil atopar a fórmula do éxito.

A saída do pozo no que nos atopamos inmersos só vai ser posible a través dun plan integral onde participen os actores institucionais, económicos e sociais que poidan facer as achegas coas que pór freo a esta decadencia e abandono. Un plan integral que teña o respaldo orzamentario suficiente e sostido no tempo que permita afrontar de xeito claro, á marxe das convocatorias electorais, un plan de investimentos en infraestruturas, servizos e innovación que cambie a tendencia actual. Todo isto co obxectivo de eliminar o diferencial de renda e calidade de servizos entre o rural e as cidades.

Dentro deste plan integral hoxe non nos imos centrar nunha falla de política forestal adecuada, realista e pensada para o presente e futuro, que resulta imprescindible. Tampouco nos imos referir á problemática da fauna salvaxe, nomeadamente o lobo e, sobre todo, o xabaril, que tantos danos provocan e que xera un clamor de problemas. Tampouco queremos centrarnos no catastrazo, que tan negativamente está a repercutir na poboación e propieta-

rios do eido rural e que os veciños ven como unha agresión aos seus petos. Nin imos facer incidencia na que podemos denominar persecución fiscal, que, entre outras, se substancia na cesión dos dereitos do pago único. Esta iniciativa tampouco quere profundar no peche ou recorte das escolas rurais nin nos continuos recortes dos centros de saúde dos pequenos pobos, que alonxan a poboación das vilas e deses pequenos pobos. Tampouco imos entrar na fenda dixital, que conceptualiza e clasifica como cidadáns de primeira ou de segunda en función da disposición desa tecnoloxía. Nin queremos abondar no recorte nos transportes públicos, nin moito menos queremos adentrarnos na ausencia de verdadeiras políticas de igualdade no rural.

Hoxe só queremos centrarnos na aplicación dun paquete de medidas urxentes de contención económica, parte dese plan integral que asegure a supervivencia das explotacións que se viron afectadas polas inclemencias meteorolóxicas que castigaron producións senlleiras como son a da viticultura e a da castaña deste país.

Non nos cabe dúbida de que as axudas a sectores produtivos en apuros teñen que formar parte dese plan integral ao que nos referiamos ao principio. Se falamos do viñedo, son catro as denominacións afectadas: Ribeiro, Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei; esta última, quizais, a máis castigada, con preto de dez mil viticultores censados nas catro denominacións.

Se facemos caso dos datos que no seu día proporcionaron os propios consellos reguladores, as perdas na colleita foron importantes e fluctuaron entre un 40 % na Ribeira Sacra, focalizados en determinadas zonas como o val de San Clodio e Quiroga, ribeiras do Sil ou zonas de Pantón; ata un 80 % na denominación de orixe Monterrei, e entre un 55 % e un 65 % nas do Ribeiro e Valdeorras.

Se falamos de perdas en quilogramos e utilizamos as mesmas fontes dos consellos reguladores, sumando as catro denominacións de orixe estamos a falar duns 15 millóns de quilos menos. E se nos referimos ao impacto económico nos nosos produtores, estes rexistraron unhas perdas estimadas cando menos en 12 millóns de euros mínimo, segundo os datos dos consellos reguladores. Estes son datos bastante significativos, e cun claro impacto negativo nun dos motores produtivos do país, que reclaman non só a sensibilidade, senón tamén o compromiso e o apoio por parte da Administración.

Se nos referimos á castaña, a situación non é mellor. Aos estragos producidos pola saraiba no mes de abril, houbo que engadir a seca, que acabou por producir unha colleita cunha merma aproximada dun 50 % nos 20 millóns de quilos recollidos no ano 2016, cun valor aproximado por importe de 40 millóns de euros, que tamén experimentaron unha merma proporcional. E non só foi a perda cuantitativa, senón que o froito recollido experimentou unha merma importante no prezo debido á seca e á perda de calidade do froito. As zonas afectadas foron todas as grandes produtoras de castaña, nomeadamente as das provincias de Lugo e Ourense, afectando en distinto grao aos case vinte mil recolectores que teñen neste froito unha renda complementaria que axude a sortear as dificultades en tempos de crise. En definitiva, unha situación calamitosa para os produtores e xentes que manteñen vivo o rural galego, que demandan axuda desta administración.

Por todo isto, Unións Agrarias UPA, pide: O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que impulse as seguintes medidas relativas á protección dos viticultores do territorio dos consellos reguladores Ribeira Sacra, Ribeiro, Monterrei e Valdeorras afectados polas xeadas:

<<1. Demandar con urxencia unha liña de axudas directas para os viticultores con importe igual aos viticultores e viticultoras da Ribeira Sacra, concretamente no concello de Sober, e para os produtores de castaña.

Estas axudas sufragarán en parte os traballos necesarios de recuperación e mantemento dos viñedos afectados, e suporá, en definitiva, o non abandono das explotacións existentes.

Segundo. Demandar ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social unha bonificación do 99 % nas cotas satisfeitas á Seguridade social polos traballadores autónomos durante un período non inferior a seis meses.

Terceiro. Solicitar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a posta en marcha dunha rebaixa aplicable no IRPF.

Cuarto. Pedimos que a Xunta de Galicia, a través do Igape, abra un portelo de solicitudes que poña á disposición dos afectados e afectadas unha liña de créditos, sen custos de tramitación e con intereses cero, que permita paliar os danos económicos provocados pola perda de ingresos e as necesidades de liquidez e circulante. Deste xeito, non quedaría unicamente en mans do banco a decisión de que explotacións sobreviven e cales non, en función das posibilidades de recibir un crédito privado.

Quinto. Reclamar ao Goberno de España a declaración de zona de emerxencia debido ás excepcionais condicións meteorolóxicas acontecidas principalmente o día 27 de abril para o territorio das denominacións de orixe Ribeiro, Monterrei, Valdeorras e Ribeira Sacra, e o concello de Viana do Bolo, afectados moi gravemente pola xeadas.

Sexto. Que a Xunta de Galicia e o Ministerio de Agricultura poñan en marcha a apertura dunha mesa de negociación co sector e coas compañías aseguradoras para facer posible a existencia dunha oferta aseguradora real, adaptada e eficaz para o sector vitivinícola e para a produción de castaña, habilitando unha partida orzamentaria suficiente que cubra ate o máximo, o 65 %, a subvención dos seguros agrarios.>>

Nada máis, moita grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Quiroga.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

O 26 e 27 de abril do pasado ano unha inesperada e intensa xeadas fixo acto de presenza en gran parte do noso territorio, causando cuantiosos danos en cultivos vitivinícolas, castaña, apicultura, noces, patacas e algún que outro cereal.

A señora conselleira, diante dos medios de comunicación, pronunciaba poucos días despois as seguintes palabras: «Se me preguntades por axudas directas, creo que son moi clara. Díxeno desde o primeiro día: aquilo que é asegurable non é subvencionable.»

Un ano antes, como xa se ten dito aquí, en agosto, as palabras do presidente Feijóo en plena campaña electoral, e diante dos estragos do pedrazo en Doado, Sober e Marcelle, son propaganda. O presidente resalta a necesidade de afrontar coa máxima celeridade os danos para que os produtores afectados poidan continuar coa actividade o antes posible. Con extrema celeridade, a Xunta aproba axudas directas por valor de 500.000 euros para compensar as perdas na produción aos viticultores afectados que non tiveran subscrita ningunha póliza de seguros, situación na que se atopaban a maior parte deles. E non só isto, tamén utilizaron a petición de declaración de zona de emerxencia —que, como se sabe, é a antiga zona catastrófica—, todo isto a bombo e platillo cos medios de prensa e propaganda a tope.

¿É isto seriedade?, ¿é isto coherencia?, ¿é mofa ou escarnio? Desde o BNG inclinámonos polo último: mofa, e queremos dar un nesgo á proposición de lei que estamos a debater, porque non podemos falar unicamente dos danos a viñedos, a colleita da castaña, xa afectada pola avesperiña do castiñeiro, quedou reducida a cero en terras do Bolo e outras zonas produtoras. A cantidade de castiñeiros novos queimados, como se lles pasase o inferno por riba, nogueiras que, perdida a colleita, rebrotaron as adultas pero as novas secaron ou quedaron feridas de morte. A apicultura, que xa soportaba a presión da *velutina* e do exceso de fitosanitarios neurotóxicos, que provocaban unha patente debilidade biolóxica, viu paralizada repentinamente a colleita de néctar e pole, pois a principal fonte, a queiroa ou erica quedou completamente queimada, e máis o castiñeiro, que perdeu a candeia. Só lle quedou a silva e pouco máis. A pataca tamén quedou arrasada, e o cereal.

Cada vez entendemos menos de que rural nos fala a señora conselleira do PP. Porque, ademais dese rural do viño, das IXP do intensivo lácteo, onde o empresario é patente, hai ese outro rural que ten algúns destes cultivos afectados como complemento ás escasas e cativas rendas agrarias, que resiste nas aldeas non sabemos aínda ben por que, pero que está aí, mantendo vivo un territorio que se eucaliptiza ou que se desertiza ou, no mellor dos casos, que é comprado a baixo prezo por novas fortunas que van repetir acumulación de propiedades para explotacións intensivas. Falamos de pequenos ingresos familiares por mel, castaña, viño, noces, incontrolados fiscalmente, que na legalidade do legalismo non existen, pero que contan, que son reais, que un goberno de verdade terá que contemplar dalgunha maneira e darlle carta de existencia porque forman parte desa economía irreal, que se asemella máis á subsistencia calada que a outra cousa, pero existe, está aí, e as xeadas non tiveron contemplación.

Por iso, e para minimizar os efectos desas xeadas extemporáneas, era xusto e necesario —*vere dignum et iustum est* dicía a misa en latín— que a consellería lexislase para o rural real e contemplase os sectores do viño, castaña, mel e pataca, afectados parcial ou totalmente, porque temos aí produtores a pleno rendemento e con plena dedicación e actividade

económica principal ou exclusiva. Pero esa outra xente que posúe e cultiva pequenas superficies coas que consegue ingresos complementarios ás súas economías familiares, que xestiona o territorio e conforma e complementa o tecido económico agrario do noso rural real, esa xente tamén existe, e a Administración debe, ten que tela en conta.

«Aquilo que é asegurable non é subvencionable». Ninguén desa consellería tivo a ben tomar en consideración o que produtores de organizacións agrarias levan dicindo dende hai anos e anos, que ou se axeitan os seguros agrarios ás características de propiedade e actividade agraria deste noso país, ou non nos serven para nada, por non responderen á nosa realidade produtiva e agraria, por seren excesivamente caros e por contaren con coberturas irrisorias.

Por iso, o Partido Popular debería facer a política da realidade, para a xente real; oír as necesidades, sentarse coas aseguradoras agrarias e mediar para adecuar os seguros ás nosas realidades. Nós entendemos que isto precisa de esforzo e de intelixencia política, ademais de boa vontade.

Resúltalles difícil, xa o sabemos. Baixen das alturas onde están instalados, da macroeconomía, e gobiernen para a xente. De todas maneiras, non van conseguir pasar o medio rural da UCI ao tanatorio, de verdade, por iso o BNG vai votar a favor desta proposición non de lei.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Rodríguez Estévez:

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas, presidente.

Sáudos ás convidadas e aos convidados.

Ano 2017, mal ano para o noso agro. Ano de fortes precipitacións en forma de pedraza, ano de xeadas, ano de incendios forestais, ano de seca. Ano que nos deixou ver o que pintan as políticas do Partido Popular no que atinxe ao medio rural no noso país: cero. O paquete de axudas para paliar os efectos da seca, xeadas etc. na agricultura supuxo unha burla para o sector, xa que se trata de axudas —como todos sabemos— que xa existían, e que a maiores non van solucionar un problema como pode ser o da seca, asociado ao cambio climático, co que imos ter que aprender a convivir no futuro.

As axudas deberían de ser, por unha banda, axudas directas, que contribúan a paliar os danos e perdas inmediatas provocadas pola seca, como pide nesta iniciativa o PSdeG. Si, axudas directas, como se deron noutras ocasións cando coincidiu con época electoral. E, por outro lado, medidas a longo prazo, entre as que se deberían incluír políticas de xestión e administración da auga, con atención especial á nosa agricultura.

En calquera caso, as axudas que anunciou e que puxo xa en vigor a Xunta, como pode ser a contratación de seguros agrarios, esa liquidez ás explotacións subvencionando xuros de

préstamos ou adianto do 70 % da PAC para infraestruturas de abastecemento, só son parches que non suporán ningunha diferenza para a meirande parte das nosas explotacións e que non supoñen unha resposta planificada ao que está a ser o problema. Entre as primeiras medidas, adaptar os seguros agrarios á realidade das nosas producións, de maneira que todas as granxas poidan acceder con facilidade a unhas pólizas que comezan a ser indispensables neste contexto de cambio climático, iso é o que ten que ser. De pouco nos serve que subventionen a contratación de seguros agrarios dende a Xunta se eses seguros seguen sen adaptarse á realidade da Galiza, á realidade do noso país.

Seguimos agardando esas indemnizacións para todas aquelas explotacións que foron arrasadas ao longo deste ano, especialmente na provincia de Ourense, en sectores como é a castaña, onde perdemos máis do 70 % da produción, e en sectores como é o viño, o mel, as patacas ou os cereais.

Neste momento, unha das partes máis prexudicadas, que non debemos de deixar de lado, son as explotacións nas que houbo incorporacións de mozos e de mozas nos últimos tempos, feito que de cotío leva consigo incrementos de produción ou de dimensións nas granxas.

O sector vitícola da provincia de Ourense foi un dos grandes damnificados polas saraibas e xeadas, tamén o foi despois pola seca. Os viñedos son cultivos que normalmente non se regan, que non participan das axudas da política agraria común, e nos que a discriminación á hora de contratar seguros é máis evidente. Nun sector coma este, no que a meirande parte dos viticultores e das viticultoras teñen varios viñedos en diferente situación de risco climático, non se entende ou non é de recibo que se lles obrigue a subscribir seguros pola totalidade da explotación, o cal o fai moitas veces inviable, e non por aquelas parcelas que de verdade o precisan.

Agora mesmo, despois dos estragos das xeadas e a saraiba, a seca fixo grandes prexuizos, sobre todo nas novas plantacións e nas cepas máis vulnerables, xa que o estrés hídrico matou as plantas e causou grandes perdas económicas.

No sector hortícola, o grande esquecido, a falta de políticas agrarias da Xunta tradúcese na ausencia de planificación para garantir o acceso á auga, e así o vimos na liña de axudas que sacou, onde tan só un 1,5 % das explotacións do noso país se acolleron ás ditas subvencións.

Seguimos defendendo axudas directas como a condonación das cotas á Seguridade Social. Seguimos defendendo subvencións para a adquisición de forraxes ou indemnización naquelas zonas de seca; axudas para paliar os danos provocados polos fenómenos meteorolóxicos adversos; e outras como apoiar a construción de infraestruturas como abastecementos de augas, nesa liña de subvencións que saíu, aínda que foron malas de solicitar e de xustificar.

En resumo, dende En Marea imos apoiar esta iniciativa e estamos a ver como a Xunta e a Consellería do Medio Rural seguen sen responder ás crises que afectan os nosos sectores agrogandeiros, da mesma maneira que fan sempre, sen políticas, sen planificación ou sen accións útiles que resolvan os problemas das nosas gandeiras e dos nosos gandeiros.

Pola nosa parte, nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Blanco Paradelo.

**O señor BLANCO PARADELO:** Boas tardes.

Debatemos hoxe unha proposta tramitada ao amparo da Lei de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento, promovida en 2015 polo insensible e intolerante Grupo Popular e cos votos en contra dos bos e comprensivos grupos da esquerda.

Valoramos que agora empreguen este método, e agradecemos a oportunidade que nos brindan para falar sobre un sector tan importante para Galicia como é o do viño.

Como saben, contamos con cinco denominacións de orixe: Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras, as cales teñen unha relevancia económica e social nas comarcas nas que se estenden, implicando a máis de 11.000 viticultores e 460 adegas, cunha produción en 2017 de máis de 61 millóns de quilos, a terceira colleita máis abundosa detrás de 2011 e 2015.

O certo é que, a pesar das dificultades dos últimos tempos, estamos a falar do sector agroindustrial máis exportador, que na campaña 2015-2016 incrementou as súas exportacións nun 69 % respecto da campaña 2010-2011. Por iso é xusto recoñecer o esforzo, a dedicación dos viticultores, adegueiros, consello regulador das denominacións de orixe, sindicatos agrarios —como o que hoxe nos acompaña—, que tamén levan anos contando co apoio da Consellería de Medio Rural, a través de diferentes plans e liñas de axuda. Axuda nos últimos catro anos, por exemplo, de máis de 7 millóns de euros para a internacionalización, e mesmo hai uns días publicábase unha orde para a promoción en mercados fóra da Unión Europea, cunha dotación de 1,7 millóns de euros, para o período 2018-2019, e outra, con 2,5 millóns de euros, para a transformación e comercialización.

Señorías, entrando na proposta, teño que dicirles con todo respecto que está superada polo tempo e polos acontecementos. Chegan tarde e vostedes sábeno, xa o recoñeceu o señor Quiroga, que fixo verdadeiros esforzos para defendela.

O certo é que tras as xeadas de abril do 2017, mentres algúns —os de sempre— optaron pola pancarta e o alarmismo, esaxerando irresponsablemente danos e cifras de posibles perdas nas colleitas que logo se demostraron que non foran tal, o Grupo Popular presentaba unha proposta —a única que non mencionou o señor Quiroga—, que desde logo foi moi importante, con medidas de apoio para os viticultores como rebaixas do IRPF, bonificacións na Seguridade Social, préstamo a custo cero, ou impulso de contratacións de seguros, entre outras, que vostedes non apoiaron, por iso entendo, señor Quiroga, que vostede se faga o olvidadizo e non lembre esta iniciativa, porque así pode tratar de soste os seus argumentos.

Desde logo, asistimos a un auténtico exercicio de negación da realidade. Fronte ao que vostedes din, a Consellería de Medio Rural traballou dende o primeiro momento visitando as

zonas afectadas e estando ao lado dos viticultores e adegueiros, co envío dos técnicos para facer unha valoración inicial de danos e, a partir de aí, deseñar distintas liñas de axuda.

A Estación de viticultura e enoloxía de Galicia elaborou un documento técnico e celebrou unha xornada de formación para traballos de repoda, que en moitos casos foron efectivos para a recuperación dos viñedos. — Señor Rivas, atenda—.

Inmediatamente convocouse a Comisión Territorial de Seguros Agrarios, na que as organizacións agrarias e as denominacións de orixe plantexaron a necesidade de adaptar as liñas de seguro á realidade de cada denominación. Tras varias xuntanzas, enviáronse as propostas a Enesa, quen procedeu a actualizar os prezos da maioría das variedades nestas denominacións de orixe, e a conselleira realizou cambios importantes na orde que regula a axuda de contratación dos seguros, por certo, adicando 5 millóns de euros e garantindo unha subvención media, no total da póliza, do 40 %.

Publicáronse ordes de axudas —vostede xa falou, señor Rivas, xa falou (*Aplausos.*)— de reconversión e reestruturación do viñado, 1,4 millóns de euros, priorizándose precisamente os viñedos de zonas afectadas. Realizáronse xestións co Igape para conseguir axudas á liquidez e moratoria. Deste xeito, o Consello da Xunta do 7 de setembro aprobou liñas de apoio ao acceso á adecuación do financiamento das explotacións produtoras e transformadoras de uvas e de castañas afectadas, así como as explotacións produtoras de pataca, cereal, horta e froiteiras.

Asemade, naqueles meses a conselleira participou en varias reunións no Ministerio de Agricultura, nas que se decidiu a convocatoria de axudas de liquidez, subvencionando os avais ás explotacións.

Nos primeiros días do ano enviáronse os informes elaborados sobre os danos para que se incluían no decreto de redución de módulos do IRPF, señor Quiroga; non agora, como piden vostedes, que sería, desde logo, moi tarde e fóra de prazo.

Señorías, a Xunta está a desenvolver un traballo rigoroso, actuando no marco da legalidade e, sobre todo, sen falsas promesas e dicíndolles a verdade aos afectados, porque as dificultades que tivo o sector do viño no ano 2017 non foron un problema de Galicia unicamente nin foron culpa do Partido Popular, e vostedes tamén o saben.

Miren, Italia, principal produtor mundial, hai unha previsión de perda do 23 % na produción. Francia, segundo produtor mundial, estímase unha perda do 19 %. España, terceiro produtor mundial, cunha caída aproximada entre o 18 % e o 19 %. Galicia, aumenta a súa produción un 2,8 % debido á excelente colleita das Rías Baixas.

Pero, señor Quiroga, non pode vir coas previsións, hai que actualizar os datos. Se collemos os datos definitivos oficiais das perdas, por exemplo no Ribeiro, menos 18,5 %; na Ribeira Sacra, menos 1,1 %; Valdeorras, menos 9,9 %; Monterrei, menos 35 %. Estaríamos falando dunha perda do 16,1 % de media, menos que Italia, menos que Francia e menos que no conxunto de España.



Polo tanto, señorías, remato pedíndolles que non confundan os seus desexos coa realidade. E dígolles máis, non imos tolerar que digan que todas as axudas ás que me referín son «*axudas virtuais*», porque faltan á verdade. E tampouco lles imos permitir que digan: «*O PP usa como conejillos de indias a los habitantes del rural.*» Seguramente, despois dos datos que lles expuxen, comprenden mellor as dificultades que tiveron para recoller en seis meses, e solicitando ampliación de prazo, 2.598 sinaturas, con manifestación polo medio e todo.

Eu preguntolles señorías, ¿quen usa a quen? Ao mellor non está todo tan mal como din vostedes. Reflexionen e mostren un pouco máis de respecto. Tendémoslles a man para traballar todos xuntos, coa máxima colaboración e lealdade, entre os axentes do sector e as administracións. Por certo, aínda que lle poda molestar a algunha das súas señorías, a Deputación de Ourense adica 200.000 euros ao ano para axudar as catro denominacións de Ourense (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio.

Remate.

**O señor BLANCO PARADELO:** Repito, a Deputación de Ourense destina 200.000 euros para axudar as catro denominacións de orixe. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. Silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor BLANCO PARADELO:** Así que entre todos imos ver se traballamos xuntos e conseguimos que teñamos unha excelente colleita na campaña do ano 2018.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Quiroga.

**O señor QUIROGA DÍAZ:** Parece que os argumentos e os datos se poden utilizar en distinto senso. Vostede vén aquí e afirmanos que isto está fóra de tempo. Xa lles dixen ao comezo da intervención que está moi a tempo, porque neste intre xustamente é cando os nosos viticultores recibían, desde final de ano ata a primavera, as percepcións pola colleita anterior. Polo tanto, para nada está superada no tempo esta proposición, e ten toda a vixencia.

Vostede afirma, e é un argumento que vimos escoitando aquí, que o impacto non foi tanto; que interviñeron, que puxeron en marcha unha serie de axudas, e que, grazas a elas, practicamente podemos dicir que non houbo ese impacto negativo do que falan os produtores e case se pode substanciar que foi un excelente ano.

É certo que os datos que aportan os consellos reguladores parece que indican que o dano non foi tan grave. Pero vostede e o seu compañeiro, portavoz na Comisión de Agricultura, son de zonas vitivinícolas e saben que non é menos certo que moitos deses quilogramos

de uva que figuran nos datos oficiais non chegaron en certas denominacións, nin a certas adegas, nin en cestos, nin en caixas, nin en carros, nin en tractores, senón que chegaron en camións e en tráilers (*Aplausos.*) ¡E isto queda dito! E dito isto, e dito isto, señor Paradelo, nós ímonos deter aquí, non imos cruzar o rubicón da omertá que hai sobre o tema. Pero os produtores e a xente que vive a pé sabe de que estamos a falar, sabe de que estamos a falar.

No tan cacarexado tema dos seguros agrarios, que é outro elemento que nos pode dar a proba do que realmente pasou, nós tivemos acceso ás pólizas de agroseguros en número de 130 máis ou menos, e todas estas, se se puntean, recollen unha media de baixa na colleita do 70 %. E hai casos como o de Monterrei no que as aseguradoras rexistran danos do cen por cento. Estes son papeis, estes son datos, que non casan para nada con eses outros datos cos cales se nos pretende tapar a boca. Non é certo, non vai por aí.

E o tema dos seguros agrarios, que neste orzamento ten a mesma cantidade que no anterior, vostede sabe —e saben todos vostedes— que segue pendente adecuar á realidade e á estrutura económica e produtiva deste país as cláusulas deses seguros agrarios, porque se non, evidentemente, eses seguros non van servir para facerlles fronte ás situacións calamitosas e catastróficas que a meteoroloxía trouxo na colleita do ano 2017.

E sobre o tema das axudas directas, eu creo que está dito practicamente todo. Houbo axudas directas para o viñado no ano 2016 —case diríamos en plena campaña electoral—, e desde esas —igual que pasa co tema do xabaril—, non se volveu saber nada delas. Nós o que estamos pedindo é non só sensibilidade, senón compromiso cos sectores produtivos deste país, e ese compromiso ten que transcender os titulares da prensa e ir moito máis alá. Téñense que substanciar nestas axudas directas e nunha aposta clara e decidida a favor deses sectores produtivos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Quiroga.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a constitución no Parlamento de Galicia dunha ponencia específica para a análise e a elaboración dunha proposta sobre o novo marco político e institucional de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moi boa tarde, señorías.

O Grupo Parlamentario do BNG trae ao Pleno esta proposición non de lei para que poñamos en marcha un grande acordo de país, unha ponencia, un espazo de diálogo para elaborar unha proposta de novo status para Galiza.

Nós pensamos que o Parlamento é o foro idóneo para darlle forma e protagonismo a este proceso e poder articular unha proposta galega, un grande acordo que nos sirva para ter un novo modelo político e institucional que recoñeza a soberanía a Galiza, que nos dote de máis ferramentas para mellorar a vida da xente do noso país e para que progresems colectivamente como pobo.

Polo tanto, esta é unha proposta que nace co ánimo de construír, de avanzar e de abrir un debate necesario. Un debate no que nós partimos... (*Murmurios.*) Eu, señor presidente..., o ruído molesta igual á oposición que aos membros do Partido Popular.

Un debate, señorías, que nace da confianza no país; que cremos, ademais, que hai que dalo con toda a calma e con toda a serenidade; onde, sobre todo, o importante e o que lle debe dar tranquilidade a todo o mundo é que as decisións sobre que pasos debemos dar, quen as ten que tomar non é ningunha organización política, senón que quen as ten que tomar é a cidadanía galega.

É evidente que nós hoxe poderíamos vir aquí e reducir este debate a un debate máis ideolóxico de fondo, sobre cales son as propostas que nesta materia ten o BNG; porque nós temos propostas e son moi claras. Temos as bases democráticas, que son coñecidas e que calquera pode ler, pero entendemos que a maneira de iniciar este debate, os pasos que debemos dar, debe ser unha ponencia neste Parlamento que sexa o inicio dunha reflexión conxunta que ningún grupo ten dereito a furtarlle a este país, porque estamos ante decisións que son importantes para o presente e para o futuro.

Eu sempre digo que ás veces se nos esquece que o Estatuto que hoxe ten Galiza realmente de quen é fillo é da xeración de Castelao e Bóveda, que foron os que loitaron no seu momento para que tivéramos o recoñecemento dese estatuto, e mesmo que o fixeron xa iniciado o golpe de Estado, en plena guerra, e mentres as forzas estatais querían impedir que ese estatuto se aprobase. (*Aplausos.*) Polo tanto, as decisións que nós hoxe tomamos tamén van ser decisións cruciais non só para o presente —que é importante—, senón tamén para xeracións futuras.

E nesa análise, e no debate que demos sobre a conveniencia ou non desta ponencia, hai unha cuestión que é clave, e é analizar cal é o estado de saúde que ten o autogoberno do noso país. É evidente, non creo que ninguén se sorprenda se lles digo que o Bloque sempre considerou que o Estatuto era un traxe que se nos quedaba estreito, que, evidentemente, Galiza tiña que aspirar a moito máis. Pero creo que, obxectivamente, se analizamos todos os procesos políticos, económicos e sociais que se deron en Galiza desde a aprobación deste estatuto no ano 1981, vemos que a autonomía é cada vez máis autoanémica e que estamos nun momento de recentralización política brutal, que mesmo converteu o Estatuto —todos os estatutos que hai neste momento en vixencia— en papel mollado.

Outro debate é cal é a aspiración que nós debemos de ter, e, sobre todo, unha convicción moi clara, e é que, fronte ao proceso recentralizador brutal que esnaquizou o Estatuto de autonomía de Galiza, é necesario máis que nunca novas ferramentas, novos marcos e, polo tanto, defender os intereses colectivos dos galegos e das galegas. Porque a pesar de que en moitas

ocasións se nos di que con este marco todo nos vai de marabilla, cando analizamos obxectivamente que pasou na base material do noso país, o certo é que temos motivos para estar preocupados e preocupadas. E creo que é o máis responsable que pode facer calquera persoa que teña preocupación polo presente e polo futuro.

Pensem que hoxe vivimos en Galiza menos persoas que cando se aprobou o Estatuto no ano 1981 e que é unha poboación moito máis envellecida. Galiza representaba a principios dos oitenta o 6 % do produto interior bruto estatal, hoxe somos o 5,2 %. Representabamos case o 10 % do total do emprego que había no Estado, e hoxe estamos reducidos ao 5,5 %.

Nestas décadas tampouco se conseguiron frear procesos estruturais. Pensem que houbo momentos de bonanza económica —como lle gusta dicir ao PP— nos que neste país seguía habendo emigración. Iso pasou no franquismo, pero tamén pasou despois de aprobada a Constitución.

E, por último, como elemento de reflexión —e creo que non menos importante—, penso que é todo un símbolo do que nos está pasando que o galego sexa a única lingua da península que está perdendo falantes. E iso ten que ver non só cunha cuestión de identidade, senón que detrás do proceso de deterioración da lingua galega está a deterioración da base económica e material do noso país. *(Aplausos.)*

Evidentemente, non vou obviar que hai unha parte importante de responsabilidade nestes anos nas políticas que tomou o Partido Popular. Que, efectivamente, os gobernos Fraga e logo os gobernos Feijóo —que gobernaron case durante toda esta época— levaron o noso país a unha situación ben crítica, porque, entre outros factores, vostedes sempre se encargan de defender todas as decisións que van en contra dos intereses de Galiza.

Pero á marxe dese elemento, que é clave, tamén é evidente que hai un factor que incide, e é que o marco político condiciona as posibilidades de poder desenvolver un país, un pobo. E ben o sabe o Estado español, que, efectivamente, nesa obsesión que ten, realmente está tomando decisións que son contrarias aos nosos intereses e está poñendo en marcha un proceso de recentralización que só busca beneficiar as grandes empresas transnacionais, a banca e un poder económico central madrileño que está fagocitando unha parte moi importante dos recursos do noso país.

Isto, como temos moi poucos minutos, non dá moito tempo a explicalo, pero si creo que temos algúns exemplos claros nesa dirección, por exemplo, o espolio enerxético. Sobre a faz do planeta Galiza só hai un galego ao que lle pareza ben ese espolio enerxético, e é Feijóo, porque xa nos dixo que a el o que lle preocupa é que iso é funcional para Madrid, e que a defensa dunha tarifa galega non a entenderían en Madrid. Pero creo que o que non entenden hoxe máis de 245.000 persoas que non poden prender a calefacción porque pagan un prezo altísimo pola luz e teñen uns salarios moi baixos, o que non entenden é como eles pasan frío nun país que produce electricidade a esgalla. *(Aplausos.)* Iso si que é algo que temos que cambiar e que se solucionaría cun novo marco para este país.

Pero tamén poderíamos dicir que pasa nese devalo demográfico de Galiza. Está claro que unha das claves é a deterioración que se produciu no sector pesqueiro, e sobre todo no sector

da agricultura. Esa deterioración ten que ver con decisións políticas, entre elas, que se negociara unha entrada na Unión Europea que claramente vendeu un sector produtivo do noso país e que avalaron gobernos do Partido Popular e tamén do Partido Socialista en Madrid. Nese caso, o Partido Socialista, que foi quen negociou esa entrada na Unión Europea.

É evidente que se Galiza tivera dereito de voz, dereito de voto e dereito de veto nesa negociación, a situación tería sido ben diferente a respecto dos nosos intereses. Polo tanto, aí temos un aspecto no que claramente vemos a discriminación que lle produce ao noso país non ter capacidade de decisión sobre aqueles aspectos que inciden logo directamente nas posibilidades de vida dos galegos e das galegas.

Pero tamén —como dicía— neste momento hai posto en marcha un proceso de recentralización brutal, no que a crise non só se utilizou para roubar dereitos, senón tamén para fortalecer un estado centralista, absolutista e que está dinamitando as bases do autonomismo, dese autonomismo que vostedes dicían defender. Aí empezan co baleiramento da autonomía financeira.

Hoxe é moi gráfico. Non podemos tomar decisións nin sobre a plantilla que necesitan os nosos hospitais públicos porque estamos condicionados por decisións que se toman en Madrid. A reforma do artigo 135 tamén foi unha medida recentralizadora, porque condiciona que o pago da débeda está por riba de subministrar servizos básicos que están xestionando as comunidades autónomas. E, ¡como non!, a reforma das caixas de aforros, que fixo que no noso país desapareceran institucións centenarias; que se utilizaran recursos públicos para que as caixas galegas acabaran sendo parte de capital venezolano; e, polo tanto, que significou a maior perda en termos económicos e políticos do noso país nos últimos cen anos con toda claridade.

Polo tanto, nós o que vemos é que nesta situación só hai dous camiños, e nós hoxe temos que decidir por cal queremos avanzar. Hai un camiño que é o camiño da parálise, de dicir que Galiza non ten que dar este debate a pesar de que todo o mundo está tomando posicións, porque é evidente que hai cambios que se están neste momento tecendo e hai unha demanda cidadá de poder cambiar e mover marcos que existen neste momento, polo tanto, este é o camiño da parálise. E o camiño polo que nós optamos, que é o camiño do impulso político, de abordar os debates que son necesarios para poder avanzar e que, desde logo, teñamos capacidade, confianza e seguridade no que podemos facer se apostamos por confiar nas posibilidades de Galiza e abrir un debate que é absolutamente necesario para enfrontar os problemas que temos por diante.

Nós, no Bloque, tamén queremos dicir que temos moi claro que, cando apostamos por un novo status, o único que queremos romper é coa subordinación de Galiza co Estado, e, polo tanto, establecer relacións de igualdade, e ningún demócrata ten que ter medo á igualdade...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...ningún demócrata ten que ter medo a que unha nación que existe, como é a nación galega, poida existir en pé de igualdade co resto das nacións do mundo.

En todo caso, non é iso o que hoxe debatemos. Debatenos se queremos constituír unha ponencia sobre un debate clave para o presente e clave para o futuro. Debatenos se realmente hai masa crítica para abordar un proceso que leva demasiados anos lastrado polo inmobiliismo que tivo o Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Boa tarde.

Pois nós imos ser críticos con esta iniciativa por razóns de forma e tamén por razóns de fondo. ¿Pola forma? Temos un marco de autogoberno que está configurado polo noso Estatuto no marco da Constitución española. Por certo, un Estatuto que ao longo do tempo está conseguindo, progresivamente, máis apoios en Galiza. Posiblemente, hoxe o noso marco xurídico-político de autogoberno sexa o máis apoiado no conxunto das comunidades autónomas españolas, e dentro dese Estatuto está prevista a súa reforma no artigo 56, pero a iniciativa reside nun quinto dos deputados da Cámara e un dos grupos parlamentarios, non é posible facelo mediante o procedemento que vostedes elixen. Este procedemento é unha porta falsa para un asunto de gran calado como este, no que deben existir consensos previos, entre os grupos da oposición cando menos, para conseguir despois un consenso co grupo maioritario que apoia o Goberno, que tamén ten que estar presente, necesariamente, na reforma do Estatuto.

A primeira conclusión é que vostedes non van en serio, que vostedes están xogando de farol, e non se preocupan de establecer eses consensos. Non están pensando en grande, non están pensando en Galicia, na súa cidadanía, nos seus intereses. Están pensando, quizais, en agrupar a súa base social, pero a custa de introducir división non só entre a cidadanía de Galicia, senón entre os grupos que estamos na oposición. E por esta vía o Grupo Popular pode estar perfectamente tranquilo porque o asunto non vai ir máis alá.

A nosa posición segue sendo favorable á reforma do Estatuto, como xa o fomos no ano 2006 e no ano 2007. Xa o intentamos con vostedes, parouno Alberto Núñez Feijóo, pero naquel momento tiñamos tres obxectivos. O primeiro, actualizar e modernizar o réxime competencial e os dereitos e deberes da cidadanía. En segundo lugar, integrar a todas as correntes políticas no marco estatutario. E, terceiro, defender o noso status de nacionalidade histórica. Obxectivos que eran válidos daquela e que seguen sendo —con algún axuste— válidos tamén hoxe. Fracasamos daquela.

Hoxe o Partido Socialista está impulsando no Congreso dos Deputados unha Comisión de avaliación do Estado autonómico como paso previo a abordar a reforma constitucional. Neste marco nós xa propuxemos en Galicia a creación dun instrumento parlamentario que sente as bases de cambios no modelo territorial que Galicia demanda, e que poida, eventualmente, servir de punto de partida e de consenso para modificar o Estatuto de autonomía de Galicia, sempre dentro do respecto ao marco constitucional e aos mecanismos previstos na lei.

Vista esta iniciativa que hoxe discutimos, as esperanzas que puxemos nesta posible reforma poden semellar demasiado ambiciosas. Pero tamén hai razóns de fondo. Como dicía antes, esta interpretación —digamos— favorable que eu fago da iniciativa, unha reforma do Estatuto por vías inadecuadas, non está escrita en realidade nesta iniciativa. En ningún momento falan de reforma estatutaria ou do respecto do marco constitucional. Polo contrario, a avaliación que fan do marco constitucional estatutario é catastrofista e negadora da realidade.

Vou ler a primeira frase da exposición de motivos: «O marco xurídico e político instaurado desde 1978 consolidou o exercicio do poder centralista». ¡Desde 1978! Viñamos dun estado confederal e estamos agora nun modelo centralista. (*Risos.*) É un exercicio de desmemoria, de cegueira, un dislate, unha negación da realidade. ¿Non sabe de onde viñamos? Dun estado ditatorial e centralizado. E estamos nun estado federal —federal ao noso xeito— e democrático. Máis descentralizado que Alemaña, na liña de Canadá. Imperfecto, claro, porque non había regras na Constitución de 1978 para construílo. De aí a perplexidade daquel xurista persa que inventara Cruz Villalón. Non había un horizonte final onde dirixirse. Houbo unha construción que entre o empuxe dalgúnhas comunidades con preferencia pola descentralización e o desexo da emulación das outras levounos ata aquí con imperfeccións, pero cun nivel de descentralización moi amplo e moi xeral. Grazas, entre outras cousas, ás interpretacións que non sempre compartimos, pero que, en xeral, o Tribunal Constitucional fai favorables á ampliación do autogoberno. Este marco claro que pode ser mellorado, adecuado ás preferencias dos cidadáns, á realidade do noso tempo e ás necesidades dun modelo máis maduro.

A proposta de novo marco político é indeterminada, pero, en todo caso, rupturista. Fálase de superar o marco político institucional vixente, de introducir o dereito a decidir, de utilizar a plena soberanía, de exercer libremente as relacións internacionais propias, etc. Eu chámoo á claridade, ¡aclarémonos!, e por este medio tamén aclarémosllo á cidadanía. ¿De que están a falar? ¿Cal é a cousa? ¿En que modelo vixente no noso contexto están pensando? ¿En cal? ¿Onde funciona un modelo así? ¿Cal é? ¿Ou estamos falando dun modelo ao que lle chamamos como queiramos pero que no fondo quere dicir independencia? Atrévanse a pronunciar a palabra, díganos se é así. E se non é así, díganme: ¿estamos falando dun modelo similar a... onde sexa, que funcione no noso mundo? Nós estamos en contra se ese é o obxectivo.

Voulle citar, para rematar, a Alexandre Hamilton, en *El Federalista*: «A separación sería tan daniña para a economía como para o sosego, para o comercio como para os ingresos fiscais e a liberdade de todas as partes implicadas».

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Boas tardes, señor presidente.

Señorías, En Marea apoiaremos a proposta do BNG porque concordamos coa súa parte positiva, aínda que difiramos dalgún dos motivos esgrimidos na súa exposición previa. Non

concordamos cunha parte da introdución, particularmente en que o autogoberno careza do contido político que se dá a entender, sobre todo nos primeiros parágrafos. De feito, levamos trinta e cinco anos exercendo non a soberanía, senón o autogoberno limitado, pero en materiais que son cruciais; algunhas delas foron citadas aquí.

Para empezar, compartimos unha diagnose sobre unha pretensión de exterminio lingüístico no ámbito educativo, pero iso vén proposto por decisións adoptadas nesta cámara e, concretamente, despois polo Executivo do Goberno Feijóo, que pode determinar un sentido ou pode determinar outro.

Para nós é tamén crucial a forma de estruturar a Administración sanitaria do noso país, e por iso a cidadanía se bota á rúa en defensa duns servizos esenciais que consideran básicos como base material para o resto de dereitos de carácter persoal e de carácter social.

Cando no mes de outubro a vaga de lumes asolou o país, non tivemos ningún reparo en sinalar as bancadas populares como responsables dun estadio lexislativo absolutamente inoperante e que non se facía cumprir e dunha incompetencia e dun abandono sinaladamente por parte da Xunta de Galicia; un abandono que, en primeiro lugar, era do conxunto do territorio, que facía que este fose paulatinamente despoboado e no que os nenos e nenas non quixesen nacer. En segundo lugar, por unha incompetencia manifesta na xestión do sistema dispoñible de emerxencia e de extinción de incendios do noso país. En terceiro lugar, por un modelo agrogandeiro e forestal que fomenta o monocultivo do eucalipto, o abandono da agricultura e a entrega ás multinacionais dun modelo de depredación territorial, como é o caso actual da megaminería de Touro, a falta de adaptación ao cambio climático e a falta de asunción dun modelo de transporte público sostible. E ademais, e para rematar, por unha lexislación territorial e urbanística que servía para un modelo territorial caótico e insuficiente na dotación de servizos e na xeración de espazos públicos amables nas cidades e vilas, propenso aos dereitos fundamentais de carácter individual e social.

Non, nós non podemos aceptar simplemente o discurso de vivir nun país sen competencias, entre outras cousas porque isto significaría validar a irresponsabilidade da acción de goberno do Partido Popular e da maioría parlamentaria, cousa que nós non facemos. Nós non desculpamos a acción de goberno desta xente, porque teñen moita responsabilidade no malestar cidadán destes anos. (*Aplausos.*) Non é irrelevante a acción do Partido Popular, e precisamente por iso apoiamos esta proposta, porque o marco importa, a asociación de goberno responsable do sufrimento de moita xente, da precarización das condicións de vida e laborais de moitas persoas, da emigración de moita xente moza e da instauración dun estado de opinión de que aquí non hai futuro.

Esta mesma mañá o propio director xeral de Función Pública dixo que a quen non lle guste a súa forma de gobernar que emigre; dixo isto o Goberno esta mañá, onte pola tarde, nas negociacións cos traballadores e traballadoras da xustiza, que pedían a mellora do funcionamento dun servizo público esencial en democracia; non pedían para eles, pedían para todos. Pois non, non nos resignamos e non queremos emigrar, plantamos cara. Non nos resignamos porque este é o noso país e non queremos marchar, por iso e, sobre todo, porque non queremos deixar a ninguén atrás coas nosas políticas.



Aproveitamos tamén, desde esta tribuna, para pedir o cesamento inmediato do director xeral de Función Pública, por condenar os traballadores e as traballadoras a unha folga por motivos que este Parlamento respalda e por facer apoloxía da resignación e da emigración, en contra da vontade manifestada unanimemente por este Parlamento.

O Partido Popular exerce unha vez máis a insolidariedade, a inxustiza, mira polo interese particular e esquécese do sufrimento da xente, do 25 % de pobreza e de exclusión social, do 29 % da fenda salarial entre mulleres e homes, da ausencia de políticas de vivenda e da supresión das áreas sanitarias.

Pois claro que o autogoberno ten capacidade para condicionar o noso benestar e por iso apoiaremos esta proposta.

Estamos de acordo, ademais, en superar este marco actual, e estámolo porque pensamos que o Estatuto de autonomía ten unha dobre condición de estar obsoleto e ao mesmo tempo de non estar desenvolvido. Sen desenvolvemento, as competencias son coñecidas, desde unha policía integral de substitución a un modelo administrativo no local adaptado á realidade do noso país, a un sistema de transportes que realmente vertebre de todas as formas posibles, e, no ámbito público, o transporte e a cohesión territorial e social. Pero, sobre todo, porque —e relendo o artigo 4 do Estatuto de autonomía— «un modelo de benestar social afincado na igualdade material que sexa quen de remover os obstáculos que impidan ás persoas e colectivos a plena integración na sociedade». E, ao mesmo tempo, está obsoleto porque existen unha serie de estatutos de segunda xeración, como o andaluz, o aragonés ou o tan amentado Estatuto catalán, que recollen cartas de dereitos sociais, amplían e garanten o benestar máis alá do que fai a Constitución.

Si, nós tamén queremos un novo marco xurídico-político que respecte os nosos dereitos nacionais, que nos recoñeza como nación dentro dun Estado respectuoso coa plurinacionalidade e, en coherencia con isto, estableza un marco competencial que asuma todo o que ata agora o Estado cedeu por transferencia ás comunidades autónomas, que faga da Administración galega a principal coas cláusulas residuais de prevalencia ao seu favor e cun marco de financiamento xusto que nos permita capacidade económica para asegurar a prestación de dereitos dos que somos competentes, dereitos dos que somos responsables para coa nosa cidadanía.

Pois esta é a clave: queremos un novo marco cunha carta de dereitos sociais que non deixe a ninguén atrás e que se preocupe polos que están, polos que marcharon e polos que han de vir, mediante unha estratexia de ampliación e consolidación de dereitos que faga da xustiza social a característica esencial do noso país.

Remato. En definitiva, En Marea propugnamos o exercicio afectivo da nación en forma de preocupación, de solidariedade e de xustiza social para co conxunto da cidadanía galega e non como unha grande empresa, senón como unha gran familia, nun marco de uso efectivo da soberanía como país, desenvolvendo completamente a nosa capacidade política dentro e fóra de Galicia.

Por estas razóns, para garantía da efectividade nacional e da efectividade soberana, apoiaremos todos os foros, calquera que sexa o formato, tamén este, que reforce a nosa capacidade para mellorar a vida da xente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Señorías, debatemos a petición do Bloque Nacionalista Galego —cito literalmente—: «Poñer en marcha un proceso formal de revisión e superación do marco político e institucional vixente».

Para abordar esta petición do Bloque Nacionalista Galego, podíase aludir a argumentos de oportunidade, por exemplo, ¿onde está Cataluña e como practica o Bloque Nacionalista Galego nestes precisos momentos un seguidismo do soberanismo catalán? Podíamos ir tamén a argumentos de forma, como fixo o portavoz socialista, sobre a forma en que se estaba a presentar este debate. Pero eu creo que merece ir a un argumento de fondo, e por iso vou centrarme nos argumentos de fondo, aínda que sen un afán de transcendencia histórica que ten a portavoz do Bloque Nacionalista Galego, que nada menos que quixo equiparse no debate de hoxe a Castelao e a Bóveda. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Na proposición de lei piden isto baseándose en dous motivos: a insuficiencia do vixente marco institucional e a suposta insuficiencia tamén dos resultados socioeconómicos que Galicia ten acadado desde que accedemos ao autogoberno.

Sobre o marco, abonda coa lectura do primeiro parágrafo da súa exposición de motivos. Unha parte xa a leu o portavoz socialista, pero di en tres liñas o seguinte: «O marco xurídico-político instaurado desde 1978 consolidou o exercicio do poder centralista. O deseño institucional impediu o exercicio dun autogoberno real por parte de Galicia, ficando a capacidade política constrinxida a unha mera descentralización administrativa». Tres liñas e catro erros, desatinos, equivocacións, desacertos, como vostedes prefiran.

Primeiro, marco xurídico instaurado. Eu quero recordar que houbo un referendo o 6 de decembro do ano 1978 no que o 88 % dos españois dixeron que si á vixente Constitución; en Galicia foi o 90,06 % dos galegos. En España votaron en contra 7,89 %; en Galicia, en contra, 2,94 %. Por iso pedimos celebrar o día 6 de decembro este ano no corenta aniversario, por iso vostedes non teñen nada que celebrar, porque vostedes foron os que pedían o «non», por certo xunto coa extrema dereita española, naquel referendo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Segunda frase: «consolidou o exercicio do poder centralista». Tamén é falso. O 21 de decembro de 1980 celebramos un referendo de autonomía onde o 73 % dos galegos votaron que «si», en contra o 19,77 %; vostedes pediron o «non», tamén xunto coa extrema dereita española. E aprobamos un estatuto que vai moito máis alá do que ía o Estatuto da República, que trataba a Galicia como unha rexión autónoma dentro do Estado integral e levou, precisamente por ter celebrado aquel referendo, a Galicia ao status de nacionalidade histórica. Vostedes loxicamente tampouco o celebran.

En terceiro lugar, din que o deseño institucional impediu o exercicio do autogoberno real, o cal resulta curioso despois de que este Parlamento teña aprobado desde entón 433 leis, 68 delas proposicións de lei xurdidas desta Cámara, que fan pensar que, cando se di que non se exerceu o autogoberno, a autonomía, un realmente non ten a memoria demasiado fresca.

Evidentemente, estas leis foron apoiadas polas maiorías, maiorías que expresan a vontade maioritaria do pobo galego e nas que o Bloque estivo tamén incluído nalgunha ocasión.

E remata o primeiro parágrafo dicindo que «ficou a capacidade política constrinxida a unha mera descentralización administrativa».

Sobre o gasto público en España —recordo que a autonomía de gasto é plena salvo nas comunidades, como Cataluña, que están intervidas; en Galicia foi autonomía de gasto plena durante todo o exercicio de autogoberno— voulle dar o dato que publica a OCDE da media do gasto polos entes subcentrais en distintos países. En España, 34,5 %; vén por baixo do Estado, que gasta o 20 % do total dos recursos públicos. En Suíza é o 36 %, un país que ten un federalismo moi avanzado, nomeadamente confederal, aínda que non é unha confederación. Na Unión Europea, Bélxica, o 24 %, dez puntos menos. Estados Unidos de América, 23 % do gasto público é federado, non da federación. Alemaña, 22 %. Austria, 16,2 %. Isto, evidentemente, lévanos a pensar que, cando se fala de federalismo, conviría precisar, porque, efectivamente, estamos moito máis avanzados que moitos países que son nomeadamente federais; tamén é verdade que hai outros que están por riba no gasto descentralizado, por exemplo Canadá, que ten o 46 %. Pero, desde logo, falar de que non hai exercicio de autogoberno, dicir que o autogoberno está mancado con esta autonomía de gasto ou dicir que hai recentralización, cando a comunidade autónoma é o principal ente de gasto autónomo de todas as administracións públicas que actúan no territorio, resulta cando menos chocante.

E din, en segundo lugar, polos resultados. Din concretamente que tivemos unha capacidade residual para influír no marco institucional vixente, e concretan que a integración na Unión Europea tivo efectos prexudiciais para sectores produtivos do país e iso confirma que non houbo oportunidades de Galicia exercer cun goberno con decisión e incidencia nas grandes decisións políticas que afectaron o noso país.

Eu quero recordarlle que tamén houbo un referendo, neste caso o 20 de febreiro do ano 2005 —señora Pontón, xa era deputada vostede e isto pódeo recordar claramente—, no que se ratificou a constitución da Unión Europea; xa había euro; e aí Galicia votou o 82 % a favor; en España foi menos, o 81 %; en contra, en Galicia, o 11 %; o 18 % en contra no conxunto de España. Vostedes tampouco o celebraron, vostedes tamén estiveron en contra do referendo da Unión Europea.

Pero, en definitiva, coa Unión Europea, os galegos percibiron que pasar de 1.600 euros per cápita a 26.000 euros per cápita foi un bo negocio e que pasar dun PIB per cápita en relación con España do 74 % ao 89 % tamén foi un bo negocio.

Hoxe precisamente publicamos que temos un récord de exportacións no ano 2017, o mellor balance en superávit comercial de todas as comunidades autónomas, por riba...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** ...do País Vasco, onde as tres cuartas partes desas exportacións foron á Unión Europea.

Dicía esta fin de semana, recordaba o filósofo José Antonio Marina, a orixe etimolóxica de «autonomía»: «auto», nós, nós mesmos, e «nomos», norma; autonomía é darse normas.

Galicia, señora Pontón, exerceu a autonomía, deuse normas, fíxoo en liberdade, en ampla maioría, en tres referendos, en dez procesos electorais que non lle deron a razón ao Bloque Nacionalista Galego. Comprenderá vostede, señora Pontón, que exercer a soberanía non é darlle a razón ao que pide...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** ...sucesivamente o Bloque Nacionalista Galego e o pobo de Galicia rexeita.

Nós, en cambio, estamos aquí porque cremos na democracia, cremos nas regras, cremos na política como acción pública dirixida ao ben común, pero tamén como compromiso, e cremos no poder político limitado, controlado, divisible, negociable, xusto o que representan o Estatuto de autonomía, a Constitución española e a Constitución da Unión Europea...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** ...xusto o que pensa o pobo galego, xusto para o que o pobo galego nos puxo aquí, para preservar este marco constitucional. E por iso imos votar que «non».

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Vou empezar, se me permite, primeiro, por agradecerlle ao portavoz da Marea o seu apoio a esta iniciativa. (*Murmurios.*) Volvo empezar, porque vexo que hai murmurios e comentarios de subtexto no Grupo Popular. Entón, quero empezar por agradecerlle ao portavoz de En Marea o apoio a esta iniciativa, alén doutro tipo de cales sexan as nosas valoracións sobre outro tipo de posicións.

Ao señor Leiceaga, con todo o respecto, vino moi molesto porque temos iniciativas e traemos propostas a este pleno, en fin... (*Aplausos.*) Eu tamén, con toda a tranquilidade e con toda a cortesía, creo que quen pode estar tranquilo é o Partido Popular coa oposición que vostede lle está facendo, señor Leiceaga. Porque eu teño moi claro que eu non veño aquí facer de oposición da oposición —creo que hai moita xente nas bancadas populares que xa fai de oposición da oposición— e, desde logo, lamento que ese sexa o seu discurso, que din que causaba grande entusiasmo dentro das filas populares. Houbo un momento que ata pensei que o ían aplaudir.

En relación... (*Murmurios.*) En fin, aquí non se pode falar, eu estívenos escoitando a todos con absoluta tranquilidade.

Ao portavoz do Grupo Popular quéro lle dicir que o único que mencionou aquí a Cataluña foi vostede. Imaxino que vén co pé un pouco cambiado. (*Aplausos.*) Nós queremos falar de Galiza, de propostas que son importantes para o noso país. Deume unha clase sobre referendos e outro tipo de conformación política do Estado. Eu dicirlle que, en todo caso, a Constitución española non xerou ningún entusiasmo dentro dos galegos e das galegas, de feito non a referendou ningunha maioría. E se non lembro mal, houbo un ex-presidente, que naquel momento era de Alianza Popular, que o que votou foi en contra do Estatuto, do título VIII da Constitución, porque estaba en contra da Autonomía. Non sei se esa é a orixe do autonomismo do Partido Popular. (*Aplausos.*)

Desde logo, cando queira podemos falar do que é unha federación, unha confederación; non creo que o Estado español estea nin como Estado federal nin como Estado confederal. ¿Por que? Porque vostedes saben que, efectivamente, no recoñecemento, por exemplo, dun Estado confederal Galiza podería ser un Estado confederado, e iso daríanos capacidade non para decidir como xestionamos a sanidade ou a educación senón decidir que sistema educativo queremos, que sanidade queremos, sen os corsés que neste momento nos está impondo o Estado. (*Aplausos.*)

Non foi capaz de rebaterme nin un só dato sobre cuestións preocupantes que teñen que ver co devalar do noso país, e eu creo que calquera estaría moi preocupado vendo a destrución de emprego, que a emigración segue aí, que somos un país que temos unha potencialidade enorme e que, non obstante, vemos como a xente nova segue marchando ante a falta de oportunidades.

Creo que todos e todas hoxe puidemos ver un retrato estarrecedor do que pasa neste país, xente que formamos, por exemplo médicos e médicas, que din que nin de coña volverían a Galiza polas condicións laborais. Creo que iso é o que máis lles debería de preocupar.

Nós hoxe facemos unha aposta, que de verdade é unha aposta moi sinxela, que se algún grupo quería emendar tamén puido emendar o texto que propoñíamos e falamos. E o texto di que acordemos «constituír unha ponencia que teña por obxecto a análise e elaboración dunha proposta sobre un novo marco político institucional que garanta o noso dereito a decidir e sente as bases para o progreso e benestar do pobo galego». Isto é o que votamos, non se vostedes están de acordo ou non coa posición do BNG. E o que vexo é que máis unha vez o inmovilismo do Partido Popular...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...ponse en contra de Galiza, porque a vostedes o único que lles interesa é medrar no Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga e D. Juan José Merlo Lorenzo, sobre a introdución na etiquetaxe do selo *pescadeRías*, *¿de onde se non?* do prezo pagado por quilo ao mariñeiro ou mariscadora, así como dun código QR que leve directamente ao apartado de trazabilidade do produto na páxina web [www.deondesanon.xunta.gal](http://www.deondesanon.xunta.gal)**

**O señor PRESIDENTE:** Hai dúas emendas: unha do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario Popular.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo as accións precisas para que figure na etiquetaxe dos produtos procedentes do mar o prezo pagado por quilo en lonxa, e impulsar a través do código QR ou similar a mellora da trazabilidade dos produtos do mar.»)*

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Teresa Egerique Mosquera, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 19842).*

*Emenda de substitución.*

*Débese substituír o punto primeiro da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*«Indicar, mediante ligazón ao espazo web [www.pescadegalicia.gal](http://www.pescadegalicia.gal) e en base ao coñecemento de orixe e data establecido no código xa inserido na etiqueta, os valores de poxa en primeira venda do produto.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Merlo.

**O señor MERLO LORENZO:** Moitas grazas, presidente.

Señorías, os produtos das rías galegas son recoñecidos a nivel nacional e internacional pola súa calidade. Son emblema e, por tanto, duns dos que mellor representan a Galiza, e, por tanto, defendelos e potencia-los debe ser unha das prioridades de todas as administracións públicas.

Ademais, debemos lembrar que do sector do mar viven máis de 20.000 familias, representando, polo tanto, un motor fundamental para a economía galega, non só pola cantidade de postos de traballo directos que xera senón tamén polos milleiros que xera de forma indirecta, arredor de catro postos indirectos de media por cada posto directo.

Hai un esforzo importante do sector pola sustentabilidade e a calidade das capturas, que, lamentablemente, aínda a día de hoxe pasa inadvertido para unha parte dos consumidores, grandes beneficiarios deste esforzo. Á fin e ao cabo, a sustentabilidade vén non só da man da protección e coidado dos recursos senón tamén da viabilidade económica da actividade profesional do sector, viabilidade moitas veces incerta por factores desfavorables derivados do cambio climático, as cotas cada vez máis restritivas para algunhas especies fundamentais e unha presión fiscal que parece non entender moitas veces estas dificultades derivadas das desvantaxes competitivas que o sector sofre polas razóns xa expostas.

A Xunta desenvolveu xa no ano 2008 a marca *pescadeRías, ¿de onde se non?*, co obxectivo de identificar e garantir a trazabilidade dos produtos do mar procedentes da frota artesanal e sustentable da costa galega. Os produtos etiquetados baixo esta marca garanten a orixe, a frescura e a calidade respecto do medio ambiente e a aplicación de boas prácticas na súa manipulación polas empresas responsables de poñer estes alimentos no mercado; un selo, por tanto, que permite ao consumidor recoñecer con maior claridade os produtos autóctonos, de forma que se poidan diferenciar da competencia para potenciar o valor engadido que representan para os nosos peixes e mariscos para o mercado, produtos frescos e de calidade.

Poden ser usuarios desta marca operadores da cadea de produción e comercialización de produtos da pesca e marisqueo, sempre que as instalacións se atopen dentro de Galicia e cumbran cos requisitos do regulamento recollidos na Orde do 7 de febreiro de 2008 pola que se crea e regula o uso da marca *pescadeRías, ¿de onde se non?*

A trazabilidade do produto, por tanto, é unha das maiores e das máis grandes vantaxes competitivas que aporta esta marca, onde pode ser visto polo consumidor a través da páxina web do selo. Non obstante, o proceso de recoller o código para poder acceder á información vinculado ao mesmo na web non é sinxelo nin dinámico na práctica para o consumidor final.

Dicía onte a conselleira do Mar, Rosa Quintana, que cómpre tomar medidas para que o peixe e o marisco teñan un maior prezo nas lonxas, e para iso di que hai que valorar máis o produto e vendelo a través de criterios que acrediten a calidade diferenciada; necesitamos valorar máis en primeira venda os nosos produtos.

Nesa mesma liña, esta iniciativa vén trasladar a necesidade da importancia de achegar información xa existente que si é facilmente accesible para as persoas da cadea de produción e comercialización destes produtos aos consumidores finais.

A etiquetaxe mostra ao consumidor a zona de captura, a lonxa de orixe, a denominación comercial e científica e o método de produción, entre outros; non obstante, falta unha información que sería moi valiosa para o consumidor: o prezo pagado ao mariñeiro/mariscador por este produto que vai consumir. Desta forma o consumidor coñecería tamén cal é a cantidade que percibe unha deses milleiros de persoas que traballan do mar en Galicia.

Temos un produto extraordinario, que pode cubrir a crecente demanda de alimentos saudables por parte dos consumidores, algúns deles novos consumidores, e poñer en valor

dunha forma máis eficaz a calidade non só do produto senón de todo o proceso que se dá desde a súa extracción ata o momento de chegar ao consumidor final.

Polo exposto, formulados a seguinte proposición: O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a poñer na etiquetaxe do selo *pescadeRías*, *¿de onde se non?* o prezo pagado por quilo-gramo ao mariñeiro ou mariscadora.

E no punto 2: Instalar un código QR no selo da marca *pescadeRías*, *¿de onde se non?* que leve directamente ao apartado da trazabilidade do produto na web [www.deondesenenon.xunta.gal](http://www.deondesenenon.xunta.gal).

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Merlo.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Toja.

**A señora TOJA SUÁREZ:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde.

O PP de Feijóo herdou do PSdeG o selo *pescadeRías*, *¿de onde se non?*, posto en marcha no ano 2008 pola Consellería do Mar, e iso foi todo o que fixo: herdar un selo, (*Aplausos.*) un selo que naceu para asegurar que a información chegaba dende a lonxa ao prato. Non o eliminou pero deixouno morrer, nunca apostou por el, nunca apostou pola marca Galicia. E voules explicar por que digo isto: porque non fixeron o traballo necesario para que o consumidor estea disposto a pagar un euro máis se o produto está certificado. E non fixeron este traballo porque as lonxas tampouco están interesadas en ser asociadas, porque o consumidor non o exige, e non o exige porque o Goberno deixou morrer o selo.

E vou explicar isto das lonxas para que se entenda ben. Se collemos por exemplo a lonxa da Coruña, verán que lonxas importantes, como a da Coruña ou a de Cedeira, non están nin sequer asociadas, e se collemos Lugo, vemos que unicamente está asociada Armadores de Burela, xusto a que non ten ría — ¡vaia cousas!— .

Unha cousa. ¿Vostedes saben que para que o produto poida estar certificado e non perder o selo é preciso que cada eslabón da cadea, cada elemento que intervéñen na preparación, na comercialización, na transformación, cada un destes elementos estea certificado? ¿Vostedes sábeno? Pois do que estamos falando hoxe é de que as lonxas precisamente non están interesadas, entón pérdese; se un eslabón desta cadea falla, pérdese a certificación. Iso é do que estamos falando hoxe.

Polo tanto, volvo preguntar que traballo fixo este goberno para que en *pescadeRías*, un selo que lle deixamos feito os socialistas, os clientes estean dispostos a pagar algo máis se o produto está certificado. Xa lles contesto eu: ningún; deixaron morrer o selo. Pasaron dez anos, esperábase algún tipo de xestión.

Tamén os animo a que entren na páxina web de *pescadeRías* —se poden—, que entren e intenten facerse empresa asociada, inténteno, xa verán que actualizadísima está a páxina.



Entón, claro, logo lemos a prensa e atopamos noticias deste tipo: «*Rosa Quintana reclama dar máis valor al pescado. La conselleira del Mar señala que es una deuda aún pendiente.*» ¡Home!, iso xa llo dicía eu. Tan empeñada estaba en pescar menos e que rendera máis que se esqueceu da segunda parte, que rendía máis; entón, agora non lle rende. Claro, iso xa llo viñamos dicindo nós, os socialistas, dende hai tempo.

Daría a risa, claro, daría a risa, pero o tema é que estamos falando de persoas, de persoas e de moito máis que un selo, da situación discriminatoria na que se atopa a frota galega nun contorno global no que todos atopamos nos mercados produtos procedentes doutros países, de terceiros países, a un prezo bastante inferior ao prezo dos nosos produtos. E, entón, xa se sabe o que está pasando: a panga, a tilapia, especies que se caracterizan por un rápido crecemento, iso é o que está no mercado. ¿Que tipo de controis fai tamén este goberno respecto das exportacións de terceiros países, que non teñen —xa saben— os mesmos condicionantes nin os mesmos niveis sociais?

Sabemos, a través da normativa da Unión Europea, que todo o que se pesca dentro da Unión Europea vai garantir a sustentabilidade, pero ¿que pasa coas importacións que proceden deses países terceiros? ¿Que controis exerce este goberno? ¿Como compite a frota galega nesas condicións? Pois, como non sexa reducindo custos, non pode facelo; e, para reducir custos, ten que investir en innovación, en desenvolvemento tecnolóxico. Pero, ¡ah!, o PP de Feijóo reduciu esas partidas nos orzamentos de 2018, ou sexa, que reducir custos tampouco pode; o único que queda é incrementar os ingresos, e para iso movémonos unha vez máis ao selo de *pescadeRías*, pero resulta que o deixaron morrer.

Así é como está a situación. Temos un produto da mellor calidade. Non lles vou explicar eu aquí o que é o noso produto galego, pero vostedes saben que temos un produto da mellor calidade. Este goberno non apostou pola calidade do seu produto e agora fai declaracións de que ten unha débeda pendente. ¡Claro que a ten, claro que a ten! Temos o mellor produto, hai que apostar por el.

E por iso nós fixemos a nosa emenda respecto da iniciativa que presentou o grupo de En Marea. Fixemos unha emenda, que o único que fai é adaptar, ao noso entender, a súa iniciativa á realidade. Non podemos entender que o código QR leve a *pescadeRías* cando vemos que *pescadeRías*, se entras alí, está totalmente morto.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Toja.

Grupo Parlamentario Popular, señora Egerique.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Boas tardes.

Grazas, señor presidente.

Imos ver, señora Toja, tanto se deixou morrer a marca *pescadeRías* que vou na miña intervención ensinar unha etiqueta que pon —non sei se vostede o ve dende aí— (*A señora Egerique Mosquera*

*mostra un documento.*): «*pescadeRías, ¿de onde se non?*», a etiquetaxe que aínda está vixente. Si é verdade que empezou no ano 2008, si é verdade, pero, claro, en 2008 e 2009, neses dous anos, o valor do produto galego era escaso, porque estamos aquí e imos recoñecer agora todos os que estamos aquí que temos un magnífico produto, ¡por suposto que si!, como dixo o señor Merlo, ademais, que pasa inadvertido; eu creo que non, cada vez o consumidor é máis esixente, cada vez o consumidor exige máis produto galego e ten que comprobalo na etiquetaxe.

Entón, esta PNL vai de etiquetaxe, señora Toja. Vostede aquí ten a solución maxistral para solucionar todos os problemas da frota galega, pero isto vai de etiquetaxe, de código QR, e de *pescadeRías, ¿de onde se non?*

A verdade é que esta marca si é verdade que a implantou o Bipartito, implantárona e herdámola, pero, aínda por riba, tivemos que darlle unha volta e facer que tivera beneficios e tivera bos resultados, (*Murmurios.*) voulle dar un dato: é que neste ano rompeuse... (*Murmurios.*) Señor presidente, é que me molesta o murmurio da bancada.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Rompemos por fin en Galicia o teito dos 500 millóns de euros en ingresos procedentes de primeira venda; ese dato vostede non o dixo. E, ademais, dende que está a marca *pescadeRías* baixo ese selo, ascenderon os datos do produto certificado en primeira venda a 14.932.010 toneladas de produto —eu dígolle o dato concreto— dende que se creou a marca ata o ano 2017.

Neste momento, ademais, segundo os datos, hai 84 empresas certificadas adheridas a este selo *pescadeRías* e 238 empresas adheridas tamén —restaurantes, peixerías, tendas *on line*—; falaba vostede tamén de lonxas, centros de vendas, centros de depuración. É dicir, non está morta para nada a marca.

Piden aquí agora que se inclúa o prezo de orixe. Imos ver, isto hai que velo tamén, porque aquí estamos falando de trazabilidade, e falamos desa trazabilidade, que é fundamental e moi necesaria incluír nun produto, neste caso no peixe galego, pero debemos ser moi coitados coa introdución de elementos diferentes con fins tamén moi diferentes, porque iso pode obstaculizar o que é a trazabilidade e o obxectivo que ten que ter, que ten que ser útil e ten que ser vantaxosa. E para que sexa así, ten que ser sinxela e ten que ser fiable. Entón, se vostedes queren incluír un prezo en orixe, que xa hai un código ademais que indica e manda e podes ver o prezo en orixe na poxa, se vostede quere poñer o prezo indicativo en orixe concreto, iso sería complicar aínda máis o que é a etiquetaxe do produto.

¿Por que ten que ser sinxela e ten que ser fiable? Un estudo da Unión Europea —o último estudo que fixo sobre etiquetaxe de produtos, e sobre todo de produtos do mar e alimentos— dicía que máis da metade das persoas non entendían as etiquetas. Polo tanto, temos que ir e temos que orientarnos cara ao máis sinxelo e o máis cómodo.

Vostedes propoñen o código QR, que xa está inserido para outros datos, pero é que na marca *pescadeRías* —isto é para que vostedes se fagan unha idea dunha etiqueta— (*A señora Egerique*

*Mosquera mostra un documento.*) aquí ten un código que pon «fecha de captura», e a partir de aí, con esa data, vostedes na web poden acceder ao prezo de poxa e ao prezo que se pagou en primeira poxa do produto. Polo tanto, non hai ningunha traba para que se poida acceder a ese prezo.

Polo tanto, se nesta etiqueta, que xa ten moitos datos e ten xa os datos de regulamento, incluímos aínda por riba os prezos de todos os produtos, poderíamos incorrer ademais tamén en datos confidenciais, porque vostedes na súa PNL propoñen que se poña ata o prezo case ou a persoa que vendeu ese produto en primeira poxa. Polo tanto, poderíamos cometer erros graves e tamén incorrer nalgunhas mesturas de prezos, porque sabe vostede que hai mesturas de lotes neste caso.

Polo tanto, nós cremos que iso excede con moito a marca *pescadeRías*, que é unha marca que por suposto apoiamos, que é unha marca que garante ademais que o produto galego de calidade se pode vender e se pode acceder a el, e que, aplicándoa, se pode entrar nunha vulneración de normas sobre a protección de datos e similares.

Nós facemos unha emenda, porque nós queremos tamén que haxa sinxeleza, que a trazabilidade sexa correcta e que o prezo tamén se poida coñecer por parte do consumidor.

Polo tanto, nós propoñemos unha emenda, e diríamos que se ten que indicar mediante ligazón ao espazo *pesca de Galicia.gal*, con base no coñecemento de orixe e data establecida no código xa inserido na etiqueta, os valores de poxa en primeira venda do produto, porque así saberíamos perfectamente cal foi o prezo en primeira poxa, como dixen xa.

O código QR, ou o código numérico, podería ter as mesmas consecuencias, e podería levarte a un acceso a unha web e a uns datos que serían os mesmos, porque sabemos tamén que no código QR tes que ter un dispositivo específico, cunha aplicación específica, e sabemos que tampouco tivo a integración na sociedade como se esperaba.

Polo tanto, nós cremos que na trazabilidade que teñen todos os produtos do mar non hai ningunha necesidade real de introducir ese prezo concreto, ademais coas diferenzas, e ademais podería incorrerse nalgún erro, porque se podería facer un prezo medio de diferentes lotes, porque sabe vostede que ás veces van con prezos diferentes nun lote común.

Polo tanto, temos que ser moi coidadosos co que propoñemos, e nós cremos que nestes momentos están suficientemente garantidos e desenvolvidos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** ...os dereitos dos consumidores, sen que a introdución do que vostede propón supoña ningunha mellora ao respecto.

Esperamos que poidamos chegar a un acordo con esa emenda, porque cremos que ese acceso a esa web co prezo de poxa en primeira liña sería garantir que o consumidor coñeza o prezo do produto que consome en primeira poxa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Egerique.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Señora deputada do Partido Popular, *non estaba morto, estaba de prranda, ¿verdade?* (*Risos.*) (*Aplausos.*)

Si, mire, os selos de marca e de calidade son precisamente para a protección dun produto, para a promoción, para a excelencia. E, evidentemente, estamos falando dos produtos do mar de Galiza, que non fai falta falar da súa calidade, dun sector sustentábel ao que o Partido Popular, coas súas medidas, non fai máis que perseguir, que criminalizar, e que logo vén aquí normalmente dicir que si, que está encantado de protexer e esas cousas; cunha man fai unha cousa e coa outra man fai a contraria.

Eu non sei cantas veces escoitei a conselleira do Mar, a señora Rosa Quintana, dicir que hai que ir ao mar por cartos, non por peixe, é como dicir que hai que ir ao mar por calidade, por produto de calidade e por experiencia, e non por quilos.

E estes días están coa ruta da facturación e das descargas. Estes días está o Partido Popular, a conselleira e o presidente Feixóo, na promoción dos mellores datos desde que hai medidores históricos de facturación e de toneladas. Entón, atopámonos con que no ano 2016 houbo 188.456 toneladas e no ano 2017, 210.875 toneladas, un aumento dun 12 %, unha cousa importante, porque imos a máis, e resulta que en facturación houbo un aumento de 7 millóns, 1,36 %. E iso é para estar moi satisfeitos, é dicir, un aumento do 12 % en quilos e en tonelaxe, e 1,36 % en facturación. E é motivo de promoción por parte do Goberno da Xunta.

Entón, a min gustaríame que me explicaran como se combinan as dúas cuestións: se non hai que ir ao mar a por quilos, senón a por cartos, e poñer en valor que é o que está facendo o Partido Popular para que se verifique esa ecuación que está facendo o Partido Popular, o Goberno da Xunta, para que os nosos mariñeiros poidan ir ao mar poñer en valor o prezo dos produtos e non ir pescar máis con menos prezo.

Entón, aí entraríamos nun selo de calidade, entraríamos na iniciativa que trae hoxe aquí En Marea e entraríamos en que está facendo para que as marcas de calidade e os produtos do mar se verifiquen como un xeito de promocionar os produtos para que realmente esa calidade se verifique en prezo, e non en que aumente un 12 % a tonelaxe e ese 12 % só se traduza nun 1,36 % —datos do Goberno galego, datos da Consellería, datos que estes días están, insistido, nunha campaña de promoción—.

É dicir, non se compadece o que din co que fan, non se compadece absolutamente nada do que fan. E a marca, efectivamente, de calidade *pescadeRías* é unha marca que teoricamente está para poñer en valora a frescura, está para poñer en valor a diversidade, está para poñer en valor o respecto ao medio, está para poñer en valor a calidade. Pero, evidentemente, non

hai por parte do Goberno galego ningunha promoción real para que isto se verifique. Podía dicirnos vostede, que é unha gran coñecedora por exemplo do porto de Vigo, señora deputada, cal é a realidade desta marca, que se puxo en funcionamento no ano 2010, no porto de Vigo; escandaloso, escandaloso, practicamente non existe, non existe.

E podemos falar do resto dos portos de interese xeral, e que a realidade é que soamente nalgunhas lonxas, e a realidade é que soamente nalgúns restaurantes de alto *standing* vai asociado con esa marca de calidade e que practicamente a usan para poñer en valor a marca do establecemento, pero é que non hai unha aposta por parte do Goberno galego por poñer en valor os produtos do noso mar.

Co cal, eu, con algúns matices, efectivamente, a respecto da iniciativa tal como a trae hoxe En Marea, pero o que si é unha realidade é que hai unha serie de instrumentos para poñer en valor o noso mar, que os máximos interesados é o propio sector, pero que ven como por parte do Goberno, no lado de poñerse do seu lado, o que fai é poñerlle paus na roda...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...ao propio sector, e que non hai absolutamente ningún interese porque ese binomio calidade-prezo sexa unha auténtica realidade. Non hai absolutamente ningún interese. O único interese son estes datos, facer campaña publicitaria, sen que logo se compadeza con ningunha realidade, ningunha. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra o grupo autor da proposición non de lei, señor Merlo Lorenzo.

**O señor MERLO LORENZO:** Moitas grazas.

Imos ver, señora Toja, non é soamente, como dicía vostede, que no mercado teñamos moitos produtos de ínfima calidade, como a panga por exemplo, que se promocionan e potencian de cara ao consumidor moito máis e moito mellor moitas veces que os propios produtos da ría. É que o grave do tema é que moitas veces eses produtos de ínfima calidade están tamén en comedores escolares, en comedores de hospitais, etc., etc. Ese é un problema. Evidentemente, temos que ter unha aposta e crelo dende o principio e dende as administracións públicas, dende todas elas, que o noso produto ten unha excelencia e unha calidade e que, polo tanto, temos que ser nós os primeiros defensores a ultranza do mesmo.

Esta é unha realidade que temos hoxe en día. E o consumidor moitas veces demanda esa calidade, pero hai moitos novos consumidores, como xa dicíamos, xente que vén doutro tipo de alimentación, que está volvendo a unha alimentación máis tradicional, que volve mirar de cara ao mar para produtos dunha calidade e dun valor nutricional moito mellor, e, evidentemente, non teñen un coñecemento tan extenso como outra moita parte da nosa poboación, que si o ten. Evidentemente, para esta xente, para este tipo de consumidor, toda a información sempre será pouca.

O código QR, señora Egerique, xa está a día de hoxe accesible en calquera dispositivo móbil actual, sen necesidade de ningún aplicativo adicional. Se vostede ten un terminal con sistema operativo iOS, pode directamente, dende a propia cámara, apuntar un código QR e o propio terminal automaticamente detecta e saca un indicativo dicíndolle que pode ir a esa páxina; pódoo comprobar cando vostede guste.

De todos os xeitos, a iniciativa válenos igual que sexa co código QR, que xa está aplicado, ou cun mecanismo similar. Aquí a cuestión, o fondo do interese da iniciativa, é precisamente facilitarlle a ese consumidor no momento que teña unha forma eficaz e áxil de acceder a esa información; é dicir, nesa etiqueta o que estamos a dicir é que moitas veces ese código para identificar ese produto está composto dunha sorte de cerca de 6 ata 10 díxitos, caracteres alfanuméricos e demais, moitas veces moi difíciles de memorizar ou de apuntar, para ir a unha web a seguilos. Buscamos facilitar ese paso. Se hai un proceso diferente a esa ligazón que vostede dicía que pode axilizar e simplificar ese proceso, por nós o formato, que sexa un código QR —que nos parecía o máis acaído— ou outro, non vai ser o impedimento para sacar a adiante esta iniciativa.

Nesa liña eu entendo que poderemos achegar dende o noso grupo unha proposta que satisfaga precisamente o espírito de ambas as emendas presentadas. E con esa vontade supoño que teremos un punto de encontro suficiente para garantir isto.

Poño en valor novamente o interese e a importancia de que toda esa información chegue ao consumidor final dun xeito eficiente, porque é un pouco a liña de que todos os grupos aquí creo que estamos traballando e apostando por iso.

E despois, respecto evidentemente do prezo que se lle paga, non se trata de saturar na propia etiquetaxe un tema de información. Parece simplemente un interese de facer unha pedagogía de cara ao consumidor, porque moitas veces hai unha cadea de valor que hai que coñecer. Se o tema de incluílo na etiqueta polos distintos lotes ou partidas de que pode estar composto un produto, aínda que na etiqueta se identifica o lote —non soen mesturar os lotes—, pois eu ás emendas presentadas voules facer unha proposta aos grupos para buscar un punto de equilibrio...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor MERLO LORENZO:** ...que non incorpore na etiqueta a priori ese prezo, pero que si dende unha forma moi clara no resultado final desa trazabilidade, unha vez que o usuario achegue o código e entre na web, para ter precisamente o valor dese prezo, desa poxa dese produto.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Merlo.

Pasamos á seguinte iniciativa.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Jaime Castiñeira Broz e sete deputados/as máis, sobre a inclusión pola Xunta de Galicia da construción modular de vivendas no seu Programa de vivenda de promoción pública**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas: do Grupo Parlamentario de En Marea e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

*(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 24628 (10/PNP-001771).*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir na parte resolutiva o seguinte punto:*

*«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a iniciar unha proba piloto coa construción modular de 100 vivendas de promoción pública».)*

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada María Luisa Pierres López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (10/PNP-001771, documento número 24628).*

*Emenda de modificación.*

*Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:*

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:*

- 1. Incluir a construción modular de vivendas dentro do seu programa de vivenda de promoción pública, especialmente nos casos de vivendas sociais destinadas a resolver situacións de máxima emerxencia social ou de catástrofe natural e nos que o factor tempo aconselle o emprego desta solución construtiva fronte a outras.*
- 2. Incrementar a dotación orzamentaria prevista nos orzamentos da Xunta de Galicia para a posta en marcha de vivendas de protección pública durante o exercicio 2018, recuperando o nivel orzamentario de cando menos hai dez anos.*
- 3. Demandar ao Goberno de España, ante a caducidade o 31 de decembro do 2017 da vixencia do Plan de vivenda 2013-2016, a posta en marcha inmediata do Plan de vivenda estatal 2018-2021.»)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Castiñeira Broz.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Grazas, señor presidente.

Quero empezar esta comparecencia miña dando as grazas precisamente á presidencia e aos portavoces e á portavoz do Partido Socialista por permitirme debater hoxe esta iniciativa e modificar a orde do día. Grazas a todos os compañeiros e compañeiras desta institución.

Traemos unha proposta que consiste en instar a Xunta de Galicia a incluír a construción modular de vivendas dentro do seu Programa de vivenda de promoción pública. A proposta é realizar pequenos grupos de vivendas de promoción pública de tipoloxía unifamiliar como experiencia piloto. Isto daría lugar a un apoio a un sector que en Galicia neste momento está en auge, que está crescendo na nosa comunidade, e a impulsar ao mesmo tempo a innovación en materia de edificación residencial. En todo caso, estas actuacións non pretenden, nin moito menos, substituír a construción tradicional ou convencional, que seguirá sendo —ou debe de seguir sendo— a base da edificación de vivendas de promoción pública, especialmente nos edificios de tipoloxía residencial colectiva.

Nestes momentos hai moitas empresas de construción modular en Galicia que están en pleno desenvolvemento e este tipo de solucións e apostas desde a propia Administración e outras administracións que o poden facer tamén, loxicamente, poden axudar a impulsar a innovación de novas tecnoloxías e novas aplicacións neste sector, e tamén, ¿por que non?, esas empresas que están neste momento iniciándose ou pulando en Galicia.

As vivendas modulares todos sabemos que nos últimos tempos a popularidade das mesmas vai en aumento, debido a que a calidade das mesmas día a día está a mellorar. Non estamos a falar de vivendas modulares da época na que se desenvolveu fundamentalmente con grande auge, que foi despois da II Guerra Mundial, ou dos anos sesenta, onde eran —por así dicilo— vivendas modulares ou edificacións de vivendas modulares ríxidas totalmente, todas eran iguais. E temos exemplos que é mellor non recordar, como o caso das vivendas construídas polo réxime soviético en Polonia, en Potsdam, que son 4.000 vivendas todas iguais que loxicamente non son nin moito menos para recordar nin para ter na memoria, cidades dormitorio totalmente.

Pero non só era en Polonia senón que en Inglaterra pasaba unha cousa parecida, ou noutros sitios nos que incluso se derrubaron, como é o caso de Francia. Hai que dicir que no caso de Francia se chegou a poñer unha normativa prohibindo que os proxectos tiveran máis de 300 vivendas. Estamos a falar dos anos setenta, onde se prohibía que tiveran máis de 300 vivendas, pola uniformidade que había, pola rixidez que había nos sistemas daquel momento. Aínda que hai exemplos, como Le Grande Borne, en París, ou exemplos de Estocolmo, onde realmente son exemplares, pero casos moi puntuais, por así dicilo.

A idea —como dixen—, a proposta, é que a Xunta dedique unha parte á construción e inclúa dentro diso a construción de vivendas modulares, apostando —se pode ser— por empresas de innovación de Galicia. E estas constrúense realmente nunha fábrica, manufactúranse, mándanse ao terreo, ponse unha cimentación —que iso si hai que facela *in situ*— e o resto é ensamblar e montar. Actualmente estas edificacións poden contar cun deseño competitivo como calquera, por suposto, con calidades, con acabados, de tal xeito que hai moitas edificacións que na maioría dos casos, para saber realmente se estamos a falar dunha vivenda modular ou dunha vivenda convencional, case habería que ser auténticos expertos para poder diferencialas.

E iso creo que é a onde temos que ir: calidade e coas vantaxes que este tipo de construcións pode ofrecer e que, de feito, ofrecen, como é a súa rapidez de execución —son prazos moi-



tísimos máis curtos de execución—, o prezo final páctase, hai un contrato e un prezo cerrado, porque é comprar o que é unha instalación feita e coa chave en man, por así dicilo. Non hai, por así dicir, situacións que se poden dar en obra, desde a climatolóxica a outro tipo de cuestións. Son algo máis económicas que as convencionais; estamos a falar do redor dun 10-20 % máis económicas que as convencionais, con sistemas de construción con materiais exactamente equiparables, iguais, loxicamente para poder comparalas.

E logo incluso podemos estar falando dun mellor control de calidade, dado que ao facelo en fábrica son uns sistemas que permiten un control de calidade moito máis fácil e moito mellor que en obra, que loxicamente ou está un permanentemente mirando exactamente como se fai ou se non é moi difícil ás veces ter un control exhaustivo, por así dicir.

Estas vivendas por suposto que se axustan, como calquera outra, aos códigos e normativas de construción vixentes e urbanísticas: código técnico de edificación, documentos de idoneidade técnica, habitabilidade, licenza municipal, proxecto de arquitecto, de dirección de obra, etc., etc., loxicamente, como non pode ser doutra forma.

Na actualidade o desenvolvemento de novos materiais e técnicas construtivas está a propiciar —como dicía— o auxe desta construción modular e responde ademais a unha demanda actual cada vez máis exixente —como debe de ser— dos cidadáns cara ao novo modelo de vivendas en canto a prezos, prazos de execución e entrega, seguridade, aforro enerxético, baixo impacto ambiental —no proceso de construción sobre todo, porque, claro, estámo-lo a facer nun recinto como é unha fábrica, ou gran parte— e logo, loxicamente, sostibilidade.

Estamos a falar de que o obxectivo loxicamente é pensar, proxectar e desenvolver novos e avanzados edificios, con materiais e sistemas construtivos baseados na utilización de aceiro, formigón pretensado ou en forma de paneis e outras compoñentes e diversos materiais modernos e duradeiros; en definitiva, un modelo de construción coherente enerxeticamente.

Isto, unido —como dicía antes— a que se manufactura dentro dunha fábrica, leva consigo unha produción de menos residuos e unha xestión dentro dunha fábrica, máis fácil de controlar —ou debería de ser polo menos, iso é o que debe de ser—, co cal levamos edificios máis sostibles, que tamén debemos apostar claramente por iso.

E dado que o sistema construtivo está baseado en sistemas de construcións lixeiras, estruturas lixeiras, metálicas fundamentalmente, e elementos preindustrializados, de fácil montaxe e desmontaxe, estamos a falar de que son reciclables —por así dicilo—, porque se poden reciclar e reaproveitar practicamente todos os elementos, desde as estruturas ata ventanais, paramentos exteriores, tabiquería interior —que soen ser de cartón xeso—, as carpinterías exteriores, etc., etc. É dicir, chégase a dicir incluso deste tipo de construcións que son edificios que nunca se derruban, senón que son desmontables, transportados e reconstruídos de ser necesario; é dicir, son reciclados.

Se facemos historia —como dixen algo antes—, non debemos de fixarnos quizais no sistema que había hai anos, despois da II Guerra Mundial —os anos sesenta fundamentalmente—, cando máis predominou este tipo de construcións, dado que eran sistemas totalmente ríxi-

dos, e loxicamente momentos construtivos moi distintos aos de agora. É dicir, neste momento pódese facer unha construción, especialmente vivendas unifamiliares, onde se amplían por módulos, e incluso permítese, unha vez rematada unha construción, poder seguir ampliándoa. É dicir, este é un sistema no que xa en moitos países do mundo se está avanzando e se leva traballado moito; quizais América fora un dos países máis avanzados en que se traballou desde o primeiro momento e se fixo a construción máis estandarizada. E podemos ter incluso o modelo de Chicago, onde desde a súa fundación no ano 1930 a propia retícula urbanística formada por unha malla reticulada con parcelas cuadriculadas onde se vai ampliando segundo se necesita; é dicir, prolónganse as rúas, vaise ampliando e non hai ningún problema, poden medrar ata o infinito. E incluso aí houbo despois do grande incendio que practicamente a arrasara no ano 1871, foi onde se empezou a implantar fundamentalmente a tecnoloxía do aceiro, as estruturas de aceiro, onde apareceron a partir de aí os rascacielos e outro tipo de construcións que hoxe predominan en todo o mundo.

É dicir, son avances que se van dando e creo que nosoutros debemos de estar aí como autonomía, como Xunta. Por iso insistimos en que se apoie, se faga unha serie de experiencias piloto deste tipo de edificacións, que estamos convencidos de que poden merecer a pena.

Loxicamente, sen ánimo de facer máis, pero si hai que recordar que xa a principios do século pasado grandes arquitectos, como eran Le Corbusier ou Van der Rohe, apostaban claramente xa naquel momento por sistemas construtivos prefabricados e de industrialización do proceso construtivo. Creo que debemos axudar e apostar polos avances e a tecnoloxía, e nese sentido por iso presentamos esta iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Castiñeira.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Pierres López.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Primeiramente, as miñas condolencias, señor Castiñeira.

E, señor Castiñeira, introdución, desenrolo e conclusión concentradas en seis liñas, resumo perfecto do que é o esforzo en política de vivenda deste goberno. Eu non sei se o Partido Popular se pode tildar de moi serio, señor Castiñeira, como un día vostede me trasladou a min. Pero penso que si dá mostras suficientes de lacazanería: a casa polo tellado.

Hoxe o Partido Popular demóstranos, unha vez máis, que lle gusta empezar a casa polo tellado. Non só quere empezar a casa polo tellado senón que pretende vendela antes de tela. Porque, mire, lendo esta extensa exposición de motivos —que polo menos ten esa virtude de que chama a lela unha e outra vez—, xórdenos a pregunta de se saben vostedes ben onde están, en que momento vivimos, se coñecen vostedes cal é o contexto actual. O grande argumento que vostedes empregan para defender o impulso da construción modular é o aforro de tempo, e aí é

onde a iniciativa chirría. ¿E por que chirría, señor Castiñeira? Porque, para ter interese en aforrar tempo, ten que darse un principio básico anterior, que é estar facendo algo, xustamente o que vostedes non están a facer en materia de vivenda e promoción pública. E doulle datos.

Ano 2007, iniciáronse 3.000 vivendas de promoción pública en Galicia. Pola contra, nos tres primeiros trimestres de 2017 eran 5 as vivendas contabilizadas; e no ano 2016, ano anterior, foron 4 as vivendas iniciadas en Galicia. Con estes datos, ¿de verdade cre vostede que o gran problema da política de vivenda pública en Galicia é aforrar tempo? (*Aplausos.*) Iso por un lado.

Por outro, ao Grupo dos Socialistas preocúpanos moito, moitísimo, que vostedes liguen o uso de vivendas modulares ás clases sociais máis desfavorecidas —é o que di a iniciativa—.

Nós entendemos que a construción modular aporta respecto a outro tipo de sistemas rebaixar os tempos do proceso construtivo, isto é certo. Pero isto ten sentido especialmente ante causas sobrevidas, como poden ser catástrofes naturais, ou por razóns de emerxencia social, nas que a dilixencia, efectivamente, ten que ser máxima. No resto dos casos, a preferencia de elección deste sistema non estaría especialmente xustificada. ¿É unha opción? É. ¿Pero está xustificada a súa elección por enriba doutro sistema? Francamente, non. E voulle dar outro argumento. Modular vai ligado a estandarizar, porque é o uso dun estándar o que dá sentido á eficacia dun sistema, deste sistema. Pero asociar a estandarización coas familias con máis dificultades é un erro enorme.

Eu preguntolle a vostede, señor Castiñeira, persoalmente: ¿persoalmente, gústalle que o clasifiquen? ¿Séntese cómodo coas xeneralizacións negativas que se fan respecto do seu partido? Seguro que non. ¿Por que pensa entón que as familias máis desfavorecidas de Galicia queren vivir en edificacións encorsetadas e que as clasifiquen? Talvez na tipoloxía de vivendas unifamiliares teña máis cabida, pero nas plurifamiliares este sistema condiciona a súa flexibilidade enormemente.

Nós non imos negar que sexan solucións construtivamente válidas, porque válido é calquera sistema que cumpra co Código técnico da edificación, que é o que vela pola calidade construtiva. Pero se algo bo se deu xusto antes da crise foi a promoción de moitos concursos públicos de vivenda, e non só en Galicia, senón en toda España, que deron lugar a solucións tipoloxicamente innovadoras e exemplares. Por primeira vez, a vivenda tratouse como un pleno dereito e non como unha obriga molesta para a Administración. Por iso nós entendemos que a construción modular é unha fórmula máis aconsellada para resolver situacións de emerxencia e nas que a necesidade dun teito é o prioritario, pero non debe supor a solución definitiva para as familias máis desfavorecidas, porque elas, como o resto de galegas e galegos, merecen fogares cos mellores estándares tipolóxicos e de calidade e non ser tratadas como algo para ventilar rapidamente.

Por tanto, e para ir xa rematando, non equivoquen os obxectivos. A urxencia actual dos case 11.500 galegos e galegas que están en lista de agarda para optar a unha vivenda da Xunta de Galicia resólvese incrementando os cartos destinados para a promoción destas. Se hai cartos, hai construción, e, con esta, máis vivendas dispoñibles; e se vostedes non resolven isto antes, de pouco serve promocionar un ou outro sistema construtivo. Deixen, polo tanto, de agochar

a realidade que é a nula implicación deste goberno na promoción de vivenda pública; comezan a casa polos cimentos; incrementen o orzamento recuperando os niveis de 2008, en que se investía sete veces máis...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** ...—48 millóns fronte aos 7 millóns actuais—; insten o Goberno do Estado a aprobar o Plan de vivenda 2018-2021 e resolvan a situación de desamparo que se vive dende 31 de decembro tras a caducidade do plan anterior. E, logo de afrontar estas cuestións, entón si, pensen en como queren ese tellado...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** ...—si—, pero sen esquecer que as boas construcións, como os bos argumentos, se teñen que armar ben, e vostedes, de ferralla, en materia de vivenda pública, andan máis ben escasos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Pierres.

Ten a palabra, en representación do Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Cal Ogando.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Dicía o señor Castiñeira que o obxectivo desta iniciativa que traen de vivenda, no Día da Xustiza Social, é o ter novos materiais para construír edificios. Bastante obsceno nos parece, no Día da Xustiza Social, que traia o Partido Popular unha iniciativa de vivenda cuxo obxectivo sexa ter mellores materiais, cos graves problemas que temos de vivenda e cando en Galicia non se garante o acceso a unha vivenda digna a todos os galegos e galegas.

Vostedes hoxe trouxeron aquí unha iniciativa, outra iniciativa, de cartón pedra, que non resolve ningún problema. Se aprobamos esta iniciativa hoxe, mañá aos galegos e galegas non lles cambia a vida absolutamente nada, non hai ningunha solución, vostedes non aportan ningunha actuación concreta; simplemente, vostedes fixeron aquí unha exposición que ben merece o aplauso do mellor comercial de materiais de construción: aprendemos moitísimo sobre as vivendas modulares, pero contido político non houbo absolutamente ningún. Non traen ningunha proposta. ¿Que solventa? ¿Que problema das cidadanía solventa esta iniciativa? Na súa réplica, diga aquí que problemas de vivendas, aprobando esta iniciativa, se solventan en Galicia, porque non vai acompañada de ningunha actuación concreta.

Nós entendemos que as vivendas modulares poden ser unha solución temporal para dar vivenda á xente que máis o precisa, dunha maneira urxente, mentres agarda por unha vivenda

tradicional. Parécenos que para isto pode ser útil, pero, como dicía a voceira do Partido Socialista, non están facendo a outra parte.

A nós suscítanos moitas dúbidas esta iniciativa que traen, porque, recentemente, o goberno do Concello de Barcelona, con Ada Colau á cabeza, vén de aprobar un proxecto de construción de vivenda modular, un proxecto piloto de 92 vivendas, mentres se están construíndo outras 4.400; de aquí ao final de lexislatura, vai facer un programa piloto con 92, para darlle saída urxente temporal á xente que está agardando por unha vivenda. Pero vostedes, o Partido Popular, en Barcelona, votaron en contra, señor Castiñeira; vostedes votaron en contra desta proposta. Entón a nós suscítanos moitísimas dúbidas: ¿por que en Barcelona non lles vale e, non obstante, aquí si? E dígolle por que nos suscita moitísimas dúbidas e cítolle textualmente palabras do señor Alberto Fernández, presidente do Grupo Municipal do PP en Barcelona: «A aposta polas vivendas modulares é electoralista e pretende solucionar con présa o déficit de vivenda pública con edificios prefabricados» —denominounos «tabiques *low-cost*»—.

Entón, nós preguntámonos: ¿consideran vostedes que son produtos de mala calidade, como dixeron en Barcelona, e consideran que os galegos e galegas merecen unha peor calidade na vivenda que en Cataluña? Despéxennos, por favor, esta dúbida: ¿por que en Cataluña non lles vale, porque son de *low-cost*, e por que en Galicia si que lles vale? Precisamos que nos despexen esa dúbida.

E a outra posibilidade, o motivo polo que votaron en contra, se non consideran que son de mala calidade, é que en Barcelona ía acompañado dunha actuación concreta; entón, vostedes do que están en contra é de que haxa unha actuación concreta e, simplemente, queren traer unha iniciativa de paripé que quede aí, e aí está, para cubrir a ficha e para dicir que traen iniciativas de vivenda, pero non veñen acompañadas de ningunha actuación. Por favor, precisamos que nos aclaren esta dúbida.

¿Que é o que non lles gusta da de Barcelona? ¿Que vai cunha actuación, que ofrece solucións aos problemas de vivenda? ¿Que traballa por garantir o dereito á vivenda das persoas e non é unha proposta de paripé que non trae nada acompañado? Precisamos que nos despexen esa dúbida.

Como lles digo, en Barcelona hai 9.000 vivendas, o parque de vivendas públicas de Barcelona é de 9.000 vivendas e, neste momento, o concello de Barcelona, con 1.600.000 habitantes, ten 4.400 máis en marcha; nós aquí temos 3.500.

Os datos de vivenda en Galicia son escandalosos: temos 3.500 vivendas e hai 11.500 persoas que reúnen os requisitos e que están en lista de agarda. E vostedes reduciron dende 2008 un 90 %, ¡un 90 %!, o investimento en construción de vivenda pública.

Os datos..., a situación..., as dificultades que ten para acceder a unha vivenda digna en Galicia... A cidadanía non precisa dunha PNL de cartón pedra, como a que vostede trae aquí; precisa de investimentos, precisamos recuperar os 48 millóns, o mellor de 2008, seguramente incrementalos; se non, os 3 millóns de 2017 en construción de vivenda pública; precisamos políticas activas e políticas serias para o acceso á vivenda, que sexan orzadas de

maneira seria e que sexan executadas, e non como temos algunhas partidas de vivenda en execucións, en 2016, do 15 %.

Mentres a maioría dos países europeos ten un parque de vivenda pública que supera o 10 %, en Galicia estamos por debaixo do 1 %, e vostedes aínda reducen o investimento nun 90 %.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CAL OGANDO:** Mentres na maioría dos países europeos dedican o 2 % do seu orzamento a políticas activas de vivenda, en Galicia estamos no 0,7 %.

Esta é a realidade nunha situación de precariedade da cidadanía, con 300.000 persoas que cobran menos do salario mínimo; con case un terzo da xente en risco de exclusión e en situación de pobreza; unha burbulla de alugamento que empeza a visualizarse, empeza a ameazar; co incremento dos desafiuzamentos neste ano, e vostedes traen unha iniciativa que non solventa absolutamente ningún deses problemas.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CAL OGANDO:** Polo tanto, dígolles: se queren que apoiemos esta iniciativa, acepten a nosa emenda, que é unha emenda moi pouquiño ambiciosa, que vai acompañada —esta proposta— dunha proba piloto...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Cal.

**O señor CAL OGANDO:** ...de 100 vivendas, e se a acompañan cunha actuación, apoiarémola; se simplemente é de cartón pedra e non soluciona nada, pois, evidentemente, non a imos apoiar.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Cal. Moitas grazas.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Grazas, presidente.

Boa tarde.

Eu non sabería como cualificar esta iniciativa, que, en todo caso, xa foi cualificada pola Mesa. Pero, ben, podíamos dicir que é unha iniciativa «minimalista», se tiveramos que cualificala, ou unha iniciativa «escapista» ou, non sei, *new age*, incluso. Supoñemos que no próximo pleno van traer aquí unha iniciativa de apoio ao himno de Marta Sánchez. (*Risos.*) Supoño que será a grande innovación que traerá o Partido Popular e presentarán tamén mocións nos plenos dos concellos, porque, ademais, agora, como están nesa pugna con Ciudadanos

a ver quen é máis patriota, pois presentará unha iniciativa e supoño que lle dirán tamén a Marta Sánchez que veña vivir para España; non nunha destas construcións modulares, nunha casa como merece, e que pague aquí os seus impostos —supoño que tamén o farán nesa iniciativa—.

Ben, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) indo ao caso, esta medida, polo que sabemos e polo que vostede dixo nesta exposición minimalista da súa proposición non de lei, estaba incluída no programa electoral do Partido Popular de 2016 e, que nós saibamos, é o mesmo partido que goberna na Xunta de Galiza, ¿ou non? Porque agora, con esa cousa de parecerse a Ciudadanos, xa non sabemos moi ben onde están; teñen un problema de identidade, non sabemos onde queren estar.

Pois ben, resulta que o levaron no programa, levan gobernando ano e medio e ¿que problema tiveron para poñela en marcha? ¿Que pasa? ¿Que teñen dúbidas? ¿Non o teñen claro? ¿Queren o apoio dos grupos da oposición para esta cuestión? ¿Que pasa? ¿Non confían nas súas propias propostas? Tiveron un momento de debilidade —pensamos—. ¿Que pasa? Que, claro, pídennos o apoio para esta iniciativa, pero non para acordar as políticas públicas de vivenda tan necesarias neste país. A proba é que vostedes non queren acordar esas políticas, porque aquí, reiteradamente, os grupos da oposición trouxeron propostas que vostedes botaron abaixo. Polo tanto, se queren acordar algo, podémoslles propoñer, por exemplo, acordar os criterios de repartición dos fondos do programa Rexurbe ou do programa Urbe das consellerías de Vivenda e do Medio Ambiente que vostedes reparten ao seu libre albedrío; claro, favorecendo os concellos do seu partido con criterios absolutamente partidistas.

Mire... Si, é así, e temos aí os datos dos convenios, xa llelos lemos aquí e podemos volvérllelos ler, e discutiremos desta cuestión cando toque.

A conselleira veu aquí en varias comparecencias ao longo desta lexislatura e non nos falou desta medida estrela que tiñan no seu programa. E onde teñen que poñela en práctica en todo caso é nos orzamentos, aprobando os orzamentos. Xa tiveron dous orzamentos para levar a cabo esta medida. Aínda que estar nos orzamentos tampouco quere dicir moito, porque os niveis de execución dos orzamentos, precisamente da Consellería de Vivenda, non son como para tirar cohetes, cando partidas como rehabilitación e calidade da vivenda tiveron un 15,8 % de execución en 2016, un 7,3 % en 2014 e un 1,3 %, que debe ser o máis baixo da historia da Xunta de Galiza, en 2013. É dicir, non é xa que descenderan os orzamentos nas cantidades que se dixeron aquí, é que os poucos orzamentos que hai para políticas públicas de vivenda non se están utilizando, señor Castiñeira.

En resumo, o que pon de manifesto esta proposta é o fracaso da política pública de vivenda da Xunta de Galiza, especialmente o que ten que ver co acceso á vivenda de promoción pública para esas máis de 11.500 persoas que están inscritas demandando unha vivenda de protección pública; ten que ver con eses baixos niveis de execución orzamentaria, con esas reducións orzamentarias; ten tamén que ver coa incapacidade que están demostrando vostedes para mobilizar un verdadeiro parque público de vivendas en alugamento, que sería realmente a medida máis revolucionaria que se podería adoptar nestes momentos neste país para facerlle fronte ao problema da vivenda. E vostedes crearon esa medida plus, ¿non?,

que é o Programa de vivendas baleiras, que están utilizando fundamentalmente para facerlles oposición aos gobernos municipais das cidades. E, por suposto, afrontar o gravísimo problema das miles de persoas que sufriron e seguen sufrindo desafiuzamentos.

En definitiva, o BNG non vai votar en contra desta iniciativa por coherencia, sobre todo, porque o BNG xa levou a cabo iniciativas deste tipo cando tivo responsabilidades de goberno na Consellería de Vivenda, por certo, iniciativas exitosas como a que se levou a cabo en Reconco, no concello de Maceda, para cuestións concretas e para facer fronte a situacións de emerxencia social, que é para o que entendemos nós que prioritariamente se deben utilizar estas medidas, curiosamente, daquela, coa súa oposición e coas súas críticas.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** Puideron seguir adiante, pero paralizaron estes programas piloto, precisamente daquela, e agora están falando en 2018 destas cuestións.

E tampouco imos apoiar esta iniciativa porque nos parece unha iniciativa xenérica, vaga, pouco concreta e porque queremos un debate, un acordo de verdade, de fondo, sobre outras políticas públicas de vivenda e non medidas parciais, parches e falsas solucións máxicas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

Por parte do autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Castiñeira Broz.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Señora Pierres, a verdade é que me deixa sorprendido, teño que dicilo. Vostede, precisamente, déixame sorprendido, porque do señor Bará e do señor Cal pois ao mellor esperaba iso, pero que vostede poña en dúbida a calidade das construcións modulares... (*Murmurios.*) —díxoo aquí e está no...—, pono en dúbida, e vostedes tamén, porque vostedes o dixeron. (*Murmurios.*) Non, para Marta Sánchez podédeslle poñer unha construción deste tipo e para os demais tal... Non, unha construción deste tipo pode ter e debe de ter mellor calidade que unha convencional —e díxeno—. Non estamos a falar de cen vivendas do sistema ríxido dos anos sesenta, estamos a falar de construcións que superan en calidade, en controis de calidade, as vivendas convencionais; por iso estamos a falar de vivendas de primeira liña.

E as vivendas de promoción pública, financiadas exclusivamente con fondos de Galicia, da Comunidade Autónoma, exclusivamente, non entran no Plan de vivenda nacional, estatal, 2008-2021, iso é outra cousa, non ten nada que ver con isto, señora Pierres. Financiadas, son para as persoas, para as familias máis necesitadas, máis desfavorecidas. (*Murmurios.*) Non se fan vivendas de promoción pública para as familias que poden pagar a vivenda. Polo tanto, estamos a falar de vivendas de promoción pública.

Hai o modelo convencional, fundamentalmente, e neste momento non hai garantías nin niveis de execución tecnoloxicamente que dean garantía suficiente para vivendas colectivas.



Por iso temos que dicirlle que non á súa iniciativa, señor Cal. ¿Por que? Porque cen vivendas é unha edificación colectiva. Ao mellor por iso en Barcelona lle votaron diferente.

Estamos a falar de grupos de vivenda unifamiliares; pois entón xa está; as que se poidan facer. Haberá que testar —catro, cinco, dez—, haberá que testar, facemos a construción de varias e ilas testando, e se un día hai unha emerxencia sabemos como funcionan, e veremos a calidade; e eu desde logo confío nas empresas, que neste momento están pulando tecnoloxicamente e con iniciativas punteiras neste campo. ¡Oia!, hai que traballar nese sentido, e loxicamente cos controis, que para iso están os técnicos dos que somos en parte da profesión; é dicir, ¡oia!, haberá que controlar loxicamente as calidades que aí se poñen.

Pero ¿por que dubidamos deste tipo de construcións? Pois aquí se dixo, vostede díxoo e menosprézase; isto para construcións temporais vale, pero para construcións permanentes... É que a señora Ada Colau en Barcelona vai facer cen vivendas, pero para construción temporal, deste tipo. ¡Oia!, se son temporais, eu non sei a calidade que lle poñen. Tamén lle quero dicir que en Barcelona —desgraciadamente para os barceloneses e as barcelonesas— o prezo da vivenda é máis do dobre de calquera cidade de Galicia; entón, ao mellor necesitan máis vivendas, bastantes máis. Estamos a falar de problemas totalmente distintos.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Non podemos traer os problemas de alí.

E ¡home!, fálame de recuperar o orzamento de 48 millóns do ano 2008. Se non tiveramos naquel momento que salvar as xestures de douscentos sesenta e pico millóns de euros de quebra que deixaron, ao mellor puideran terse feito moitas vivendas nesta comunidade autónoma.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Pero iso foron vostedes os responsables, vostedes os responsables con aquel goberno. *(Murmurios.)*

E, desde logo, o que lle quero dicir é que, con concellos como o da Coruña, gobernos como os de En Marea, Podemos e outros, se non piden nin as subvencións que se lles dan, é difícil que se poidan rehabilitar os casos históricos e é difícil que se poida levar un nivel de execución orzamentaria, porque, se hai un diñeiro para iso e non se executa, dificilmente se pode cumprir o obxectivo de execución do cen por cento.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Entendín que as emendas non as aceptaba. *(O señor Castiñeira Broz pronuncia palabras que non se perciben.)*

***Modificación do desenvolvemento da sesión plenaria***

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Facemos unha alteración da orde do día. Pasamos á seguinte pregunta.

**Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas adoptadas ou previstas pola Xunta de Galicia en relación coas supostas irregularidades existentes na xestión do vertedoiro da canteira de Miramontes, na parroquia de Grixoa, no concello de Santiago de Compostela**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra o señor Rivas Cruz.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Señora conselleira, cando un se achega ao val no que se asenta Grixoa, neste tempo que andamos e con esta xa primavera que celebramos, con este verde intenso das praderías, cos ríos en plenitude, antes de entrar no val, o viaxeiro séntese saudado polas interminables carballeiras que o bordean. Este que lles fala, cativado por tal fermosura, esqueceu que ía ver un vertedoiro que encarna unha suma exaxerada de despropósitos.

A plataforma de afectados hai xa tempo que chama a atención do desastre ambiental do vertedoiro en xeral: a súa desafortunada localización, nunha orografía elevada; a súa perigosa cercanía a núcleos de poboación; a escasa protección perimetral; ¡que manía hai neste país noso de situar os vertedoiros no alto que dominan os nacimentos dos ríos e regatos!, ¡que manía coa auga! Porque, accedamos por onde queiramos, aquilo escoa zudres como dunha corte das aldeas de antano, só que este esterco é outra clase de esterco; aquel daba vida, este mata, ademais de cheirar.

Porque a contaminación orixinada polas actividades do complexo ambiental débese á case inexistencia dos obrigatorios controis garantistas dos niveis de contaminación e á case nula vixilancia da boa praxe das empresas que operan no mesmo. A estas alturas aínda non se realizaron estudos analíticos profundos nin calicatas ao vaso do vertedoiro, aínda que si se fixeron á planta de Tecnosolos, por lles chamar dalgunha maneira.

As 17 mostras dos Tecnosolos xa aplicados xa superan os límites permitidos en metais pesados e hidrocarburos, polo que nas propias actas de inspección os técnicos refírense a estes como «material procedente de residuos» en vez de empregar o termo «Tecnosolos».

Nas actas de inspección os técnicos puideron comprobar como os lodos da dragaxe da ría de Noia estaban amoreados directamente sobre o chan, xerando lixiviados para o solo e subsolo, ocupando unha superficie estimada de 2.781 metros cadrados.

Ademais, a día de hoxe, segundo información subministrada pola propia Xunta de Galicia, nas súas inspeccións non pode saberse con certeza o tipo de residuos que se atopan nas diferentes capas do vaso do vertedoiro. Ítem máis, nas actas de inspección reflíctese que neste vertedoiro de residuos industriais non perigosos está entrando unha gran cantidade de re-

siduos domésticos cunha gran carga de humidade e carbono orgánico disolto, o que xerará unha maior cantidade de gases nun futuro, constituíndo unha fonte de problemas para a poboación que habita máis preto do vertedoiro.

Estamos a falar de vivendas a menos de 400 metros deste vertedoiro e varias aldeas a menos de un quilómetro. Os inspectores tomaron tres mostras que superan os límites establecidos de carbono orgánico disolto, e nas actas de inspección constátase a presenza de lodos e outros residuos no vaso do vertedoiro e que non poderían depositarse no mesmo.

A plataforma de afectados polo vertedoiro quere recordarnos que a antiga canteira de Miramontes non é nin pode catalogarse nunca como un solo industrial, pois, a diferenza doutras minas de metais, esta foi e continúa a ser unha mina de áridos.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor RIVAS CRUZ:** Desculpe, presidente, pero é que non tiña...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Si, remate a primeira intervención.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rivas.

Por favor, que apareza...¡Ah! Xa está aí.

*(Aplausos.)*

Ten a palabra para responder a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** En relación coa pregunta que me fai o deputado señor Rivas, evidentemente, o que lle podo garantir a este deputado é que a Xunta de Galicia cumpre e fai cumprir sempre a legalidade en materia medioambiental, non só agora, con todas as inspeccións, que, como vostede moi ben relatou, coñece, senón mesmo tamén incluso na tramitación de moitísimas das autorizacións ambientais que, cando vostedes ás veces veñen aquí, solicitan dende a Xunta de Galicia que cumpramos a lei.

A situación de Miramontes non é unha excepción, de ningunha das maneiras, e polo menos cómpre facer e deixar claro o que acontece mesmo nese lugar.

A primeira de todas as aclaracións que debemos de facer é que estou convencida de que non foi de xeito intencionado que vostede mesturaba a información de dúas plantas, de dúas industrias que están nesa zona, en concreto por unha banda o vertedoiro do que vostede falaba e, por outra, outra empresa que é a de Tecnosolos. Estas dúas empresas son dúas realidades distintas, situadas no mesmo ámbito, na canteira de Miramontes, e estas dúas tiñan unha

interlocución individual e independente con esta consellería, e, polo tanto, tamén esta consellería, no exercicio das súas competencias, actúa sobre cada unha delas.

Por unha banda, está ese vertedoiro do que vostede falaba, ao que facía referencia, un vertedoiro privado de residuos non perigosos, que data do ano 2008, cando foi tramitada a súa autorización ambiental integrada. Estou absolutamente convencida de que daquela xa se analizou absolutamente toda a lexislación vixente no ano 2008 —que lle recordo que estaba o Bipartito— para poder conceder esa autorización ambiental integrada, e mesmo tamén, evidentemente, na planta de elaboración de Tecnosolos, propiedade doutra empresa, doutra empresa privada, onde se lle foi concedida esa autorización ambiental. E aquí si que podo garantir que a súa autorización ambiental do ano 2015, concedida por este goberno, si que foi avaliada. E, polo tanto, estou convencida tanto de que no ano 2008 como agora no ano 2015 fíxose facer cumprir toda a lexislación para poder conceder esa autorización ambiental integrada.

Dende a Consellería facemos control e seguimento periódico desas autorizacións, facemos controis non programados, especialmente cando hai denuncias da veciñanza. De feito, se vostede fala de actas de inspección, é porque se fan eses controis e porque se fan esas visitas.

En concreto, dende o ano 2015 realizáronse 14 inspeccións á planta de Tecnosolos; 9 delas foron no último ano. En cada unha desas visitas de inspección advertimos distintas cuestións que debían de ser solventadas, e mesmo no vertedoiro, do que vostede tamén falaba especialmente, fixéronse 11 inspeccións dende o ano 2016, 8 delas no último ano. Nestas visitas tamén indicamos á empresa melloras que debería introducir.

É dicir, non só cumprimos a lei na tramitación das autorizacións ambientais, senón que tamén vixiamos, non nos escabullimos e vixiamos o control da autorización.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Sobre a presenza deses malos olores do vertedoiro tamén está reclamado a esta empresa que presente unha corrección dun plan para evitar os olores.

Terminarei a miña exposición despois. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Ten a palabra, para réplica, o señor Rivas Cruz.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Señora conselleira, señora Mato, non é certo ese cumprimento. Nunca tivo unha valla perimetral, nunca tivo unha valla perimetral, nunca. Eu podo relatarlle aquí un montón de incumprimentos ao longo do tempo, pero podo dicirlle máis: en Sobrado hai outro vertedoiro que estivo catro anos clandestino e que hoxe está colmatado con 500.000 toneladas de ba-

sura, e que viña da Coruña, viña de noite con aleivosía e nocturnidade. É dicir, (*Aplausos.*) aquí non hai ningún control medioambiental dos vertedoiros, legais e ilegais.

Mire vostede, nós denunciámos a deixadez, precisamente premeditada, da saúde medioambiental, nas mans de carroñeiros, e nunca mellor dito a palabra «carroñeiros». Porque fíxese: sobrepoboación de gaivotas e corvos, presenza de gran cantidade de residuos reciclables no vaso, é dicir, plásticos, sofás, colchóns...; no vaso hai segregación deficiente con abundosa presenza de impropios.

É que nós non queremos falar de dúas plantas distintas, de empresas distintas. O vertedoiro lixivia por todos os lados desde unha totalidade que é o vertedoiro mesmo, e é o vertedoiro mesmo que hai que fiscalizar, señora conselleira.

É dicir, a saúde da xente que habita nas ladeiras desa montaña artificial que foi feita ilegalmente e cuberta con Tecnosolos verdísimos pero que están cheos de porquería que vai contra a saúde. Sobre iso ten que facerse un control rigoroso e periódico, e sorpresivo, porque estamos xogando coa saúde da poboación, señora conselleira, non estamos xogando con tonterías.

De verdade, o medio ambiente é unha das grandes asignaturas pendentes deste goberno e é unha das grandes asignaturas pendentes deste país, e o vertedoiro de Miramontes, situado a 6 quilómetros de Santiago, é unha vergoña nacional (*Aplausos.*), é unha auténtica vergoña nacional. E póñanse ao traballo, posto que xa se puxeron —porque non tiñan outro remedio—; póñanse ao traballo co vertedoiro enteiro, non só coa planta de Tecnosolos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rivas.

Para a réplica, ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Mire, señoría, eu, con todos os respectos, e dito de verdade con todo cariño, non vou tolerar que vostede cuestione o traballo dos técnicos da Xunta de Galicia, (*Murmurios.*) cando lle estou dicindo que van visitar esas dúas plantas en vinte e cinco ocasións —e téñolle relatado cada unha delas, e mesmo vostede ten acceso a esa información de cada unha desas inspeccións—, porque está vostede poñendo en cuestión o coñecemento e o traballo de cada un dos técnicos. ¿Ou quere vostede dicir aquí neste Parlamento que os técnicos, cando a visitan, non miran? ¿Ou quere dicir aquí neste Parlamento que nesas oito visitas que se fixeron ao vertedoiro neste último ano os técnicos miraron para outro lado? ¿Ou que é o que vostede quere dicir aquí neste Parlamento?

O que si sei é que, grazas precisamente a esas inspeccións, dende esta consellería se lle teñen imposto á empresa de Tecnosolos dúas sancións, que a día de hoxe están en período de alegacións, pero son dúas sancións porque incumpren dúas leis, que son a Lei de residuos e a Lei de control medioambiental. Efectivamente, esas dúas sancións a día de hoxe son unha realidade, que están en período de alegacións pero que se están tramitando.

E, por outra banda, co tema do vertedoiro, do que vostede fala, a día de hoxe teñen de prazo ata o día 2 de abril para presentar ese plan do que lle estaba a falar a vostede, para tentar arranxar o que dende a Xunta de Galicia —eses técnicos aos que vostede cuestiona— lle teñen demandado á empresa que faga en relación coa eliminación dos olores. Porque, efectivamente, fixeron un estudo, á demanda desta consellería, e efectivamente hai olores que teñen que arranxar, non só no propio vertedoiro senón mesmo tamén na orixe dos residuos que van a ese vertedoiro.

E, polo tanto, unha de dúas: o primeiro, o que non pode dicir é que a Xunta non está a cumprir a lei. Está a cumprila. A autorización ambiental foi concedida no ano 2008 polo Bipartito, señoría, polo Bipartito. É dicir, cumpriuse daquela —estou convencida—, cumpriuse tamén coa do 2015 coa empresa de Tecnosolos e estase a facer cumprir agora mesmo con esas visitas.

É verdade que respostamos ás reclamacións da veciñanza; cos veciños estivemos sentados, dúas veces. Tamén estivemos sentados co alcalde de Santiago, precisamente para respostar e darlle resposta á súa inqueda e visitar, e non só visitar e non mirar. Os técnicos van, levantan actas —que vostede ten lido— e sobre esas actas, en función do incumprimento ou non, é cando se comezan os procesos sancionadores, señoría.

Polo tanto, a Xunta fai cumprir a lei, cumpre a lei e por suposto actúa, e por suposto estará para os veciños para todo o que precisen.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*


**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Suspendemos a sesión ata o día seguinte.

*Suspéndese a sesión ás oito e vinte minutos da noite.*

## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pérez Seco, José Manuel	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pierres López, María Luisa	(S)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José	(P)	43. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
6. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	44. Prado del Río, Paula	(P)
7. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Burgo López, María de la Concepción	(S)	48. Quinteiro Araújo, Paula	(EM)
11. Cal Ogando, Marcos	(EM)	49. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Rey Varela, José Manuel	(P)
13. Casal Vidal, Francisco	(EM)	51. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Arias, Marta	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	55. Rodríguez Estévez, David	(EM)
18. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	56. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
20. Fernández Fernández, Raúl	(S)	58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
21. Fernández Gil, César Manuel	(P)	59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
23. Fernández Prado, Martín	(P)	61. Salorio Portal, María Soraya	(P)
24. García Míguez, María Ángeles	(P)	62. Sánchez García, Antón	(EM)
25. Gómez Salgado, Carlos	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Solla Fernández, Eva	(EM)
28. López Crespo, Carlos Enrique	(P)	66. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
29. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	67. Toja Suárez, María Dolores	(S)
30. Mato Otero, Beatriz	(P)	68. Torrado Quintela, Julio	(S)
31. Merlo Lorenzo, Juan José	(EM)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Mouriño Villar, Antonio	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Novo Fariña, María Isabel	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Núñez Feijóo, Alberto	(P)		



PARLAMENTO  
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25